



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 132

Sesión plenaria
22 de outubro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGAbQuil7Fg3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección de dous membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela (doc. núm. 55555)

Punto 2. Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2018 (doc. núm. 56746, 10/IVAL000003)

Punto 3. Textos legislativos

3.1 Debate de totalidade do proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia (doc. núm. 53521, 10/PL-000018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 522, do 30.08.2019

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 537, do 26.09.2019

3.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 40064, 10/PPLI-000004)

Publicación da Proposición de lei, BOPG nº 405, do 03.01.2019

3.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Grupo Común da Esquerda, pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia (doc. núm. 50476, 10/PPL-000041)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 482, do 04.06.2019

3.4 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. Mixto, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia (doc. núm. 52134, 10/PPLR-000004)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 511, do 26.07.2019

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 533, do 18.09.2019

Punto 4. Comparecencia

57553 (10/PPP-000111)

Da Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición propia, para informar do inicio do curso 2019-2020 no ensino non universitario de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

Punto 5. Mocións

5.1 57470 (10/MOC-000158)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Torregrosa Sañudo, Julia e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 52893, publicada no BOPG nº 512, do 29.07.2019, e debatida na sesión plenaria do 08.10.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019



5.2 57471 (10/MOC-000159)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemarketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 52802, publicada no BOPG nº 512, do 29.07.2019, e debatida na sesión plenaria do 08.10.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

5.3 57484 (10/MOC-000160)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación adscrita a Povisa. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 52785, publicada no BOPG nº 512, do 29.07.2019, e debatida na sesión plenaria do 08.10.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

5.4 57485 (10/MOC-000161)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa oferta de solo empresarial e a implantación e fixación de empresas en Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 49605, publicada no BOPG nº 476, do 14.05.2019, e debatida na sesión plenaria do 08.10.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

Punto 6. Proposicións non de lei**6.1 31104 (10/PNP-002308)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co déficit que presentan as contas da Seguridade Social desde o ano 2011 entre os ingresos por cotizacións e o pagamento de pensións e outras prestacións ao seu cargo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

6.2 46906 (10/PNP-003523)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e sete deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas peaxes e as obras executadas e comprometidas na autoestrada AP-9, así como a súa conexión coa Vía Ártabra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019



6.3 53890 (10/PNP-003992)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para elaborar un plan sectorial eólico e as medidas que debe adoptar ata o momento no que se aprobe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

6.4 54399 (10/PNP-004024)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Presas Bergantiños, Noa e 5 deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa débeda contraída con Galicia, a normativa sobre estabilidade financeira e a reforma constitucional do ano 2011 que a sustenta, así como a negociación dun novo modelo de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

6.5 56424 (10/PNP-004169)**Grupo Parlamentario Mixto**

Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019

6.6 56842 (10/PNP-004199)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis

Sobre a activación pola Xunta de Galicia, en coordinación co Goberno central, dos plans de continxencia para o Brexit nos ámbitos da súa competencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

6.7 56882 (10/PNP-004202)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Fernández Leiceaga, Xoaquín María e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa decisión de Endesa de impulsar a discontinuidade da produción na central térmica das Pontes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

6.8 56912 (10/PNP-004205)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa declaración de emerxencia cinexética respecto do xabaril, anunciada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda en trinta e tres concellos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019



6.9 57089 (10/PNP-004219)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e catorce deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa política enerxética que está a seguir, a adopción de medidas para garantir o funcionamento da central térmica das Pontes de García Rodríguez ata o ano 2045 e a posta en marcha da Estratexia de transición xusta de Galicia.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 544, do 09.10.2019

Punto 7. Interpelacións**7.1 55463 (10/INT-001860)****Grupo Parlamentario Mixto****Vázquez Verao, Paula e tres deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co gasto orzamentario en servizos públicos fundamentais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 533, do 18.09.2019

7.2 56887 (10/INT-001915)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa crise climática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

7.3 56972 (10/INT-001923)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Santos Queiruga, Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co déficit de socorristas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

Punto 8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**8.1 57563 (10/POPX-000167)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver os graves problemas que afronta Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

8.2 57583 (10/POPX-000168)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a rectificación dos recortes e privatizacións que están a afectar a vida e a saúde das persoas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019



8.3 57584 (10/POPX-000169)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para poder situarse na centralidade política á que fai referencia nos seus discursos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

Punto 9. Preguntas ao Goberno**9.1 57571 (10/PUP-000272)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Puy Fraga, Pedro e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da negativa do Goberno central a transferir a totalidade dos 700 millón de euros que adebeda a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

9.2 57547 (10/PUP-000270)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Jove González, Xan Xosé**

Sobre as razóns da demora da Xunta de Galicia na resolución dos expedientes para a declaración como espazo natural de interese local as illas de San Pedro e o contorno da Torre de Hércules

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

9.3 54848 (10/PUP-000262)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante do Goberno central para o mantemento da actividade da industria electrointensiva, en especial, a da planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 524, do 04.09.2019

9.4 55814 (10/POP-006616)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis**

Sobre a avaliación que fai a Xunta de Galicia respecto da venda da sociedade Ferro-atlántica SAU

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019

9.5 56723 (10/PUP-000267)**Grupo Parlamentario Mixto****Casal Vidal, Francisco e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da posta en marcha dun grupo de traballo para o desenvolvemento do Mapa de transición sostible de Galicia (CLEW-Galicia), e a súa aplicación concreta na hipercomarca das Pontes-Ferrolterra-Eume-Ortegal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 540, do 02.10.2019



9.6 56927 (10/POP-006742)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das súas actuacións respecto da crise xerada nas Pontes polo anuncio de peche anticipado da central térmica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

9.7 57550 (10/PUP-000271)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do estaleiro Barreras de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 547, do 16.09.2019

9.8 54101 (10/POP-006430)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a situación do persoal traballador da cociña do Complexo Hospitalario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 521, do 29.08.2019

9.9 56758 (10/POP-006721)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre a oferta de prazas MIR para o ano 2020 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 544, do 09.10.2019

9.10 52278 (10/POP-006098)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Quinteiro Araújo, Paula e Solla Fernández, Eva**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das ratios de persoal existentes nas residencias de persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 509, do 22.07.2019

9.11 56000 (10/POP-006633)**Grupo Parlamentario Mixto****Rodríguez Estévez, David e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da adopción de medidas para mellorar as cotas de participación feminina nas organizacións agrarias e gandeiras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 538, do 27.09.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia xustificada das deputadas dona María Concepción Burgo López (S) e dona María Guadalupe Murillo Solís (P). (Páx. 12.)

Elección de dous membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente expón o procedemento da votación. (Páx. 12.)

A señora secretaria, Arias Rodríguez, fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir, fano os deputados membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 13.)

Efectuado o escrutinio, resultan elixidos don Ramón Medina González-Redondo, por 49 votos a favor, e dona Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez, por 50 votos a favor. Contabilizáronse 19 votos en branco. (Páx. 13.)

Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2018. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente explica o procedemento deste debate, conforme as normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991. (Páx. 13.)

Exposición da valedora do pobo: Sra. Fernández Galiño. (Páx. 14.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Villares Naveira (M) (Páx. 17.), Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 20.), Sra. Santos Queiruga (GCE) (Páx. 23.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 26.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 29.)

Debate de totalidade do proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de economía, emprego e industria (Conde López). (Páx. 32.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución e de posicionamento respecto do proxecto de lei: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 35.), Sra. Cuña Bóveda (GCE) (Páx. 40.), Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 44.)



Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición sobre as emendas e sobre o proxecto de lei: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 49.) e *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 52.)
Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 55.), *Sra. Cuña Bóveda (GCE)* (Páx. 57.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 58.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sr. representante da comisión promotora (Branco Parga)*. (Páx. 60.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Casal Vidal (M)* (Páx. 64.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 66.), *Sr. Sánchez García (GCE)* (Páx. 70.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 72.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 75.)

Rolda de réplica: *Sr. representante da comisión promotora (Branco Parga)*. (Páx. 79.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Solla Fernández (GCE)*. (Páx. 81.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 84.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 87.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 90.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 94.)

Rolda de réplica: *Sra. Solla Fernández (GCE)*. (Páx. 97.)

O señor Torrado Quintela (S) solicita a palabra ao abeiro do artigo 76.1 do Regulamento e mantén un diálogo co señor presidente sobre determinadas alusións á súa persoa no debate. (Páx. 100.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Vázquez Vero (M)*. (Páx. 101)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 105.), *Sra. Santos Queiruga (GCE)* (Páx. 108.), *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 111.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 114.)

Rolda de réplica: *Sra. Vázquez Vero (M)*. (Páx. 116.)



Votación dos textos lexislativos

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia: *rexeitada por 28 votos a favor, 39 en contra e 4 abstencións.* (Páx. 118.)

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, ao proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia: *rexeitada por 28 votos a favor, 39 en contra e 4 abstencións.* (Páx. 118.)

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia: *rexeitada por 28 votos a favor, 39 en contra e 4 abstencións.* (Páx. 119.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 119.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 119.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 120.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición propia, para informar do inicio do curso 2019-2020 no ensino non universitario de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo).* (Páx. 120.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 132.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 134.), *Sra. Chao Pérez (GCE)* (Páx. 138.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 141.) e *Sra. Antón Vilasánchez (P).* (Páx. 144.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo).* (Páx. 148.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 153.) *Nesta rolda interveñen a señora Vázquez Verao (M)* (Páx. 154.), *a señora Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 155.), *a señora Chao Pérez (GCE)* (Páx. 157.), *o señor Álvarez Martínez (S)* (Páx. 159.), *a señora Antón Vilasánchez (P)* e *a señora conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo).* (Páx. 161.)



Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Julia Torregrosa Sañudo e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 165.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Torregrosa Sañudo (GCE).* (Páx. 166.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 169.) e *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 170.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Villares Naveira (M)* (Páx. 173.) e *Sr. Tellado Filgueira (P).* (Páx. 174.)

A señora Torregrosa Sañudo (GCE) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 177.)

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemárketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 178.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Quinteiro Araújo (GCE).* (Páx. 179.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 182.) e *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 183.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 185.) e *Sr. Rodríguez Pérez (P).* (Páx. 187)

A señora Quinteiro Araújo (GCE) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 188.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación adscrita a Povisa. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 190.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 191.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vázquez Verao (M)* (Páx. 194.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 196.) e *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 198.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (GCE).* (Páx. 200.)

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx.)

Suspéndese a sesión ás nove e nove minutos da noite.



Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

Antes quero xustificar a inasistencia a este pleno de dúas deputadas; neste caso, de dona María Concepción Burgo López e dona María Guadalupe Murillo Solís.

Elección de dous membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

O señor PRESIDENTE: E como punto primeiro —como comentaba— elección de dous membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela. Todo iso, por acordo da Mesa e Resolución da Presidencia do 17 de setembro e de 17 de outubro de 2019, respectivamente, que tomou coñecemento das dúas vacantes do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, en concreto, de don Xerardo Estévez Fernández e don Juan Luis Castro Rodríguez, todo iso por renuncia, que foron elixidos por esta Cámara na sesión plenaria do 28 de xuño de 2016, correspondendo á IX lexislatura, por proposta do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, respectivamente.

En cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, de 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, procede a cobertura de dúas vacantes. Posteriormente, a Mesa, por Acordo do 15 de outubro de 2019, logo de audiencia da Xunta de Portavoces, acordou a apertura dun prazo para a formalización de propostas de candidaturas. Rematado o prazo, a Mesa, na reunión do 21 de outubro de 2019, tomou coñecemento das propostas formuladas polos grupos parlamentarios Socialista e Popular que comunicou aos grupos parlamentarios.

A elección, de conformidade co disposto nos apartados 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta, mediante papeleta e chamamento por orde alfabética. A expresión do voto efectuarase introducindo na urna a papeleta previamente entregada polos servizos da Cámara, na que constan os nomes da candidata e do candidato propostos, marcando cunha aspa os recadros. Considérase voto en branco de non marcar ningún recadro, e considérase voto nulo cando se escribieran nomes doutras persoas ou outros sinais. Efectuado o escrutinio, proclamaremos elixidos a candidata e o candidato se obteñen a maioría simple.

Para a votación, prégolles que procedan ao reparto das papeletas. *(Pausa.)*

¿Alguén non ten a papeleta? Están todos xa coas papeletas. Entón, comezamos a votación.

Para iso, prégolle ao vicepresidente primeiro e á vicepresidenta segunda que se sitúen onde a urna para a recollida das papeletas. A señora secretaria pode comezar o chamamento das súas señorías.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.



(A señora secretaria, Arias Rodríguez, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

É todo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Penso que votaron todos e todas.

Procedemos ao reconto. (Pausa.)

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: Temos xa o escrutinio, que ofrece o seguinte resultado.

Votos a favor de D. Ramón Medina González-Redondo, 49; votos a favor de D^a Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez, 50; votos en branco, 19.

Polo tanto, acadada a maioría, quedan elixidos membros do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela D. Ramón Medina González-Redondo e D^a Rosa Blanca Rodríguez Gutiérrez.

Noraboa aos dous.

Terminou esta votación. Poden abrir as portas, por favor. Continuamos coa orde do día.

Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2018

O señor PRESIDENTE: En aplicación da norma 3^a, reguladora das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobada pola Mesa o 28 de maio de 1991, o debate do pleno do informe anual axustarase ao seguinte procedemento.

A valedora do pobo exporá un resumo do informe debatido ante a Comisión de Peticións o 10 de outubro de 2019. Ao seu remate abandonará o salón de sesións e as deputadas e os deputados iniciarán as súas deliberacións.

Seguindo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, os representantes de cada grupo parlamentario poderán intervir por un tempo máximo de dez minutos cada un, para fixar a súa posición respecto do informe presentado. Con motivo deste debate non poderán presentarse propostas de resolución, dado o seu carácter informativo, sen prexuízo de posteriores iniciativas regulamentarias.

Para isto, procedemos á intervención da valedora do pobo. Rógolle ao vicepresidente primeiro que acompañe a señora valedora do pobo ata a tribuna de oradores para que efectúe a súa intervención. (Pausa.)

Grazas.



Ten a palabra a valedora do pobo, dona María Dolores Fernández Galiño.

A señora VALEDORA DO POBO (Fernández Galiño): Presidente do Parlamento de Galicia, deputadas e deputados, o pasado 2 de agosto tomei posesión do cargo de valedora do pobo tras recibir a confianza deste Parlamento. Nos dous meses e medio que transcorreron, puideron exercer a responsabilidade que outorga a dimensión da institución.

O enfoque fundamental da institución é a defensa dos dereitos humanos nunha sociedade que evoluciona a un ritmo veloz e constante. Os dereitos humanos integran unha base constitucional de valores compartidos. O que loita polos seus dereitos está a loitar polos dereitos e pola xustiza de todos.

O equipo que se configurou desde agosto procedeu, sen solución de continuidade, á tramitación das queixas da cidadanía galega. Ao mesmo tempo, púxose en marcha un proceso de transformación que xa se materializou nalgúnhas actuacións concretas. Na memoria do ano 2019 precisaranse e concretaranse os cambios esenciais, tendo en conta que a dita memoria vai ser unha memoria de transición, por canto o novo equipo foise configurando ao longo do xa avanzado segundo semestre do 2019. Preciso isto porque, se a memoria do 2019 vai ser unha memoria de transición, a memoria do 2018 é unha memoria que corresponde a un pasado da institución por razóns evidentes.

Tendo isto en conta, paso a expoñer os datos desa memoria precisando que esta institución, máis que tramitar expedientes, resolve ou tenta resolver problemas dos cidadáns.

No ano 2018, 24.771 persoas pediron atención ou asesoramento. Delas, 1.025 recibiron atención presencial; 1.939 recibiron atención telefónica. Tramitáronse un total de 20.807 queixas. Inadmitíronse 336 queixas, fundamentalmente por non iniciar a actuación administrativa previa, 119; unha porcentaxe moi baixa en consonancia co criterio de favorecer o acceso á institución que inspira a actividade da Valedoría. Remitíronse a trámite un total de 51 queixas a outras defensorías.

Das queixas presentadas e admitidas a trámite ao finalizar o ano 2018, concluíronse 15.336 queixas, e 5.084 estaban en trámite.

En número de asuntos. Tendo en conta que nalgúnhas ocasións as queixas son colectivas, tramitáronse durante o ano 2018 un total de 2.706 asuntos, o que supón un incremento dun 15 % respecto do ano 2017 e é a cifra máis elevada desde o ano 2013. Tamén se iniciaron 43 queixas de oficio, relativas a distintas materias.

En canto á distribución das administracións afectadas polas queixas, o 86,7 % son relativas á Administración autonómica; o 12,4 % aos concellos; e o 0,1 % ás universidades.

A maior parte das queixas aglutínanse nos servizos que teñen maior campo de actuación, maior cobertura. Esta institución procura dar unha atención áxil e directa a aquelas persoas que en ocasións quedan fóra da necesaria burocracia administrativa.



O dereito á saúde é un dereito fundamental, e xunto coa liberdade son presuposto dos demais dereitos fundamentais. Sanidade acapara 446 asuntos, dos que 189 son relativos a listas de espera. As listas son necesarias para organizar a demanda cos diferentes niveis de prioridade e os recursos dispoñibles. Os pacientes organízanse en distintos niveis de prioridade atendendo á gravidade das súas patoloxías, á efectividade e á oportunidade da atención sanitaria, e son os doentes que posúen unha prioridade 3 os que permanecen un tempo antes de que se lles asigne unha data certa.

Por outra banda, non está definido normativamente un prazo de atención para os pacientes que rexeitan a oferta do centro concertado. A xuízo desta Valedoría, os tempos de espera dos doentes que están na lista de prioridade 3 e dos que rexeitan a atención nun centro concertado deben ser razoables.

Destácase que unha porcentaxe moi elevada de queixas sobre os tempos de espera en sanidade resólvense satisfactoriamente.

Traballouse tamén sobre as relacións entre usuarios e profesionais sanitarios. A Valedoría considera fundamental que a atención humanitaria sexa exquisita. O requirimento do preceptivo informe á Consellería de Sanidade, do que se dá traslado ao traballador concernido, contribúe á mellora das relacións humanas.

Tamén houbo queixas sobre as demoras na tramitación de expedientes de responsabilidade patrimonial. É habitual recibir o compromiso inmediato por parte da Administración de proceder á súa resolución.

Servizos sociais recibiu 324 asuntos. Traballouse nas dificultades na transición do sistema educativo ao sistema de dependencia das persoas con discapacidade orixinal. As familias reclaman a continuidade no centro como factor de estabilidade. Reclamamos das consellerías competentes que coordinen as súas funcións para que se produza unha transición adecuada; isto é, planificada e sen esperas.

Traballouse no caso dos mariñeiros que prestaron servizos en buques noruegueses; na igualdade electoral das persoas con discapacidade cognitiva; no complemento de mínimos de pensionistas retornados de Venezuela; na accesibilidade en relación con programas da TVG, con tradución á linguaxe de signos; na valoración da discapacidade dos maiores de noventa anos, dos menores de idade ou de persoas con enfermidades graves; e tamén na adquisición de vivenda de promoción pública por persoas con discapacidade cognitiva.

Educación tramitou 232 asuntos, referidos a cuestións tan diversas como a atención a necesidades educativas especiais, agrupamento do alumnado ou comedores escolares.

Debe garantirse o acceso a unha educación inclusiva, en igualdade de condicións, e facer axustes razoables en función das necesidades individuais, así como facilitar medidas de apoio personalizadas e efectivas.

Traballouse no caso da ABAU de alumnos con discapacidade recoñecida ou con necesidades educativas especiais, recomendando que se adopten as medidas necesarias para asegurar a



igualdade de oportunidades e a non discriminación, e para que os correctores teñan a necesaria cualificación e un adecuado coñecemento das necesidades educativas especiais. Tamén nas decisións de separación ou agrupamento nunha mesma aula dos fillos nados de partos múltiples.

Durante o ano 2018 producíronse un total de 135 resolucións, das que foron aceptadas o 80,7 %. Hai que precisar que en moitas ocasións, coa soa apertura da investigación, a Administración corrixe o motivo da queixa, atendendo, en definitiva, a demanda do cidadán, polo que se archiva a reclamación sen concluír con resolución ou recomendación,

As resolucións non son de obrigado cumprimento nin a Valedoría ten competencias de execución. Na maior parte das queixas, o control do cumprimento dos compromisos da Administración faise coa intermediación dos propios afectados, que, en caso de non ver cumprido o compromiso, reclaman a reapertura das queixas para tratar ese incidente. Isto é o máis habitual, posto que a maioría das queixas refírense a situacións individualizadas. Distinto é o caso das recomendacións de longo alcance ou nas que se promoveu un cambio de criterio na correspondente actuación pública. Nestes casos, é preciso facer un seguimento de oficio sobre o resultado do recomendado. No caso de que se considere que os tempos de cumprimento están a exceder do razoable, pódese reabrir a queixa ou iniciar unha nova actuación de oficio sobre o incumprimento. Así se fixo, por exemplo, no caso do atraso de desenvolvemento da Lei galega de inclusión.

O Estatuto de autonomía establece que a lingua propia de Galicia é o galego. Esta institución traballa intensamente na defensa do galego. En relación cos topónimos non oficiais, instamos desta institución a súa corrección.

Tamén se tramitaron queixas en relación co incumprimento da normativa do galego por determinados concellos, e, en ocasións, interviñemos ante empresas ou entidades privadas sobre as que non temos competencias de supervisión.

Finalmente, referireime ás funcións que a Lei de transparencia e bo goberno atribúe ao Valedor do Pobo, creando para o efecto a Comisión da Transparencia como órgano colexiado adscrito.

A Comisión da Transparencia tramitou 148 recursos, o que reflicte un incremento respecto dos tramitados no ano 2016, que foron 55, e respecto dos tramitados no ano 2017, que foron 132.

O incremento destes recursos, posiblemente, é polo mellor coñecemento do dereito de acceso á información pública pola cidadanía, o que, por outra banda, reflicte a importancia da difusión da actuación desta institución.

Os criterios de resolución da Comisión da Transparencia están informados polo principio de ampliación da cultura da transparencia. Sinteticamente pódense resumir como a gratuidade no acceso a información; a aplicación restritiva dos límites legais; a consideración do carácter público de acción sen necesidade de acreditación da condición do interesado para acceder á mesma; e o esgotamento da vía administrativa coa resolución da comisión.



Espero que a memoria do 2018 mostre a actividade da institución, e no campo de cada un permita abrir un espazo de reflexión de cales son os puntos nos que debemos mellorar como sociedade, tendo en conta que na defensa dos dereitos humanos non hai verdades apriorísticas nin solucións doadas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, valedora.

Acompañaa xa o vicepresidente primeiro.

Comezamos agora, cando se incorpore a valedora á tribuna, a rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións. Neste caso, comezamos co Grupo Parlamentario Mixto. Ten para isto a palabra o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señorías.

Señora valedora, quero agradecerlle en nome de En Marea a forma e o ton no que non soamente esta comparecencia, senón a comparecencia que tivo lugar na comisión, tanto por vostede como polo seu equipo, o que significa, na nosa opinión, un cambio radical por parte da persoa titular que ostenta a representación desta institución que é fundamental na autonomía e no autogoberno de Galicia; que é fundamental como contrapoder, como espazo independente de defensa dos dereitos fundamentais da cidadanía, para progresar tanto a acción do Goberno como a acción mesmamente do Lexislativo, tanto no que ten que ver coas competencias desta cámara como en relación co propio ámbito da cidadanía a nivel estatal, e as recomendacións que se fan nese sentido.

Dicimos isto porque vimos dun período dilatado, excesivamente dilatado no tempo, onde esa institución non cumprir esas funcións, polo tanto, agradecemos ese ton e esperamos que ese traballo frutifique ao longo non xa deste período xa iniciado, senón tamén nos períodos vindeiros.

Damos conta dunha memoria correspondente ao ano 2018, onde, a pesar de todas as interinidades, se constata por parte da actuación administrativa, por parte da actuación do Goberno, tamén por algunhas situacións lexislativas inxustas, a limitación ao pleno exercicio dos dereitos fundamentais.

Fixo referencia a valedora a dúas que creo que son fundamentais. Os dereitos dos que parte a realización plena da vida das persoas parten da liberdade e parten da saúde, e cando estas non funcionan, de todos os demais malamente pode predicarse unha plena realización.

Fai referencia o informe do 2018 á sanidade, á dependencia, á vivenda, á enerxía, aos menores. Semella que a anterior xestión fose unha xestión na que se produce, a pesar de todo, un portazo á forma de xestionar, con relacións a estes dereitos, por parte da Xunta de Galicia a súa acción pública. Quero referirme a eles seguindo a orde cronolóxica. Penso que hai uns casos importantes, facendo a escolma á que agora me refiro.



En primeiro lugar, comezando polo urbanismo, unha situación que ten que ver coa propia Lei do solo de Galicia, non xa coa actuación administrativa, coa actuación política, da Administración local ou da Administración galega, senón coa propia configuración da Lei do solo, onde se denuncia a falta de medios persoais e de medios materiais, sobre todo, para o exercicio da disciplina urbanística, onde se denuncia a falta de medios. Denúnciase como na lei de 2016 se traslada da comunidade autónoma aos concellos responsabilidade sobre todo en materia disciplinaria; é dicir, na ordenación da cidade, na ordenación da vila, na ordenación do espazo, como consecuencia da adaptación dos plans e das normas urbanísticas, e como hai unha carencia absoluta de medios para executar iso. Iso como consecuencia da pretensión por parte da Xunta de Galicia de eximirse da súas responsabilidades en materia urbanística en favor duns concellos que sabe de antemán que carecen de medios e que ademais están moi presionados, pola proximidade entre a Administración local, a veciñanza e as empresas, para poder efectuar correctamente os seus fins. Isto denúnciase na propia Valedoría do pobo, como esas presións fan que sexa imposible aplicar correctamente o ámbito concreto da disciplina urbanística.

Están xa presentados os orzamentos para o ano 2020, e na Lei de medidas de acompañamento prodúcese a enésima modificación dunha lei ben recente, que é a Lei do solo de Galicia, e preguntámonos se non sería o momento de que a maioría popular reflexionase para introducir unha modificación na Lei do solo que atendese estas peticións realizadas por parte da propia Valedoría do Pobo.

En segundo lugar, en materia de pobreza enerxética, En Marea advertiu nesta cámara, ao longo do ano 2018, que o cambio no réxime da tarifa de último recurso vai producir a expulsión fulminante de colectivos, de familias, de persoas, que estarían dentro do ámbito obxectivo de aplicación dos descontos sociais. O Partido Popular votou en contra e o resultado é que: a día de hoxe, 160.000 fogares galegos quedaron fóra, estando dentro do ámbito da aplicación. Isto denúnciase, en primeiro lugar —di a Valedoría—, por dúas consecuencias: polas trabas administrativas e, en segundo lugar, polo feito de obrigar a un cambio expreso.

No seu momento nós dixemos que era necesario facer unha moratoria, que era necesaria unha campaña de información, que era necesario un cambio de normativa e que era necesario que as familias que xa se estaban beneficiando da tarifa puidesen permanecer por defecto. Non se fixo nada disto e a consecuencia son 160.000 fogares privados deste beneficio cando caen dentro dos requisitos para facelo. E nós preguntámonos, ¿isto a quen beneficia? Se só beneficia as eléctricas e prexudica as familias, nós preguntámonos por que o Partido Popular non accede ás nosas peticións, que terían beneficiado tanto os fogares de Galicia, e preguntámonos, unha vez máis, do lado de quen está a maioría popular.

En terceiro lugar, con relación á formación e pagos aos desempregados, faise unha advertencia de que nas accións formativas as demoras ou os atrasos nos bonos das bolsas de axuda destinadas a persoas desempregadas xeran situacións conflitivas, xeran situacións de precariedade nas familias e nas persoas que son beneficiadas por esa serie de prestacións. Iso nós denunciámolo aquí tamén hai dous meses, cando denunciámonos que dende 2011 a 2018 quedaron sen executar 945 millóns de euros en políticas activas de emprego, moitas das cales tiñan orzamentos relacionados coas queixas que neste momento formula a Valedoría.



E preguntámonos se a Xunta de Galicia vai cambiar, por fin, a forma de executar os orzamentos para cumprir con aquilo ao que se compromete orzamentariamente.

En materia de sanidade —e recalcou a valedora esta circunstancia, o dereito á saúde como un presuposto, xunto coa liberdade dos demais dereitos— hai unha denuncia de dous aspectos esenciais que son coreados por toda a cidadanía galega constantemente. O primeiro deles, como a reorganización dos servizos sanitarios está denegando as prestacións a xente que ten dereito a elas. É dicir, como a supresión de servizos como o de pediatría en Chantada —por recordar algún deles—, ou como a supresión de servizos ou a deterioración de servizos como o da atención primaria dan lugar a que haxa xente que sexa excluída ou que sexa inxustamente tratada en relación coa prestación sanitaria, e esa é unha constante que se repite.

Tamén se repite unha constante denunciada polo colectivo de ‘SOS sanidade pública’, outros colectivos, sindicatos, asociacións de pacientes, que temos traído aquí ao Parlamento, relativa a como as listas de espera non estruturais están enmascarando verdadeiros tempos dramáticos de espera para a recepción da atención sanitaria. Hai cousas que en saúde non poden esperar, sen embargo, condénase a xente, cando opta por ser atendido no sistema público, a ser demorado na súa atención dunha forma absolutamente inaceptable. Logo nos preguntamos, cando a lei de garantía de prestación sanitaria di que hai liberdade de escolla, ¿que liberdade é aquela na que a persoa que decide ser atendida nun centro público ten un ano de demora e a que escolle o centro privado ten seis meses de demora? Non hai verdadeira liberdade porque as condicións de escolla non son as mesmas. Polo tanto, en relación co tempo de atención, a xente preferirá, evidentemente, aquel que resulte inferior porque o que está en xogo é a propia saúde.

En relación coa administración autonómica do transporte faise unha censura do uso abusivo do silencio administrativo. O silencio administrativo, a pesar de que estea regulado, é un abuso por parte da Administración, no sentido de que deixa ao cidadán, á cidadá, indefensos sen saber por que se lles denega unha petición que realizan, e todo o mundo ten dereito a saber por que se lle denega unha prestación ou unha petición, do tipo que sexa, aínda que sexa evidente, obrigando a persoa que ve denegada a súa prestación a preitear contra a Administración, mentres esta ten o cómodo efecto do silencio administrativo como regra xeral, con carácter negativo, para os efectos que son esenciais para os seus dereitos.

Tamén se fai unha referencia a algo que foi denunciado por toda a oposición no seu momento: o Plan de transporte público de Galicia. Faise referencia ás queixas por cambios de horario, frecuencias, conexións, supresión de liñas, necesidade de novos servizos e corrección de deficiencias, o cal amosa, unha vez máis, e por parte dunha institución, o fracaso estrepitoso do sistema de transporte público de Galicia. Pois ben, na lei de acompañamento volven vostedes modificar este plan. ¿Por que non inclúen as recomendacións da valedora para solucionar todos estes problemas manifestados pola cidadanía? ¿Hai algo máis importante que atender as queixas da xente, manifestadas a través desta propia institución, que as admite porque son xustas?

En materia de menores, unha materia sempre sensible, faise unha tripla denuncia. En primeiro lugar, unha deficiente organización do servizo por inexistencia de protocolos comúns



que doten as actuacións nas catro provincias de certa homoxeneidade; a falta de recursos dos equipos profesionais; a falta de profesionais suficientes; unha carga de traballo excesiva e unha falta de especialización notable. Señorías, pedímoslles un esforzo. Á parte aquí non é todo unha cuestión exclusivamente económica. A boa organización, a boa coordinación de servizos, a aprobación de protocolos, non é algo que necesariamente sexa caro, sen embargo, é algo fundamental para atender a parte máis sensible da poboación, os nosos menores en situación de desamparo.

En materia de tecnoloxías de información faise a denuncia da falta de cobertura dun servizo que, a pesar de non estar recoñecido como servizo básico universal, si é básico para realizar as condicións de vida con carácter de normalidade, que é o acceso á banda ancha de internet.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Vou rematando xa, señor presidente.

Isto é algo que debería ser fundamental e que debería estar atendido por parte dunha cámara lexislativa que atende un país onde a dispersión xeográfica por todo o territorio segue sendo notable.

Remato referíndome ao apartado de vivenda. A denuncia expresa de como as persoas que cumpren todos os requisitos como demandantes de vivenda non ven satisfeito o seu dereito, e a reclamación á Administración pública por parte da Valedoría de que non se constate e non se xustifique a imposibilidade de atender as demandas por falta de recursos, senón facer políticas públicas que xeren un parque pública de vivenda, non en propiedade, senón sobre todo en alugamento, para poder satisfacer as necesidades dos colectivos máis vulnerables que despois da última recesión económica víronse non soamente privados do acceso á propiedade da vivenda senón tamén do acceso á vivenda en réxime de alugamento, o que lles permite emanciparse e levar a cabo unhas condicións de vida digna.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señora valedora do Pobo.

Realmente, señorías, o informe presentado hoxe aquí neste pleno non lle corresponde a quen o presenta, correspóndese cun período escuro dunha institución que parece ser foi creada para velar polo respecto aos dereitos fundamentais dos galegos e galegas. Unha institución



que hai quen define como o último recurso que lles queda a aqueles e aquelas que se senten aldraxados, esmagados ou inxustamente tratados pola Administración, pola lei ou por calquera outra circunstancia.

Diciamos o outro día, señora valedora, que este que lles fala, que tamén chegou a ter o seu aquel de inxenuidade, chegou a crer que a Valedoría era un xeito de moura, de medorra ou fada das augas que interviña con éxito en favor dos débiles e desherdados fronte aos abusos dos poderosos. Cando un deixa de crer nestes seres míticos da nosa cultura, cae na conta que, do mesmo xeito, un sistema social e económico manifestamente inxusto e clasista, e por veces abafante, debe dotarse de certas válvulas de escape, certas mouras, que eviten perder totalmente a esperanza. Dito doutro xeito: cando un sistema fai augas e enxendra inxustizas, marxinação e pobreza, sen que sexa posible restaurarlle a saúde, fanse imprescindibles medicamentos con efecto placebo para ir tirando e manter as cousas onde o poder tácito quere que estean. Mais non sendo isto dabondo, vostede ten unha carga maior, e é a vergoña e a devaluación á que someteu o Partido Popular á Valedoría, mantendo no cargo a anterior titular un longo tempo innecesario, na teimosa intención de tapar e borrar o imborrable. Dito de xeito suave: arbitrariedade na decisión e desvío de poder na actuación administrativa.

Foron case once meses mantendo unha situación insostible, co correspondente xuízo popular, que suma unha proba máis ao que todos —e digo ben— e todas coñecemos: a corrupción practicada sen recato polo Partido Popular.

Vai ser, por tanto, unha costa arriba coa que vai ter que loitar, porque ese decreto aparece na memoria que hoxe nos presenta. Pois é: 2.706 asuntos e 20.807 reclamantes. Ou ben este é un mundo feliz e non hai nada que reclamar, ou a xente non acredita nunha institución suxa polos acontecementos probados de nepotismo, ou como se di en román paladino: enchufismo.

Claro que tamén puidera ser que os sectores que máis sofren a negativa realidade económica e social non saiban da existencia desta institución, que tamén pode ser. Porque senón isto non lle cadra coa conflitividade social, co informe Cáritas, co avellentamento da poboación, coa deterioración da sanidade de todos e todas, co desemprego, coas terras abandonadas, con esa crúa realidade. Sexa cal sexa o suposto, señora valedora, vai ter que facer un notable esforzo en limpar o nome da institución e darlle creto. Notable esforzo, créanos.

De momento, para lles tomar o pulso ás necesidades sociais, ás inxustizas e á defensa dos dereitos fundamentais dos cidadáns, vai ter que actuar de oficio. Vai ter que facer unha campaña de divulgación que inclúa ese ata onde estará disposta a chegar nas súas funcións. O sector industrial, en pleno combate coa inacción do Goberno, augura tempos duros de desemprego e conflitividade social. O envellecemento da poboación amosa cifras de dependencia por debaixo da realidade. Unha vez máis, o divorcio entre dereitos e materialización dos mesmos; a xente deste país aguanta ata que non pode máis.

O despoboamento rural devasta as zonas, coa soidade aparelada á falta de servizos básicos, negando os dereitos esenciais dunha poboación inmersa na tristura. Faltan centros de día, residencias públicas, centros de maiores no rural, e sóbranos soidade.



A sanidade pública e o seu desmantelamento. Só o recoñecemento de que non se cobren as baixas por vacacións en ningún dos PAC de Galicia crea tal número de situacións de cabreo que nos parecen escasas as peticións elevadas a esa institución.

Outro tanto acontece cos comezos e remates de curso no ensino obrigatorio: a falta de PT, logopedas, orientadores e a cicatería na dotación de prazas.

E a présa dos eólicos, e as formas, e a indefensión e a resignación de tantos, o abuso, as ganancias e as migallas. Alcalde, vaise poñer si ou si. Todo legal pero deshonesto. Espolio dos recursos sen nada a cambio. Vaia, si, destrozo medioambiental e económico. E o total abandono do medio ambiente cos seus problemas de contaminación, onde os pequenos casos pagan, pero os grandes vulneradores da legalidade medioambiental negocian co futuro dos demais e poucas veces renden conta dos seus desaguizados. ¡Xa ve! Claro que sei que son problemas de índole política e a Valedoría do Pobo non debiera ser unha institución política, ¿ou si? A etapa pasada foino de xeito vergoñento, como xa dixemos, agora tócalle a vostede darlle un xiro.

Pois é: insistimos na pouca presenza destas institución na consideración do pobo. Vai ter que actuar de oficio, dicímosllo unha vez máis, se quere darlle contido ao seu labor. Vai ter que saír á rúa buscar os problemas se quere que teña sentido a Valedoría. ¿Será quen?

Sabe vostede que as xentes deste país temos desde a noite dos tempos lingua propia, instrumento prezado e valioso para o desenvolvemento normal como seres humanos. Sabe tamén —é consciente— que cada vez con maior intensidade a moitos nenos e nenas élles negado o dereito a coñecer e mergullarse na lingua da solidariedade social de aquí, dando continuidade a un sentimento de vergoña oculto que estigmatizou e estigmatiza un bo sector da poboación. E dirá vostede que non é tan certo isto que digo porque o idioma no que se dirixen a vostede é o galego nun 75 % e o español nun 25 %. A interpretación deste dato danos que pensar. Ou ben os galegofalantes, somos os cidadáns máis concienciados, ou este é o país do revés. Contraditorios si que somos, é certo. Claro que o latín seguiu sendo a lingua da escrita con prestixio durante séculos e levaba séculos xa morta.

Si, xa sabemos que se reuniu coa Mesa pola Normalización Lingüística, parabéns. Por certo, a súa existencia é un feito que dá conta de que algo non vai neste tema neste noso país. Si, hai por aí un decreto que vulnera os dereitos lingüísticos deste pobo, ¿sabe? ¿Que quere que lle diga?

Benvidas sexan as actuacións de oficio das que acaba de dar conta esta Cámara. É diso do que lle falamos nesta segunda parte do noso discurso, que vai ter que tomar a iniciativa se quere facer operativa esa institución e darlle un algo de contido. A nós vainos permitir unha boa dose de escepticismo, desconfiamos do sistema e do pacto. A anterior valedora saíu dese mesmo pacto entre as forzas maioritarias da Cámara e ostentadoras do bipartidismo como sistema que nada muda no esencial, e xa ve en que dou.

Hai moito labor por facer e pedímoslle independencia. ¡Non se me asusten!, independencia, señora valedora, na súa actuación. Só así terá un algo de sentido a existencia desa institución



de tan pomposo nome. E vaia vostede á xente, déase a coñecer, déalle contido, se é posible, á súa institución. ¡Que teña moita sorte! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Común da Esquerda, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Señor presidente.

Señores deputados e deputadas. Bo día.

Quero agradecer, unha vez máis, a presenza da nova valedora do pobo, a súa disposición a comparecer neste Parlamento e a súa vontade clara de comezar unha nova etapa radicalmente diferente á anterior, para intentar devolverlle a dignidade á institución despois de ser tan mancillada pola súa predecesora. Por iso, preciso comezar a miña a intervención lendo un parágrafo deste informe, tal e como a propia valedora acaba de facer aquí, na mesma liña:

«Dada a recente renovación da titularidade da Valedoría, e, por tanto, o recente do meu nomeamento e toma de posesión como valedora do pobo, o informe que achego é basicamente o que constaba no sistema informático da institución, pendente da presentación que agora cumprimento.»

Queda clara na presentación que a actual valedora pretende exculparse deste infame informe. ¡Lóxico! Xa dixemos na Comisión 1ª hai escasos días, e repetímolos hoxe, que é lamentable ter que valorar nesta cámara un informe que deba ser independente e que, pola contra, é partidista, ideolóxico e claramente de parte, para xustificar as accións ou as inaccións do Goberno da Xunta.

A anterior valedora fixo un labor de demolición da institución, degradando os seus obxectivos, facendo que perdera a súa credibilidade como institución de todos os galegos e galegas e, desde logo, fíxose famosa e fixo famosa a institución por ser a valedora condenada polo enchufe a unha familiar directa do voceiro do Partido Popular. Milagros Otero evitou renunciar ao seu cargo de forma esperpéntica, ata o último minuto. Sen éxito, porque a presión era tan grande que dimitiu finalmente polas consecuencias da demoledora sentenza xudicial. Este informe demostra a súa falla de idoneidade para o posto, e fainos entender outro dos motivos do peche de filas e defensa férrea do Grupo Popular da súa persoa neste Parlamento vez tras vez, votación tras votación.

Este informe supón a presentación do que seguramente sexa a peor época da institución e a máis escura, e o peor informe presentado pola mesma perante esta Cámara. Rematou o seu mandato cun exercicio que demostra como converteu unha institución pensada para protexer os galegos e as galegas, e os dereitos da cidadanía galega, nunha institución prostrada perante os intereses do Partido Popular de Galicia e do señor Feijóo.

Hoxe pedimos a esta nova valedora que, se quere iniciar de forma correcta a súa andaina, exprese claramente as cuestións polas cales na súa introdución se desvincula deste informe.



Imos –no noso criterio– enumerar as cuestións polas que dende o noso grupo consideramos este informe como infame, por que facemos toda esta argumentación e por que o consideramos indigno dunha institución tan importante como a Valedoría do Pobo.

Para comezar, o informe xa incumpre o artigo 6 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, que recoñece que o valedor do pobo realizará o seu traballo con total autonomía, sen recibir instrucións de ningunha autoridade.

É inaceptable que a valedora do pobo utilizase o informe para facer publicidade da acción do Goberno, aproveitando cada introdución temática para loar as iniciativas do Goberno, sen ningunha análise dos seus resultados con base nos datos que debía manexar.

Entre os datos estatísticos que se presentan no informe, sorprende a burda acción de pretender ocultar que os dous servizos públicos fundamentais, e con maior peso orzamentario e de competencia da Xunta de Galicia, son os que teñen una maior número de queixas, a educación e a sanidade; nin máis nin menos que o 52,04 % das queixas.

Outro exemplo que no noso grupo sabiamos —falabámolo os voceiros Antón Sánchez, Manuel Lago e o coordinador e tamén anterior deputado, Juan Fajardo— é un parágrafo que sería citado pola voceira do Grupo Popular en comisión, e acertamos, como así foi: intentar ocultar a realidade dos empregados públicos que a día de hoxe non recuperaron os dereitos que lles foron roubados cos recortes de Montoro, tanto salariais como de días de libre disposición; unha taxa de reposición que segue en mínimos históricos que vai desangrando e avellentando a Administración pública galega, sen restituír os efectivos de persoal, e que en resumo é un deixar morrer a Administración pública pouco a pouco para xustificar as externalizacións e o modelo privado, xunto cunhas taxas estratosféricas de traballadores eventuais, afondando na súa temporalidade, inestabilidade e precarización.

Pero citou: «Aínda que as materias que substancian a maior parte das reclamacións tramitadas adoitan repetirse ao longo dos últimos exercicios, temos que destacar que no ano 2018 se produciu unha diminución, tanto cuantitativa como cualitativa, das queixas recibidas nesta área. Ao noso xuízo, a razón desta minoración atópase no restablecemento paulatino de dereitos que en materia de emprego foron obxecto de restricións como consecuencia das medidas de contención do gasto público adoptadas por mor da crise económica dos anos anteriores. A progresiva recuperación de dereitos laborais que se viron limitados dende o ano 2012, levando á precarización das condicións de traballo dos empregados públicos, tivo o seu claro reflexo na xestión de expedientes desta defensoría.»

Insistimos en que isto é mentira, é unha vergoña que este informe recolla esta apreciación así, tal e como está redactada, á parte de que non é de recibo que a Valedoría do Pobo utilice a austeridade como escusa para o incumprimento dos acordos laborais no terreo do emprego público. Pero se se empeña en insistir que esta premisa é certa, entón isto demostraría que a educación e a sanidade están peor ca nunca, como denunciámos en reiteradas ocasións desde o noso grupo, sindicatos, axentes sociais, pais, nais etcétera, xa que ocupan —repetimos— o 52,04 % do total das queixas presentadas. Imos por áreas.



Área de educación. O informe chega a publicitar e recomendar ás familias a utilización do ensino privado na atención de 0 a 3 anos, indicando que existe o Bono concilia e que esta é a mellor opción cando non hai prazas. Cando o de recibo sería cubrir os ratios de necesidade. Defender a utilización dos servizos privatizados, que tamén fai perante reclamacións polas listas de espera na sanidade, é escandaloso e vergoñento.

Área de sanidade. A pesar de que esta parte comeza cunha das poucas verdades onde o informe reconece a situación da sanidade coa seguinte afirmación: «A maior parte das reclamacións céntranse na diminución dos profesionais sanitarios, redución de servizos e demoras excesivas na atención sanitaria.» E conclúese dicindo: «A poboación galega percibe unha deterioración continua do Sistema público de saúde. Iso si, primeiro intenta minimizar o número elevado de queixas nesta área e logo exculpar ou buscar outros culpables que non sexa a Xunta. Cando fala de escaseza de pediatras, en vez de buscar solucións, trata de utilizar o argumentario do conselleiro: non hai pediatras dispoñibles, non se pode resolver a curto prazo..., e ten que ver coa decisión do ministerio sobre as prazas MIR.

Un dos maiores problemas da nosa sanidade, sen dúbida, son as listas de espera, e para a Valedora esta situación está case resolta coa Lei de garantías sanitarias, que lembremos que o que fai é derivar pacientes á sanidade privada cando se pasan os tempos máximos e eliminalos da lista de espera se estes non aceptan esta derivación obrigatoria. Para a Valedora isto é a solución, e unicamente lle pide á Consellería a revisión da problemática. Así, tal cal.

Igualdade e conciliación. Fala no informe dalgúns problemas coa tarxeta Benvida. Este título trata de rebaixar os problemas derivados, na práctica, da implantación desta tarxeta: dificultade para cobrar e imposibilidade, ata hai meses, de cobrala no caso de adopción. O fracaso dunha das medidas estrela do Goberno Feijóo e do que sacan peito constantemente.

Vivenda. Isto tamén é escandaloso. No referente ao dereito á vivenda, equipara os problemas derivados da ocupación de vivendas aos desafiuzamentos. Así, tal cal. ¡Así, tal cal! Para quedar coa boca aberta.

Área de Medio Ambiente. Na situación de emerxencia ambiental que está a vivir o planeta e, polo tanto, tamén Galicia, este apartado queda na análise da anécdota, sen afondar nas queixas que teñen que ver coa contaminación e outras actividades de forte impacto ambiental. Un exemplo do inexplicable criterio utilizado para este informe é como neste apartado o informe adica o duplo de tempo a explicar unha queixa sobre tenza de animais perigosos que a explicar as súas actuacións polas queixas derivadas das plantacións de eucalipto, que o informe despacha cun: «A Consellería do Medio Rural xustificou adecuadamente a súa actuación. O eucalipto non se considera unha especie invasora, de acordo co previsto no catálogo español de especies exóticas e invasoras. Non se aprecian diferenzas no tratamento do asunto por gobernos de diferentes partidos políticos». Pero utiliza o dobre de tempo en falar dos animais perigosos.

¿Que é isto na práctica? A transcripción, no informe da Valedoría do Pobo, do ideario e argumentario do Partido Popular neste tema que tantas veces lle oímos ao conselleiro aquí.



Como conclusión, o informe desta valedora, que tivo que dimitir pola forza, demostra que a valedora do Pobo Milagros Otero realmente era Valedora do Partido Popular de Galicia, que traballaba en total coordinación co Goberno galego e para o señor Feijóo.

Existían moitos máis exemplos de industria e de moitos máis temas, que por mor do tempo non podemos citar, no escándalo das case oitocentas páxinas deste informe.

Desexamos, dende o noso grupo, que esta nova etapa sexa radicalmente distinta e isto no volva ocorrer. Desexámoslle moita sorte á nova valedora e ao seu equipo, que lle vai facer falta, e ofrecemos de novo a nosa total colaboración para coidar esta institución, despois de ser tan mancillada pola súa predecesora, e dignifícala de novo. Ademais, isto é importante polo noso sistema democrático, polo noso sistema institucional galego e porque vai ser o mellor para garantir os dereitos de todos os galegos e galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Saudamos os alumnos e alumnas de 1º e 2º da ESO do Centro Plurilingüe Antonio Orza Couto, de Boqueixón. Tamén están os seus profesores e acompañantes. Benvidos todos ao Parlamento. Tamén a xente que hoxe está na tribuna. Benvidos todos.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra dona Patricia Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Benvido este colexio de Boqueixón, que hoxe ten a sorte de estar nun debate sobre a Valedoría do Pobo normalizado, o debate que todos os anos, como consecuencia do informe da Valedoría do Pobo, se debería ter dado nesta Cámara, e non outros. Hoxe é un bo día, é un día importante, porque normalizamos de novo a institución nesta Cámara e miramos cara ao futuro, que é o que temos que facer, sen perder de vista o que pasou no pasado para non repetilo, evidentemente.

Antes de nada, quero parabenizar e agradecer á valedora actual, á súa equipa actual e tamén á equipa anterior, que foi, sobre todo, a que traballou neste informe do ano 2018. Atenderon 20.807 queixas naquel ano, e cremos nós que aínda queda moito traballo por facer, porque aínda hai peticións reiteradas de información ao Goberno, máis de cen, e 47 advertencias, de resposta urxente, a cada unha das consellerías que se citan no informe.

Quero darlle os parabéns á valedora pola súa pestana feminista na web da páxina da Valedoría, e dende o Grupo Parlamentario Socialista queremos que se fixe na posibilidade de mudar o anacronismo do nome da propia institución, Valedor do Pobo, cando agora mesmo son vostedes dúas mulleres —vostede e a súa adxunta— as que están á fronte da institución.

Dámoslle tamén os parabéns pola súa xuntanza coa Mesa de Normalización Lingüística, que dá mostra da súa preocupación e da preocupación que temos pola lingua galega, que non vai adiante, por moito que nos diga o Goberno.



Con relación aos menores, pedímoslle que se fixe tanto na parte civil, xa que hai equipas en Vigo que están baixo mínimos e os traballadores, os funcionarios, xa non dan abasto, como tamén na súa parte penal, que visite vostede os centros de menores. Eu aquí quero facer un apunte —lástima que non estea a conselleira de Política Social—, sobre todo o Avelino Montero, que é un dos poucos públicos que quedan e, por moito que nos conten, non ten nos orzamentos partida específica de 1,3 millóns de euros para a súa reforma.

Lamentamos o atraso neste informe. Estamos case xa no 2020 pero estamos a falar do ano 2018, polo tanto, os datos son do ano 2018, pero ese pasado recente vergoñento que tivo a institución fainos estar agora mesmo nesta situación.

Quero falar das cuestións que dentro deste informe puidemos atopar. Vostede comezou hoxe falando de sanidade no seu informe. Neste informe do ano 2018 afóndase na sanidade e fálase de disfuncións estruturais. Di que hai un problema en sanidade que afecta de forma xeral a toda a comunidade autónoma. Tamén é unha lástima que non estea o conselleiro de Sanidade para escoitalo.

Dende o informe pídeselle que propoña o número de prazas ao Goberno do Estado, que é a súa obriga e era a súa obriga durante todos estes anos, e estamos na situación de escaseza na que estamos precisamente porque non se fixeron os deberes. De feito, no propio informe dise que a Valedoría está a agardar a concreción de medidas definitivas. Dende a oposición tamén seguimos a agardar a concreción destas medidas.

En vivenda, no ano 2018 había 13.426 solicitantes de vivenda protexida. Hoxe son máis de 14.000. E no propio informe dise que o Goberno non se debería limitar simplemente a xustificar que non pode, que non se dan máis porque non se poden facer máis, senón que o que debería facer é facer máis vivendas de promoción pública. E dende o Grupo Parlamentario Socialista tamén coincidimos con esta apreciación.

No transporte público, o informe reflicte o desastre da reforma. Tamén é unha mágoa que non estea a conselleira de Infraestruturas, porque avoga por un transporte público colectivo respectuoso co medio ambiente, eficiente e útil, tal e como lle pediamos nós na nosa Lei de mobilidade sustentable.

En emprego público, no informe é difícil atopar estas cuestións, porque é un informe moi grande, con moita parte xurídica, e hai que escudriñalo. Eu quero agradecer a todos os meus compañeiros e compañeiras do Grupo Parlamentario Socialista que traballaron nas súas áreas cada un deles para poder atopar estas cuestións.

En emprego público dise que a Xunta deberá considerar coma unha obriga de comportamento a futuro retomar o diálogo social, co fin de recuperar acordos que permitan incluír previsións relativas a compromisos recollidos na negociación colectiva. Tamén no Grupo Parlamentario Socialista coincidimos con esta apreciación, porque nós queremos fixarnos, coma sempre, na situación do noso estado social. E aquí quero facer un apunte.



Non a todos os gobernos lles preocupa igual. Hai gobernos que son máis valentes e hai gobernos que son covardes, por dicilo de maneira antónima, non porque sexan covardes, senón porque o antónimo de valente é covarde. (*Murmurios.*)

Con relación á violencia de xénero, respecto do cambio de nome por ser vítima de violencia de xénero, houbo unha reclamación ao Defensor del Pueblo confirmando a aceptación das recomendacións do Ministerio de Xustiza para ese cambio, e foi o Goberno do Estado o que reformou a Lei electoral, permitindo que as persoas con discapacidade cognitiva poidan votar por primeira vez en España, máis de cen mil persoas, eliminando esa anomalía democrática. Hai gobernos distintos e hai formas distintas de defender o Estado social e democrático de dereito.

En Sanidade hai 8.437 queixas, ¡8.437! Con esas disfuncións estruturais nas listas de espera, nas baixas, na falta de recursos humanos —o principal problema que ten o sistema público de Galicia—, di: «*De forma reiterada véñense rexistrando no Valedor do Pobo queixas denunciando cadros de persoal insuficientes ou escaseza de substitutos*». Dícímolo aquí unha e mil veces.

En Política Social hai 1.651 queixas que falan. Hai gobernos valentes que defenden as persoas con discapacidade cognitiva e hai outros gobernos —e medidas xudiciais— que prohiben ás persoas que teñen discapacidade acceder a unha vivenda pública en Galicia, a unha vivenda social ou de promoción pública.

Hai un Real Decreto estatal, do ano 2013, que establece o dereito destas persoas a vivir de forma independente. Pero o Decreto galego, que é do ano 2007, que fala do Instituto Galego de Vivenda e Solo, exige que teñan plena capacidade de obrar os solicitantes. O informe da Valedora pediulle á Consellería de Política Social que o mudase. Estamos a falar de que hai unha lei do ano 2012. O que fixo a Consellería foi dicir que ía desenvolver esa lei do ano 2012. Sete anos despois, case oito, estamos agardando ese desenvolvemento, e mentres, estas persoas non teñen dereito a pedir e acceder a unha vivenda de promoción pública na nosa comunidade.

Aumentaron no ano 2018 as queixas por atrasos na valoración da dependencia. Segue sen compensarse aos familiares das persoas falecidas antes de que se lles recoñecese o seu dereito, e ademais hai tamén unha disfunción estrutural na valoración da discapacidade, porque a maior parte das recomendacións en materia de servizos sociais afectan, precisamente, aos equipos de valoración da discapacidade. A contestación por parte da Consellería de Política Social é unha falacia. Non hai catorce novos equipos. Houbo unha contratación de equipos por acúmulos durante seis meses, e logo prorrogados por outros tres meses máis. ¡Non hai catorce novos equipos en Galicia!

Esta disfunción estrutural existe tamén nas prazas residenciais. Hai queixas que fan referencia ao atraso na efectividade dos servizos e á falta de información sobre as listas de espera, e é que Galicia ten unha taxa de prazas por residencia e habitante un punto menor ca a media estatal e dous puntos menor do que exige a Organización Mundial da Saúde. Xa non falo do tempo legal da tramitación dos procedementos, que é de 180 días, e en Galicia estamos en 453 días.



En Educación hai 2.390 queixas, queixándose tamén da falla de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Outra vez eses cidadáns de primeira e de segunda que o Goberno segue mantendo.

E por último, en Medio Ambiente houbo 1.245 queixas. A maioría refírense á contaminación acústica, pero eu para rematar quero poñer o foco no glifosato, no uso do pesticida, porque no informe dise que o uso deste tipo de produtos debe obedecer a criterios de racionalización e sustentabilidade. Critica o uso do glifosato exactamente igual que o temos feito e pedido dende o Grupo Parlamentario Socialista multitude de veces, por desgraza. Agardamos que o informe da Valedora do Pobo teña máis sorte da que temos dende o Grupo Parlamentario Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como cuestión previa quero amosar o apoio do Grupo Parlamentario Popular aos corpos e forzas de seguridade do Estado que foron desprazados a Cataluña (*Aplausos.*) para garantir a convivencia social e a liberdade. (*Aplausos.*) Desexamos unha pronta recuperación de Iván e Ángel, que son os dous axentes agredidos nesas violentas manifestacións en Barcelona.

En primeiro lugar, quero dar a benvida á señora valedora. Este é o seu primeiro debate nesta Cámara. A pesar de que hai uns días xa tivemos oportunidade de falar das cuestións do informe na Comisión 1ª, si é a primeira vez que falamos no Pleno. Eu o que quero dicir é que o debate da valedora é igual de normal que en anos anteriores, a diferenza é que en anos anteriores estaba presente o líder da oposición, do Partido Socialista, e este ano, no primeiro Informe da Valedora do Pobo, non está presente o líder do Partido Socialista para ver o debate. (*Aplausos.*) Iso, señora Vilán, si que é anormal. (*Murmurios.*)

Certamente, este informe non se corresponde coa xestión da valedora que o presenta —é o Informe do ano 2018—, (*Murmurios.*) (*Pausa.*) pero é un informe que amosa un magnífico traballo da anterior valedora, cuxa prioridade sempre foi estender o coñecemento... (*Murmurios.*) da institución a todo o territorio, especialmente no ámbito rural e nos concellos máis pequenos.

Dixéronse aquí moitas cousas sobre se era a valedora do PP, sobre se era un informe infame... Eu pídolle á oposición que se poña de acordo, porque hai titulares de cando se rexistrou este Informe na Cámara, concretamente do señor Villares, que dixo: «*El Informe de la valedora supone una enmienda a la totalidad de las políticas de la Xunta*». Ben, se é unha emenda á totalidade das políticas do Goberno do PP, non entendemos como poden dicir que é a valedora do PP, que é un informe infame... e despois dicir que é bastante extenso en materia de sanidade, en materia de educación... ¡Póñanse de acordo! Non vale todo para criticar o PP, e dicir unha cousa e a contraria resulta moi complicado.



En cuestións de lingua — señor Rivas, xa llo dixen na Comisión 1ª—, certamente o Informe da valedora amosa que a lingua galega goza de boa saúde. O 75 % das queixas foron interpostas en galego, na nosa lingua, o que pasa é que —como dixo Alonso Montero, presidente da Academia— o BNG quere tanto á lingua como esa nai que aperta tanto o neno que o abafa. (*Murmurios.*) ¡Non abafen a lingua! (*Aplausos.*) Non poñan como algo negativo algo que é positivo. (*Aplausos.*) Para nós é positivo que a cidadanía se achegue ao Valedor en lingua galega, vostedes veno como algo negativo.

Das queixas que se recollen no Informe sobre a lingua nós a conclusión que sacamos é que, detrás desas queixas, non hai en ningún caso ningún afán discriminador do galego, nin desprezo da lingua, nin en ningún caso unha vulneración de dereitos lingüísticos. Foron froito de cuestións máis domésticas, como fallos técnicos, restricións económicas ou simples erros. Nós consideramos que non hai ningún problema co fomento da lingua galega, e tampouco podemos falar desa discriminación dos dereitos lingüísticos da que vostede falaba.

En materia de emprego público díxose aquí que, tal e como están recollidas as queixas no Informe do Valedor, non lle gusta á señora Santos que se diga, efectivamente, que a crise económica se está superando e que nun momento de recuperación tamén se están recuperando paulatinamente os dereitos en materia de emprego público. Non lle gusta. Claro, é que as queixas dos empregados públicos agora non se refiren a esa restrición de dereitos, non se refiren a que non hai oferta de emprego público, non se refiren a esas cuestións. Efectivamente, como hai oferta de emprego público, as queixas van a que se as bases podían ser mellores ou peores, ou contendo outras apreciacións que eles consideran; ou polas condicións dos traballadores públicos: vacacións, permisos, licenzas, medidas de conciliación... Ben, son queixas moi distintas ás tramitadas en anos anteriores.

Estamos a falar do ano 2018, e, efectivamente, antes estabamos nun contexto de recuperación pero agora encontrámonos nun contexto diferente. Eses signos de recuperación económica estanse esvaecendo, e as decisións políticas do novo Goberno están afectando ao emprego industrial en Galicia. Tamén se fala de industria no Informe da Valedora, e advirte o informe da dependencia dalgúns sectores industriais do incremento do custo da enerxía, como son na nosa comunidade as empresas Alcoa ou Ferroatlántica, que entraron en crise —di o informe— cando se incrementou o custo medio do quilovatio/hora; así como as consecuencias que supón o incremento do custo da subministración eléctrica para os consumidores, entre un 24 % e un 30 %, como recolle o informe. Nós dixémoslle á valedora, suxerímoslle, que, igual que noutros ámbitos pode iniciar cuestións de oficio, cremos que é importante para o emprego industrial en Galicia que inicie de oficio tamén unha investigación de como pode afectar esta subida da electricidade no sector industrial, e por que o Goberno central non está a tomar as medidas que ten que tomar, como, por exemplo, aprobar un estatuto de electrointensivas, que favorecería que o emprego industrial non se vise en risco como se está vendo agora e comarcas enteiras de Galicia abocadas á desaparición. Porque aquí se fala doutras cousas, pero non lles preocupa que haxa comarcas de Galicia nas que o emprego está en grave risco por decisións e ocorrencias do Goberno central do socialista señor Sánchez.

En sanidade, efectivamente, houbo 446 asuntos. Claro, algún asunto ten mil e pico queixas porque se trataba, ao mellor, dun servizo concreto e foron mil e pico queixas; pero asuntos



son 446, ¡non o olvide, señora Vilán! ¡Claro!, aquí falamos de milleiros de queixas e parece que... É certo que houbo moitas queixas no ámbito da sanidade, pero tamén é certo que é o servizo do que fan uso milleiros de persoas cada día, e é normal que, proporcionalmente, o servizo máis usado en Galicia tamén sexa o servizo que máis queixas presenta.

Os resultados das enquisas de valoración da sanidade ofrecen o resultado de que a sanidade é boa ou moi boa, e non o di nin o Partido Popular nin o Goberno da Xunta, dino os cidadáns, os usuarios dese servizo. En atención primaria valoran os cidadáns a atención como boa ou moi boa: en 2003, un 79,48 %; en 2009 —cando vostedes gobernaban—, un 84 %; no 2017, un 88,5 %. Igual que nas consultas externas: pasamos dun 75 % no 2009 a un 78,80 % no 2017. Urxencias: un 78,60 % no 2009 e un 84,7 % no 2017.

Dúas noticias, 8 de abril de 2009: «*La sanidad gallega es la segunda del Estado con la peor valoración de los ciudadanos, un 5,87 sobre 10 en valoración*». «*Los galegos valoran con un 6,43 sobre 10 el sistema sanitario público, según el barómetro de Sanidad*», 1 de marzo de 2019. Por tanto, creo, señora Vilán e señorías, que na sanidade, certamente, hai servizos e hai cuestións que se poden mellorar, pero a cidadanía valóraa positivamente e vostedes deberían de facelo tamén.

Sobre os tempos de espera, faláronvos aquí da Lei de garantías. Miren, señorías, o primeiro que teño que dicir é que os tempos de garantía para a atención non urxente non existen. E cando falan vostedes da perda da garantía cando se vai a un concertado, non aprobou o Partido Popular ese decreto, é un decreto asinado pola inolvidable ministra Leire Pajín, gobernando o señor José Luis Rodríguez Zapatero. Real decreto 1039/2011, do 15 de xullo —pode lelo—, artigo 6. Entón, a perda desa garantía non é cousa do Partido Popular. En calquera caso, o cen por cento de doentes incluídos na Lei de garantías foron atendidos en centros públicos, ningún doente con patoloxía grave ou prioritaria foi derivado a un centro concertado. ¿Por que? Porque a Lei de garantías refírese ás patoloxías graves, moi graves e de prioridade 1. Por tanto, creo que é importante tamén saber que a lexislación básica é de obrigado cumprimento e en ningún caso na comunidade autónoma temos competencias para modificala. Así que vostedes, que tan preocupados están, falen co señor Sánchez a ver se agora que está en funcións e está así... en período electoralista e demais, igual nalgún venres social —antes do 10 de novembro, porque despois xa vai deixar de ser presidente— pode mudar esta cuestión.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Si.

En materia de urbanismo quería dicirlle ao señor Villares —o que pasa é que o señor Villares veu, falou e marchou, e non está, síntoo moito— algo sobre disciplina urbanística. É certo que os concellos teñen a competencia en disciplina urbanística, pero tamén é certo que teñen a posibilidade de delegalas na APLU, e só hai 80 concellos en Galicia que teñen delegadas esas competencias na APLU. E se hai concellos que consideran que non teñen medios e recursos humanos, ou medios técnicos ou físicos, para atender esas cuestións, que as deleguen na APLU, que para iso está. Non lle boten á Xunta de Galicia a culpa porque a Xunta ten esa posibilidade que se regulou por lei.



Nós o que queremos dicir —para rematar xa, señor presidente— é que estamos satisfeitos con este informe porque cremos que amosa que a institución funciona, que a institución dá resposta á cidadanía. Cando un cidadán presenta unha queixa na Valedoría, acaba de explicar a señora valedora que esa queixa se tramita e, normalmente, nunha porcentaxe moi elevada de casos a Administración responde e atende a queixa que fai o cidadán. Por tanto, cremos que ese labor de intermediación, ese labor que está facendo a Valedoría é fundamental para garantir os dereitos dos cidadáns.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: E animamos a señora valedora a que siga nesa liña.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Pasamos ao punto 3 da orde do día, textos lexislativos.

Debate de totalidade do proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termiais de Galicia

O señor PRESIDENTE: A este proxecto de lei presentáronse emendas á totalidade con petición de devolución do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Común da Esquerda e do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei ten e a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, don Francisco Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, bos días.

Galicia ten nas súas augas, en xeral, e nas termiais en particular, unha importante fonte de riqueza natural que fai da nosa comunidade autónoma unha verdadeira potencia nacional e internacional nesta materia. Este valioso recurso autóctono converte Galicia na segunda rexión termal de Europa e na primeira de España.

Contamos con trescentas captacións de augas mineiro-medicinais, das que boa parte son termiais. Ofrecemos 21 balnearios e 3 talasos, que dispoñen de máis de tres mil prazas hoteleiras, é dicir, arredor do 20 % da oferta nacional, que reciben anualmente preto de 150.000 usuarios. Temos en Galicia unha quinta parte dos balnearios de España coa Q de calidade turística, 7 dun total de 33. E na nosa comunidade autónoma atópase tamén a segunda cidade europea con maiores reservas de augas mineiro-medicinais, Ourense, tan só detrás de Budapest. En definitiva, unha realidade que confirma o potencial do termalismo galego, que posiciona este sector como un importante activo, non só natural senón tamén patrimonial,



cultural, industrial e mesmo turístico e lúdico e convida a que as administracións que temos competencias na materia colaborem e actuemos co obxectivo de protexer un recurso tan valioso a través dun completo marco normativo que regule os diferentes aproveitamentos.

Para Galicia, o coidado dos seus recursos termais é unha prioridade estratéxica. Temos desenvolvido un importante esforzo para lograr un marco regulatorio que permitise ordenar e desenvolver este sector. Destacan, como vostedes saben, a Lei 5/1995, pola que se regulan as augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios de Galicia; e o Decreto 402/1996, de aproveitamento de augas mineiro-medicinais. Un marco regulamentario que se acompañou do deseño de plans e medidas para aproveitar de xeito sustentable a riqueza termal do país. Refírome ao Plan Ourense provincia termal; ao Plan de turismo e saúde termal de Galicia, no marco do que se creou a Cátedra de Hidroloxía Médica; ou ao impulso do primeiro ecobarrio galego en Ourense a través da xeoterminia. Neste camiño a Xunta de Galicia contou coa colaboración e o apoio de todos os axentes; refírome ao sector industrial, ao ámbito académico e tamén ás administracións locais e nacionais.

Señorías, temos a obriga de observar e estudar os hábitos dos cidadáns, de avaliar novas situacións e circunstancias sociais, culturais e económicas, identificar oportunidades e tamén adaptar as súas medidas e as súas normas para acompasalas a ese ritmo de cambio do seu contorno.

Nos últimos anos, como saben, comezou a estenderse unha nova tendencia no eido internacional: o uso das augas mineromedicinais e termais para un uso lúdico e de lecer. Froito deste novo hábito, comezaron a proliferar diferentes proxectos turísticos que carecían das condicións establecidas legalmente para ser considerados como balnearios pero que tam pouco contaban cunha regulamentación específica.

O Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, aprobado no Consello da Xunta o pasado 1 de agosto e que hoxe presentamos neste Parlamento, nace, por tanto, co obxectivo de dar unha resposta concreta a unha realidade empresarial e a unha demanda real da sociedade actual, cubrindo un baleiro legal, que permitirá impulsar o crecemento deste sector de xeito ordenado e outorgando tamén confianza e seguridade tanto aos empresarios como aos propios clientes; unha lei pioneira coa que Galicia será a primeira comunidade autónoma en regular os diferentes aproveitamentos das augas termais, establecendo un novo uso das augas termais, un novo uso que marcará unha fronteira clara entre os balnearios e talasos, con usos terapéuticos e que se regularán pola lei do ano 1995, e, por outra banda, os espazos e piscinas termais cun uso lúdico, que contarán con esta nova normativa que presentamos hoxe.

Reforzaremos, polo tanto, a calidade da nosa ampla oferta termal, dando seguridade xurídica e garantías aos proxectos turísticos que ata a data non tiñan e non teñen unha regulamentación específica; unha lei que, ademais, nace do consenso e do diálogo, na que na súa elaboración se tiveron en conta as necesidades do sector, que cumpriu cos trámites de consulta e información pública, que se trasladou á Federación Galega de Municipios e Provincias e que se someteu tamén ao ditame do Comité Executivo de Desenvolvemento Mineiro do Consello Galego de Economía e Competitividade, sen obter ningún voto en contra, e sobre o que



o sector balneario tamén xa se ten pronunciado a favor. Agardamos, polo tanto, que os grupos parlamentarios tamén se sumen a esta iniciativa, unha iniciativa pensada na protección dos cidadáns e do noso patrimonio dunha forma especial e diferenciada.

A nova lei, tal como se recolle no seu articulado, busca cumprir catro obxectivos fundamentais. En primeiro lugar, velar pola salubridade e hixiene dos aproveitamentos lúdicos das augas termais. En segundo lugar, garantir a sustentabilidade ambiental das augas termais, para evitar a degradación da súa calidade e a redución do seu caudal. En terceiro lugar, protexer a súa integridade como recurso natural, patrimonial, cultural, turístico e lúdico. E, finalmente, promover o desenvolvemento económico e social das poboacións onde xorden estas augas termais.

Son moitos os aspectos que se recollen na lei, pero cómpre destacar oito.

En primeiro lugar, coa súa aplicación establecerase como condición previa que as augas contén cunha declaración de auga termal. Do mesmo xeito, será posible este aproveitamento no caso das augas que posúan a dobre condición de termais e mineromedicinais sempre e cando se cumpran os requisitos fixados na norma.

En segundo lugar, regúlanse os casos nos que son compatibles os novos aproveitamentos lúdicos con establecementos balnearios e cos seus perímetros de protección.

En terceiro lugar, tan só os propietarios dos terreos poderán solicitar este tipo de aproveitamento, diferenciando, no caso de persoas ou entidades privadas, nos que se lles outorgará unha autorización administrativa polo tempo solicitado, que se revisará cada dez anos, e, no caso de entes públicos, no que se lles outorgará unha concesión por un período de trinta anos, prorrogables ata os setenta e cinco anos.

Por outra banda, a lei regula o procedemento para conseguir esta autorización ou concesión, establecendo toda a documentación que debe presentar o interesado, outorgando un período de información pública e de audiencia de vinte días e enumerando os informes precisos.

Fixa, en quinto lugar, a obriga de dispor dunha garantía financeira e un seguro de responsabilidade civil, así como de presentar un plan de aproveitamento con carácter cuadrienal.

En sexto lugar, establécese a obriga de, unha vez finalizado o aproveitamento, restituír a situación ao seu estado orixinal e deixar a zona en condicións de seguridade, debendo aprobarse un plan de peche e abandono.

En sétimo lugar, a lei fixa as condicións de accesibilidade e seguridade das instalacións e as condicións hixiénico-sanitarias, cuxos requisitos mínimos corresponderán á consellería competente.

E, finalmente, o articulado recolle un réxime de inspección e de sanción, onde se recollen e tipifican as diferentes infraccións, con sancións que irán dos 300 aos 90.000 euros, ou mesmo a suspensión temporal do aproveitamento de ata un ano.



En definitiva, señorías, impulsamos o sector, sen esquecer que o prioritario é protexer este importante recurso natural e a súa contorna, ao mesmo tempo que garantimos aos usuarios a salubridade e a seguridade das instalacións.

Como dicía ao principio, esta lei pretende, en definitiva, regular unha situación que vimos observando desde hai tempo, e por iso a lei recolle unha solución para as instalacións dedicadas ao aproveitamento lúdico das augas que xa están funcionando na actualidade. Neste caso outorgaráselles un prazo máximo de doce meses para regularizar a súa situación e deste xeito garantir a continuidade daqueles espazos termais que levan tempo ofrecendo os seus servizos aos cidadáns.

Señorías, con esta nova lei Galicia aspira a contar cun novo mapa termal no que todos e cada un dos usos destas augas estean perfectamente ordenados e regulados. O obxectivo non é outro que ofrecer as máximas garantías a todos os actores: aos actuais propietarios, pois os seus establecementos pasarán a contar cun amparo legal; aos interesados en impulsar novas instalacións lúdicas, que contarán cun marco perfectamente definido; tamén aos usuarios das instalacións, que terán a certeza de que se atopan en espazos que cumpren con todas as exixencias de seguridade e hixiénico-sanitarias precisas; e, por suposto, garantías para o noso recurso, que seguirá contando coa máxima protección.

Dicía ao principio que Galicia ten nas súas augas termais un gran potencial de futuro. Ter un marco regulamentario tan completo e contar cunha lei pioneira no eido do aproveitamento lúdico destas augas son unha nova oportunidade para Galicia; unha nova oportunidade para o sector turístico, que verá reforzada a súa oferta e a calidade dos seus servizos e tamén a diversidade das súas propostas; unha nova oportunidade para o sector empresarial, que incorpora ás súas posibilidades de negocio un novo servizo totalmente regulado; e unha nova oportunidade para dinamizar a actividade económica, o emprego e o turismo do interior de Galicia, onde se localiza boa parte deste recurso.

Señorías, este Parlamento tamén ten, en definitiva, unha oportunidade para plasmar o noso apoio a un sector, ao sector termal, que está demandando unha posición de unidade en defensa das súas necesidades; unha oportunidade que nos ofrece este novo instrumento lexislativo para impulsar e protexer un dos nosos recursos máis prezados: as augas termais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda de defensa de emendas á totalidade e de posicionamento respecto do proxecto de lei.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e todas.

Desde o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha emenda á totalidade de devolución por razóns de forma, pero tamén por razóns de fondo político, señor conselleiro. Porque en-



tendemos que, por riba de todo, o termalismo é un asunto serio, señores do Partido Popular, e este proxecto desde logo que non ten seriedade e non está á altura das circunstancias, porque nin resolve os problemas xa existentes nin senta as bases para que poidamos asumir con éxito os novos retos de futuro e explotar o potencial que ten o termalismo no noso país. E é máis, corremos o risco de que, lonxe do que vostede nos vendeu de ordenar —que realmente o que se engaden son máis incertezas regulatorias—, se poida desvirtuar o mapa termal e a idiosincrasia do termalismo galego, que temos construído con grande esforzo social e tamén público e privado.

Polo tanto, presentamos esta emenda por un sentido de responsabilidade, de responsabilidade con este país e cun asunto que, efectivamente, entendemos que debера ser unha cuestión de país e requirir dun diálogo e dunha reflexión moito maiores.

E o principal problema para nós desta lei é o punto de partida, señor Conde, porque temos que dicir que para nós esta lei nace realmente da necesidade que teñen vostedes de facer que fan, e á vista está o resultado, porque a razón de fondo é o esgotamento da absoluta falta de iniciativa do Partido Popular tamén en materia de desenvolvemento termal. E por iso nace dunha improvisación e dunha serie de promesas que arrancan no 2017 en sucesivos debates do estado da nación e que mesmo vimos como alongaron innecesariamente no tempo. Porque o certo é que, unha vez pecharon o prazo de exposición pública en 2018, nós pensabamos que se estaban tomando tanto tempo sería para algo, pero realmente para ver este resultado final, que nun 70 % é unha recapitulación do marco legal que xa existe e nun 30 % é engadir máis incerteza sobre o sector, desde logo que é decepcionante que tardaran tanto para traer un proxecto con tantas limitacións. Teño que dicirillo con todo respecto pero con toda claridade.

E o certo é que vostedes tiñan, diante dunha necesidade que ninguén nega, que é categorizar un concepto que non existía no noso marco legal, dúas posibilidades. A primeira sería facer unha reforma parcial e rápida desa lei do 1995 e dar cobertura desa maneira, ou, a segunda —a que nós teríamos preferido—, facer unha nova lei; facer unha nova lei que puidera revisar todas aquelas cuestións que en máis de vinte e cinco anos de marco normativo, loxicamente, diante da evolución do sector, poden ter unha necesidade.

Pero o certo é que, finalmente, o que ofrecen non supón un salto cualitativo para o termalismo do noso país, porque o certo é que renunciaron a estas dúas posibilidades e ao final optaron por unha terceira vía mediocre, unha terceira vía que non serve para avanzar. É —insisto— maioritariamente un refrito do marco que xa existe, é un engadido de cuestións que nos parecen controvertidas e que non están dotadas da suficiente seguridade.

Por iso basicamente hoxe presentamos unha emenda de devolución, señor conselleiro, porque, por riba das diferenzas de modelo —que as temos seguro—, entendemos que esta cuestión exige un pouco de seriedade e un pouco de planificación e de previsión. Polo tanto, devolvan a lei ao Goberno e fagan isto doutra maneira, porque o termalismo deste país non merece esta trapallada de procedemento.

E, ademais, estamos a falar dun tema que é complexo, e vostede sábeo perfectamente. Sabe vostede que a lexislación en materia de minas, pola que nos temos dotado, parte xa dunha



lei do franquismo e sabe vostede tamén que Galiza foi pioneira á hora de desenvolver unha lei na materia, e que iso tivo un proceso de anos e que tivo un proceso parlamentario incluso de máis de seis meses. Polo tanto, non estamos a falar dunha cuestión lixeira, dunha cuestión exenta de complexidade que vostedes poidan ventilar desta maneira.

E veñen aquí defender unha lei coa desculpa dun baleiro concreto, pero para non ofrecer unha alternativa. E, ademais, entendemos que non fixeron os deberes como terían ter feito para ser o Goberno deste país para chegar a este punto. A comezar pola participación. Nós non compartimos en absoluto o seu discurso triunfalista sobre a participación, primeiro dos concellos, porque participar non é que Baltar te convide a unha reunión para explicarche a lei nin ir sacar unha foto a Termatalia. Participar é moito máis, e, de feito, precisamente pola reclamación de moitos concellos (*Aplausos.*) tiveron vostedes que darlles audiencia a varios deles. E sobre a participación social pois vén vostede aquí e dinos que cumpriron a lei. ¡Home, só faltaría, señor Francisco Conde, que non cumpriran a Lei de transparencia! Pero evidénciase tanto na fase de elaboración, onde só constan dezasete suxestións do Portal de Transparencia, que, por certo, non se anexan —non sabemos por que— ao expediente da lei, e vinte e cinco alegacións que non foron contestadas dunha forma seria, nin sequera as alegacións que presentaron os seus concellos; remítome ás alegacións do Partido Popular de Ourense do extinto Jesús Vázquez; nin sequera esas alegacións son contestadas cun pouco de seriedade.

E, polo tanto, baixo o noso punto de vista, na tramitación desta lei non se promoveu unha participación social ampla e sosegada. E tampouco se prevé nas medidas que estipula, porque nós entendemos que a participación da sociedade do termalismo non comeza nin remata nos trámites legais, e iso evidencia pois, en primeiro lugar, a intención de relegar a un segundo plano o termalismo como unha actividade tamén popular e social, e evidencia un crecente afastamento entre a sociedade e a Administración, un afastamento na construción do termalismo que esta lei só vai agrandar en vez de reducir.

E, ademais, poderíamos entrar en detalles doutras cuestións, en que o propio expediente pon de manifesto diversas eivas que se recollen no exhaustivo informe do gabinete de desenvolvemento lexislativo. Sabe vostede, ademais, que hai aspectos conflitivos, que hai aspectos complexos que non están suficientemente deliberados, como a problemática sobre a titularidade das augas minerais e termais, a cuestión dos títulos habilitantes, as posibles limitacións desde o punto de vista competencial pola doutrina que hai xa legal e polas restricións que se impón tamén en materia de lexislación de minas á capacidade que ten este país de lexislar. Tamén, como unha cuestión colateral, é inaudito que nunha lexislación que pretende regular a explotación que facemos das augas termais en ningún momento se mencione ese menor feito de que o 75 % do territorio deste país está xestionado por bacías que son alleas á soberanía deste Parlamento. Polo tanto, é unha cuestión que deixamos aí, pero saben vostedes que implica moitos problemas na realidade do territorio.

E temos concellos —poderíamos falar aquí do exemplo de Castrelo de Miño, que xa temos traído a este Parlamento— onde hai unhas dificultades moi serias coa Confederación Hidrográfica para traballar nos aproveitamentos termais.



Tamén nos preocupa que esta lei ten unha óptica tremendamente parcial, primeiro, por centrarse só no aspecto lúdico e non facer unha revisión normativa máis ambiciosa, pero, segundo, tamén parcial, porque vostedes viven instalados no monocultivo do turismo. Neste país non hai máis alternativa vital que o turismo, e, si, Galiza é turismo e o termalismo é turismo, pero Galiza e o termalismo son moito máis que turismo, señor conselleiro. Non se pode aceptar ese punto de partida tan absolutamente limitado.

Vostedes, por exemplo, desatenden totalmente a función social do termalismo. Parece que hai que recordalo, pero é que a saúde non é só o que che receita a médica ou o médico; polo tanto, a saúde non é só o uso terapéutico destas augas termais, senón moito máis. O propio aspecto lúdico forma parte da saúde mental, dos tratamentos de benestar, dos hábitos, da calidade de vida, da calidade de vida á que aspiramos como galegos e galegas, porque non pode ser o mesmo vivir na Galiza termal que vivir no medio dunha estepa e ir de vez en cando de vacacións a un sitio que teña un aproveitamento termal.

Nós entendemos, señor Conde, que o termalismo é, efectivamente, unha oportunidade para Galiza, pero que vostedes teñen que abrir perspectivas en lugar de pechalas.

E tamén di moito desta lei que se chegue a este punto con ese recital sobre o Plan de termalismo pero sen unha avaliación. O propio Plan de termalismo —vostede non o dixo— prevía xa para o 2015 a revisión do marco normativo. Entón, algunha explicación terán que dar, ou dos resultados dese plan ou de por que non fixeron antes os deberes.

Tamén nos parece sangrante que se ignore absolutamente o potencial industrial; vostede mencionouno aquí na súa intervención, pero esquecéuselle expoñelo na lei. Espero que voten a favor entón das emendas do BNG, que si que inclúen a cuestión industrial.

Eu xa non vou entrar no ecobarrio da ciencia ficción. Eu hoxe pola mañá esperteime nel e non notei nada novo, pero desde logo non entendemos por que ignoran a parte industrial. Hai potencial no noso país nese aspecto, non só no enerxético; o cosmético, por exemplo, é unha porta totalmente desaproveitada.

Isto que teño aquí (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) é outra cuestión que vostedes ignoran: o campus da auga, a Universidade de Vigo, a Cátedra de Bioloxía, que fixo unha mención levemente parcial. Aquí temos estudos de innovación aplicados á provincia de Ourense onde precisamente se defenden propostas dese tipo, señor Conde. Vostedes ignóranas completamente; vai por un lado a Xunta de Galiza e por outro lado a política de innovación deste país.

Tamén chama a atención, dolorosamente, a ausencia da reflexión sobre o potencial e o aproveitamento patrimonial. Para vostedes unha cuestión é pois este aproveitamento lúdico e outra cuestión é ignorar totalmente o potencial patrimonial. Ningunha soa mención en todo o texto legal. A verdade é que non sorprende vendo a negligente política da Xunta de Galiza neste aspecto. Poderíamos falar da situación da ponte de Troncoso, en Mondariz-Balneario; poderíamos falar de que se vén de descubrir unha sauna castrexa que seguramente sexa a mellor conservada en toda Europa, en Cervo, e a vosa solución é: ímola tapar; e un longo et-cétera.



Nós entendemos que non pode ser igual meterse nunha poza en Ourense ou en Caldas de Rei que en Budapest ou que en calquera outro sitio, señor Conde; temos que inserilo no que é a cultura e o patrimonio galego.

E esa vía, a vía da diferenciación, é a que están seguindo todas as estratexias de produto na economía capitalista, menos a Xunta de Galiza, que agora deben ser anticapitalistas vostedes, e nin sequera con esas conseguimos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) que aproveiten o diferencial de Galiza ao noso favor, señor Conde; iso xa non o adopten por nacionalismo; eu xa sei que esa batalla a temos perdida, pero, polo menos, por unha cuestión de querencia deste país e de estratexia económica, industrial e tamén patrimonial.

E logo hai outra cuestión na que vostede tamén insistiu e que a min me molesta especialmente: esa demagogia repentina que teñen vostedes co reequilibrio territorial, un novo titular, outro gratuito para esa repentina conciencia contra a crise demográfica que lles entrou, pero sen o máis mínimo rigor. Vostede, que sempre fala do rigor, o conselleiro do rigor, vén aquí defender unha lei que é o oxímoro permanente, como todas as políticas económicas da Xunta de Galiza, pero xa nesta lei levan a palma.

Porque vostedes son capaces de dicir no mesmo texto que esta lei é clave para o desenvolvemento económico e que non ten nada que ver co desenvolvemento económico. Son vostedes os que o din. Din no artigo 2 que é clave para o desenvolvemento económico, na exposición de motivos, nesa letanía que nos contou, para as provincias do interior, pero despois xustifica que non hai informe do CES porque o termalismo non ten nada que ver coa economía. ¡Home!, un pouco de seriedade, un pouco de seriedade, señor Conde. Lea o expediente da lei. Efectivamente, vostedes xustificano así, e non nos vale esa desculpa do Comité Executivo de Desenvolvemento Mineiro, porque, para comezar —as conclusións coñeceraas vostede—, no expediente o que temos é unha acta; iso non exime o grave que é que esta lei non se acompañe dun informe do Consello Económico e Social, señor Conde. É unha chupuza, unha máis, do seu Goberno.

Como que esta lei tamén non ten orzamento. Van facer vostedes a revolución termal, van facer a revolución termal en medio dunha nova crise económica, pero non teñen pensado destinar un só euro ao termalismo deste país. Xa me explicará como van facer entón, porque desde logo nós cremos que simplemente con esta lei sobre a mesa non van vir aquí millóns de euros de investimento privado a fortalecernos.

Finalmente, tamén queremos chamar a atención sobre que esta lei introduce graves riscos de confusión entre o aspecto lúdico e entre o aspecto exclusivamente terapéutico. Señor Conde, vostede mesmo foi tremendamente incoherente, porque falou ao mesmo tempo de fronteira e ao mesmo tempo de compatibilidade. Nós entendemos que hai riscos importantes e que este texto debería ter un trámite legal máis pausado para reflexionar colectivamente sobre cuestións que realmente vexan seguridade xurídica e normativa e que eviten distorsionar o mapa termal no noso país, por falta de coherencia e de rigor mesmo.

Claro, vostede veu aquí presumir de que engadían grandes cuestións, obxectivos sobre a preocupación da salubridade, e as emendas que tiveron que aceptar do proceso de partici-



pación social son precisamente aquelas que lle recordaban que esquecían o informe preceptivo de Sanidade. É que é unha mostra de como isto non ten nin pés nin cabeza.

Desde logo tampouco tempos demasiada confianza en que vostedes vaian protexer os recursos termais deste país. Eu xa non vou falar de como non cumpren a restauración mineira noutros ámbitos de explotación destes bens, pero, ¡home,! é que, tendo en conta os seus precedentes, entenderá que desconfiemos, porque eu son nova pero recordo cando vostedes participaron dese proceso de especulación que secou As Burgas en Ourense.

Señor Conde, nós temos memoria, temos memoria recente tamén de fracasos estrepitosos, como o balneario de Berán; millóns de euros de recursos públicos investidos e xa non é que o balneario estea practicamente derruído por dentro, pechado e inservible; é que a falta de planificación foi tal que un balneario pensado para tratar a psoríase, para secar ao sol despois de tomar as augas, está orientado en dirección contraria ao sol; ou sexa, esa é a gran mostra de falta de rigor do Goberno da Xunta de Galiza. Polo tanto, desconfiamos de que esta lei, tal e como nola venden, poida supoñer un salto cualitativo.

E, finalmente, no tempo que me queda, unha última mención. A nós parécenos grave que nesta lei se volva dar un portazo á participación pública dun sector estratéxico. É algo moi importante tamén, que é garantir que o termalismo deste país ten que ser un dereito público tamén, porque o que non podemos permitir é que un veciño ou unha veciña deste país, por cuestións de renda, teña vetado o termalismo se iso acaba sendo algo exclusivamente privado, exclusivamente especulativo.

Temos exemplos de modelos de xestión pública, temos exemplos de modelos de xestión mixta, e, polo tanto, nós pedimos que se afonde nesa vía e que se garanta que realmente o que poidamos dar con esta lei sexa un paso adiante cualitativo, ambicioso e non simplemente unha chafallada para que vostedes poidan dicir que fan moito por este país, que legislan moitísimo e que están dando pasos adiante, cando realmente o único que van facer é...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...un refrito doutras leis e engadir novas incertezas sobre un sector no que neste tempo, ademais de riscos económicos, non podemos introducir máis incertezas.

Polo tanto, agardamos que teñan por unha vez algo de diálogo, algo de reflexión e que dean un paso atrás.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Común da Esquerda, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.



Bo día a todos e a todas. Bo día, señor conselleiro.

Unha das alternativas ao turismo convencional é a que ofrecen as estacións termais ou balnearios, tanto polo seu carácter intrínseco de centros de saúde como polas posibilidades que presentan as contornas onde están encravadas.

Na maioría dos países europeos —e vostede citou Budapest— as estacións termais souberon conxugar moi ben esa dupla actividade sanitario-turística, enriquecéndoa con novas ofertas de lecer. Coincidimos en que Galiza é unha potencia europea. Non coincidimos en que está moi mal aproveitada. Parece necesario dinamizar e potenciar a nosa riqueza termal, conformando ámbitos lúdicos que permitan dignificar a existencia individual e colectiva do noso país, recreando e ampliando as posibilidades dos nosos recursos alén do desenvolvemento económico privado.

Neste proxecto minimízase e ignórase a concepción ampla de aproveitamento das augas, empregándose a palabra «lúdico» sen considerar a dimensión creativa do lecer, que nos achega a procesos democráticos que permiten a configuración real dunha conciencia social e da conformación de contextos políticos e culturais para a súa mellora dende unha perspectiva moderna de futuro.

En ningún momento hai alusións ao termalismo como espazo no que tamén a expresión, a creatividade, a arte, a arqueoloxía, a historia, a memoria, a recreación e o lecer fagan parte do encontro, do intercambio e do beneficio para a cidadanía, para uso público do ben público, para satisfacer as necesidades colectivas de todos os estamentos da sociedade, que transcenden os límites dos intereses individuais e que constitúan un verdadeiro espazo lúdico de cidades e vilas.

Tan só dende esa ausencia de visión global do patrimonio se entende que se ordene tapar unha xoia orixe dos nosos balnearios termais como a sauna da idade de ferro de San Cibrao no castro da Atalaia, no concello de Cervo; isto é inconcibible en calquera sociedade democrática moderna.

O Grupo Común da Esquerda vai solicitar a devolución deste proxecto de lei, e imos facer un percorrido por dez puntos que consideramos importantes.

Primeiro, o propio título. Segundo, o obxecto. Tres, a finalidade. Cuarto, explicaremos por que cremos que non se precisa unha lexislación específica. Tamén faremos valoracións sobre os procedementos. Deterémonos nas dúas vías que o proxecto establece e, con respecto ao seu aproveitamento, no inaceptable concepto de exclusividade consuetudinaria. Explicaremos por que cremos que os perímetros de protección non son ferramentas para outorgar monopolios e privilexios. Expresaremos a nosa perplexidade pola falla de prevalencia que neste proxecto teñen os municipios. Porén, solicitaremos a devolución.

Ben, ¿por que dicimos en primeiro termo que esta lei arranca mal? O título: Proxecto de lei de regulación de aproveitamento lúdico das augas termais, ¿por que non é acaído este título? Porque non pode distinguirse o uso lúdico do uso terapéutico, porque as augas



termais levan e son inherentes ao uso terapéutico; o uso terapéutico é inherente á composición destas augas. En tal caso, debera chamarse —se isto prospera, que coa súa maioría non podemos esperar outra cousa que prospere— Lei de aproveitamento das augas termais en establecementos lúdicos e/ou exclusivamente terapéuticos; o outro non ten sentido.

Segundo punto. Obxecto, obxecto que non se acaba. ¿Cal debera ser o obxecto? A auga. E ¿que acontece ao individualizar os establecementos? Pois que pode haber confusión lexislativa, haina. ¿Por que? Porque fican sen completar outros usos; seguen sen estar regulamentadas pozas, furos, fontes e mananciais termais de uso tradicional; fican nun limbo lexislativo que provoca desprotección xurídica.

Tres. ¿Cal é a finalidade deste proxecto de lei? Vostede enumerou e dixo cal era a finalidade. Para moitas vilas termais o aproveitamento é un motor económico importante, pero este proxecto resulta privatizador e descaradamente dirixido a favorecer as empresas privadas. ¿Por que dicimos isto? É unha regulación ideada para favorecer os propietarios privados de balnearios e outras augas, para impedir a competencia e estender a blindaxe xurídica da que gozan actividades distintas ás vencelladas á saúde.

¿Cal é a súa postura política? É evidente. Xa na exposición de motivos deste proxecto de lei salientan a termalidade como propiedade para defender o uso lúdico destas augas, considerando que xogan un papel fundamental na industria do turismo. Pero non só. Xa falamos de por que resulta inaceptable. Porque todas as augas son públicas. ¿Recoñece esta nova lei que todas as augas son de dominio público? Pois non, non as recoñece. Todas as augas convertéronse en dominio público, aínda que as que eran privadas mantiveron a súa titularidade á marxe do sistema de protección. Unha das medidas máis polémicas foi precisamente a conversión en dominio público de todas as augas: as superficiais —que xa o eran— e as subterráneas. Se falamos de principios xerais, é incuestionable o principio de carácter público das augas termais. Na Lei 5/1995 —que vostede nomeou— facilitouse a súa privatización *de facto*. Este é un grave erro no que reincide esta proposición. É inaceptable. Todas as augas subterráneas, minerais e termais son públicas. Hai xurisprudencia do Tribunal Supremo, na sentenza do 9 de xuño de 2003.

E tamén esta proposición contradí o Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas. É que se di no artigo 3: as augas continentais superficiais, así como as subterráneas renovables, integradas todas elas no ciclo hidrolóxico, constitúen un recurso unitario subordinado ao interese xeral que fai parte do dominio público estatal como dominio público hidráulico.

Seguimos.

Catro. ¿Por que non se precisa porén unha lexislación? Porque se temos en conta cal é a singularidade das nosas augas, o potencial económico das nosas augas termais radica na súa natureza, termal mineral, xa que a auga quentada e tratada artificialmente non supón a verdadeira singularidade de Galiza. É un verdadeiro motor que precisa lexislación específica diferente da existente no tocante á seguridade e requisitos hixiénico-sanitarios.



¿Necesitan nova lexislación os spas? Non. Xa o dixemos: os usos terapéuticos son inherentes á auga termal; polo tanto, esa é a súa esencia. Os spas e outro tipo de centros similares xa se atopan lexislados e en funcionamento. En todo caso, deberá fixarse unha prelación nos usos de auga termal, balneario lúdico enerxético, que non están reflectidos no presente proxecto.

De existir unha nova lei, ¿cal sería necesaria? Pois nós consideramos que debера existir unha Lei xeral de augas termais e minerais e os seus usos, que englobase e unificase a lexislación actual, incluíndo definicións, procedementos, declaracións, aplicacións, medidas de control; de non ser así, non se precisa unha nova lei; como moito, si sería pertinente reformular a Lei 5/1995.

Outra pregunta importante: ¿pódense mesturar as augas? No proxecto non se especifica se neste tipo de instalacións termais que tratan de regular tan só se pode usar auga termal ou asemade mesturar augas de diferente natureza, o que provocaría un cambio das propiedades naturais da auga. Na lectura deste proxecto non queda claro se é necesario usar o 100 % de auga termal ou é posible mesturar auga doutra natureza, modificando os parámetros da auga inicial.

Debera primarse a reutilización calorífica dos caudais extraídos antes de eliminalos ao saneamento público, ben na propia instalación ou ben en edificacións adxacentes. Debera realizarse un estudo real dos caudais necesarios para cada tipo de instalación co obxecto de evitar a sobreexplotación indiscriminada —e hai risco de sobreexplotación—. Dado que os consumos por baño ou por piscina son doadamente cuantificables, deberan ser publicados pola propia Administración.

Con respecto aos procedementos, detéctanse contradicións. Trátase supostamente dunha competencia autonómica, pero, como son recursos mineiros, as normas básicas do procedemento deberán ser aprobadas polo Estado, o que é unha contradición. Unha cuestión desexable sería que, de aprobarse esta lei, que se vai aprobar coa súa maioría, regulase os conceptos dende a perspectiva do procedemento básico para a declaración de minerais, como suxiren os expertos.

No punto 7, ¿que vías se establecen para o aproveitamento? Establécense dúas vías: a primeira, se as augas nacen en terreos privados, non teñen tal carácter, son públicas todas; outórgase o aproveitamento sen prazo concreto, que queda a criterio do solicitante. Segunda, a concesión a trinta anos, prorrogable a setenta e cinco. ¿Isto é razoable? É excesivo. O lóxico sería que todas se outorgasen mediante concesión dun prazo determinado pola Administración. Pero a súa lóxica non se encamiña á defensa dos intereses do común e si a favorecer fontes de negocio particulares.

É inaceptable, señor conselleiro, o concepto de exclusividade consuetudinaria na explotación terapéutica das augas minerais ou termais, que se rexen, entre outras normas, polo Real decreto do estatuto de balnearios e Lei de minas. Si podería reivindicarse este concepto no caso de fontes, lavadoiros, piscinas ou pozas, que quedan no limbo.

¿Existen os perímetros de protección dos balnearios? Non, señor conselleiro. Existen os perímetros de protección dos acuíferos. Isto é un erro gravísimo. O artigo 7 é un auténtico des-



propósito. Aínda que xa se modificou na mesma liña privatizadora, eluden sen rubor os perímetros de protección de balnearios, figura que non existe na actual lexislación, xa que —insisto— son perímetros de protección dos acuíferos.

Esta lei establece, entre as súas finalidades, promover o desenvolvemento económico e social das poboacións onde xorden as augas termais, sen o informe do Consello Económico e Social. ¿Como?, ¿como? Díganolo.

¿Como é posible, ademais, que, no caso de captacións artificiais de augas dentro dos perímetros, a norma estableza, tamén sen pudor, sen pudor, que lle corresponde ao titular do balneario dereito exclusivo ao dito aproveitamento lúdico? Isto é moi grave. Un beneficio ilexítimo a meros titulares privados de autorización do aproveitamento; é ilexítimo. Vese nitidamente cal é a súa prioridade política unha vez máis: favorecer empresas afíns, prexudicando o interese xeral.

E ¿que papel xogan os municipios, señor conselleiro? O rexeitamento do 90 % das alegacións, presentadas por expertos, grupos políticos, asociacións e municipios, está encamiñado a manter o corpus ideolóxico da norma, sen dúbida —insistimos unha vez máis—, para obter beneficios privados. Aínda recoñecendo que a reforma da Lei 5/1995 é unha opción, prefiren unha regulación separada pola entidade diferenciada do novo aproveitamento do establecemento que se regula.

Sabémolo todas, e sabémolo especialmente en Ourense —que é capital termal de Galiza e, como ben dixó, a segunda, despois de Budapest—, que está moi mal aproveitada, tiñamos que estar cunha dimensión extraordinaria, pero os plans funcionaron moi mal. Os concellos, señor conselleiro, son administracións básicas, as máis próximas á cidadanía, e, porén, parte importante da estrutura administrativa e conformadora que permitiron o desenvolvemento, tanto por ser as canles de iniciativas empresariais como sociais; porén, os concellos deberan manter maior presenza na nova lei, como un dos principais actores, que é o que son. Este proxecto non lles outorga protagonismo nin prevalencia aos que pretendan aproveitar as augas dos municipios, limitando o pretendido desenvolvemento local que xustifica a nova lei e non recoñecendo o seu carácter de vilas termais.

E ben, por iso nós pedimos a devolución desta lei, pero, ben, na réplica espero ter oportunidade tamén de falar de moitas outras cousas que vostede enumerou e das que nós estamos absolutamente en contra. Falo diso despois, na réplica, para non excederme no tempo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados. Bo día, señor conselleiro.



Vostede acaba de anunciar que este proxecto de lei vai servir para o desenvolvemento do sector, pero a realidade é que este proxecto de lei non regula absolutamente nada que poida servir para o desenvolvemento do sector, non abordando ningún dos aspectos fundamentais nin contando cos principais actores públicos e privados que son necesarios para o seu desenvolvemento.

Como ben vostede dicía na súa intervención, Galicia é unha das rexións europeas máis ricas en augas minerais e termais, sendo a comunidade líder en España en canto a oferta termal. Temos vinte e un balnearios e tres talasos, máis de tres mil prazas hoteleiras, o que supón aproximadamente un 20 % dos establecementos nacionais. Recibe anualmente preto de cento cincuenta mil usuarios e, segundo os datos do Ministerio do ano 2017 —que son os últimos publicados—, dise que en Galicia, no sector dos balnearios, se dá emprego a unhas oitocentas persoas, das que o 71,5 % son mulleres. Xa que logo, é un sector moi importante para Galicia.

Boa parte dos trescentos mananciais e augas mineromedicinais existentes en Galicia son augas termais, e as augas termais son un recurso natural cada vez máis demandado, dende varias vertentes: a vertente terapéutica e a turística, pero tamén a cultural e patrimonial. Xa que logo, as augas termais supoñen unha oportunidade de desenvolvemento local, xerador de investimentos e de emprego nas zonas onde se atopan, resaltando o seu enclave na Galicia rural.

Os socialistas concordamos nunha afirmación feita no 2017 polo presidente da Xunta de Galicia, na que dixo que o termalismo é estratéxico para Galicia; nós concordamos. Pero a realidade é que neste proxecto de lei o termalismo non é tratado como un sector estratéxico para Galicia.

Os socialistas presentamos unha emenda á totalidade, con expresa petición de devolución, fundamentada en varias circunstancias. A primeira delas é que este proxecto de lei non garante o principio básico de considerar toda a auga como un ben de carácter público. O artigo 132.2 da Constitución española determina que a auga, con independencia da súa clasificación e da súa tipoloxía, é un recurso natural integrado no dominio público. No mesmo sentido temos lexislación dabondo que corrobora esta afirmación; aí está a sentenza do Tribunal Constitucional 227 do ano 88, ou a Directiva marco da auga.

E tamén cabe recordar que o artigo 1.3 do texto refundido da Lei de augas do ano 2001 non deixa lugar a dúbidas, posto que recolle, literalmente: «As augas continentais superficiais, así como as subterráneas renovables, integradas todas elas no ciclo hidrolóxico, constitúen un recurso unitario subordinado ao interese xeral, que forma parte do dominio público estatal como dominio público hidráulico». Xa que logo, as augas minerais e termais son augas, señor conselleiro. Todas as augas e todos os minerais en España son públicos, agás, paradoxalmente, as augas minerais e as termais, polo que debe abordarse un cambio normativo e ser tratadas dentro do réxime xurídico legal das augas, sendo declaradas todas elas de titularidade pública.

A segunda consideración que facemos os socialistas para presentar esta emenda de devolución é que este proxecto de lei se enmarca no contexto dunha norma autonómica xa existente



e que, ademais, está estreitamente unida na súa formulación, como é a Lei 5/1995, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia. Polo tanto, o texto do proxecto de lei que hoxe se trae aquí a debate reproduce abundantes cuestións desta lei xa existente, e na sección terceira do título II da lei regúlanse as condicións xerais de aproveitamento. Por certo, descoñecemos se este título foi totalmente desenvolvido durante estes vinte e catro anos de vixencia da norma.

No proxecto de lei quérese proceder a regular os aproveitamentos lúdicos actuais das augas termais que xa están en explotación, para o que se conceden, segundo a disposición transitoria primeira, doce meses para a súa aplicación. Non entendemos moi ben a que se debe esa prisa agora nestes momentos, despois de terse anunciado hai dous anos e medio.

Os socialistas consideramos que non é necesaria unha nova lei. Nós entendemos que sería moito máis recomendable unha modificación integral da Lei 5/1995, elaborando un único texto normativo adaptado á nova realidade das augas minerais e termais do século XXI; un único texto que contemple os distintos usos das augas minerais e termais, no que se consideren as augas minerais e termais como bens de titularidade pública, que se regule conforme a regulamentación de augas, que se teñan en conta todos os sectores implicados e que unifique criterios, dotando así a norma de maior seguridade xurídica.

Por certo, señor conselleiro, de acordo coas propias directrices de técnica normativa aprobadas pola Xunta de Galicia, que din que, na medida do posible, nunha mesma disposición se regulará un único obxecto, pero en todo o seu contido, e se procede aos aspectos que teñan directa relación con el. E, ademais, di que con isto se evita a dispersión normativa, pois esta complica o ordenamento e dificulta o coñecemento e a localización da normativa aplicable. Polo tanto, parece máis acaído abordar unha modificación desta lei e non facer unha nova lei que parece que está regulando algo diferente do que son as augas termais e minerais.

Tamén cabe destacar que nesta X lexislatura, en abril do ano 2017, o presidente da Xunta de Galicia se refire ao compromiso de formular este proxecto de lei, aínda que non formaba parte do plan normativo da Xunta de Galicia para ese ano. No ano 2018 a Xunta de Galicia inclúe no plan normativo a reformulación desta lei, pero, non obstante, non o aborda. E no ano 2019, que nin sequera aproba, nin sequera informa sobre o plan normativo correspondente ao ano 2019 — por certo, que é unha obriga legal —, abórdase de repente este proxecto de lei dunha maneira urxente. É o primeiro proxecto de lei tramitado pola súa consellería, pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, durante esta X lexislatura, e, por certo, tampouco formaba parte do programa electoral do Partido Popular estas últimas eleccións autonómicas.

Tamén cabe destacar distintos aspectos bastante curiosos na tramitación da lei, e é que o Consello da Xunta de Galicia do 25 de xaneiro do 2018 aproba o inicio da tramitación do proxecto de lei, pero é que anteriormente, no 2017, xa foi sometido a exposición pública un texto de anteproxecto da lei; a verdade é que é un pouco curioso. E, despois, entre o 23 de febreiro de 2018 e o 16 de abril do mesmo ano, é novamente exposto un anteproxecto de lei para o seu debate. A verdade é que, como dicía a miña antecesora na palabra, a señora Noa Presas Bergantiños, isto parece un pouquiño unha trapallada. (*Aplausos.*) Descoñecemos tamén cales



son as xustificacións desta anomalía, que esperamos que vostede na súa intervención nos aclare.

En canto á documentación que se achega co proxecto de lei, pois tamén temos que facer bastantes observacións. O propio informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia manifesta a inexistencia de determinados informes que deberían acompañar o proxecto lexislativo para a súa tramitación, por certo, algún deles aos que vostede aludía, pero que, como tamén lles dixeron as miñas antecesoras na palabra, non aparecen no expediente; non sabemos por que. É tamén un pouco esa transparencia da que a Xunta de Galicia sempre fai honor, pero que a realidade sempre lle demostra que non son transparentes. Non sabemos moi ben que teñen que ocultar con esa inexistencia, polo menos no expediente, deses informes aos que se fai referencia pola propia Asesoría Xurídica.

Así, a Asesoría Xurídica indícanos que non consta o informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, pero ao mesmo tempo hai dúas memorias económicas realizadas pola consellería: unha en febreiro do 2019 e outra en xullo do mesmo ano. Na primeira di que o proxecto de lei non supón incremento de gastos públicos derivados do pagamento do canon previsto na Lei de augas. E logo, o 30 de xullo, é dicir, cinco meses despois, dinos que o obxectivo desta lei é a regularización dos aproveitamentos lúdicos das augas termais preexistentes no prazo de doce meses dende a súa entrada en vigor, así como a tramitación de novas solicitudes, e agora si que hai un custo. A verdade é que fai unha estimación dun custo para tres anos, por un importe de 76.000 euros de gastos, e logo en ingresos uns 78.000, que son, por unha banda, taxas e, por outro lado, sancións. A verdade é que é bastante curioso como, en cinco meses, cambian os propios criterios da súa consellería.

En todo caso, déixase bastante claro que este proxecto de lei non comparte a dotación nova ou adicional, nin en medios materiais nin en medios humanos.

Por certo, tamén, señor conselleiro, nesta última memoria económica que fai a súa consellería faise constar o carácter urxente da lei, o que, como dicía antes, contrasta bastante con eses dous anos e medio que pasaron dende que o presidente da Xunta de Galicia anuncia que se vai abordar esta lei. E, polo tanto, durante ese tempo a verdade é que puideron ter depurado un pouquiño máis a técnica, darlles entrada a moitos máis actores que teñen implicación e para os que é importante esta lei, e seguramente sairía un texto moito máis acaído á situación actual das augas termais en Galicia. Insisto: gustaríanos saber cales son as razóns desta urxencia repentina.

A Asesoría Xurídica tamén nos indica que non figura no expediente o informe do Comité Executivo de Desenvolvemento Mineiro do Consello Galego de Economía e Competitividade, ao que si se fai referencia nalgunha das alegacións e ao que vostede facía referencia hai un pouco nesta tribuna, pero do que nós non temos coñecemento.

Tamén nos indica que non aparece o informe preceptivo do Consello Económico e Social de Galicia, cousa que si que nos parece cando menos bastante curiosa. Vostedes, cando presentan os anteproxectos dados a coñecer, constatan que o texto sería sometido á análise da dita entidade. Porén, na fase final da tramitación decídese modificar tal formulación e ela-



bórase por parte da consellería un informe para xustificar que tal condición xa non resulta necesaria, cando o propio informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia manifesta que corresponde ao órgano competente para tramitar o anteproxecto o axuízamento sobre se este versa ou non sobre materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. E vostede sabe perfectamente que a Lei de creación do Consello Económico e Social, no seu artigo 5.1.1.a), di que, entre as súas funcións, está a de emitir ditames, de solicitude preceptiva, que versen sobre anteproxectos de lei que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Polo tanto, señor conselleiro, aclárense: ¿a Xunta de Galicia considera o termalismo como un sector estratéxico ou non? ¿A Xunta de Galicia considera que o termalismo en Galicia non ten ningunha implicación económica e non ten ningunha implicación social? Gustaríame, de verdade, que vostede, cando teña o seu turno de réplica, nos explique por que, por un lado, si se considera estratéxico e si se considera de importancia social, e si se considera de importancia económica, e, por outra banda, como fan sempre, procuran que o Consello Económico e Social, que ten unhas funcións moi determinadas e moi claras, simplemente informe segundo conveña ao Goberno da Xunta de Galicia do Partido Popular. Vostedes crean órganos que logo utilizan, como lle dicía, segundo conveña.

Mire, máis incongruencias, señor conselleiro. A propia Lei 5/1995, no seu artigo 23 e 24, crea a Xunta Asesora de Augas Minerais, Termals, de Manancial e de Establecementos Balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, unha xunta asesora que nin informa nin asesora, cando se prevía como un órgano consultivo. ¿Non está en funcionamento? ¿Creárona realmente? ¿Ou é algo máis ao que nos teñen acostumados dende a Xunta de Galicia deses anuncios que anuncian, que escriben, pero que despois non existen?, ese «fan que fan» que lle recordo continuamente.

No ano 2011 constitúese o Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia, que foi impulsado pola Asociación Galega da Propiedade Balnearia e pola Asociación Galega de Empresas de Envasado de Auga Mineral Natural, e que ademais contou co apoio da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, que vostede sabe que pertence á Consellería de Economía, Emprego e Industria, que vostede preside. Trátase dunha asociación sen ánimo de lucro, constituída baixo a filosofía dos clústeres de actividade empresarial, e cuxo obxectivo di que é lograr a unión, cooperación, integración e apoio do conglomerado de empresas e axentes relacionados coas actividades empresariais nucleares ligadas ao recurso auga mineral e termal que actúan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.

Tampouco consta que tal entidade tivera participación neste proxecto de lei, non consta. E tampouco consta o informe do departamento de turismo da Xunta de Galicia, cando, polas cuestións reguladas, debera ser considerado como un elemento relevante e que debera levar aparellada a elaboración dun estudo sobre a súa incidencia futura.



Pola miña banda, nesta primeira quenda, nada máis, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Agora saudamos os alumnos e alumnas de 1º de bacharelato do Centro Plurilingüe Liceo La Paz, da Coruña. É un grupo numeroso, e saudamos este primeiro grupo; despois virá outro segundo grupo, pero queda saudado este primeiro grupo. Tamén os seus profesores e acompañantes. Benvidos ao Parlamento.

Agora, rolda a favor ou en contra das emendas dos grupos non emendantes para fixar a súa posición.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día.

Un saúdo tamén a todos os nosos visitantes, aos meus concidadáns da cidade da Coruña, e ao resto de invitados.

Había dúas alternativas ante esta situación deste sector que xa é importante e pode ser potencialmente importantísimo para Galicia. Había a alternativa de modificar a lei xa existente de augas minerais, termais e dos balnearios de Galicia para incluír a regulación dos usos lúdicos ou desenvolver unha lei específica para estes últimos usos.

As dúas opcións poderían ser válidas, pero a experiencia, cando se analizan leis que cobren actividades diferenciadas onde unha ten menores solicitudes, xa sexan sanitarias, técnicas ou de calidade dos servizos, normalmente —e desenvolveron unha única lei— inflúe máis para que as menos exixentes contaminen as máis exixentes que ao contrario. Por iso parécenos acaído que haxa dous plantexamentos diferenciados, precisamente para que non se dea a situación de que dentro dunha mesma lei as actuacións menos exixentes, en vez de mellorar as súas condicións, deterioren as das instalacións máis exixentes.

Son evidentes as eivas e insuficiencias do desenvolvemento deste proxecto de lei, e xa foron expostas de maneira bastante ampla polos anteriores portavoces da oposición, pero ao final o Grupo de En Marea decidiu non facer unha emenda á totalidade, e isto fixémoslo por dous motivos.

Consideramos que as posibilidades de desenvolvemento inmediato deste sector son enormes e que a partir da chegada do AVE o ano que vén, fundamentalmente a Ourense, a explosión de instalacións pode ser moi grande e sería moi negativo que fora incontrolada, e porque todo isto podería deteriorar a oferta termal de Galicia, que neste momento goza dun gran prestixio, e de todas as súas posibilidades futuras. Por iso si pensamos que é urxente desenvolver este proxecto de lei.

E con este ofrecemento ao Goberno e ao grupo maioritario gustaríanos que fora respostada esta oferta de diálogo, esta oferta de participación real, que ata o momento non se deu, que



fora respostada con verdadeiramente un desenvolvemento de todos os trámites de desenvolvemento da lei verdadeiramente amplo e profundo, como o proxecto de lei necesita, porque ten evidentemente moitas eivas. Había dúas alternativas: darlle para atrás, pedirlle ao Goberno que empezara a traballar de cero, ou traballar aquí. A ver se é verdade que podemos traballar aquí e conseguir os obxectivos que se pretenden tamén coas emendas á totalidade, traballando de xeito real e participativo no Parlamento.

¿E en que pensamos que se debería de traballar? Ben, primeiro —é un tema evidente—, a auga é que non hai que poñela en ningunha lei; as augas termais, como todas as augas territoriais, é un ben público; pódese poñer pero sería reiterativo. Pero ser un ben público non é suficiente. Hai que garantir o acceso aos usos e beneficios destas augas a toda a poboación, independentemente da súa situación económica. E por iso haberá que introducir elementos na lei que garantan este acceso de toda a poboación independentemente das súas posibilidades económicas.

Despois hai que potenciar na lei as posibilidades de desenvolvemento de equipamentos públicos. Evidentemente, no caso de terreos públicos ou naqueles onde non exista concentración de titularidade, os concellos deberán ter non só a posibilidade senón a prioridade para solicitar o título habilitante para desenvolver espazos públicos de xestión directa polos propios concellos.

Despois incidir moito máis —porque é moi insuficiente na lei ou case inexistente— na énfase na sustentabilidade e a defensa do patrimonio e non centrarse só nos valores turísticos. Ademais, hai que ter claro que a sustentabilidade e a defensa do patrimonio son en si mesmos un dos valores máis apreciados polas persoas que desexan desfrutar deste tipo de establecementos.

Mellorar tamén as garantías sanitarias deses establecementos, que nos parece que está recollido de maneira insuficiente nesta lei, e que non acaben sendo hoteis con piscinas climatizadas. Isto iría en contra da calidade da oferta e do prestixio que merece a nosa capacidade termal, única en case toda Europa.

Non limitar os aproveitamentos lúdicos en perímetros de protección de establecementos balnearios, para impedir situacións monopolísticas en moitos concellos. En todo caso, por suposto, deberían de quedar fóra destas limitacións as actuacións de carácter público.

Este artigo onde se menciona que unicamente o uso dual —ou sexa, o uso de formato de balneario e o uso de usos lúdicos— só poderá ser —digamos— autorizado en caso de que o titular sexa o mesmo. Pero, señor conselleiro, é un cantazo este artigo; isto é entregar un uso de terreos que incluso poden ser públicos a unha entidade privada xa existente. Evidentemente —penso—, eu non sei como puxeron este artigo na lei, porque, de verdade, jé que é moi forte!; ou sexa, regalar unha concesión a unha empresa privada, e ademais xa con nomes e apelidos, porque xa moitas delas están establecidas. Prefiro non cualificar o que me parece este tipo de artigos. E, ademais, evidentemente, penso que non resistirían ningunha iniciativa legal na súa conta. É limitar a competencia, regalar a iniciativas privadas concretas e determinadas un uso económico. Non o podíamos crer cando liamos este artigo.



Despois, evidentemente hai que incrementar as competencias municipais no desenvolvemento e implantación desta lei. Teñen que ser necesarios —que non veñen recollido na lei— informes municipais onde se cualifique o informe de impacto sociolaboral presentado pola compañía que queira acceder á concesión, para que verdadeiramente sexa axeitado a unha verdadeira vertebración socioeconómica dos concellos. É evidente —e xa pasa na actualidade— que os espazos termais —xa sexan balnearios ou neste caso, como desenvolve esta lei, os espazos lúdicos— teñen unha incidencia nos concellos moi forte, que vai moito máis alá incluso do que serían os servizos turísticos. Non é comprensible que os concellos non poidan cualificar estes informes para que, de verdade, axuden a vertebrar o desenvolvemento social, económico, empresarial e tamén turístico destas concesións. E espero que na fase de tramitación da lei entendan que isto é absolutamente imprescindible, independentemente de quen governe neses concellos.

E despois tamén botamos en falta iniciativas para a promoción da economía local e das pemes e cooperativas locais. Botamos en falta unha memoria económica de desenvolvemento da lei que comprometa a Xunta de Galicia a desenvolver incentivos para o desenvolvemento xusto desta lei e impedir que só poidan acceder a estas iniciativas grandes corporacións empresariais. Dada a grande importancia socioeconómica e a potencialidade vertebradora das instalacións lúdico-termais para os concellos, a Xunta de Galicia deberá incluír nos seus orzamentos anuais —e así o debería de marcar a lei— incentivos e axudas para facilitar o acceso aos títulos habilitantes desas instalacións a iniciativas locais de pemes e cooperativas, que deberían de ser privadas tamén dentro deses informes socioeconómicos que se precisan para obter as concesións.

Despois, a vixencia que marca a lei para os títulos habilitantes parécenos totalmente excesiva. Cremos que o normal debería de ser por un período de trinta anos, prorrogable a un máximo de cincuenta en caso de que, de verdade, de maneira efectiva se manteña a actividade cuns niveis de calidade e de oferta óptimos. Se non, chegamos á situación que hai nestes momentos, en que hai instalacións verdadeiramente inadecuadas, trasnoitadas, sen mantemento, pero que seguen mantendo a concesión. Pensamos que trinta anos para amortizar os investimentos necesarios é un período máis que de sobra, e —xa digo— prorrogable en caso de que, de verdade, os explotadores desta concesión fagan un traballo axeitado e que verdadeiramente aporte prestixio e postos de traballo a este sector.

Este é o resumo. Habería moitas máis cousas que aportar. Entón, o único que plantexamos e esperamos con esta oferta de diálogo é que non fagan un trámite de urxencia, que non se acepte ningún tipo de alegación... (*Murmurios.*) Non, é que a isto estamos acostumbrados tamén. Entón, esperemos que non teñamos que pensar dentro dun mes ou dous meses que somos uns pardillos por fiarnos da capacidade de diálogo do Grupo Parlamentario Popular e do Goberno da Xunta de Galicia. Si pensamos que é urxente, si pensamos que hai que desenvolverlo, si pensamos que probablemente xa no ano 2020 se desenvolvan moitísimas novas iniciativas, si pensamos que é necesario que exista esta lei, pero unha lei moito máis perfeccionada na liña de todos os asuntos que xa comentei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.



Grupo Parlamentario Popular, señora Romero Fernández.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Moi bo día a todas e a todos, señorías.

Señor conselleiro.

Representantes do sector que nos están acompañando desde a tribuna, benvidos ao Parlamento de Galicia.

Señor conselleiro, en primeiro lugar, quero agradecerlle a vostede e a todo o seu equipo o traballo realizado para que hoxe poidamos iniciar a tramitación parlamentaria dun proxecto de lei tan demandado como este, que regula o aproveitamento lúdico das augas termais en Galicia; un proxecto de lei pioneiro en Galicia, pero non o primeiro da consellería, señora Rodríguez Rumbo, porque no 2017 esta consellería trouxo a Lei de implantación empresarial. A memoria é selectiva. (*Murmurios.*)

Se Galicia é un referente termal no conxunto do Estado, dentro da comunidade falar de termalismo é pensar automaticamente en Ourense. Por iso quero tamén agradecer ao meu grupo parlamentario que me asignara a defensa desta lei; como deputada por Ourense, é unha honra; unha honra porque a sociedade ourensá, dende todos os seus ámbitos, leva anos traballando para pór en valor o importante patrimonio vinculado ás augas mineromedicinais e termais coas que contamos na nosa provincia.

E aí está o traballo feito, señorías, tanto pola Xunta de Galicia como pola Deputación de Ourense, sempre coa colaboración do sector, para aproveitar dun xeito sustentable a riqueza termal do noso país. O Plan Ourense, provincia termal, con actuacións como o termalismo social ou o termalismo deportivo, ou o proxecto Raia termal. Infraestruturas termais xa rematadas —como os balnearios de Cortegada e Caldas de Partovia— e outras en trámite —como Punxín, Prexigueiro ou Laias—, a viñoterapia en Leiro, as ecocaldas de Lobios son algúns dos exemplos. Pero tamén as nomeadas polo conselleiro, como son as actuacións levadas a cabo do Plan Turismo e saúde termal, contribuíndo á formación e apoiando a Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago de Compostela; o Campus da Auga —do que tanto peito sacou a señora Presas dicindo dos bos traballos que se están facendo alí, efectivamente, grazas ao impulso da Xunta de Galicia—; a sinalización das vilas termais; e mesmo o primeiro ecobarrio galego que promove a Xunta de Galicia tamén no barrio da Ponte, en Ourense.

Os grupos da oposición veñen aquí descualificar a acción do Goberno e sentar cátedra de como se tiñan que ter feito as cousas, pero o certo e verdade é que o único partido que impulsa, impulsou e impulsará o termalismo no noso país é o Partido Popular, e aí están os feitos. (*Aplausos.*)

Se se fixeran os regulamentos e as normativas como están a defender aquí as señorías da oposición —nomeadamente, o Grupo Común da Esquerda e o Bloque Nacionalista Galego—, a



actividade balnearia no noso país non tería futuro, señorías. Vese que non saben o investimento e a cantidade de restricións e de normas que teñen que cumprir para sacar adiante un balneario; e non é doado, e aínda así é moito o traballo feito, tanto polos axentes públicos como polos privados do sector, pero tamén é moito o que queda por facer. Por iso toda iniciativa encamiñada á conservación, ordenación e dinamización do noso patrimonio termal é sempre benvinda. E, sen dúbida, este proxecto de lei que hoxe nos presenta, señor conselleiro, é unha desas iniciativas.

Debido á abundancia e á suficiencia dos nosos recursos termais e a esta posta en valor por parte dos poderes públicos e privados ao longo de todos estes anos, en Galicia existen numerosos establecementos relacionados co aproveitamento e uso lúdico das augas termais. Cada vez son máis as persoas usuarias deses establecementos que confían na súa legalidade e na existencia de garantías hixiénico-sanitarias. Por iso é preciso —e, insisto, así se demandou— un instrumento lexislativo que integre unha regulación completa dun sector tan diversificado e singular como é o dos establecementos de aproveitamento lúdico das augas termais. Hoxe, novamente, o Goberno galego atende as demandas dos sectores que son estratéxicos para Galicia.

Dende este grupo apoiamos a decisión do Goberno de elaborar un proxecto normativo propio en vez de modificar a Lei de balnearios de 1995. Consideramos que é máis acaído tramitar unha disposición específica, dada a singularidade destes aproveitamentos lúdicos e tamén polo carácter innovador desta iniciativa.

Este texto non modifica a Lei 5/1995, das augas minerais, termais, de manancial e dos balnearios de Galicia, porque non é preciso modificar unha normativa perfectamente válida para o desenvolvemento do sector balneario e que non deu mostras en ningún momento de estar obsoleta. O que si é acaído e demandado é complementar a normativa autonómica regulando o aproveitamento lúdico dos nosos recursos termais, cubrindo así o baleiro legal existente.

Por primeira vez establecerase unha diferenza clara entre as augas termais destinadas a fins terapéuticos e preventivos e as destinadas a fins lúdicos, que estarán regulados por esta lei; unha lei que —como dicía o conselleiro— parte con obxectivos fundamentais, como é velar pola salubridade e hixiene destes aproveitamentos termais e evitar que se degrade a súa calidade e se reduza o caudal, e garantindo, polo tanto, a súa sustentabilidade, e protexer a integridade patrimonial do contorno, así como dinamizar as zonas onde xorden, porque é inevitable que, se se crea algún tipo de infraestrutura termal nun territorio, vaise dinamizar, vaise crear emprego e, evidentemente, vaise mover a economía.

Regúlanse cuestións como o procedemento administrativo para outorgar as correspondentes concesións ou autorizacións, os dereitos e obrigas dos titulares dos aproveitamentos cun réxime de inspección e de sanción.

Establécese un procedemento simplificado para a regularización dos aproveitamentos lúdicos preexistentes, para o que se concede un prazo dun ano dende a aprobación definitiva disto, á parte das outras cuestións das que xa deu conta o conselleiro e das que teremos tempo de falar ao longo da tramitación da lei.



Respecto do procedemento de elaboración deste proxecto de lei, ademais do trámite de consulta pública previa, realizáronse os trámites de audiencia a interesados e o trámite de información pública; tres trámites distintos, señorías, todos encamiñados á participación pública.

Igualmente, efectuouse o trámite do informe polo Comité Executivo de Desenvolvemento Mineiro do Consello Galego de Competitividade, que exerce, entre as súas funcións específicas, a de emitir informes sobre os anteproxectos de lei e os proxectos de regulamento con incidencia sobre o sector mineiro galego, competencia que antes lle correspondía á Consellería de Minería de Galicia. Este comité é o órgano de participación e consulta no ámbito específico da minería e está integrado pola Administración pública, a Cámara mineira, o Clúster da Auga Mineral e Termal de Galicia, os sindicatos e as organizacións medioambientais. Todas as partes, señorías, todas, informaron favorablemente, a excepción das organizacións medioambientais, que se abstiveron na votación.

Polo tanto, señorías, esta lei non tivo ningún voto en contra dos sectores implicados. ¿Párecelles isto pouco respaldo? ¿Párecelles pouco consenso? ¿Como nos poden dicir que o sector é alleo e distante a esta norma cando os temos aquí presentes, están seguindo a nosa tramitación parlamentaria, se puxeron á disposición dos grupos para aclarar calquera dúbida que puideramos necesitar? Os únicos votos en contra cos que vai contar esta nova normativa van ser os dos grupos da oposición desta Cámara, unha oposición allea e distante coa realidade social de Galicia, unha oposición que non pensa en Galicia, cuxo único obxecto non é máis que sumar un puñado de votos por se lle posibilita formar un cuadripartito. Pero ¿para que, señorías, para que? ¿Para andar en liortas entre vostedes e paralizar Galicia? Por moitas boas intencións que teñan, logo de escoitalos, este sector quedaría paralizado. Mentres estea nas nosas mans, non imos permitir que ninguén obstaculice o progreso de Galicia.

Este proxecto de lei é necesario, porque existe un baleiro legal nesta cuestión. En vez de traballar para subsanalo, pretenden aproveitalo para modificar outras leis, e esa é a súa prioridade: modificar a Lei do 1995 e a mesma propia Lei de minas do Bipartito, da que xa non están tan contentos. Non é a prioridade o desenvolvemento sustentable do termalismo. Nin Galicia nin Ourense se poden permitir o luxo de rexeitar este proxecto de lei. Por iso dende este grupo o imos apoiar.

E, finalmente, unha última consideración respecto da posible intervención do CES. Este proxecto de lei non encaixa dentro das materias respecto das cales o ditame do CES é preceptivo, xa que o obxectivo fundamental da lei é o uso lúdico das augas termais; non se regula dende un punto de vista de desenvolvemento dunha nova actividade económica, non se regula dende ese punto de vista, senón dende o estritamente administrativo e de ordenación, tal como detallei anteriormente.

Remato xa, señor presidente.

O termalismo é estratéxico para Galicia, é estratéxico para Ourense, dende a perspectiva turística, cultural, patrimonial e terapéutica. Esta lei suporá novas garantías para o sector, fundamentalmente na oferta turística de Galicia; novas garantías para os espazos termais



que xa están a funcionar; novas garantías para impulsar pozas termais e espazos novos termais; e, ademais, garantías para os usuarios, que terán a certeza de que as augas nas que se bañan estarán protexidas a nivel sanitario e de accesibilidade e mobilidade.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Romero.

Réplica, grupos emendantes.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, como cuestión previa, imos votar favorablemente as emendas á totalidade do Grupo Común da Esquerda e do Grupo Socialista e, por suposto, imos manter para a votación a nosa. Porque eu insisto: desde o BNG xa nin sequera entramos a discutir a necesidade de regular o aspecto lúdico e de avanzar por esa vía, pero desde logo o que non nos vale é esta fórmula, xa con independencia de que pensamos que era mellor harmonizar todo o marco legal para non xerar distorsións. A cuestión é que o que se ofrece, o que se pon enriba da mesa non ten a máis mínima sostibilidade, nin do punto de vista técnico nin do punto de vista xurídico nin do punto de vista da perspectiva que necesita este país para o desenvolvemento. Desde logo non é esta a vía, e tentaremos despois melloralo na medida da posibilidade a través das emendas parciais, pero o certo é que o punto de partida é francamente difícil.

Contestando varias cuestións que saíron aquí, pois, señora Romero, eu o que teño que dicirle é que, como deputada tamén electa pola circunscrición de Ourense, a min o que me produce unha tremenda tristeza é ver o que ofrece o Partido Popular nesta lei, ver o que ofrece, porque ofrece unicamente, unha vez máis, empregar o interior deste país e as zonas máis despoboadas e as zonas máis empobrecidas unicamente como un clixé, unicamente como un titular, porque non hai neste proxecto nin unha soa proposta orzada, non hai neste proxecto ningunha soa proposta con medidores e obxectivos para ver se funciona ou non para axudar a desenvolver esas partes do territorio; non hai unha soa proposta rigorosa nese sentido, nin unha soa. Entón, ¿como vai axudar esta lei a desenvolver as zonas máis empobrecidas deste país? ¿Por inspiración divina? ¿Por un dogma de fe? ¿O mesmo dogma de fe que se nos pedía para o Plan termal? ¿O mesmo dogma de fe que fixo que máis de seis mil persoas baixaran do censo de poboación de Ourense no que vai de lexislatura..., *(Aplausos.)* máis de vinte e seis mil se miramos desde que chegaron ao goberno?

É que, miren, de dogmas de fe, de aire e de auga fresca non se vive só neste país, señores do Partido Popular; precisamos algo máis. E o certo é que esta lei, efectivamente, non pasa ese trámite do CES, porque non o pasaría. Porque o que non queren é escoitar que tería que dicir o CES. E se tanto falan desoutro informe, traian este expediente de tramitación da lei. Espero que durante as emendas parciais nolo acheguen.

A cuestión é que vostedes perden oportunidades nesta lei. Non se abordan, por exemplo, as augas frías. ¿Non temos no noso país augas mineromedicinais que son frías e que poderían



ser aproveitadas para os aproveitamentos lúdicos? Velaí unha das cuestións que demostran o pouco rigor co que tramitaron este proxecto.

Non se fala do aspecto industrial. Insisto: a deputada do Partido Popular falou do aspecto industrial, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria falou do aspecto industrial, pero é que no articulado da lei esqueceron esa palabra. Ou sexa, que xa nin sequera poñen iso no propio texto legal como unha desculpa para autoxustificarse, porque saben que realmente este é un proxecto parcial, illado dunha concepción global do desenvolvemento económico ou do termalismo deste país.

O mesmo en canto a patrimonio, o mesmo en canto a actividade social, o mesmo en canto a auga como un ben público, o mesmo en canto ao dereito que lle debemos dar á cidadanía e recoñecer neste marco legal a empregar tamén eses recursos lúdicos e termais, porque digo eu que non será todo exclusivamente cen por cen negocio privado, que haberá que abrir a vía a que isto tamén estea garantido para as poboacións do territorio.

Eu estou moi orgullosa de que en Ourense se teñan conseguido consensos sociais —aínda que me parezan insuficientes— para que haxa espazos termais de uso gratuíto. Eu creo que iso é un paso adiante e que esa é unha vía pola que deberíamos apostar. Temos chegado a consensos tamén nese aspecto, aínda que é francamente difícil co historial do Partido Popular, respecto do termalismo en Ourense. Pero, desde logo, nós temos a conciencia ben tranquila e para min é un orgullo vir aquí intervir en nome do Bloque Nacionalista Galego, porque grazas ao nacionalismo galego se parou un pelotazo no xardín das Burgas. (*Aplausos.*) Grazas a iso temos un ben de interese cultural recoñecido nas Burgas. Outra cousa é que vostedes teñan o plan do BIC das Burgas nun caixón ou que estean esperando... —dixo o alcalde de Ourense que non podían seguir co PXOM porque había que pulir uns pelotazos—; entón, ben, outra cousa é que agora estean traballando noutra vía, pero polo menos temos un marco relativamente blindado para enfrontar esas cuestións.

En definitiva, son moitas as cuestións nas que poderíamos deternos. Nós insistimos en que este proxecto debería ser devolto ao Goberno para que nos presenten algo serio, algo planificado, e que non poña en risco o mapa termal que temos enriba da mesa, porque nós o que non queremos é que isto acabe nunha distorsión.

Vostedes mesmos non son capaces de aclararse en cal ten que ser a vía de harmonizar os usos terapéuticos cos usos lúdicos. Non podemos ir a un modelo de divorcio cen por cen, porque, para comezar, moitos dos aproveitamentos lúdicos van estar en aproveitamentos que xa son terapéuticos. Isto parece un trabalinguas, pero o certo é que esa é a realidade que temos. A nós preocúpanos moito e faremos o posible no trámite das emendas parciais para que esta lei, no lugar de supoñer un avance, no lugar de supoñer unha clarificación, poida supoñer un paso atrás. E, desde logo, entendemos que neste momento o noso país non se pode permitir nin máis riscos nin máis pasos atrás, nin en concreto na cuestión do termalismo, pero nin en xeral en ningún aspecto do desenvolvemento económico.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Común da Esquerda, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Eu creo que Einstein tiña razón cando dicía: se entendes ben a teoría da relatividade, podes explicarlle a unha nena ou a un neno de 5 anos. Creo que si.

Falamos claro, falamos claro da nosa visión desta lei. Esta lei é pouco participada, ten pouca seguridade xurídica, é innecesaria. Argumentamos, explicamos por que. Non hai informes relevantes sobre o impacto na economía, empregabilidade ou o mesmo desenvolvemento turístico. Rexeitaron o 90 % das suxestións; si, da universidade; si, de asociacións; si, de concellos, como Cuntis ou o propio Concello de Ourense; si, aceptaron unha de Ourense en Común, que falaba precisamente da necesidade do control sanitario; iso foi un acerto.

Pero ben, eliminan as prioridades das exixencias de aproveitamentos balnearios. Insistimos unha vez máis na clave do asunto: non se pode falar de aproveitamento lúdico, non se pode; si de aproveitamento das augas en establecementos lúdicos ou en establecementos doutra índole. Isto é un matiz vital.

Por outra banda, señor conselleiro, eu quereda falar de catro cousiñas, hai pouco tempo, pero vostede falou das concesións. Para conceder as autorizacións son necesarios informes de seis ou máis consellerías. Está ben, hai moita transversalidade, dos propios concellos, os informes uns son vinculantes e outros non. Pero xusto a nivel de compatibilidades non se indica nin como se teñen que realizar as compatibilidades ou mesmo como se teñen que demandar as compatibilidades. Erros a moreas. Se nos atinximos ás definicións —somos de Ourense tres das persoas relatoras desta lei—, conforme as definicións, nin As Burgas, nin O Tinteiro nin Reza entrarían dentro desta definición; un novo erro.

Perdoe, non podo evitalo. Con respecto ao ecobarrio, é pouco afortunado falar do ecobarrio. ¿Por que? Porque en marzo de 2018 o señor alcalde de Ourense —que foi tamén conselleiro neste Parlamento, alcalde da única das sete grandes cidades galegas que non puido aprobar os orzamentos, en catro anos non foi quen de presentar os orzamentos— anunciaba co presidente Feijóo o proxecto do ecobarrio da Ponte, que estaría listo —dicía— en 2020, tras un investimento de 20 millóns de euros. Hoxe, que estamos traballando cos orzamentos, teñen imputados 140.000 euros autonómicos para este proxecto. ¿Cren que, nese pacto do díaño que fixeron co alcalde de Ourense para manter a deputación, o Concello de Ourense vai aportar o resto dos millóns para que este proxecto vaia adiante?

E, falando do ecobarrio, estamos seguras de que todo quedará nun *greenwashing* —perdón, son de francés, seguro que o digo horrible, pero, traducido, é un lavado de cara verde—. Isto é intolerable, que se traia aquí o ecobarrio, ¿como modelo de que?, e a oposición de Ourense nin sequera ten ese proxecto. Parece que sabemos pola prensa que terá un financiamento estatal e europeo. Anunciaron en maio a apertura dunha oficina para asesorar as veciñas e a adxudicataria era Energylab. Ben, non está aberta. Entón, perdón, señor conselleiro, pero fala de concesións, e aí hai contradicións. Falamos do ecobarrio, e non ten sentido. Falamos de compatibilidades, e os requirimentos están ausentes. Falamos de definicións, e hai inde-



finición. Non se pode falar de aproveitamento lúdico das augas, non se pode. Pódese falar de aproveitamento das augas en establecementos lúdicos, e iso é unha obviedade.

Poderíamos dicir máis cousas, pero temos moi pouco tempo. Dende logo a exclusión dos concellos, a exclusión de proxectos de cooperativismo, a exclusión de proxectos que poidan dinamizar a cidade e favorecer o benestar da cidadanía, están ausentes.

Nós insistimos en que o beneficio público dun ben público ten que estar vencellado a un proxecto serio, rigoroso e realmente necesario, e este non o é.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Agora tamén procede saudar o que sería o segundo grupo dos alumnos e alumnas do Centro Plurilingüe Liceo La Paz, da Coruña, que hoxe visitan o Parlamento.

E agora ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Tamén quero aproveitar para saudar a todas as persoas que hoxe nos acompañan neste pleno.

Insisto, señora Romero: é o primeiro proxecto de lei tramitado pola Consellería. Ao que vos-
tede alude foi tramitado como unha proposición de lei do Partido Popular. Polo tanto, rati-
fícome nas miñas palabras. (*Aplausos.*)

En realidade, nós xa estamos acostumados a que os deputados do Partido Popular saian a esta tribuna a aplaudir os anuncios de publicidade e propaganda aos que nos ten acostuma-
dos o Goberno da Xunta de Galicia.

O señor conselleiro e a señora deputada do Partido Popular saen a esta tribuna para resaltar a importancia económica e social do termalismo de Galicia e ao mesmo tempo xustifican a inexistencia dun informe do Consello Económico e Social de Galicia, entre cuxas funcións fundamentais está precisamente informar sobre os anteprojectos de lei que teñen impor-
tancia económica e social de Galicia. Esas son sempre as súas propias incongruencias.

Por certo, señora Romero, vostede tamén anuncia aquí os informes que si aparecen, como se se tratara dun extra. A verdade é que ¿por que non fai referencia aos que fixemos refe-
rencia a oposición, que son os que non aparecen e que tiñan obriga de aparecer neste expe-
diente? Porque esa é a eiva. Que aparezan os que teñen que aparecer iso non é un extra, iso é o que teñen que facer dende logo dende a Xunta de Galicia.

E, por último, tamén, señora Romero, vostede fala dos sectores implicados como se só foran os propietarios dos balnearios. Non, aquí hai moitos máis actores implicados.



Mire, vou seguir coa miña exposición inicial, que non me deu tempo, e tamén lle comentaba que non hai un informe do departamento de Turismo, pero que tampouco neste proxecto de lei hai un plan de turismo relacionado coas augas minerais e termais no que se teñan en conta o sector, as distintas administracións (a local e a autonómica) e os usuarios.

E, por certo, señor conselleiro, explíqueme por que, se un pincha na páxina web da Xunta de Galicia, aparece un plan de turismo termal de Galicia, pero realmente no despregable, aínda que aparecen unhas fotos moi tal, o que aparece é un plan referido á provincia de Ourense e elaborado pola Deputación Provincial de Ourense. ¿Quere dicirse que a Xunta de Galicia non ten un plan propio?

Gustaríame saber e, se non o ten, tamén me gustaría saber cales son os motivos e se pensa nalgún momento abordar este tema, que vostede dicía inicialmente que era moi importante, pero que a verdade vemos que as manifestacións non son de que sexa tan importante para a súa consellería.

Señor conselleiro, tampouco aparece un informe de Augas de Galicia, con competencias directas e totalmente relacionadas con este proxecto de lei. Tamén nos gustaría que vostede nos contestara.

Mire, votedes presentan un proxecto de lei que se remitiu a cincuenta e seis entidades e paradoxalmente non llelo mandaron ás deputacións provinciais, cando, ademais, a Deputación de Ourense manifesta que ten moito interese neste proxecto. Un pouco curioso. Tamén terá ocasión de contestarme. E tamén é moi baixo o grao de aceptación das alegacións presentadas.

Ben, nós imos votar a favor das outras emendas á totalidade presentadas polos outros dous grupos políticos da oposición e vou insistir naqueles aspectos polos que nós presentamos esta emenda de devolución.

Nós cremos que este proxecto de lei reflicte unha visión moi reducionista e estreita sobre un sector que intenta regular. Non recolle materias fundamentais, tales como o turismo, a dimensión hidrolóxica, o marco da saúde, o marco do benestar ou o impulso do medio rural. Podían aproveitar, porque ese tamén pode ser un sector estratéxico moi importante, para esa fixación de poboación do mundo rural, que a todos nos preocupa, pero a Xunta de Galicia só a preocupa para anunciálo, nunca para poñer medidas reais que revertan esta situación.

Tampouco contribúe a promover o desenvolvemento económico e social para Galicia, principalmente naquelas localidades nas que emanan augas termais, sen prever tampouco medidas ou programas de actuación neste sentido.

Non contaron coa necesaria implicación dos concellos termais de Galicia, que non ven reflectido no texto remitido a súa diversa problemática existente e para o que non se ofrece ningunha solución.

Non se teñen en conta as vilas termais, como si se teñen en conta, e se deben ter en conta —non é unha crítica senón simplemente unha comparación que poden ter en conta—, as



vilas polas que pasa o Camiño de Santiago. Pois tamén deberían de ter en conta as vilas termais, para tamén axudalas en colaboración ao seu desenvolvemento económico e social e, tal e como dicía antes, para a súa fixación de poboación.

Tampouco se definen de xeito preciso neste proxecto de lei os parámetros para garantir a calidade das augas, así como tampouco os medios para o seu control.

E, por último, dicirlle que contén unha discutible regulación sobre as concesións.

Ben, esperamos ao trámite das emendas parciais. Nós, coma sempre, o noso grupo vai facer emendas que serán con idea de construír para que vostedes tomen esa man tendida e melloren este texto legal, porque irá en beneficio de todos os homes e todas as mulleres de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Acompañen o señor Branco Parga, que vén agora.

(O señor Branco Parga sobe á tribuna de oradores.)

Para a presentación e defensa da proposición de lei, ten a palabra don Carlos Fernando Branco Parga, por un tempo de quince minutos.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA DA PROPOSICIÓN DE LEI, DE INICIATIVA POPULAR, DE MEDIDAS PARA A NOVA XESTIÓN DOS SALTOS E APROVEITAMENTOS HIDROELÉCTRICOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (Branco Parga): Bo día a todas e a todos, señoras deputadas, señores deputados.

Hai tres anos a organización sindical que represento hoxe aquí, a CIG, presentou unha ILP neste mesmo Parlamento galego que tiña que ver coa enerxía; foi en maio de 2016 e foi tomada en consideración.

Aquela ILP ten o triste récord de ser a ILP que máis tempo tivo a tramitación neste Parlamento; incluso cambiouse de lexislatura na súa tramitación; o que saíu desa ILP non tiña nada que ver co que entrou aquí e o que propoñía a Confederación Intersindical Galega.

En calquera caso, aquela ILP falaba literalmente da participación da Xunta de Galicia directamente a través de empresas mixtas para o aproveitamento público de todos os recursos enerxéticos así como todas as instalacións de produción, distribución e transporte existentes en Galiza.



Produtos e traballo hoxe de novo estamos aquí presentando unha iniciativa lexislativa popular, pero hai unha diferenza de maio de 2016, cando a presentamos, a día de hoxe. Daquela, no debate, nunha tramitación longa —como dixen—, comentouse que no Estado non podía haber tarifas eléctricas diferentes, tiñamos que ter tarifa eléctrica única, como ditaminou ese señor que van mover agora no ano 1951. Pero hai unha diferenza: neste mes no que andamos, neste recibo que nos vén, os galegos e galegas imos pagar a luz máis cara de todo o Estado, pola vía do que se denominan suplementos territoriais de tarifa. Logo, si podía haber tarifas diferentes; de feito, vainas haber. (*Aplausos.*)

E ¿que significa esa tarifa diferente para Galiza?, porque moitas veces nos medios vemos cuantificacións de estimacións de facturas medias. Imos aos datos globais, que son os que importan. Galiza neste ano vai ter que pagar, a diferenza doutras comunidades autónomas, 38 millóns de euros máis, e Euskadi, cero; nós, 38 millóns, e Euskadi, cero. Madrid, capital do Estado, 2,4 millóns de euros. Logo, hai tarifas diferentes. Pero o que propoñía a CIG vai no sentido totalmente contrario: penalizan a quen produce, a quen exporta e ten as consecuencias desa produción asentada no país.

Por iso faise hoxe máis que nunca precisa esta ILP. Como é preceptivo, recolléronse trece mil sinaturas e cumpre amplamente a lei de iniciativa popular de Galiza.

Na exposición de motivos da ILP entendemos que está perfectamente claro, meridianamente claro, o que propoñemos. E, curiosamente, ese debate, por pura casualidade, ten algo que ver co debate que tiveron, señorías, no debate anterior, sobre as augas termais de Galiza, ten que ver co uso das augas como uso público.

E aquí atopamos o primeiro elemento importante desta iniciativa. A diferenza doutras situacións, vou poñer unha, en concreto, que é moi pedagóxica, desde o noso punto de vista: o tema da autoestrada AP-9, que, despois de moitas reivindicacións sociais, moitos debates políticos, sociais, aquí no Parlamento, asúmese definitivamente por unanimidade que, efectivamente, algún día a AP-9 ten que ser dos galegos e das galegas e non de Audasa. Non foi sen tempo, non foi sen tempo tampouco, nin sen traballo.

Porén, no tema da auga, que é un ben público, non está socializado na opinión pública que todo canto se fai nun río é público. Comunmente, cando falamos dos Peares, poñémolle un apelido: Os Peares de... empresa de turno. Belesar de... empresa de turno. Non, non, iso non é así. Os Peares, Belesar e o resto son dos galegos e galegas. E iso que non está interiorizado nin socializado. Todo canto se fai nun río é público.

E se se mantén o erro é porque, efectivamente —e logo falaremos—, hai concesións do século XIX sen recuperar. Claro, se o mantemos no tempo, ao final chegamos a crer que Os Peares é de Naturgy; se seguimos así, se nunca actuamos, pois cremos que o apelido é certo; ten un apelido e é de Naturgy, pero iso non é así.

O primeiro que teríamos que abordar é o coñecemento das concesións, que é certamente caótico, e, curiosamente, nos dous organismos galegos que teñen que ver co tema, non sempre coincidentes. Temos concesións, por exemplo, da central hidroeléctrica de Fecha, de



1895; Feixa I, de 1898; Almofrei, de 1898; Ponte do Inferno, de 1899; e pequenas hidráulicas e grandes hidráulicas: Tambre I, de 1927; Sequeiros, de 1952, etc., etc., etc. Concesións prolongadas no tempo que fan pensar socialmente que son de empresas privadas, e ese é o grande erro. Estas concesións, a diferenza dos parques eólicos que son autorizacións administrativas, danse nun procedemento que é investimento-concesión. Quere dicir: a administración pública pode facer unha actuación, por pór un exemplo, a cafetería deste parlamento, e levalo a unha concesión, pero a obra fíxoa o Parlamento.

O procedemento das hidráulicas é de investimento-concesión; dásele a unha empresa privada, que é a que fai o investimento, e dásele un tempo para recuperar ese investimento e uns beneficios. ¿Onde radica, pois, o problema? En que nunca se recupera. Galiza non ten ningunha central hidráulica recuperada no día de hoxe, e acabo de ler centrais de 1895, 1898 e por aí adiante. Ademais, cunha curiosidade non menor en todo este tempo: Galiza ten cento sesenta e seis centrais hidráulicas, corenta e cinco delas grande hidráulica, as outras mini-hidráulicas, maioritariamente para a produción de enerxía eléctrica; pero, mentres a concesión se mantén igual no tempo, o mercado eléctrico mudou, e mudou moito. Cando se daban as concesións, a retribución da produción hidroeléctrica estaba fixada no que daquela se denominaba «marco legal estábel», que diferenciaba as fontes de produción enerxéticas, e todas tiñan uns custos diferentes. Non se retribuía igual a auga que o carbón, ou que o fuel, ou que a nuclear. Cada unha tiña unha retribución fixada polo Goberno.

No ano 1997 apróbase a primeira gran lei do sector eléctrico das actuais —agora xa temos unha do ano 2013, pero que mantén os mesmos criterios—, e é no ano 1997 cando se dá o gran cambio, que todas as fontes de produción eléctrica se cobran igual na mesma banda horaria pero a prezo do maior custo que estea entrando no sistema nese momento, o que se chama «mercado marxinalista» ou «pool». É dicir, a partir do 1997 a produción da auga cóbrase igual que a do gas natural, ou igual que a do carbón, ou igual que calquera outra fonte, pero os custos de produción son totalmente diferentes, son o que no sector eléctrico chamamos «beneficios chovidos do ceo». Quere dicir que hai unhas tecnoloxías, entre elas a hidráulica, que están sendo hiperretribuídas a base de cobrar como a tecnoloxía máis cara deste momento. A partir de aí, as hidráulicas empezan a ter uns beneficios desorbitados. ¡É mellor ter unha hidráulica que que che toque unha lotería! Pero non cambian as concesións, seguimos coas mesmas concesións, e o que colleu a concesión, hiperbeneficios. ¡Iso algún día tería que mudar! Non é un tema menor para Galiza.

Galiza ten case catro mil megavattios, 3.700 megavattios de potencia instalada; non é menor. É unha produción superior, é o 23 por cento do Estado, case unha cuarta parte da produción hidráulica nun ano normal: aínda que a produción hidráulica varía segundo os anos hidrolóxicos. Un cálculo aproximado da produción nos últimos decenios establece que o 23 por cento —case o vinte e catro por cento— da produción hidráulica do Estado é galega. Non ten un peso menor.

O que propón a CIG, a Confederación Intersindical Galega, está claro na exposición de motivos, está claro no texto. Tamén queremos que vexan que non estamos dicindo cousas que veñan de Marte. No Estado español, nos Perineos, rescatáronse catro centrais hidráulicas pola que era a presidenta da Conca Hidrográfica do Ebro: a Pueyo de Jaca; a Barrosa, en



Bielsa, a Auxiliar de Campo e a Lafortunata-Cinqueta. Pero non soamente se rescataron — que logo foron paralizadas, ou están rescatadas, ou non seguiron rescatando porque houbo un cambio no Goberno do Estado e paralizou estas actuacións; non tiña claro o Goberno do Estado o que se quería facer—, senón que nas cláusulas concesionarias había unha cousa que nunca se empregara: o 25 por cento da produción era para o Estado —desde a súa orixe— e nunca se usara. Descoñezo se iso existe nas cláusulas concesionarias galegas, porque é complicadísimo saber como está administrativamente o tema das concesións galegas: con papel de calco, algunha que nin aparece, sen dixitalizar, etc. ¡Un pequeno caos! Ese 25 por cento, que nunca se empregara, demandárono, gañaron sentenzas, e a Conca Hidrográfica do Ebro gañoulles ás eléctricas millóns de euros da recuperación do que nunca pagaran. Ese 25 por cento da produción, en reserva estratéxica para o Estado, era a prezo de custo. E non soamente rescatan, senón que fan convenios cos concellos da contorna, con Panticosa, Bielsa e outros, para que teñan un prezo tarifario diferenciado e máis barato. Logo, pode haber tarifas diferentes, o que hai que ter é vontade política.

E non sei se neste Pleno do Parlamento se falou algunha vez de Andorra la Vella, saberao o señor presidente, que é dos máis vellos da casa —onte estiven con outro deputado que fora o máis vello desta casa e mándalle recordos... (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*), o señor Rego—. (*Murmurios.*) Aquí falaríase moito de Andorra la Vella. Todo mundo a coñece: o turismo, o comercio e, algúns menos, o tema dos bancos. A historia de Andorra la Vella, se vai un cen anos para atrás, é a seguinte: cinco mil habitantes, territorio esquecido, dous principados, o de Francia —agora progresaron e teñen unha república— e o do Seu d'Urgell, cos príncipes. Era un territorio abandonado e veu unha empresa estranxeira montar unha central hidráulica. ¿Que lle piden os andorranos? Prezo para os andorranos: a luz a prezo de custo e facer estradas, que non tiñan. ¡Efectivamente!

Eles entenden que naquel momento —o que nós hoxe vemos de Andorra é o comercio, é o turismo, e daquela cinco mil habitantes e hoxe pasa dos oitenta mil; por certo, moita comunidade galega, porque nas construcións desa central traballou moita man de obra galega, que algún día tamén habería que estudar a emigración galega en moitos sitios— o seu desenvolvemento nace desa central hidráulica, porque, aínda que llela dan a prezo de custo, eran cinco mil habitantes e case non tiñan aparellos para consumir. Para eles o singular foi facer as estradas, darlle vida ao territorio. Se un vai alí hoxe, esa central hidráulica é pública, rescatárona. Daquela eran excedentarios e hoxe son tremendamente deficitarios, compran enerxía en Francia e no Estado español, polo desenvolvemento económico.

Isto é Galiza e as instalacións hidroeléctricas na Galiza: (*O señor Branco Parga amósalle á Cámara un mapa das instalacións hidroeléctricas de Galicia.*) en azul, a grande hidráulica e en verde, a minihidráulica. Se a este plan de Galiza lle engadimos os parques eólicos, as térmicas, as de gas e as liñas de evacuación, veremos que unha parte moi significativa do territorio galego está marcado pola produción eléctrica. Beneficio para Galiza, de momento, cero.

¿Que entende esta iniciativa que hai que facer? Revisar as concesións unha a unha, saber por que se lles deron prórrogas, saber como están... ¡E non hai que expropiar nada, non hai que romper nada! Remata a concesión e temos xa o instrumento creado, que é unha empresa pública, a poder ser empresa pública galega de necesidade, ou mixta —iso decidirano vos—



tedes no Parlamento—, unha empresa que rescate esas propiedades, que teñen que ser entregadas en perfecto estado de uso, que así o di a normativa, e que reverta a enerxía para o uso do pobo galego e para o seu beneficio. Neste momento concreto: electrointensivas e peche de térmicas.

O Goberno galego ten a posibilidade de ter unha ferramenta no tempo que non é inmediata. Hai que esperar a que vaian rematando concesións; algunhas xa están rematadas, por certo. Crea ese instrumento e pon a enerxía, ou un ben público como é a auga, renovábel, ao servizo da economía do pobo galego. ¡É ben sinxelo! Non rompe nada, non forza nada, non vai contra as posicións ideolóxicas de que non queren expropiar. É volver ao público o que sempre foi público.

Queda nas súas mans, señores e señoras deputadas. Moitas grazas pola atención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Branco Parga.

Pode acompañarnos desde aquel escano. Acompáñeo a aquel escano, por favor.

Pasamos á rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Mixto, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Bo día a todas e a todos.

Grazas ao portavoz da CIG, quen fixo a presentación desta proposición de lei de iniciativa popular.

Evidentemente, imos votar a favor da toma en consideración desta proposición porque, desde hai xa tres anos, En Marea leva presentando de maneira reiterada proposicións non de lei, iniciativas de todo tipo, interpelacións para desenvolver estes procesos de reversión ao público das centrais hidroeléctricas caducadas ou a piques de caducar. Por iso, aínda que as nosas propostas en moitos casos van moito máis alá do incluído nesta proposición de lei, durante o debate da lei poderíase incorporar todo o que nós levamos defendendo desde hai moito tempo.

En Galicia, das cento corenta e oito explotacións que hai neste momento en servizo, hai ao redor de quince xa en caducidade ou nun período de caducidade inmediato, e a maioría son minicentrales. Había un caso dunha gran central á que lle caducaba a súa explotación no ano 2009, pero o Goberno socialista, o señor Zapatero, decidiu ampliarlle a concesión por cincuenta anos máis, con base na estratexia que están levando a maioría das empresas do oligopolio eléctrico para conseguiren ampliacións dos períodos máximos de concesión. Esta simplemente consiste en facer pequenas modificacións nas explotacións, e con ese argumento solicitar enormes incrementos; no caso dos Peares, por exemplo, de cincuenta anos. A táctica é sempre a mesma: a unha central duns douscentos megavatios fánelle unhas melloras, ou pónselle un terceiro, cuarto ou quinto grupo, ao mellor de 10 megavatios, e con ese pequeno investimento, que moitas veces non chega nin ao cinco por cento da potencia



instalada da central, pídenselles outros trinta, cincuenta ou incluso setenta e cinco anos máis de explotación. Isto é totalmente intolerable.

Por iso é imprescindible desenvolver elementos legais e procedementos de reversión que deixen claro que este tipo de situacións non se van producir e que as centrais, cando chegan á súa caducidade, teñen que pasar á explotación polo público; sobre todo para reverter as zonas onde están establecidas, aqueles inconvenientes e todos aqueles que tiveron que sufrir a expropiación dos terreos, a inundación de vales, etc., para sacar verdadeiramente desenvolvemento económico e social nas zonas implicadas.

Xa hai centrais —en concreto, en Galiza hai nove neste momento— xa caducadas; algunhas evidentemente da Confederación Miño-Sil, como é a de Enviande, a de Castro Caldelas, a de Castadón-Hervidoiro, a de Vilachán e a de Cabo. Pero tamén na de Galicia-Costa, de competencia exclusiva da Xunta de Galicia, como a das Fervenzas, no río Beso, a de Güimil, no Lambre, e a Central Hidráulica de Castelá, no río Mandeo. Son pequenas minihidráulicas, pero, por exemplo, a de Güimil, unha central de 3,5 megavatios, cunha capacidade media anual de arredor dunhas 4.000-5.000 horas de utilización, a produción desta central daría para subministrar enerxía eléctrica, a través dunha entidade comarcal de xestión desa enerxía, todo o concello e a todos os concellos limítrofes. Estamos falando de aproximadamente quince mil megavatios/hora ao ano, entre 10.000 e 15.000 en función dos anos, que servirían de base para a creación dunha cooperativa enerxética local; que podería ter participación da Xunta de Galicia, participación do concello e participación, incluso, de cooperativas, empresas e comercializadoras locais de electricidade, fundamentalmente públicas. ¡E esta é unha das pequenas!

O asunto polo que hai que estar preparados para que non chegue o día —como está pasando en moitas partes de Galicia e tamén no resto do Estado— é que ao non haber toda unha lexislación, ao non haber toda unha serie de disposicións administrativas para asumir a xestión destas centrais, as empresas concesionarias séguenas explotando de maneira indefinida, beneficiándose de ingresos millonarios. Xa digo: hai que estar preparados, e sobre todo porque chega no 2024 un novo fito como fora no seu día o dos Peares. E ademais este é un fito estratéxico e extraordinario para o desenvolvemento da transición enerxética en Galicia, como é a entrada en caducidade da gran central das Conchas. Ademais, é unha central que vai ser o vaso inferior da maior central de bombeo de todo o territorio do Estado español, na que haberá que facer actuacións de maneira moi importante; tamén medioambientais, debido á situación nefasta de presenza de cianobacterias no embalse das Conchas, onde Medio Ambiente non sei se fará ou non fará, pero había que ver as fotos da última semana do embalse das Conchas para ver a situación na que está. Cando pase a ser transvase, todo iso transmitiríase á conca do vaso superior na central do Salas.

¿Por que digo que hai que empezar a traballar xa? Porque estes procedementos, aínda que a lei plantexa que teñen que ser desenvolto en dezoito meses, normalmente levan anos, precisamente por non ter os instrumentos desenvolto.

A presenza da xestión pública na central das Conchas, e dunha participación proporcional no bombeo das Conchas-Salas, podería ser decisiva para unha mellor xestión tamén de par-



ques eólicos de explotación cooperativa, de explotación polos concellos; é dicir, podería ser parte fundamental da xestión da transición enerxética en Galicia. Por iso é absolutamente imprescindible desenvolver o que a ILP plantexa e moitas cousas máis. Xa digo, hai que ter totalmente desenvolto os instrumentos para que a xestión destes embalses pase ser... No caso dos grandes, evidentemente, terá que participar a Xunta de Galicia, pero as mini e microhidráulicas poderían ser directamente explotadas. Son centrais —moitas delas— totalmente automatizadas e cunha necesidade de explotación mínima, polo que podería ser desenvolto por pequenas comercializadoras e produtoras locais.

O outro día, cando presentamos este mesmo asunto na Comisión de Industria e Enerxía, a representante de Augas de Galicia que veu respostar veunos dicir: ¿Como? ¿Queren vostedes asumir a xestión da central das Cochás? Pero ¿sabe vostede o que é a xestión dunha central desas características? Bueno, vese que a señora que veu en representación de Augas de Galicia —que non recordo o seu nome, pido desculpas— non leu o meu currículo. Evidentemente, a xestión deste tipo de centrais é complexa. Pero non por ser complexa é máis eficaz —digamos— a xestión que están facendo neste momento empresas privadas que a que se podería facer desde o público. Endesa xestionou centrais nucleares, centrais térmicas e centrais hidráulicas sendo unha empresa pública con moitísima máis eficiencia para o público da que está tendo neste momento como empresa privada.

Bueno, isto é unha evidencia e por iso —xa digo— imos votar a favor da ILP. E esperamos que se dea a oportunidade de que este asunto capital para a xestión da transición enerxética en Galicia sexa acollido de maneira positiva por todos os grupos e poidamos empezar a falar xa do que é necesario. Porque probablemente falaremos tamén, durante o día de mañá, da problemática das Pontes.

A problemática das Pontes empeza a solucionarse tamén con iniciativas deste tipo, con iniciativas que permitan o desenvolvemento dunha transición ecolóxica e dunha transición enerxética pilotada desde o público. Ese é o futuro. O futuro non é o que plantexa, por exemplo, a proposta que mañá presenta o Partido Popular: que unha central que é unha das vinte máis contaminantes de Europa e que aporta o 30 % do CO₂ que se emite en Galicia siga existindo ata o ano 2045. Son propostas irreais. A realidade é esta, a realidade é a transición ecolóxica, a transición enerxética. E a xestión das augas, que é un ben público, é o primeiro paso para estar preparado para toda esta transición, que ten que empezar xa non digo hoxe, senón que tiña que ter empezado hai dez anos ou doce anos, cando remataron as minas de Meirama e das Pontes. Chegamos tarde pero, polo menos, non poñamos obstáculos a seguir avanzando neste camiño.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Casal.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.



Bo día a todos e a todas, e tamén ás persoas que nos acompañan.

Antes de máis, quixera agradecer en nome do Bloque Nacionalista Galego á Confederación Intersindical Galega o impulso desta iniciativa e a súa firme defensa dos dereitos da clase traballadora galega e deste país (*Aplausos.*); unha defensa que, como hoxe se demostra, non é só reactiva, cando se precisa, senón tamén proactiva, colocando no debate público e tamén no debate político cuestións e alternativas fundamentais.

Desde o BNG subscribimos plenamente a intervención do compañeiro Branco e tamén a exposición de motivos desta iniciativa. E votaremos favorablemente por varios motivos.

Compartimos ao cen por cento que debemos entender a auga e tamén a enerxía coma un ben básico, coma un dereito público, coma un servizo público, e non coma un ben especulativo no que a converteron as políticas estatais, tanto do Partido Popular coma do Partido Socialista, e que fai que cada día sexa cada vez máis un produto de luxo. Temos, ou deberíamos ter, todos e todas as que estamos aquí electos polo pobo galego a responsabilidade de converter esta xeración enerxética nunha panca de impulso para o desenvolvemento económico e social; e máis aínda nun momento no que o noso país está a atravesar moitas incertezas, no que temos empresas pechando polo prezo da luz, ou 2 de cada 3 galegos en risco de exclusión social e tendo a factura da luz como unha dificultade.

Ademais, compartimos a reflexión última de que temos que ter instrumentos. Nós apostamos por que Galicia teña instrumentos, por que teña voz, por que teña voto e mesmo veto no deseño do modelo enerxético da Galiza do século XXI. E do que se trata agora é de se, no inevitable cambio de modelo enerxético que imos ter que enfrontar todos e todas, imos saír gañando ou imos saír outra vez perdendo. E para iso hai que actuar con propostas coma esta —que nós convidamos ao Goberno galego e aos deputados e deputadas do Partido Popular a que a aproben—. Porque a parálise desta última década xa vimos ao que nos levaba: a ese devalo industrial, a ese devalo demográfico e a unha perda constante de oportunidades. Hai que darlle a volta, e para iso é fundamental que a Administración asuma un papel de liderado. Eu xa sei que lles gustaría máis gobernar unha asociación de veciños que un país, pero teñen vostedes a responsabilidade de gobernar este país e, polo tanto, convidámoslos a que actúen e a que proben algo novo.

Nós entendemos que hoxe podemos impulsar unha iniciativa que, sen supoñer «o asalto ao pazo do inverno», si que podería supoñer un paso a adiante moi importante. Entendemos que ademais contribuiría a subsanar unha débeda co noso país, unha débeda co presente e co futuro pero tamén unha débeda histórica.

Gustaríame facer unha reflexión sobre isto, porque non é indiferente ver como chegamos a este punto, como chegamos a esta preponderancia do sector hidráulico no noso país. E o certo é que temos debatido aquí moitas veces sobre como o papel de Galiza como reservorio enerxético do Estado foi un papel imposto, un papel sobre o que os poderes públicos galegos non tiveron ocasión de decidir. O certo é que nos levou a un modelo que é contrario aos nosos intereses, tanto de clase como de país, e temos que darlle a volta. Eu quero reflexionar sobre que este papel produtor non se impuxo só coa hidráulica —aínda que, como xa saíu aquí no



debate, é a galiña dos ovos de ouro e a día de hoxe ten uns beneficios máis que constatados—, senón que hai que ter en conta que levamos con centrais xa desde hai máis de cen anos. Aquí saíron algunhas. Poderíamos falar tamén do Ézaro —anterior a 1910—, que a día de hoxe é obxecto de especulación reiterada para poñer en xaque a toda a Costa da Morte. Poderíamos falar de moitas máis que obteñen hoxe beneficios privados a partir de algo que naceu como público.

Pero o certo é que hai que ter en conta que o detonante de Galiza como produtora hidráulica foi precisamente durante o franquismo; é dicir, xa non é só un modelo de explotación colonial, senón ditatorial. Isto hai que recordalo tamén con todas as súas letras, porque, das 45 centrais de gran hidráulica que hai no noso país, máis do 70 % son fillas dunha ditadura. E isto non foi nin compensado nin escollido polo pobo galego nin, por suposto, reparado. E hai que recordalo.

Eu quero recordar, por exemplo —como exemplo paradigmático—, o acontecido co encoro de Belesar. Foi o señor Barrié de la Maza, futuro conde de Fenosa e conseguidor tamén do pazo de Meirás, quen anunciou a súa construción nun discurso en Vigo no ano 1949. Nese discurso sinalaba que, cando o señor Francisco Franco viña pasar os seus veráns en Galiza, «*cando llega al Pazo de Meirás para descansar, su primeira pregunta es sobre cómo van las obras hidroeléctricas de Galicia, atento a todo cuanto signifique progreso y bienestar*». Progreso e benestar selectivo para as oligarquías do réxime pero, desde logo, non para o pobo galego, nin de onte nin de hoxe. (*Aplausos.*)

O que aconteceu en Belesar coa inundación de poboacións enteiras de Portomarín, de Taiboada, de Chantada, do Saviñao, do Páramo, de Guntín, etc., é o que aconteceu en tantos outros encoros do noso país. Foi contra a vontade popular e a cambio de reclamacións irrisorias e de compensacións ridículas. E poderíamos falar de moitas outras partes do territorio, como de Castrelo de Miño, por exemplo, diso que alcumou Otero Pedrayo como «*feudalismo hidroeléctrico*». Ou poderíamos falar tamén, en tempos máis recentes pero con coletazos do franquismo, de como os veciños e veciñas de Aceredo nos anos noventa viron como eran apartados das súas casas para construír o encoro de Lindoso e dar beneficios tamén a Portugal, algo que quedou, para quen non temos tantos anos, retratado en *Os días afogados*, nese documental fantástico de César Souto e Luís Avilés.

Esta é a nosa historia. E nós cremos que é de xustiza recordala hoxe aquí. Porque darlle a adiante a esta ILP sería un exercicio de responsabilidade económica, sería un exercicio de responsabilidade coa xestión da auga, sería un exercicio de responsabilidade social, pero sería tamén un exercicio de xusta memoria democrática e unha débeda co noso pasado. Pero é, sobre todo, algo que ten unha responsabilidade co futuro. Diciao ao comezo e sigo insistindo en que temos que saír da parálise da última década, e máis aínda cando esa revisión do modelo enerxético, que nos vén chegada, vai traer moitos problemas ao noso país. Máis aínda cando xa vivimos as consecuencias de que o goberno de Núñez Feijóo renunciara á participación pública en sectores clave como o eólico, algo que nos custou máis de tres millóns en indemnizacións desde o erario público e que nos custou tamén a paralización do sector. Máis aínda cando todos os camiños aos que nos levaron supoñen un retroceso. Xa saíu aquí como se manipulou e se perverteu esa lei por unha tarifa eléctrica galega, que



aprobaron vostedes unicamente por estratexia electoral, e que a día de hoxe temos ese tarifazo de 38 millóns de euros que imos pagar os galegos e galegas precisamente porque o Partido Popular vive pensando en xestionar unha comunidade de veciños e non un país.

Polo tanto, este non é un tema novo. Neste aspecto temos competencias, temos posibilidades e temos capacidade de facer algo diferente. E hoxe nós convidamos a que o Partido Popular dea un paso a adiante neste sentido. Porque o certo é que este tema non é novo, este tema non é novo, pero o que si sería novo é que o Partido Popular fixera algo máis que mirar ao aire. Porque xa en xuño do 2016 o BNG preguntou neste Parlamento sobre esta cuestión a Augas de Galiza, e xa no último pleno da anterior lexislatura foi aprobada unha iniciativa ao respecto. Nesta lexislatura volvémosla repetir. A única constante que temos é que caducaron concesións durante este tempo. Podemos poñer exemplos, como Ponte Inferno, Portochoa, Fecha, Güimil, Castellana, Fervenzas, etc. E non sabemos o que fai a Xunta de Galiza. Ademais de mirar para o aire, di que é todo moi complicado e que hai que ir caso a caso. Vaiamos caso a caso, pero vaiamos caso a caso cun horizonte final, non co horizonte de esperar a que o tempo pase e que as eléctricas, ás que despois van os nosos colegas, estean salvagardadas e teñan estes beneficios mantidos e sostidos no tempo.

Por iso nós hoxe imos votar decididamente a favor desta proposta de iniciativa lexislativa popular que trae a Confederación Intersindical Galega. Agradecemos a maduración deste texto legal, que non é aleatorio, que non é improvisado, que ten un forte traballo detrás. Agradecemos tamén todo o intenso traballo que se fixo na recollida de sinaturas, e que se fixo para converter isto tamén nunha prioridade social.

Estamos convencidas desde o BNG que, con independencia do que pase hoxe na votación, tarde ou cedo terán que asumir —como asumen en tantas outras cuestións, desde o banco de terras a outros aspectos— que o nacionalismo galego tiña razón e que acertaba ao situar esta cuestión como unha prioridade no debate. (*Aplausos.*)

Estamos convencidas, pero o certo é que é un camiño que non é fácil. E temos que aprender doutros exemplos, como o de Aragón —que saía aquí—. O de Aragón agora está xudicializado porque, ¡oh, sorpresa!, papá Estado quería absorber para si todos os beneficios e houbo un goberno —o de Aragón— ao que non lle parecía xusto. Nós xa sabemos que se vostedes non están en Madrid firmarían ese trato. Hai que aproveitar que agora non o están, que teñen momentos de *quasi* independentismo, (*Aplausos.*) para así pedir que por favor nesta cuestión se anticipen, que non confíen aleatoriamente no Goberno central e que aposten polas de Galiza-Costa, si polas de Galiza-Costa, pero tamén polas bacías que están en máis do 75 % no noso territorio e que a súa xestión corresponde a Madrid; polo tanto, para que abran aquí unha vía que desde logo nós estamos convencidas de que traería moitas posibilidades para o noso país.

Remato xa, señorías. Pídolles que voten a favor desta iniciativa, porque votar en contra, desde logo, sería votar en contra dos intereses do pobo galego, da clase traballadora galega...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e un paso a atrás máis nun momento no que non nos podemos permitir que nos sigan condenando a perder o tempo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Común da Esquerda, o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

En primeiro lugar, quero saudar os promotores da ILP e os membros da CIG. Grazas por esta iniciativa tan necesaria.

Quería comezar por dicirlle ao señor Branco que desgraciadamente non todo o mundo aquí pensa que a AP-9 teña que ser de Galicia e non de Audasa. Os que a privatizaron non o pensan. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Os que privatizaron Audasa despois de ser saneada con diñeiro público foron os que privatizaron Endesa tamén, foron os que privatizaron Inespal. (*Murmurios.*) E todo ten un mesmo obxectivo: o saqueo do público, o saqueo do ben común, por parte duns intereses minoritarios alleos ao pobo galego. E todas as políticas que o Partido Popular desenvolveu ían guiadas por ese obxectivo, e así se entenden moitas das situacións que afronta hoxe este país.

A ILP que chega hoxe ao Parlamento galego é unha iniciativa pensada para defender o interese xeral, contraria, polo tanto, ás políticas enerxéticas desenvoltas no Estado español e en Galicia durante décadas, caracterizadas polo desenvolvemento de leis que buscaron enriquecer indecentemente o oligopolio eléctrico á conta do interese xeral. Galicia, especializada, dentro do deseño centralista español e no contexto europeo, na produción de materias primas baratas, foi especialmente espoliada neste eido. A historia do noso país ben puidera ser a que contou Eduardo Galeano en *Las venas abiertas de América Latina*, ou a anteriormente descrita por Castelao cando se muxía e se muxe a vaca dende Madrid, condenados pola nosa propia riqueza. Por exemplo, a forza do río Xallas e dos seus encoros serviu para que Villarmir construíse Torre España en Madrid, ou serve para que lle concedan a Villarmir préstamos por 120 millóns de euros, o buraco negro da oligarquía madrileña. E os señores e señoras do Partido Popular, de cómplices dende as institucións que deberan velar polo interese de todas e de todos. Esa historia non se pode dar sen eses cómplices autóctonos necesarios, que na historia da India serían os sipaios, colaboradores necesarios do espolio. Así, ocupáronse vales, expulsouse milleiros de persoas das súas aldeas para que algúns se lucraran cos recursos naturais galegos e coas retribucións fixadas polo Goberno, que en teoría naquel momento retribuían os investimentos feitos máis un beneficio razoable. Neste caso o franquismo foi duro con Galicia, pero o que veu na democracia aínda foi máis saqueo. Porque coa Lei do sector eléctrico, de Aznar —disque para liberalizar o sector—, multiplicáronse os beneficios desas empresas que comezaron a obter beneficios indecentes á custa do engorde desa factura que prometían baixar coa liberalización do mercado eléctrico. E os galegos e galegas, que soportamos os impactos —incluídos os incumprimentos da lei por parte destas empresas—, ¿que obtivemos? A electricidade máis cara dun estado que ten un dos prezos máis caros de Europa.



O Partido Popular de Feijóo segue fiel á historia do seu partido e segue a agasallar as mesmas empresas, ou empresas semellantes, co vento galego do mesmo xeito que antes e os seus antecesores fixeran cos ríos ou co lignito. Onte coñecemos un auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anuncia a anulación provisional do Acordo do Consello da Xunta de aprobación do proxecto de incidencia supramunicipal do parque eólico da serra do Iribio, unha cacicada máis que pretendía pasar por riba do noso patrimonio natural e cultural para axudar aos beneficios privados de empresas amigas, dunha empresa amiga, concretamente moi cercana ao Partido Popular —é a economía circular do Partido Popular: favores dende os gobernos para pechar o círculo co financiamento do partido ou con postos nos consellos de administración—.

Cómpre, polo tanto, desfacer a rede do saqueo, recuperar o que é de todos. Galicia —como xa se dixo aquí— é a segunda produtora da enerxía hidráulica do Estado español, conta con 3.700 megavatios de potencia hidráulica instalada. E como temos recursos naturais moi ricos, en cambio, a produción supera a capacidade instalada, porque temos moita auga e producimos o 23 % da enerxía hidráulica que se produce no Estado español.

A construción destas centrais hidráulicas responde ao modelo desarrollista de investimento e concesión de augas, nas que se lles concedeu ás empresas promotoras explotacións dunha duración mínima de setenta e cinco anos. Dos 17.000 megavatios instalados no Estado español, cerca de 10.000 concéntranse en Galicia, Castela e Estremadura; un auténtico choio para as empresas concesionarias, que viron —como dicía antes— que coa Lei do sector eléctrico caían en forma de millóns os beneficios caídos do ceo: nada máis e nada menos que máis de 22.000 millóns de euros para hidroeléctricas e nucleares; dos cales 4.846 millóns de euros extras son para empresas con concesións hidroeléctricas. Son millóns que caeron do ceo. Como diría Mariano Rajoy, «*esto es como el agua, que cae del cielo sin saber exactamente por que*» (*Murmurios.*)

¿E quen paga a factura? Pois os de sempre, a cidadanía galega. Porque diluviando ou en plena seca, con vento ou calma chicha, nos últimos anos pagamos uns prezos da luz cada vez maiores. Medraron un 85 % nos últimos quince anos. Á Lei do sector eléctrico do señor Aznar cabe sumar tamén a reforma do 2013 do señor Rajoy, que provocou o pago —como xa se dixo aquí— do suplemento territorial, e curiosamente penalizando o país onde máis impactos se producen para a produción da enerxía eléctrica mentres outras zonas que non producen ningún megavatio teñen o recibo máis barato. ¡Para que despois nos digan que, co peche das térmicas, imos pasar a ser dependentes enerxéticos! ¡Se no Estado español iso é beneficioso! ¡Se non hai ningunha diferenza! A factura da luz segue sendo a mesma ou máis barata —como neste caso— que nos países onde se soportan os impactos. Un país como Galicia exporta o 33 % da electricidade. ¡Non exporta senón que regala o 33 % da enerxía eléctrica que produce!, da cal unha porcentaxe moi importante provén destas centrais hidroeléctricas. É dicir, regalamos o 33 % da electricidade que producimos, un regalo que ademais vai parar a mans duns poucos.

Xa vemos que a vostedes, señores do Partido Popular, non lles importa esquilmar o país. Xa vemos que para vostedes este é un territorio de sacrificio onde esquilmar, facer negocios co que é de todos, espoliar, etc. Pero dado que disque son moi españois, y *mucho españoles*, deben



de saber que os 1.500 millóns de negocio que se fan coa enerxía de Galicia caen case na súa totalidade en mans estranxeiras, que o único español son os nomes de ex-ministros, ex-presidentes e ex-dirixentes do Partido Popular e do Partido Socialista sentados nos consellos de administración de Iberdrola, Endesa ou Naturgy; pois Endesa é propiedade italiana, no caso de Iberdrola o capital maioritario é catari, etc. E eses son os que se benefician dos impactos que soportamos a maioría.

Pensamos, polo tanto, que debemos de recuperar as centrais hidroeléctricas para o ben común, que os beneficios que se xeren repercutan no noso país. Queremos abandonar ese modelo desarrollista e seguir as indicacións desta iniciativa lexislativa popular, que coincide en esencia co exposto polo Observatorio de Sustentabilidade no seu informe sobre a recuperación das concesións hidroeléctricas, no que se fai un chamamento a cumprir co texto refundido da Lei de augas e reverter os ditos aproveitamentos unha vez finalizado o período de concesión. Pois non existen causas para non facelo dada a xa plena amortización dos ditos aproveitamentos. Polo tanto, queremos recuperar os aproveitamentos hidroeléctricos, analizar con detalle a priorización do uso da auga no resto de aproveitamentos, tanto de rego como de abastecemento, en relación cos aproveitamentos hidroeléctricos, especialmente en períodos de seca ou en períodos previos á situación de seca, e especialmente nun escenario de cambio climático en curso; que se cree unha empresa pública ou empresas públicas a diferentes escalas para que os encoros que teñan que seguir producindo produzan para todos e para todas, e rematar con esa economía parasitaria de quen se di liberal e vive de manexar gobernos na sombra, facer leis á medida para despois incluso incumprilas; poñer o recurso hidroeléctrico xunto co eólico e tantos outros a funcionar para reverter o abandono do rural, tan castigado por estas infraestruturas, e xerar condicións económicas para a xente que alí viva e que queira vivir, para o interese xeral, para o ben común.

Hai que comezar pola transparencia, que escasea nos departamentos estatais e galegos que manexan estes asuntos, e despois hai que seguir pola vontade política de reverter para o público todo aquilo que sexa legalmente posible. ¡Xa chegou de privilexios e xa chegou de espolio!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señor Branco e demais autores da iniciativa lexislativa popular.

Bo día tamén, señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

Como sabemos, en España a produción de enerxía hidroeléctrica, que no ano 2017 se situou en torno a case os 21 xigavatios/hora, corresponde na maior parte —ou nunha porcentaxe moi elevada, mellor dito— á que se produce nas centrais hidroeléctricas da nosa comunidade autónoma —preto dun 20 %-21 %, segundo as fontes que se empreguen—. E, igual



que no resto do Estado, todos sabemos que esas centrais hidroeléctricas están en réxime de concesión; concesión ou concesións —como se dixo xa aquí— que teñen nalgún caso a súa orixe xa no século XIX. A maior parte delas son do século XX, sobre todo dos anos trinta en adiante —con maior intensidade nos anos corenta—. Son concesións que se fixeron sobre a necesidade naquel momento de dispoñer desas infraestruturas de produción eléctrica. Pero tamén sabemos todos os que aquí estamos que esas concesións —como todas— teñen un límite, e todos sabemos tamén que é o que ocorre —ou debera ocorrer, mellor dito— cando ese período concesional remata. Así, o Real decreto legislativo 1/2001, da Lei de augas, establece no seu artigo 53 con claridade que a extinción do dereito a uso privativo remata por termo do prazo de concesión. E plantexa exclusivamente unha ou dúas excepcións a ese remate, e é cando o destino dado ás augas concedidas fose a rega ou o abastecemento da poboación, polo que o titular poderá obter unha nova concesión para o mesmo destino. E tamén se establece con absoluta claridade que, ao extinguirse o período do dereito concesional, reverterán na Administración competente gratuitamente e libres de cargas —gratuitamente e libres de cargas— cantas obras fosen construídas dentro do dominio público hidráulico para a explotación do aproveitamento. E tamén ese mesmo texto legislativo establece con claridade, en canto aos prazos, que o prazo da concesión para a construción da explotación non pode exceder en ningún caso de setenta e cinco anos.

Bueno, esta é a realidade —digamos— desde o punto de vista legal. Pero tamén —e coincidindo ademais co que publica o Observatorio para a Sustentabilidade no seu informe do ano 2018— esas instalacións, a maior parte delas, ás que nos estamos a referir están suficientemente amortizadas. E cremos que non existe obxectivamente ningunha razón para non cumprir a Lei de augas e que volvan ao sector público. Non cremos que esas empresas eléctricas poidan alegar que non se amortizaron esas instalacións. Como dixo o señor Casal, evidentemente, existen —imos dicilo coloquialmente— triquiñuelas para, mediante pequenos investimentos, prolongar o período concesional á custa de, evidentemente, obter enormes beneficios. Polo tanto, ampliar ese prazo parece pouco razoable.

E o anterior é así porque, se observamos os elevados prezos da electricidade —nos que se acadaron prezos récord dende hai dez anos—, constatamos que é un sector que ten beneficios elevadísimos, o que supón, como realidade paralela, que a electricidade que pagan os españois —e os galegos tamén— sexa das máis caras de Europa; e en Galicia, dentro do Estado, é das máis caras. Isto resulta ser, en primeiro lugar, unha forte traba para a competitividade das empresas e un grave problema —desgraciadamente— para capas cada vez máis amplas da poboación, que non poden, en moitos casos, nin tan sequera quentar as súas casas no inverno.

E isto é contrario ao obxectivo 7 —que é o da enerxía accesible para todas as persoas— dos obxectivos para o desenvolvemento sustentable dese famoso acordo asinado o 25 de setembro do 2015, no que os líderes mundiais adoptaron un conxunto de obxectivos globais para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade de todos como parte dunha nova axenda de desenvolvemento sustentable. E esquecemos permanentemente que eses obxectivos deben acadarse no ano 2030, e iso é dentro de dez anos. Polo tanto, é pertinente este tipo de iniciativa como a que discutimos hoxe.

No caso de Galicia, unha parte moi importante desas concesións vai caducar entre os anos 2030 e 2040. Aínda que é certo que hai certa opacidade —sobre todo nalgúns períodos dos



governos do Estado español—, opacidade con respecto ao período concesional. E hai moitas dificultades para saber cando van ir rematando aproximadamente as concesións das oitocentas instalacións que funcionan en España. Todo isto apunta cara á necesidade de avanzar no deseño dun novo marco nun contexto no que de seguro se van dar batallas pola máis tradicional das enerxías renovables, cuxa produción require o uso dun ben de dominio público: a auga das cuncas hidrográficas. Insisto tamén —como insistiron todos os que me precederon— en que se trata dun ben público.

E, polo tanto, o que se propón nesta iniciativa que estamos a debater é algo no que xa existen algúns avances en España, ao que tamén se fixo referencia. No seu momento —e con independencia de que poidamos recibir algunha, máis ou menos merecida, reseña— foi o Grupo Parlamentario Socialista, no Goberno da Comunidade Autónoma de Aragón, o que pediu á Confederación Hidrográfica do Ebro que nos territorios afectados por saltos hidroeléctricos se revertesen ao Estado e que fosen os primeiros beneficiarios deses aproveitamentos, para pasar a ser xestionados proximamente, naquel momento, de forma directa ou indirecta polo Ministerio. E a Confederación Hidrográfica do Ebro, mediante a publicación do Real decreto 129 do ano 2014, aproba o Plan hidrolóxico da parte española da Demarcación Hidrográfica do Ebro, que di no seu artigo 96 que os rendementos que obteña o organismo de conca procedentes da explotación de aproveitamentos hidroeléctricos ou de reservas de enerxía se destinarán á restitución económica e social do territorio que os xera, así como á restauración ambiental e á modernización e eficiencia dos regadíos e das necesidades enerxéticas dos servizos públicos de xestión da auga da conca. E é certo que no caso desta comunidade autónoma, nos próximos dez anos aproximadamente, poderán revertir —se esta tendencia non se cambia, e esperemos que non sexa así— ata 11 saltos de importancia na conca do Ebro.

E tamén, e ao que xa se fixo referencia aquí —creo que foi o señor Casal—, hai unha reserva do 25 %, da enerxía eléctrica que se produce, para o Estado, ou para a Administración pública, en definitiva, a un prezo taxado e correspondente a cubrir gastos exclusivamente.

En definitiva, parécenos, respecto desta iniciativa lexislativa popular, que a súa filosofía é correcta, xa que vai na liña de favorecer a xestión pública e directa dos aproveitamentos e dos aspectos socioeconómicos e ambientais do territorio no que se sitúan. Tamén entendemos como correcto que o texto faga fincapé en que as condicións dos aproveitamentos deben ser compatibles e cumprir coas disposicións dos plans hidrolóxicos vixentes en cada momento, e que deben adaptarse a eles en todo caso. E por iso esta iniciativa propón modificar a Lei de augas estatal e, indirectamente e consecuentemente, tamén regulamentos de desenvolvemento.

Tamén nos parece pertinente que por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica, en avance desa nova lei de transición ecolóxica, se traballe nunhas directrices claras sobre como se debe proceder ante a extinción dos aproveitamentos hidroeléctricos e que esa nova lei introduza aspectos que se recollen nesta iniciativa. Pero tamén entendemos simultaneamente que as administracións en xeral están faltas de medios, e isto deberá comportar unha dotación orzamentaria importante para que todas, insisto, todas as concernidas por esta iniciativa lexislativa popular, desde as comunidades autónomas ata a Administración local ou



supramunicipal, as deputacións, poidan facer fronte aos instrumentos necesarios para explotar estes aproveitamentos, que neste texto se fixa que o prazo de resolución é un ano desde que se inicia o expediente de extinción da concesión. Por exemplo, valla como elemento de reforzo deste argumento que nestes días estamos a tramitar a Lei de garantías de abastecemento e hai unha coincidencia, creo que xeral, en que moitos concellos na actualidade teñen dificultades para facerse cargo da xestión do ciclo da auga —entendido como abastecemento, saneamento e depuración— por falta de medios. E é posible que esa mesma dificultade tamén se dea cando se lles faga asumir parte da xestión destas infraestruturas hidroeléctricas. Por iso, posiblemente, vai ser necesario buscar un espazo de solucións amplo, máis que as que propón o propio texto. Pódense contemplar múltiples combinacións ou modalidades de participación nesta xestión.

En todo caso, este grupo parlamentario vai apoiar a toma en consideración desta iniciativa lexislativa popular porque entendemos, en primeiro lugar, que estamos a falar da enerxía que se xera a partir dun ben público. E, polo tanto, rematado ese período de concesión, deben reverter de forma gratuíta, absolutamente gratuíta e en perfecto estado de funcionamento, esas infraestruturas para que sexan explotadas desde un punto de vista público, que ben seguro que vai ter necesariamente unha consideración máis a favor de facer da enerxía un elemento accesible a toda a cidadanía que a que pode ter calquera empresa eléctrica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

En primeiro lugar, quero darlle a benvida aos propoñentes da CIG e tamén a vostede, señor Branco Parga, que noutro momento foi deputado do Bloque Nacionalista Galego neste Parlamento e tivemos a ocasión de debater a ILP da tarifa eléctrica galega.

Chegado este momento, señorías, si me gustaría poñer en valor a lei que aprobou o Grupo Popular neste Parlamento sobre as iniciativas lexislativas populares, porque esa lei permite que vostedes estean hoxe aquí a dous plenos de que a Xunta Electoral ratificase as firmas; non como ocorría anteriormente con outro goberno, co Goberno bipartito, que metía as ILP nun caixón —as que non lle gustaban—. As que lle gustaban tramitábaas, e as que non, gardábaas nun caixón. (*Aplausos.*)

Señorías, señor Casal, se nos fiamos do seu currículo é mellor, dende logo —perdoe—, non asumir a xestión das centrais. Respecto do seu currículo hai que ter un pouco de coidado con el.



Mire, señora Presas, na miña comunidade de veciños —que é pequena, moi pequena, porque hai catro pisos— viven máis veciños que deputados ten o Bloque Nacionalista Galego, así que un respecto polos gobernos do Partido Popular, señoría, un pouco de respecto. *(Aplausos.)*

Mire, señor Sánchez, eu sei que hoxe vostede está exaltado coa sentenza que saíu onte. A sentenza di «suspensión cautelar», non a «anulación», señoría. A anulación sería cando haxa un resultado... É que vostede xa fai de xuíz. O xuíz que tiñan botárono, señoría. Entón non faga aquí de xuíz, señor Sánchez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, señor Álvarez, a verdade é que é increíble que veña presumir aquí e agora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, silencio!

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...cando tiveron a primeira oportunidade de reverter ao Estado unha gran central hidráulica, a dos Peares —na miña provincia—, que ocupa dúas provincias, a súa e a miña. ¡Oia!, ¡cincuenta anos de prórroga! Entón ¿ese é o compromiso? E vostedes, señora Presas, aplaudíanlle ao señor Zapatero en Madrid. *(Aplausos.) (Murmurios.)* ¡Miren, señorías, é que demagogia, cero!

Miren, por respecto á ILP, señorías, voume centrar na materia, vou debullar o posicionamento negativo —xa llelo adianto— en canto á reversión dos saltos hidroeléctricos da comunidade autónoma ou do Estado con base en criterios técnicos e non con base na súa demagogia.

Si me gustaría falar de que aquí se dixo que había 148 centrais hidráulicas. É certo, 75 pertencen á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, que son competencia do Estado e que son grandes centrais —todas elas contemplan 2.200 megavatios de potencia—. E, por outro lado, a Demarcación Galicia-Costa conta con 73 centrais hidráulicas, moito máis pequenas, das que 64 son explotacións de menos de 10 megavatios —en total xuntarían 520 megavatios, fronte aos 2.200 da Confederación—. Das de competencia de Galicia-Costa, como xa adiantaron aquí, hai algunhas caducadas, e as que están próximas a caducar suporían arredor de 30 megavatios de potencia. Das da Confederación hai tres caducadas, e non son das máis grandes. Si que é verdade que caducarán outras, pero tampouco vai ser agora, vai ser a máis longo prazo.

Polo tanto, este grupo, señorías, cre que unha empresa pública creada hoxe para xestionar centrais de Galicia-Costa e do Estado —que é inconstitucional, é ilegal, porque non as podemos xestionar hoxe tal e como está a lei— pois non sería viable con este escaso potencial. Porque o que hai caducado é pouco, e o que vai caducar é pouco tamén.

Señorías, o compromiso da Xunta de Galicia, de acordo coa lei actual e baseándose nos correspondentes estudos técnicos elaborados para o efecto, é que promoverá a xestión dende a perspectiva do interese xeral de forma que estes aproveitamentos sexan un activo económico para a nosa comunidade autónoma. O Goberno da Xunta de Galicia buscará a fórmula óptima valorando todos os aspectos en xogo para que a explotación dos



aproveitamentos reverta directamente no interese público. Este é o noso modelo. Cada concesión ten unhas particularidades, está nun contexto de localización diferente e por iso non existe unha fórmula concreta e única, e moito menos creando de antemán unha empresa pública de enerxía.

En segundo lugar, señor Branco Parga, aínda que vostede non debullou a lei que presentou aquí para nada, senón que entrou na demagogia habitual, pensamos que nós debemos entrar a debullar a iniciativa. Entón vou citar algúns exemplos da modificación da Lei de augas estatal que vostedes pretendían con esta lei. Voulle dar algúns apuntes, pois pensamos que o que pretenden modificar xa está contemplado nesa lei:

1. A Constitución española establece que o Estado español ten competencias exclusivas na lexislación, ordenación e concesión de recursos de aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma e na autorización das instalacións eléctricas cando o seu aproveitamento afecte a outra comunidade ou o transporte da enerxía saia do seu ámbito territorial.

2. Na Lei 39/2015, no capítulo 2, establécense as distintas clases de iniciación dos procedementos: de oficio, por petición de parte, por orde superior, por petición razoada doutros órganos...

3. No artigo 164 do Regulamento do dominio público hidráulico xa se establece que os expedientes de extinción do dereito concesional polo transcurso do prazo da concesión poderanse iniciar tres anos antes de expirar a súa vixencia, de oficio ou por instancia de parte.

4. Na disposición adicional sexta do texto refundido da Lei de augas xa se establecen os prazos para resolver e notificar as resolucións sobre procedementos de concesión de dominio público hidráulico.

5. No artigo 89.4 do Regulamento de dominio público hidráulico dispónse que, ao extinguirse o dereito concesional, reverterán ao Estado gratuitamente e libres de cargas cantas obras foran construídas. E continúa estipulando que nese momento a Administración hidráulica considerará se é posible ou é conveniente a continuidade do aproveitamento e que poderá exixir a súa reversión ou a demolición do construído.

E así podería seguir con moitos outros aspectos que vostedes pretendían modificar con esta iniciativa lexislativa popular e que xa se contemplan na normativa vixente.

En canto á pretensión que vostede citaba na súa lei —e do que vostede non falou aquí— de entregar ao Parlamento unha relación detallada da situación das concesións hidroeléctricas, insisto, eses expedientes son públicos. Calquera cidadán que así o desexe pode consultalos. As concesións son obxecto de publicación nos correspondentes boletíns oficiais, de libre acceso para calquera persoa interesada. E, por suposto, na páxina de Augas de Galicia está recollida toda a relación de aproveitamentos hidroeléctricos implantados na Demarcación Galicia-Costa, na que fala da fin do prazo concesional e, por suposto, aínda teñen as coordenadas para a situación xeográfica de cada aproveitamento.



E, por último, señorías, se falamos de ideoloxía, que é ao que vostede se dedicou na súa intervención, señor Branco Parga, a súa pretensión é crear unha empresa pública de enerxía dependente da Xunta de Galicia. Ten que ser pública. Iso si, non vale que sexa eficiente ou non, ou que funcione ben ou non, senón que sexa pública. Iso é o importante aínda que invadamos competencias estatais tamén. Iso forma parte da súa ideoloxía. O ente público xestionaría os saltos hidroeléctricos e os utilizaría para rebaixar a factura eléctrica dos concellos. Os concellos, señoría, que teñan sorte de ter unha central hidráulica, ou minihidráulica —como moitas delas—, poderían ter a factura máis barata. E o resto de Galicia, que non conta con centrais, nin moito menos, pois terá que pagar a factura máis cara. Esa, señoría, é a ideoloxía... (*Fortes murmurios.*) Esa, señoría, é a ideoloxía do Bloque..., (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...que comparte vostede aquí. A verdade é que para nós resulta un pouco insolidario iso. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Tranquilidade, tranquilidade!

A señora NÓVOA IGLESIAS: Señorías, por ideoloxía vostedes levan no seu ADN a tarifa galega, aínda que non sexa rendible para Galicia ou mesmo intentan convencernos de que hai unha tarifa vasca ou tamén intentan convencernos de que agora hai unha tarifa derivada dun suplemento, dun suplemento por un canon medioambiental —polo que a Xunta de Galicia ten interposto un recurso—, que saben que é un canon medioambiental e que provocará... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor!

A señora NÓVOA IGLESIAS: ...que se pague por un ano, por un erro dunha lei, 15 euros de media para a factura de todos os galegos. Entón seguen con esa demagogia. Este grupo non pensa así.

Señorías, a Administración autonómica pronunciarase sobre o futuro de cada un dos aproveitamentos conforme o disposto na normativa vixente, e baseándose por suposto nos correspondentes estudos técnicos —que terán que ser elaborados para o efecto—: estudos e análises económicas, señorías, de rendibilidade, valoración de aspectos técnicos, ambientais, xurídicos e de interese público. Esta xestión non teñan dúbida de que se realizará mediante un modelo que reverta no interese público.

Insistimos, a caducidade das concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa. Cada unha é distinta e non se pode falar dunha solución xeral para todos os casos. As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas, insisto, polo interese xeral e atendendo en cada caso á súa rendibilidade social, patrimonial e cultural.

Por todo o exposto, señor Branco Parga, este grupo vai votar en contra da súa iniciativa.

E, pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Réplica da persoa designada pola comisión —neste caso o señor Branco Parga— por un tempo de cinco minutos.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA DA PROPOSICIÓN DE LEI, DE INICIATIVA POPULAR, DE MEDIDAS PARA A NOVA XESTIÓN DOS SALTOS E APROVEITAMENTOS HIDROELÉCTRICOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (Branco Parga): Antes que nada, quero agradecer o voto favorábel dos grupos de En Marea, BNG, Común da Esquerda e do PSOE. Por pouco conseguímolos. Faltounos o voto do grupo maioritario. Van votar en contra pero non van deter a historia. Isto vai caer como a gravidade, isto vai caer. (*Aplausos.*) Vostedes están freando acontecementos que van pasar. Bueno, son decisións políticas.

Pero voulle dicir unha cousa, señora deputada. Eu non veño a este Parlamento a que me riñan nin a que me insulten. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si, si, demagóxico, demagóxico! E a súa intervención, ¿como a cualifica vostede? ¡Claro! ¡Por favor! (*Aplausos.*) ¡Por favor!, ¡demagóxico! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E á falta de rigor ¿como lle chamamos? ¡Os suplementos territoriais son un erro dun ano! Lei do sector eléctrico —e cito de memoria—, Lei 24/2013. Lea os artigos 16.4 e 17.6 —cítoos de memoria— sobre os suplementos territoriais que están na lei, potestativos para o Goberno do Estado. Ou sexa, eu son demagóxico e vostede é rigorosa. ¡Vállame Deus! ¡Vállame Deus!

¿Criterios técnicos? E non sabemos de quen, é un misterio. É dicir, as decisións políticas agora non se poden tomar porque hai uns criterios técnicos e cada concesión é diferente. ¡Claro que cada concesión é diferente! ¡Descubrimos a pólvora! O que estamos dicindo é que, segundo vaian rematando, pasen a mans públicas. E cada concesión ten as súas condicións, hai que miralas. Iso non ten nada que ver co resultado final —mínimo común divisor—. Hai cousas que se poden unir: o resultado final. Aquí non se quere, evidentemente, aceptar. E di: Son 30 megavattios, son menos, son máis... ¿Sabe vostede canto custa producir un megavattio hidroeléctrico? Aproximadamente, dependendo do grao de amortización, 3, 4 ou 5 euros por megavattio. ¿Sabe en canto se retribúe un día normal, hoxe? Non sei a como está hoxe o sistema, pero uns 50 euros. ¿Sabe vostede dalgún negocio que produza a 5 e venda a 50 todo canto produce día tras día, ano tras ano? ¡E a auga cáenos do ceo! (*Aplausos.*) A auga cáenos do ceo.

Iso é o que lle están negando votedes ao pobo galego. Pero, xa lle digo, non hai problema. Vostedes paran a historia. Sempre escoito moitas veces un voceiro do Partido Popular, un voceiro cualificado do Partido Popular, que cando hai críticas sempre di: Nós temos unha gran estabilidade. ¡Pois bendita inestabilidade! Porque estamos no fondal en todos os índices neste país, en pensións, en salarios, en todo, e pagamos máis electricidade polos suplementos territoriais. Algún día bendita sexa a inestabilidade, a ver se, remexendo algo, melloramos algo. (*Aplausos.*) Porque ata agora son un freo.

Eu creo que a súa intervención, esa actitude de reñir a todos, vir aquí a reñir a todos, é de mala conciencia, é de mala conciencia. Saben o que están facendo. O ser humano é un animal político. Sabemos o que está facendo. ¡Trampas ao solitario aquí ningunha! Entón, saben



que están actuando perversamente para os intereses de Galiza. Logo podemos falar. Falouse aquí de portas xiratorias, de intereses das eléctricas... Iso é intocábel, é intocábel. A dos Peares ten apelido —Naturgy—. A de Belesar ten apelido. E isto ten que manterse así, non imos tocar eses intereses, que os nosos son secundarios.

Logo temos o tema das electrointensivas, o tema do que está pasando agora nas térmicas. E lémbrolle que este Parlamento no 2016 acordou traer aquí a relación de concesións e o seu estado. Aínda non se fixo. E se miramos en Augas de Galicia e se miramos no Inega non coinciden algunhas concesións, e se miramos expedientes é impresentábel a situación na que están. Voulle dicir unha central e consígame vostede o expediente: Muíño Novo —río Eume—. Dixo que a información era pública. Consígame o expediente de Muíño Novo, río Eume. Consígamo. Está perdido, e recoñéceo a propia Administración.

E estamos nun tema de transición enerxética. Efectivamente, son da CIG e son das Pontes. E aquí tamén pedimos xustiza para o noso país, pedimos que o noso país tamén teña unha transición xusta. *(Aplausos.)* Producimos electricidade para mandar ao Estado e agora o Estado toma decisións contra nós, e non imos distinguir se é mellor papá Xunta ou mamá Estado. Estamos orfos. Nós estamos orfos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu estou falando para todo o Parlamento.

Nós estamos orfos. Se nós producimos electricidade, se nós beneficiamos noutro momento económico outros puntos do Estado, queremos que haxa xusto trato coas nosas comarcas. E non para mañá ou pasadomañá, ¡para antonte! Porque as consecuencias xa as temos hoxe. E esta ILP ía na liña de poder ter capacidade decisiva no sector eléctrico. Vostedes ao que renuncian é a iso, renuncian a gobernar. Confórmanse con ser unha gran deputación provincial, unha moi grande deputación provincial. Pero renuncian a gobernar este país. Non se preocupen, paran o tempo pero non paran a historia. Seguirá.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Branco Parga.

Señor Branco Parga, vostede foi deputado, ademais un deputado avezado, que botou aquí moito tempo. Pregunteille ao vicepresidente —porque eu non estiven no debate—, pero súxime que insultos non houbo. Falouse dunha demagogia. Pero vostede sabe que a palabra «demagogia» aquí utilízase a diario. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, pero el confirmoume que non houbo ningún insulto. Se vostede se sente insultado, retíroo. *(O señor Branco Parga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Correcto, entendido.

Asunto concluído.

Moitas grazas pola súa presenza aquí.

(Aplausos.)



Continuamos

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra, polo Grupo Común da Esquerda, a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

¿Saben de que é este mapa? *(A señora Solla Fernández amosa un papel desde a tribuna.)* É o cadro de casas de apostas e de xogo que hai neste momento en España. E Galicia é unha «zona cero» nesa implantación das casas de apostas.

É unha zona cero da implantación das casas de apostas e das casas de xogo como aconteceu desgraciadamente nos anos oitenta coa penetración das drogas no noso país. Temos que facer este símil, esta comparación, porque, precisamente nun momento no que a xuventude está sufrindo a precarización no emprego e o proceso de desindustrialización do país, como aconteceu tamén nos anos oitenta, xusto neste momento o Goberno permanece impasible ante a penetración do xogo e da ludomanía no noso país.

Un de cada catro mozos e mozas de 12 a 17 anos en Galicia apostaron xa algunha vez. E temos neste momento 10.000 menores de idade enganchados ao xogo en Galicia, ¡10.000 menores de idade!, unha cifra elevadísima que debería poñer os pelos de punta a calquera goberno. E, pola memoria que ten este país en materia de narcotráfico, de penetración das drogas, do problema que supuxo para diversas xeracións da nosa mocidade, hai que actuar non desde hoxe senón desde antonte. Porque o que aconteceu ata o de agora é que o Goberno do Partido Popular se dedicou a facilitar a implantación, incrementando o número de licenzas no noso país —por vía decreto ou tamén a través de modificacións das leis de acompañamento—. Permaneceu impasible e non foi ata o de agora —que comezou a mobilización social no marco de protestas nos diferentes barrios de Galiza pola implantación das casas de xogo e de apostas— que decidiu aparentemente tomar algún tipo de medida; algún tipo de medida absolutamente insuficiente que, dende logo, chega tarde e chega preocupantemente das mans do sector do xogo. Non se pode poñer o lobo a coidar das ovellas.

Miren, a historia desta proposición de lei que hoxe presentamos aquí parte dun punto que a nós nos xerou bastante preocupación. Foi o sector do xogo o que se reuniu cos grupos parlamentarios, hai en torno a dous anos, para anunciarnos que estaban traballando co Goberno do Partido Popular unha lei, unha norma, para modificar a actual regulación en Galicia. Temos, os deputados e deputadas dunha cámara, que enterarnos por parte dun *lobby* que vai haber unha regulación; unha noticia absolutamente estarrecedora.

Pasaron os meses, o Goberno non fixo absolutamente nada e nós fixemos un traballo reuníndonos coas asociacións, cos colexios profesionais e cos colectivos para traer este texto a esta Cámara. Humildemente é a proposta que podemos facer dende o Grupo Común da Es-



querda, entendendo que este problema é gravísimo, que está *in crescendo* e que hai que tomar solucións, desde logo, drásticas. Non valen os parches e non vale asumir que un vicepresidente dun goberno, como é o señor Rueda, poida unha vez máis, mañá, estar nesa reunión da patronal e do *lobby* do xogo que se vai celebrar en Santiago de Compostela. Poñemos o lobo a coidar das ovellas cando os nosos fillos e fillas, cando os nosos sobriños e sobriñas, cando os netos e netas das galegas e galegos, están, dende logo, correndo perigo porque non se fai nada para acoutar ese perigo que significa a adicción, a ludomanía, o xogo. O xogo non é un ocio para a nosa mocidade, non queremos as casas de apostas dentro dos barrios das vilas do noso país, pero non queremos tampouco as apostas que se fan dende as máquinas instaladas na hostalaría.

Temos un problema, insisto, que vai *in crescendo*. Que un cuarto dos adolescentes de Galicia apostaran xa algunha vez é un problema. Son menores de idade e non se está facendo absolutamente nada. Non queremos volver ver as imaxes das familias —como aconteceu nos oitenta coas nais contra a droga— protestando. E estamos tendo que ver xa... (*A señora Solla Fernández amosa unha foto desde a tribuna.*) E non proteste, señora Paula Prado. Non se pode frivolar con este tema. Supoño que vostede vai intervir e é un tema suficientemente grave como para que vostedes o tomen en serio.

O Partido Popular falloulles ás familias de Galicia, falláronlles nos anos oitenta. Vostedes teñen que tomar medidas para non volver fallarlles, para que os mozos e mozas deste país, para que os nenos e nenas deste país, non teñan un goberno que lles dá as costas senón unha normativa que os protexa e que free a proliferación da ludomanía no noso país. (*Aplausos.*)

Galicia ten competencias de sobra en materia autonómica. Espero non escoitar ningún tipo de intervención dos diferentes grupos, pero sobre todo do Grupo Popular —que xa o utilizou nalgún debate en comisión—, aducindo que non se ten competencias nalgunha materia. Advírteoo porque non é certo, e estamos fartas de oír esta ladaíña para evitar regular un sector que se fai rico á custa da nosa mocidade. Setenta e cinco millóns de euros gañaron no último ano, nun ano, en Galicia; 75 millóns de euros á custa do futuro e dos cartos da mocidade obreira. Isto é o que acontece no noso país. Por suposto, moitos adultos tamén están enganados, pero preocúpanos o futuro desa mocidade porque tivemos problemas no pasado e non queremos volver repetir esa situación.

Hoxe traemos aquí unha proposta, que é sinxela, de modificación da lei actual, e que se basea nuns principios que consideramos que son absolutamente imprescindibles para evitar que volvamos ter un drama coas adiccions —por certo, moi preocupado non está o Partido Popular coas adiccions cando a Estratexia galega de adiccions leva caducada dous anos; dous anos sen controlar o ascenso do alcoholismo, dous anos sen controlar o ascenso da ludomanía e dous anos sen controlar a situación das adiccions ás drogas no noso país—.

Esta iniciativa que traemos hoxe aquí, insisto, foi froito do traballo con moitas persoas no noso país e da reflexión, e estivo á espera de que o Goberno do Partido Popular fixese algo, ¡fixese algo! E decidimos rexistrala neste Parlamento ante a ausencia dunha proposta despois de que o sector do xogo nos anunciara que eran eles os que estaban traballando co Partido Popular unha nova norma.



Hai cinco medidas —ten máis, pero hai cinco cousas sinxelas—:

Prohibición da publicidade, ¡toda a publicidade! Non podemos estar sufrindo todos os días nos medios de comunicación, na prensa, na radio, na televisión, o bombardeo constante das casas de apostas que chaman a apostar ás mozas e aos mozos no xogo online. ¡Fóra a publicidade que chama a entrar no mundo do xogo! Hai competencias, e hai que exercelas nesta materia. *(Aplausos.)*

Non podemos ter equipos deportivos que patrocinen o xogo. ¿Como o deporte —que é a antítese das apostas— pode acoller nos seus patrocinios empresas que facilitan que as persoas se enganchen a algo como é o xogo e as apostas? Iso non pode caber na nosa comunidade autónoma. Hai que acabar con iso xa.

Segundo, prohibición da venda de alcohol nas casas de apostas e de xogos. As casas de apostas non son bares, non se vai socializar ás casas de apostas. Estamos creando unha forma de ocio patolóxica entre a nosa mocidade. Non se vai alí a charlar, hai outros espazos de ocio para facelo. Hai que evitar que ademais se una o consumo de alcohol coas apostas, porque é un problema para as persoas que xa teñen múltiples adiccións. E, evidentemente, reduce a percepción do risco que supoñen as apostas.

Terceiro, salóns de xogos e apostas lonxe dos menores, lonxe das asociacións de persoas ex-adictas, lonxe dos centros sanitarios; pero non a 300 metros, non a 150, ou cruzar a rúa e velos enfronte, ¡a 1 quilómetro, para que non se instalen nos mesmos barrios de traballadores e traballadoras, en todos os barrios de Galicia, que están sendo unha praga no noso país as mesmas casas de apostas! Non só lonxe dos colexios, senón lonxe dos institutos, dos centros deportivos, dos centros sanitarios, lonxe das asociacións de persoas adictas. Hai que protexer as persoas máis vulnerables, e o Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia non están actuando nese sentido.

Cuarto, control na hostalería. Temos un patrón claro no noso país. É certo que se está incrementando o acceso ás casas de apostas, aos salóns de xogo. Pero a maioría dos menores non aposta aínda aí, a maioría dos menores aposta acudindo a un local de hostalería. O 25 % dos adolescentes no noso país apostan, o 25 %, ¡un cuarto! Pero só un 9 % —en contra do que pode parecer— faino online. O resto van ás maquiniñas dos bares, que ademais son tradicionais no noso país. E temos que poñer algún tipo de mecanismo para controlar que os menores de idade non poidan apostar. Isto non é ocio, isto é un risco para a saúde pública. E o Goberno ten a capacidade e a obriga de controlalo. Polo tanto, elementos de control pola vía que desexen. As asociacións propoñen que se introduza o control mediante DNI nas máquinas de apostas, e ademais —un elemento que é importante para nós— fóra da vista dos menores. Se non se pode fumar nos locais, ¿por que se pode apostar? Se non hai anuncios, se non hai publicidade de alcohol, de drogas, de tabaco, ¿por que se pode apostar diante dun menor? ¡As apostas fóra da vista dos menores! Non se pode facilitar neste país que se siga incrementando a ludomanía.

Quinto, derogación e eliminación das licenzas —carácter retroactivo—: quen non cumpra a lei queda sen licenza. Neste país isto é unha barra libre, hai 3.600 licenzas. No ano 2017 a Vicepre-



sidencia autorizou pasar, vía decreto, de 2.000 a 3.600 licenzas de máquinas de apostas no noso país. E non se retira ningunha. E non se retiran as licenzas das casas de apostas se incumpren a lei. E vostedes veñen anunciar agora non sei que modificación —vía «lei de acompañamento»— para os bingos. ¿Para que? ¿É un lavado de cara? Nós ofrecémoslles con esta proposta a man tendida para dialogar. Non o fixeron ben ata o de agora. Facilitaron a instalación, facilitaron o incremento de licenzas, actuaron en contra dos dereitos dos menores no noso país, desprotexeron as familias galegas, desprotexeron as familias galegas igual que se fixo nos anos oitenta.

Pero nós hoxe temos aquí a man tendida para dicirlles ao resto dos grupos parlamentarios que, se teñen a ben aceptar esta proposta —que seguramente é mellorable e hai moitos aspectos que todos os grupos van poder facilitar—, nós imos ter esa man tendida para dialogar. Porque non podemos esperar a que se decidan a traballar outro texto que nunca chega. Temos sobre a mesa os aspectos máis importantes, que están consensuados coas asociacións, que están consensuados cos colectivos. E hoxe quero darlles tamén a benvinda ás persoas que están no público e que están atendendo a este debate, porque hai moitos barrios en Galicia que están pendentes do que vostedes vaian facer con esta cuestión para evitar que continúe a implantación ou a extensión desta lacra, desta problemática de saúde pública. É un problema de saúde pública.

E o día que fixemos preguntas en relación con este tema, para preparalo e para ver como ía o debate no marco desta lei, na Comisión 5ª ao director de Saúde Pública tremeulle a voz e asumiu que as medidas que estaba a traballar o Goberno non eran suficientes. E a realidade é que é bastante sinxelo o que hai que facer. Insisto: prohibir a publicidade, prohibir a venda de alcohol nas casas de apostas, os salóns de xogo lonxe dos menores e das persoas adictas, control na hostalería das máquinas —fóra do acceso dos menores— e revogar as licenzas que non cumpran. O obxectivo non pode ser facilitar a implantación, o obxectivo no noso país ten que ser dificultala, ilas eliminando dos nosos barrios, porque —insisto— isto non é unha forma de ocio para a clase traballadora.

Teñen vostedes a oportunidade de mudar hoxe aquí a actitude que tiveron nos últimos meses e, sobre todo, nos últimos anos, e non volver repetir un problema —polo que está tendo que saír a clase traballadora deste país, as familias, a protestar, como saíron contra as drogas nos anos oitenta— porque o Goberno, que debería protexelas, non o está a facer.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señorías.

Vaia por diante que desde En Marea imos apoiar esta proposición de lei, que, por outra parte, aparece tamén asinada por min e, polo tanto, fóra de toda dúbida esa circunstancia. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois quero deixalo ben claro, por se ao señor Pazos lle quedaba algunha dúbida.



Miren, esta lei xorde por unha necesidade, por unha necesidade de carácter social e por unha necesidade de carácter social acuciante fronte, no mellor dos casos —imos formular a hipótese de «no mellor dos casos»—, a unha deixación de funcións dun goberno que non está atendendo a unha realidade social que está aí fóra; que clama ben alto por atender colectivos especialmente vulnerables en situación de notorio desamparo por unha redacción actual da Lei do xogo de Galicia que non responde para nada ao que está pasando aí fóra. Polo tanto, hai que atender esa situación de finalidade social, que é a protección de persoas menores, de persoas desempregadas, de persoas en situación de especial vulnerabilidade como consecuencia dunha regulación dun sector que está promovendo que entre nas súas vidas, que entre nas súas casas, que entre na súa intimidade sen ningún tipo de control público.

Estamos falando da implantación de casas de apostas en barrios de persoas traballadoras, de xente azoutada pola ditadura da precariedade laboral, de xente empuxada á falsa ilusión de que vai mellorar a súa economía como consecuencia de participar en calquera destas modalidades de apostas, como unha forma de superar a falta de oportunidades e de expectativas laborais que neste momento se lles está ofrecendo por parte, particularmente, dos poderes públicos, e a falta de oportunidades en xeral tanto de expectativa laboral como de expectativa social. Si, estamos ante unha tormenta perfecta ocasionada por unha explosión dun sector que non está sendo regulado adecuadamente nas novas formas de publicidade, nas novas formas de xogo, nas novas formas de presentación en relación, singularmente, cos menores e coa xente moza en xeral. E, en segundo lugar, pola desatención a esa realidade social cambiante e á forma de interacción con estes colectivos, vinculada tamén a unha especial situación de falta de expectativas persoais, laborais e sociais.

Atende isto, por tanto, en segundo lugar, a unha realidade social cambiante non contemplada pola norma. Hai novas formas de xogo que son máis íntimas no telemático, no sentido de que se poden realizar con total normalidade desde a casa, desde o teléfono móbil. E a pesar de que hai modalidades que están perfectamente socializadas nas casas de apostas, coa súa patoloxía asociada a esa forma de socialización, tamén hai desde un ámbito de intimidade, que non ten ningún tipo de control se non é regulando o espazo publicitario —neste caso, como defende a norma e nós respaldamos, mediante a súa prohibición— para que esa accesibilidade total, esa accesibilidade invasiva, esa accesibilidade completamente descarnada teña fin para a protección de bens superiores. Hai un ben superior ao da liberdade de empresa, hai un ben superior ao da publicidade e comercio lícito. E ese ben superior é a protección dos menores e a protección das persoas en especial situación de vulnerabilidade social. Polo tanto, atendendo a ese conflito de intereses que debe ser resolto a favor do ben maior, o ben maior neste caso non pode ser outro que a protección desas persoas.

Esta proposición de lei responde a esa situación actual que todas e todos coñecemos sobre unha publicidade que ten carácter agresivo, que ademais está protagonizada recorrentemente por persoas de prestixio social no espazo de entretemento, no espazo dos deportes, no espazo lúdico. Xente que está reputada e da que en principio se supón instintivamente que non vehiculiza ningunha mensaxe perigosa ou ningunha mensaxe á que debemos de prestar especial atención. Pois si, señorías, iso forma parte precisamente do engano, do engano suficiente para colocar nunha situación de desvantaxe, de baixada de garda, de incapacidade para reaccionar criticamente fronte ao que nos está chegando polos medios



publicitarios. E debemos dicilo claramente, porque a regulación da publicidade e a forma na que esta se vehiculizou nos últimos anos e nas últimas décadas ten dado lugar a numerosos debates públicos.

E este pensamos que debe ser un deses debates; uns debates que a este Parlamento xa trouxo o colectivo de traballadores e traballadoras hai practicamente dous anos, cando no Grupo de En Marea tivemos unha xuntanza co colectivo de traballadores, que nos facía chegar unha advertencia seria e clara de que estaba sucedendo todo isto. Dicíase nos, ademais, que, ante esa hipótese da nova regulación da Lei do xogo, os traballadores e as traballadoras tiñan que ter representación, non soamente a patronal. Tiñan que ser os propios traballadores directamente, por medio dos seus representantes, os que estivesen aí para ter opinión directa sobre o que estaba pasando e como estaba cambiando esa forma de organizar os sistemas de xogo. Dicíase nos xa naquela altura —hai practicamente dous anos, en febreiro de 2018, que é cando mantivemos esta reunión— que se estaba producindo unha paulatina diminución dos traballadores nas casas de apostas, e que iso impedía, en primeiro lugar, controlar os accesos adecuadamente para que as persoas menores, que non poden entrar, non o fixesen; ou as persoas que, como consecuencia de estar en procesos de deshabitación de determinados hábitos non puidesen tampouco acceder a esas casas. E que os despedidos masivos que se están producindo no sector —á parte de precarizar as condicións laborais ou mandar ao paro xente que estaba funcións que eran requiridas conforme a Lei do xogo— estaban tendo o efecto non secundario senón principal de levar a cabo a permisividade en relación coas prohibicións, que non estaban sendo respectadas.

Chamábasenos tamén a atención naquela altura respecto de que a nivel impositivo non se estaba controlando adecuadamente a forma cambiante na que se estaban producindo as apostas. De tal maneira que as máquinas comecartos, ou as máquinas de apostas, que están en locais de hostalería —en cafeterías, bares, etc.— pagaban unha taxa fixa a pesar de que os beneficios eran cada vez maiores porque o volume de negocio que movían era cada vez maior.

Fago un inciso e chamo a atención de que na previsión da memoria orzamentaria para o 2020 o Goberno galego considera que existe unha diminución dos ingresos como consecuencia destas taxas. Ben, pois teñen vostedes a oportunidade, mediante esta proposta de modificación legal, de introducir reformas normativas. Se non o queren facer aquí, teñen tamén a Lei de medidas administrativas, que xa están utilizando para regular tamén e para introducir modificacións neste sector. Poden facelo para evitar que haxa unha baixada de recadación e, pola contra, para que haxa un aumento de recadación. E isto non soamente como manifestación de riqueza senón tamén —como dixo o Tribunal Constitucional— como unha vontade de manifestación dunha finalidade parafiscal; é dicir, neste caso, o desincentivo ao xogo a determinados colectivos. Poden facelo, teñen as ferramentas, é o momento e esta propia proposición de lei valería tamén para vehiculizalo autonomamente durante a súa tramitación. Soamente terían que ser valentes para poder dar un paso a adiante e aceptalo.

Isto era algo do que nos trasladaban os traballadores e as traballadoras, como a súa vontade de estar presentes non soamente na tramitación da lei senón tamén, con carácter xeral, na regulación mediante a Comisión do Xogo de Galicia.



A maiores disto, entendemos, no concreto, que esta norma atende a meirande parte das necesidades que se están aquí apuntando, e das que se está facendo eco tamén —como poden vostedes contemplar— a prensa nos últimos tempos. En primeiro lugar, unha protección efectiva fronte á ludomanía mediante unha publicidade cero. A publicidade cero é unha forma de regular a publicidade dun sector, é unha das formas posibles. A forma cero é unha forma posible de regular a publicidade. Pois nós apostamos por esa forma cero de publicidade tamén a nivel online.

A protección da infancia, da adolescencia, dos menores, dos mozos e mozas, artículase moito mellor cando non existe unha conexión xeográfica e física na proximidade. E, polo tanto, dentro dos usos e dentro da distribución do espazo urbano, hai que agrandar suficientemente a distancia entre os centros onde se producen estas actividades e os centros de ensino.

Da mesma maneira que, como explicou tamén a deputada Solla, a prohibición da venda de alcohol nestas casas contribúe a facilitar a idea de que non estamos ante un espazo de socialización. Se o Goberno ten interese en facer espazos de socialización, que fomente as casas da mocidade, que fomente os espazos de encontro xuvenil, que fomente o deporte de base. Pero, dende logo, esta non nos parece unha boa idea para facelo e, polo tanto, é unha oportunidade para poñer un punto e á parte neste sentido.

E, finalmente, tamén acoller a representación dos traballadores e das traballadoras na regulación no sucesivo no foro permanente que ten que haber para facer seguimento de todo este sector.

Señorías, teñen vostedes diante de si unha proposición de lei que é consecuencia da súa inacción. O anunciado e cacarexado Proxecto de lei do xogo tarda en chegar e, mentres tanto, a realidade hai que atendela, e hai que atendela xa. E por esa razón a oposición, que ten máis iniciativa neste sentido que o propio Goberno, dá un paso adiante para esta regulación. Vostedes poderían facelo e acollelo xa. Empezaríamos a tramitación parlamentaria e conseguiríamos atallar estas dificultades con maior celeridade que a que polo visto lle está imprimindo o Goberno galego, que, por outra parte, necesita que recorrentemente o Grupo Popular inste a que se inclúan cousas nesta tramitación a pesar de que é o propio grupo que sustenta o Goberno de Galicia.

Poderían votar a favor, pero seguramente votarán en contra, porque autocrítica, cero —algo que desde logo é moi mellorable—. E é unha situación de lamentar como consecuencia tamén da especial sensibilidade, da especial vulnerabilidade, dos colectivos aos que nos referimos e aos que é necesario dar unha resposta que ten que ser áxil e ten que ser xa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Bo día a todos e a todas, e bo día tamén ás persoas que nos acompañan na bancada de convidadas.

Vaia por diante que nós, desde o BNG, imos apoiar tamén a toma en consideración do proxecto de lei. Facémolo como un voto a favor tamén a esa necesaria mudanza lexislativa que levamos defendendo nos últimos plenos, nos que foi obxecto de debate esta cuestión que se vén reclamando —como se dicía por parte da señora Solla— polos colectivos veciñais, asociacións, organizacións políticas e distintas entidades que traballan coas persoas que se atopan en situación de ludomanía, que veñen reclamando esa necesaria mudanza legal. Nós seguimos insistindo —dixémolo hai quince días— en que o que urxe tamén é traer ese proxecto de lei que a Xunta de Galiza ten redactado para comezar a cambiar as cousas.

E apoiámola en dous sentidos, ou con dous obxectivos, fundamentalmente. O primeiro é a necesidade de actualizar un marco normativo superado pola realidade actual, especialmente no que ten que ver coas apostas en liña, poñendo ademais couto á proliferación e masificación das casas e máquinas de apostas no noso país. E, en segundo lugar, pero máis importante —ou así o cremos as nacionalistas—, intervir de maneira decidida sobre o que é xa un problema de saúde pública neste país, como é a ludomanía, ademais de intervir no mercado publicitario e noutras técnicas de comunicación comercial que promoven a aposta como unha forma de lecer máis. Non é un xogo, eu creo que o primeiro que hai que cambiar é o título da lei. Non é un xogo.

En Galiza vimos nos últimos anos como se disparou a aparición de casas e máquinas de apostas, así como o número de persoas —maioritariamente homes— que recoñecen apostar con asiduidade. Só entre xaneiro e maio de 2019 —ata o momento no que se aproba esa moratoria, cinco meses deste ano— foron autorizadas 23 casas de apostas máis no noso país, ata elevar o total a 159, situadas a maior parte —aínda que non só— na Coruña e Vigo. Da mesma maneira, o número de terminais de apostas en locais de hostalería suma xa 3.171. E, despois, cómpre lembrar que o Partido Popular mudou no 2017 o regulamento que fixaba un máximo de 2.000 terminais para todo o país. As cousas non aparecen soas.

Que as apostas se converteron nun importante e lucrativo negocio vese non só na proliferación tanto de casas e salóns de apostas como de terminais, senón tamén na xeneralización das apostas en liña e tamén na cantidade de diñeiro que se destina a esta actividade. Non vou entrar en datos moi farragosos, pero simplemente, como exemplo, no conxunto do Estado español, entre 2013 e 2018, a contía de diñeiro apostado ao chou en todo o territorio pasou de 5.600 millóns de euros a 17.300, o que representa un incremento en só seis anos do 210 %. É máis do orzamento que manexa a Xunta de Galiza para todo un exercicio económico. No caso do noso país, en Galiza, foron 1.700 millóns de euros, principalmente nas máquinas de tipo B —as comecartos, para entendernos—, instaladas en bares e outros locais de hostalaría. Insisto en que o PP autorizou no ano 2017 a que pasasen de 2.000 terminais a 3.600.

De facto, no noso país esta é a principal vía de entrada ás apostas. Recentemente, un estudo publicado pola asociación Agalure, en colaboración coa Deputación da Coruña, describiu o perfil de persoa ludómana en Galiza —a través das persoas que acoden á súa entidade—



como un home de 36 anos con estudos, maioritariamente cun emprego fixo e coas máquinas comecartos como causante inicial da súa entrada nas apostas —antes, por certo, dos 19 anos—.

Todos os colectivos, asociacións ou entidades que traballan con persoas ludómanas levan anos advertindo dos prexuízos que implica a adicción ás apostas, mais, sobre todo, advirten da tendencia cada vez á incorporación de persoas máis novas a esta actividade e do que é xa un problema —insisto— de saúde pública, mais tamén un inxente e lucrativo negocio para un pequeno feixe de empresas. Luckia, Cirsa, Comar, Codere, Sportium e Reta son algunhas empresas —ademais asociadas entre elas— que principalmente copan o mapa do noso país con tendas, salóns e máquinas de apostas. Son empresas que se converteron nos últimos anos en xigantes da man do patrocinio aos principais equipos deportivos do Estado. Dos 20 equipos que concorren na liga de fútbol profesional española, 19 contan con patrocinadores exclusivos e provedores oficiais de apostas. Dito doutra maneira: a donostiarra Real Sociedad é o único equipo de fútbol que non conta con isto.

Convertéronse en xigantes, concentran enormes cantidades de poder, pero non só por patrocinar os grandes e poderosos equipos de fútbol, tamén por ir incorporando ex-ministros progresivamente aos seus consellos de administración; portas xiratorias que evidencian o crecente poder deste sector, como xa ten o sector eléctrico. Sirva de exemplo unha das principais empresas que opera aquí en Galiza: Codere. É unha empresa española patrocinadora do Real Madrid que conta con dous ex-ministros do Partido Popular: Pío Cabanillas, membro do consello de administración, e Rafael Catalá, que ingresou en nómina en xullo de 2019 como asesor legal e normativo. (*Aplausos.*) Xa fixera parte, por certo, do consello de administración entre 2005 e 2011, antes de entrar o goberno de Mariano Rajoy.

Política, fútbol e apostas. Falábase aquí do deporte, dunha estreita relación entre a política, o fútbol e as apostas, que se dá tamén aquí en Galiza, onde a Federación Galega de Fútbol, presidida polo destacado membro do Partido Popular, o señor Rafael Louzán, asinou en xullo do ano 2018 —e trouxen proba gráfica do tema para que non pensen que estou inventando nada, poden vostedes acudir á fonte orixinal, que é a páxina web da Real Federación Galega de Fútbol— un acordo coa empresa Luckia para promover as apostas entre os equipos galegos. Nace A Xogada, a primeira aposta exclusiva do fútbol galego. Na aposta entran os partidos dos equipos de primeira, segunda, e segunda B, pero tamén o proxecto se estende aos equipos de terceira e preferente, coa repartición de 2.000 euros por equipo. Imaxinen quen vai a eses partidos de fútbol.

Luckia está sendo, por certo, investigada na operación «Oikos» por un presunto caso de amaños —un de moitos—.

Por sorte, hai voces valentes tamén, como a do porteiro Dani Giménez, que dicía: Son poderosas, teñen un poder que están conseguindo por culpa da xente que move isto. A ninguén lle gusta que as casas de apostas estean nos barrios obreiros e que se aproveiten dos que teñen menos recursos. Pero ao final patrocinan equipos, patrocinan competicións, ábrenlles a porta. E esperemos que non sexa demasiado tarde cando nos deamos conta de que non debería de ser así.



Galiza ten competencias para frear isto e comezar a intervir sobre a crecente incorporación da mocidade ás apostas e na prevención da ludomanía, mais non podemos co marco actual, por moito que ás nacionalistas nos pese, intervir sobre as apostas en liña, nin tampouco sobre a publicidade na rede, onde máis crecente é o número de mozas e especialmente mozos —o 85 % son homes—. Isto é, ata o momento, competencia exclusiva do Estado. Nós estamos abertas, en todo caso, a que sexa parte da soberanía nacional deste país, pero o certo é que o Goberno español ten desde o ano 2015 un real decreto de regulación da publicidade nesta materia metido nunha gabeta, ¡desde o ano 2015!

Hai que pór fin á normalidade e naturalidade coa que se promoven as apostas nos medios de comunicación, e especialmente na rede, con técnicas de publicidade enormemente agresivas que levamos sen ver... Eu son estudante e licenciada en publicidade, e eu pensei que esas estratexias de publicidade e de comunicación comercial estaban absolutamente desterradas, pero vemos que se recuperan. ¡Ocho, ocho, ocho! ¡Apuesta, apuesta, apuesta! ¡Gana, gana, gana! ¿Lembran? Estou absolutamente convencida de que todas as persoas que están aquí viron ese anuncio, e poden dicir —non o digan, non é necesario— cal é a persoa que o protagoniza. Non é casual que o recorden, non é casual que o identifiquen, porque fai parte dunha estratexia de comunicación persuasiva perfectamente deseñada. Sería impensábel, ¡sería impensábel!, ver hoxe en *prime time* un anuncio desas características que promova o consumo de tabaco ou o consumo de alcohol.

Desde o BNG imos —e con isto remato, presidente— apoiar a toma en consideración desta proposta. Pero insistimos en que urxe iniciar canto antes o proceso de tramitación do anteproxecto da nova lei e que esta sexa un instrumento útil —como están a reclamar moitos colectivos, moitas entidades e asociacións deste país— que vaia máis alá de establecer unha moratoria e que interveña desde xa para previr o que, insistimos, é un problema de saúde pública.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día, ou case boa tarde nestas horas ambiguas xa.

Dende o noso grupo imos apoiar a toma en consideración desta proposta, sen dúbida, e ímolo facer plantexando dúas cuestións que cremos esenciais.

Primeiro, facémolo aínda que debateríamos algún aspecto concreto. Pero cremos que esencialmente e en boa medida as propostas que se fan a través desta proposición de lei son bastante atinadas. As nosas diferenzas poderían ser algunhas cousas de matiz. Algunha vou explicar pero son cousas menores.



En segundo lugar, nós si cremos —e creo que basicamente tamén foi o expresado polas distintas voceiras que me precederon— que é necesaria esa nova lei, pero si que é importante que, xa que non existe —e voume parar a explicar un pouco cal é a nosa posición sobre isto—, esta proposta si é moi interesante e moi acaída.

Citáronse aquí algúns exemplos —dende o noso punto de vista tamén era importante facer un pouco de fincapé nesta cuestión—, e algúns relacionados fundamentalmente co eido deportivo. Probablemente, ou sen ningunha dúbida, todos sabemos que é o ámbito onde máis se focaliza o espazo das apostas. Hai algúns exemplos claramente negativos. É certo que se imos a ese mundo do fútbol, a primeira división practicamente está chea de equipos... —a Real Sociedad tamén, porque cobra indirectamente das quinielas—. Por tanto, quero dicir que todos, todos os equipos, están implicados en certa maneira. Aínda que algunhas —e iso tamén ten que ver coa tolerancia social— parece que son menos ofensivas que outras; que certamente si o son dalgunha maneira, pero en realidade si que hai unha implantación social que xera moitísimo volume económico. E, por tanto, ante o poder económico é moi difícil moitas veces frearse, hai que poñer pé en parede e é necesario plantexar isto.

Hai algúns exemplos positivos. Coñezamos algúns. Sei que seguramente moitos dos que están aquí os coñecen. No baloncesto feminino en Vigo, o Celta Zorka Recalvi acaba de renunciar a un patrocinio de casa de apostas porque considera que dende o seu punto de vista non é o espazo do deporte o ideal para promocionalo. E é un exemplo que eu creo que tamén hai que dicilo. É no baloncesto feminino, por tanto, e non é menor, non é menor, porque hai unha presenza moito maior de homes que de mulleres nas apostas, están moito máis implantadas en homes que en mulleres. Se cadra, hai unha concienciación maior en mulleres que en homes. Ese é un gran exemplo, e deberíamos de telo en conta tamén, que seguro que a moitos nos enorgullece que ademais sexa un exemplo galego. E —permítanme ademais a paréntese— no baloncesto feminino —que a aportación económica que teñen eses clubs é moi moi escasa— case calquera aportación é milagreira para eles, e acaban de renunciar. Creo que é importante sinalalo.

En todo caso, dicíamos que hai dúas cuestións que nós queremos destacar sobre esta proposta de lei. En primeiro lugar, que temos algúns matices. Non, non é día de entrar nos matices concretos da lei, porque apoiamos a toma en consideración precisamente porque cremos que é oportuno poder tratar sobre eles. Si cremos que hai algún —e xa o avanzamos— tanto para esta, se se tramitara —permítanme ter algunha difícil expectativa de que saia aprobada, pero oxalá, oxalá sexa así—, pero incluso tamén para esa nova lei, se nalgún momento chega a este Parlamento despois de tanto avisar, que é a ausencia de responsabilidade que asume para si a Comunidade Autónoma. En certa maneira estamos trasladando —ocorre tamén noutras lexislacións, como a lexislación orientada á prevención de consumo de alcohol en menores—, que toda responsabilidade é externa á Administración. É dicir, todo o control pasa polos hostaleiros, que, no caso do consumo do alcohol, teñen que pedir os DNI a todos os clientes, un por un, e que neste caso deberían ser os responsables de controlar o acceso de menores ás máquinas de apostas nos bares. Pasa polos concellos, que teñen vixiar especialmente as cousas das licenzas; moitas veces os concellos, que están en contra da implantación dalgunhas casas de apostas, non teñen o mecanismo legal suficiente e cando queren recorrer á administración superior —que é a Xunta de Galicia—, na Xunta



de Galicia ninguén abre a porta; pasa ultimamente, por exemplo, nalgún concello como pode ser en Redondela.

A verdade é que nós demandamos que a Administración si que asuma notoriamente moitas das responsabilidades que agora non asume, que despexa para fóra. E, polo tanto, cremos que si que é importante introducir ese aspecto.

Si que o fai neste caso —e cremos que é un bo exemplo tamén— a mal chamada Lei antitabaco. ¡Todo o que houbo que escoitar da Lei antitabaco! Pouco menos que ía acabar co país a Lei antitabaco, e co que acabou —non de todo— foi con moitísimo problema de saúde pública polo consumo de tabaco. Unha lei agora aplaudida, incluso —e tamén hai que dicilo— non por todos pero por algúns membros deste goberno da Xunta de Galicia, como o director xeral de Saúde Pública, que así o recoñeceu, á terceira vez que se lle preguntou —non á primeira nin á segunda, que é moi difícil recoñecer algo a un goberno socialista— polo efecto da Lei antitabaco. Un bo efecto que, en realidade, contribuíu en boa medida a esa redución, non en todo, seguro que con defectos, pero contribuíu. E ese é un bo modelo, porque si que traslada a responsabilidade ás propias administracións e faino de maneira contundente. Probablemente ao inicio estas leis parecen contundentes pero son imprescindibles.

E, en segundo lugar, dicíamos que para nós é moi importante ter en conta que é necesaria esa nova lei. Hai unha demora, xa pouco xustificada ou dificilmente xustificada, con respecto á importancia que ten a necesidade dunha nova Lei sobre o xogo e apostas en Galicia. E, a verdade, se durante moito tempo se anuncia unha lei que vai ser teoricamente limitante ou que vai cercear a capacidade de implantar certos negocios, pero demórase moito en implantar e ademais avísase de que non vai ser retroactiva, ¿que vai pasar? O que está ocorrendo: que, dende que se anuncia que vai empezar a lei ata que ao final chegue, ese espazo de tempo produce un aumento de volume de presenza de casas de apostas en Galicia enorme. Se, ademais, lle engadimos as modificacións legais que aquí se solicitaron para a implantación de máquinas de apostas nos bares, moito peor aínda.

Anúnciase unha lei para limitar un sector, pero demórase tanto que ese período serve para acelerar a implantación de casas de apostas. E probablemente temos que no período dende que se anuncia a lei ata que se implanta —por certo, os que primeiro a coñeceron foi a patronal do sector, curiosamente— créase un volume e unha inflación enorme de casas de apostas e de implantación de máquinas nos bares.

E, polo tanto, ¿que estamos facendo? Parece —e ese non debiera ser o obxectivo e agardamos que non o sexa— que se avisou ao principio: coidado que a imos facer, ídea montándoa xa, para que ao final, cando poidamos poñer a lei, esteamos limitando algo que xa non vai ocorrer máis porque xa ocorreu antes. Estamos avisando de que empecen antes porque despois non van poder. E a cuestión non é avisar para favorecer o sector de que se implante pronto, a cuestión é ditaminar que non se poida implantar. E, polo tanto, ese espazo de tempo está contribuíndo a que o sector se implante de maneira hiperagresiva, tamén coa publicidade —como aquí foi citado—.

Polo tanto, esa demora en realidade non está sendo nada produtiva, máis ben ao contrario, está sendo un problema enorme que tardemos en aplicar unha lei que foi tanto tempo avi-



sada e que ademais dificilmente vai ter carácter retroactivo, que nós agardaríamos que puidera ser en moitas das medidas, pero tememos que non vai ser a intención, porque o anteprojecto xa non o contempla; e, por tanto, estamos facilitándolles o terreo; a ver se vai ser unha lei non para limitar senón para avisar de cando tiñan que implantarse, e iso debera ser sempre un problema se así o vemos.

E, evidentemente, hai unhas técnicas lexislativas pouco adecuadas ou mellorables —citando algunhas cousas que se din habitualmente nesta Cámara—, porque se vostedes puideron ver xa o Proxecto de lei de orzamentos, incluso vén modificada algunha cuestión legal sobre xogos e apostas. Vai introducirse unha lei en breve, pero veñen modificadas na Lei de orzamentos algunhas cuestións relativas ás licenzas, que alguén poderá explicar nalgún momento onde está a lóxica e onde está a necesidade. E tamén —é certo— poderían explicar por que esa modificación, que, a verdade, é bastante curiosa e, a verdade, seguramente que está bastante aplaudida pola patronal.

En todo caso, dá a sensación —e isto é unha conclusión obvia— de que o Partido Popular busca un equilibrio imposible: parecer que legisla en contra pero facilitar que se implante; parecer duro, ser brando. E isto é un equilibrio imposible —como canta Iván Ferreiro—; a cuestión non se trata de parecer, trátase de ser, e non estamos sendo tan duros.

Permítanme —xa para terminar— apuntar unha cousa, por deformación profesional. Este modelo de adición baséase basicamente dende o que os expertos coñecen co que se chama modelo eco: expectativa, custo e oportunidade. É moi difícil intervir no custo, porque o custo de apostar está marcado basicamente polas empresas, que son as que fíxense todo o que tiran os prezos, e é porque o beneficio é enorme; polo tanto, é moi difícil intervir, salvo que limitemos que non se poida apostar máis de X ou menos de X, pero é moi difícil intervir nese sentido, ¡sexamos serios! Pero si é posible intervir na expectativa e na oportunidade. A expectativa é o que os apostantes agardan obter. Se vostedes lles preguntan sobre todo a menores de idade ou a rapaces —sobre todo son rapaces, que non son menores de idade pero case o son—, a maior parte deles vanlles dicir que controlan o xogo e que teñen un amigo que gañou moito diñeiro. E ese é o problema, a expectativa é moi alta, porque a publicidade hiperagresiva —dicíao a señora Rodil moi acertadamente— estalles dicindo que van gañar moito diñeiro, o cal é irreal. Se hai un sector que gañe diñeiro é o xogo, matematicamente. Por tanto, estamos creando unha expectativa imposible. Por iso hai que ir aí ás expectativas e loitar contra publicidade.

E, en terceiro lugar, a oportunidade, estamos dando a oportunidade: a oportunidade de implantación de máquinas nos bares, a oportunidade da implantación de moitas máis casas de apostas. Se damos oportunidade, hai un custo moi baixo e a expectativa estamos permitindo que sexa alta, isto é un desastre. E, por tanto, temos que combater o que podemos: que non exista publicidade que alimente a expectativa e que non exista a oportunidade, non exista a implantación no territorio, que é o que se fai a través dos establecementos e das máquinas. E, por tanto, aí é onde temos que ir.

E tamén, dentro desa oportunidade, a tolerancia social. Permitimos excesivamente as apostas, somos excesivamente tolerantes. E permítanme dar un dato: dous terzos dos menores



que en Galicia apostaron algunha vez afirman saber que é ilegal e afirman que os seus pais saben que apostan e que saben que é ilegal.

Temos un problema enorme e, polo tanto, necesitamos esa lei xa. E, se non vai ser xa, polo menos nós imos apoiar esta toma en consideración.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Ben, señorías, o Partido Popular presentábase ás eleccións do ano 2016 cun programa electoral no que incorporabamos un compromiso de modificar a Lei do xogo, que era do ano 1985. Toda esa problemática que vostedes están vendo agora nós xa a advertiamos no ano 2016, e somos o único grupo que se presentou a esas eleccións con ese compromiso electoral. En ningún programa electoral dos que hoxe falaram aquí está incluído ese compromiso. *(Aplausos.)*

Pero, máis alá diso, na Comisión 1ª presentamos unha iniciativa, en febreiro de 2018, para modificar a Lei de 1985. Foi unha forma de pulsar cal era o verdadeiro compromiso dos grupos da Cámara. O único que votou a favor foi o Bloque Nacionalista Galego. O Partido Socialista abstívose, sorprendentemente. Pero o máis sorprendente foi o Grupo —daquela— En Marea, antes AGE, agora Común da Esquerda..., ben, señora Solla, vostedes. Vostedes votaron en contra. ¿E por que votaron en contra? Porque isto de modificar a Lei de 1985 a vostedes non lles parecía importante, porque era unha proposta do programa electoral do Partido Popular e non imos votar a favor. Hoxe vina moi preocupada aquí. ¿Que pasa?, ¿que en febreiro de 2018 non había este problema, señora Solla? Ou porque como era unha proposta do Partido Popular pois imos facer partidismo. Con nós non conten para facer partidismo con este drama social que estamos vivindo en Galicia, e que non é de hoxe. ¡Benvidos, señora Solla, á realidade social galega!

Pero ¿sabe por que ven vostedes esta realidade social? Porque quen puxo este debate enriba da mesa foi o Partido Popular. Foi o Partido Popular o que dixo que había que modificar a lei. E foi o Partido Popular o que dende o Goberno da Xunta de Galicia iniciou os trámites para modificar a Lei de 1985. Nin foron vostedes nin foi o Partido Socialista, nin foi o Bloque Nacionalista Galego, señora Solla. *(Aplausos.)*

Miren, xa mudaron de voceira, ¡normal!, porque a voceira daquel día falaba do número de casas de apostas que había en Madrid, falaba dunhas declaracións do ministro belga, falaba da necesidade de incluír na lei a regulación das *loot boxes* e dos videoxogos; non sei por que hoxe non o inclúen na súa modificación. Porque eu convídoa a que vexa a intervención da súa compañeira naquela Comisión 1ª, eu convídoa, porque a verdade é que mudaron moitísimo dende aquela ata hoxe; está gravado e, por tanto, non hai ningún problema.



Pero hoxe o mesmo grupo que trae a debate esta proposición de lei cun contido, cunhas propostas concretas, ben, pois parece que estudaron un pouquiño máis e saben cales son as competencias, aínda que nalgún caso —como dicía a señora Rodil— non hai competencias. Vostede dixo aquí: ¡non me digan xa que non teñen competencias! Non, claro que hai cuestións nas que non hai competencias. Nós non podemos regular o xogo *on line* nin a publicidade *on line*, como si fai vostede na súa proposta, que no apartado 2 do artigo 5 di que se regule a publicidade *on line*. Eu pídolle un pouquiño máis de rigor.

Pero, ben, ¿cal é o seu modelo no Estado?, ¿cal é o seu modelo? Pois o seu modelo dígollo eu. Mire, este documento (*A señora Prado del Río mostra un documento.*) está asinado por Unidas Podemos e polo Partido Socialista cando foi a moción de censura do señor Pedro Sánchez, e este era o modelo social que querían para o país hai un ano e medio. ¿E sabe que era o que querían para o país, señora Solla? Pois, mire, probablemente vostede igual non o leu, pero é que no punto 13, en *juegos de azar y apuestas en línea*, ¿sabe o que din vostedes, o Partido Socialista e Unidas Podemos? «*Instar y reforzar la implicación y apoyo de los operadores de juegos de azar y apuestas en el desarrollo de acciones de información, prevención, sensibilización y reparación*». Deixan nas mans das empresas do xogo a prevención. ¡Iso si que é poñer o lobo a coidar das ovellas, señora Solla! (*Aplausos.*) ¡As empresas do xogo facendo a prevención!

Mire, vostedes son os que lles fallan ás familias, porque vostedes asinaron este documento. E o Partido Socialista aínda foi máis alá, porque despois presentou trescentas propostas para estas eleccións do 10 de novembro onde insiste no mesmo tema. Segue dicindo que son as empresas operadoras do xogo as que o teñen que facer.

Mire, dicía vostede que non entremos en competencias que non son nosas, ¡mesmo vostede o di na súa propia proposición! Di: en materia de loterías, ONCE e apostas do Estado estarase ao previsto na Lei de regulación do xogo. Claro, é que iso non o podemos regular, señora Solla, igual que non podemos regular as apostas *on line* e non podemos regular a publicidade *on line*.

E, mire, nós imos votar en contra, pero ¿sabe por que? Porque xa se está facendo ese traballo. A Xunta de Galicia xa está traballando. É que vostedes veñen aquí como se non se estivera facendo nada.

Pero, mire, dicía alguén que non existe, que este documento non existe; claro, como o señor Villares o outro día dixo aquí que estaba oculto e que só o coñeciamos o PP. Pois mire, non, o anteproxecto foi exposto a consulta pública previa o 19 de marzo de 2018 ata o 19 de maio de 2018 —para quen di que non existe—. Este anteproxecto estivo en exposición pública entre o 29 de marzo de 2019 ata xuño de 2019. E di que: ¡ah!, ben, pero como dixo que non existía pois, claro, é que vostede pode subir aquí e dicir o que lle dá a gana, dicir que non existe e telo no escano. ¡Hai que ter desfachatez para vir aquí e dicir que non existe un anteproxecto de lei e vostede teno no escano! Realmente, señor Torrado, acaba de facer vostede o seu retrato político agora mesmo.

Pois este anteproxecto pretende axustar a normativa á materia da realidade actual, introducindo maiores controis de acceso ao xogo e por parte dos menores, maiores restricións



en materia de publicidade e xogo presencial, actualizar o réxime sancionador, medidas de planificación dos establecementos do xogo, das máquinas recreativas e apostas, e de como recoller os principios reitores do xogo e políticas do xogo responsable. E todas estas modificacións, señora Solla, non son ocorrencias do Partido Popular nin da Xunta de Galicia. Hai unha comisión na que están as ANPA, as asociacións de consumidores, as asociacións de persoas con ludopatías; e todo iso, as persoas que están nesa comisión máis as aportacións das ANPA, das asociacións de consumidores e das asociacións educativas, vostede agora pretende que se tire pola borda, porque vostede di que só as facemos coas empresas do xogo; ben, vostede e o señor Torrado, que tamén dixo o mesmo.

Pero mire, nun xornal de hoxe. (*A señora Prado del Río mostra un documento.*) Os empresarios do xogo: *La futura Lei do xogo debe cambiar porque estrangula el sector del juego tradicional.* Parece que non lle gusta moito ao sector do xogo a lei que se está tramitando dende a Xunta de Galicia; parece que os empresarios non están tan contentos como di vostede, señora Solla; parece que non son os empresarios os que están facendo a Lei do xogo, din que estrangula o sector. Por tanto, a lei non será tan boa para o sector do xogo e si pensará máis nas familias, nos menores e nas persoas vulnerables, que é o que estamos facendo. (*Aplausos.*)

Entón, eu pregúntome, señora Solla: ¿que pretenden?, ¿que pretenden vostedes con este documento? ¿Prescindir das aportacións das ANPA, prescindir das aportacións das asociacións de consumidores, prescindir das aportacións das asociacións de persoas con ludopatías? Mire, se vostede veu aquí con este proxecto para falar das familias e do bos que son vostedes, que se preocupan moito polas familias, e xogar co drama que supón ter unha persoa con ludopatía nunha familia, con nós non contem; nós non imos facer partidismo co drama das persoas que están a sufrir ludomanía; non. Ese anteprojecto está en marcha e vai seguir en marcha, está pendente dos informes correspondentes, que vostede, polo que vexo, quere saltar, pero nós non; queremos que teña todos os informes. Se sae do Parlamento, vostede sabe que hai informes que non se teñen que pedir.

E din vostedes que a Xunta non fixo nada. É absolutamente falso. Eu penso que, igual que dixo aquí que non existía a lei e a tiña no escano, seguro que ten no escano o Decreto 72/2019, de xullo, que limita as instalacións de salóns de xogos e de tendas de apostas. Por tanto, si que combatemos a oportunidade, si que prevemos que, se a lei non entra en vigor agora, entra máis tarde e non é retroactiva, que non haxa cuestións que non se poidan resolver. ¿Por que? Porque precisamente por iso, precisamente por iso, na Lei de medidas se regula, para evitar que quede un baleiro legal, señorías. Claro que si, para iso están eses decretos. Pero, como vimos aquí e dicimos que non existen e logo os temos no escano, pois a verdade é que resulta moi difícil que vostedes teñan algo de credibilidade, moi difícil, señorías.

Ben, o anteprojecto de lei, ese que din que non existe e que logo teñen no escano, pois, efectivamente, ten principios reitores de actuación en materia de xogo, como o principio de protección de persoas menores de idade, para as persoas que teñan reducidas as súas capacidades, para as persoas con problemas de adicción ao xogo. Un principio de transparencia no desenvolvemento dos xogos, de garantía do pago dos premios e de prevención de fraudes, prevención de prexuízos a terceiras persoas, de intervención de control por parte da Administración, de respecto ás regras básicas dunha política de xogo responsable, de se-



guridade xurídica, de fomento do emprego estable e de calidade. Pero é que, señoría, nós claro que presentamos aquí unha iniciativa para que se inclúa o Observatorio do Xogo, e incluíra o Observatorio do Xogo.

En materia de publicidade, que vostedes dixeron aquí que non facemos nada, veu o director da Televisión de Galicia comparecer na comisión e dixo que tivo unha oferta dunha empresa de apostas para emitir na TVG, financiada con eses cartos dunha empresa de apostas, a Copa América, e dixo que o rexeitou. E vostedes veñen aquí poñer de exemplo as xogadora de baloncesto, que me parece moi ben, e non sei que e non sei que máis. ¿Por que non din a verdade? ¿Por que non din que a Televisión de Galicia tamén rexeitou un financiamento da Copa América por unhas empresas de apostas? Non interesa, porque é mellor dicir que o Partido Popular non fai nada e que o Partido Popular non é sensible con este tema.

Non, señorías, non llelo imos consentir, porque este debate puxémolo enriba da mesa o Partido Popular, aínda que lles pese e aínda que hoxe traian aquí unha iniciativa para que pareza que os únicos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...preocupados son vostedes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, remato, señor presidente.

Nós non podemos votar a favor, porque, entre outras cousas, queda curta esta proposición. O anteproxecto de lei é moito máis amplo e abarca moitísimas máis cousas das que vostede trae hoxe aquí, un paripé para un lavado de cara, porque vostedes votaron en contra en febreiro de 2018 para modificar a Lei do xogo. E nós votamos a favor, levámolo no programa electoral e estamos cumprindo cos galegos e as galegas, e ese anteproxecto de lei que vostedes din que non existe e teñen no escano verá a luz e será obra do Partido Popular.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Prado.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero dar as grazas aos grupos da oposición polo apoio a esta tramitación.

Sinceramente, señora Paula Prado, sei que me van chamar á orde, pero paréceme vostede unha (...) *(Expresión retirada do Diario de Sesións por orde do señor Presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento).* *(Murmurios.)*



O señor PRESIDENTE: Se vostede o sabe, ¿para que...? (*Murmurios.*)

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Si, si, si. O que non se pode, o que non se pode...

O señor PRESIDENTE: Aquí hai unha cousa. Eu creo que iso forma parte dunha expresión non correcta no devir parlamentario, na discusión parlamentaria. Entón, eu prégoille que a retire.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: É a miña percepción, non a retiro, é a percepción que a min me parece.

O señor PRESIDENTE: Pois retíroa eu, retíroa eu e chámoa á orde.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: O que non se pode é vir aquí...

O señor PRESIDENTE: Queda retirada.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...acusar os demais de facer unha utilización cun tema e vostede non ter nin un só argumento para votar en contra desta iniciativa, (*Murmurios.*) trasladando que o Partido Popular a levaba no seu programa. Se o levaba no seu programa, ¿por que vostede non presentou ningunha proposición de lei nesta Cámara? Parece mentira que veña unha deputada preguntar que pretendemos. Pois pretendemos legislar, porque eu son deputada, non sei vostede, señora Prado, non sei vostede. Que ten que vir o Executivo aquí legislar porque vostedes non teñen capacidade de presentar ningunha iniciativa de carácter legislativo, señora Prado. É dun cinismo, dun cinismo, utilizar este tema... Estaba vostede mellor calada, porque vostede non ten nin idea... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) ...nin idea da preocupación... (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Pazos, señor Pazos, silencio!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...da preocupación que podemos ter os demais, de se temos familiares ou non temos familiares ludópatas, porque vostede non o sabe; como non o sabe, ás veces está mellor calada, señora Prado. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, por favor!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ¿En Venezuela? ¿A vostede parécelle...?

O señor PRESIDENTE: Non, non entre no diálogo, xa pasou o seu turno.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Fíxese como é cínica, fíxese como frivoliza co tema. Está moi ben, unha preocupación enorme, unha preocupación enorme. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Quen é este que sae nesta fotografía? (*A señora Solla Fernández mostra unha fotografía.*) ¿Quen está ao lado do desta fotografía? ¿Por que mañá volve darse esta fotografía? ¿Por que o vi-



cepresidente traballa cos empresarios do xogo? ¿Por que? (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, señor Pazos, teño que o chamar á orde. Por favor, é que... ¡Home!, eu creo que xa está ben. Silencio, silencio.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ¿Sabe que dicía o señor Rueda? Se ao xogo lle vai ben, tamén lle vai ben a Galicia. Iso é o importante, porque o sector industrial, o sector da empresa do xogo, é moi importante, a saúde pública non importa nada. Esa é a realidade. (Aplausos.) (Murmurios.)

¿E saben que dicía o presidente da Xunta de Galicia cando vostedes incrementaron un número de licenzas de máquinas en 2016 de 2.000 a 3.600, señora Prado? Dicía o señor Alberto Núñez Feijóo que respondía a unha demanda do sector, que quedaba en poucas o número de licenzas. ¿E agora que pasa? ¿Que é o que sucede? Vostedes intentaron traballar un texto cos empresarios. O que aconteceu é que houbo contestación social nos barrios e por parte das persoas afectadas, tiráronlles das orellas; claro que había un anteproxecto; era tan malo que os colectivos lles tiraron das orellas. Era tan malo que a universidade lles tirou das orellas e vostedes tiveron que modificar ese texto porque era absolutamente condescendente co sector, facilitando que se propagase a implantación das casas de apostas. Benvidos agora vostedes á preocupación.

Modifican agora a paralización da instalación dos bingos. ¿Cando? Cando acaban de dar unha licenza en Vigo e están pedindo xa os postos de traballo. Está o logotipo na fachada do centro comercial da Laxe.

Vostedes facilitan a implantación e a propagación da ludomanía no noso país. Dá igual os recortes que traia vostede, dá igual, señora Prado. A realidade é que durante todos estes anos vostedes traballaron en contra da saúde das galegas e galegos e en contra das familias de Galicia, e en vez de ter hoxe a man tendida que lles ofreciamos aquí e aceptar esta proposición de lei, porque se a súa vai ser tan boa, xa veremos a súa tramitación, pero necesitamos frear xa a implantación, necesitamos frear xa a publicidade. Hai competencia, señora Prado, podemos discutir as competencias en materia *on line*, porque pode haber algunha páxina que estea radicada aquí, podemos discutir esas competencias, señora Prado. Pero as competencias en materia de publicidade van máis aló da Radio e da Televisión de Galicia, van máis aló.

¿Van seguir dando subvencións públicas a calquera medio de comunicación? ¿Non teñen vostedes ningunha capacidade de legislar sobre a publicidade en canto ao deporte? ¿Ou é que vostedes desbotan xa a posibilidade de exercer o autogoberno de Galicia? ¿Queren volver ver as familias protestando? Vostedes actúan con cinismo e nós enfadámonos. Eu enfádome, porque a realidade é que vostede non tiña ningún argumento en contra e podía trasladar simplemente que preferían esperar, pero preferiu falar doutras cousas e non da proposición de lei; preferiu falar doutras cousas porque a realidade é que están entre a espada e a parede, porque o que queren é favorecer o sector, pero agora teñen o tecido social en contra.



Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de reforma do Regulamento... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Que pasou? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, ¿que pasou, señor Torrado? A ver, que non me enterei. É que estou aquí un pouco desamparado. *(Risos.)* Dígame, ¿que pasou? ¿Que cuestión é?

O señor TORRADO QUINTELA: Si, quería, polo artigo 76.1...,

O señor PRESIDENTE: Perdón, ¿o artigo?

O señor TORRADO QUINTELA: O 76.1.

O señor PRESIDENTE: Déixemo ler, déixemo ler un momento.

O señor TORRADO QUINTELA: Por unha inexactitude...

O señor PRESIDENTE: Vouno ler un momento, vouno ler.

O señor TORRADO QUINTELA: Creo que o coñece, o que se refire ás...

O señor PRESIDENTE: Vouno ler, espere, déixemo ler, porque eu non teño que sabelos todos de memoria. Vouno ler. *(Pausa.)*

¿Cal é a inexactitude ou xuízo de valor que vostede cre que se deu no debate?

O señor TORRADO QUINTELA: É sobre algunha cuestión que tiña que ver coa miña intervención e sobre cuestións que eu non fixen.

O señor PRESIDENTE: E cal é exactamente, ¿cal é?

O señor TORRADO QUINTELA: Falouse aquí da miña...

O señor PRESIDENTE: Non, dígame cal é exactamente a inexactitude.

O señor TORRADO QUINTELA: Falouse aquí de que eu citei que non existía o anteproxecto de lei sobre o tema.

O señor PRESIDENTE: Puido haber unha confusión, eu creo que se referiu ao señor Villares.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, eu quería aclaralo, se mo permite.



O señor PRESIDENTE: Si, foi o señor Villares, si, entendina eu, perfecto, pero foi unha cousa que forma parte...

O señor TORRADO QUINTELA: Si, pero, se me permite facela a min, xa que se falou de min...,

O señor PRESIDENTE: Xa está. Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...como catro ou cinco veces.

O señor PRESIDENTE: Xa está.

O señor TORRADO QUINTELA: Xa que vostede parece que é consciente pero non o cortou no momento, eu quería explicar que iso non tiña nada que ver comigo.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Está entendido.

O señor TORRADO QUINTELA: De feito, estou seguro de que foi unha confusión...,

O señor PRESIDENTE: Está entendido.

O señor TORRADO QUINTELA: ...porque sorprende que a voceira, a señora Prado, me acusase a min diso...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...cando ela e mais eu temos falado deste anteproxecto varias veces.

O señor PRESIDENTE: Xa entendín, señor Torrado. Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Así que sería demasiado cinismo para que se fixera de verdade.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Ben, vamos alá co que estabamos falando, que é o seguinte debate.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: *(A señora Vázquez Verao emprega a lingua de signos.)* Ben, o que tratei de dicir —mal, seguro— é que todas as persoas temos dereito á comunicación, e queríamos significalo con esta proposta, que, entre outras cousas, sinala que a lingua de signos



debe ser oficial neste Parlamento, porque o que queremos remarcar é que nesta Cámara a inclusión non pode ser algo anecdótico que suceda cando alguén, unha persoa con diversidade funcional, accede, que se adapte á realidade, senón que xa de por si sexa a norma, que a inclusión sexa a norma nesta Cámara.

En primeiro lugar, quixeramos saudar todas as persoas que están hoxe aquí representando diversos colectivos da diversidade funcional en Galicia, diversos como son elas. A ver se non esquezo ningunha. É Cermi, Cogami, VIGalicia, Aspace, Fegadace, Fademga e Autismo Galicia, canto menos.

Nós quixemos traer esta proposta porque foi unha achega que nos fixeron diversas persoas e colectivos a todos os grupos desta Cámara e quixemos vehiculizala como esta proposta de lei de reforma do Regulamento do Parlamento.

En primeiro lugar, como sempre sinalamos, a Convención da ONU sobre os dereitos de persoas con discapacidade, que foi aprobada xa en decembro de 2006 e foi ratificada polo Estado español en 2007, recoñece que a discriminación contra calquera persoa por razón da súa discapacidade constitúe unha vulneración da dignidade e o valor inherentes do ser humano e observa que as persoas con discapacidade seguen atopando barreiras para participar en igualdade de condicións coas demais na vida social e que se seguen vulnerando os seus dereitos humanos en todas as partes do mundo.

O artigo 19 desta convención establece moi claramente que as persoas con diversidade funcional ou discapacidade teñen dereito en igualdade de condicións a vivir na comunidade humana que elixan libremente segundo as súas preferencias, motivacións e intereses, con opcións iguais ás dos demais cidadáns, para gozar da súa plena inclusión e participación na comunidade. É un dereito a participar en comunidade poder presentarse por exemplo ás eleccións para ser deputado ou deputada. Se unha persoa con diversidade funcional é deputada ou deputado nesta Cámara, non tería os mesmos dereitos que calquera de nós. E despois iremos avanzando niso.

Pouco mudou en máis dunha década de vixencia da ratificación desta convención, porque, malia as leis aprobadas a prol da inclusión das persoas con diversidade, a realidade dista de garantir a capacidade de autonomía a todas. Aínda non todas as persoas poden gozar da cidadanía plena.

Podemos falar de como a Lei de accesibilidade, que en teoría debería garantir, dende 2017, que se acadasen condicións básicas de accesibilidade e non discriminación en produtos, servizos, ámbitos e nunha serie de supostos, é sistematicamente incumplida. Neste mesmo edificio do Parlamento —como xa temos destacado varias veces— atopamos barreiras, tanto arquitectónicas como sensoriais, e deste xeito non se garante a plena accesibilidade universal.

Podemos falar da Lei 7/2010, de comunicación audiovisual, e tampouco se cumpre, nin sequera nos medios públicos, a obriga de que haxa unha porcentaxe mínima de subtitulación e de interpretación en lingua de signos. Tampouco se cumpre a garantía de reserva de postos de traballo na maioría de empresas, públicas e privadas. Si, de todas as cores, tamén no caso



das administracións públicas. Ou podiamos falar do incumprimento dos tempos de valoración, tanto da discapacidade como da dependencia.

Leis como as que acabo de citar, sen orzamentos, sen unha vontade política clara, convértese nisto que son agora: dereitos pero de papel. Coa proposta que hoxe traemos, o certo é que a nosa lei si que é desas leis que non precisan grandes modificacións orzamentarias, máis aló das necesarias para a adecuación dos medios e servizos da Cámara ás novas comisións que propoñemos, pero avanza no disposto no Real decreto lexislativo 1/2013, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade, que no artigo 59 establece obrigas para os poderes públicos en relación coa toma de conciencia social para a promoción da igualdade de oportunidades e a non discriminación.

Deste xeito, como saben, o obxecto principal da nosa proposta de lei é unha reivindicación que, como dixen, se nos trasladou nesta lexislatura, e é a necesidade de que este Parlamento estableza que a Comisión de discapacidade teña igual rango que as demais. É dicir, termos unha comisión permanente de discapacidade con funcións de control ao Goberno e de impulso lexislativo. Temos hoxe unha comisión de discapacidade non permanente que está constituída para a elaboración de novas propostas a favor da integración das persoas con discapacidade. Realmente, é unha continuación dos traballos da que fora creada na anterior lexislatura, que ten un réxime de sesións irregular que se corrixiu ultimamente, pero o certo é que, seguindo o ritmo desta comisión, non nos permitiría, se non lle désemos un impulso, rematar con éxito os obxectivos do plan de traballo marcado na presente lexislatura.

Nós o que propoñemos é que, tanto esta comisión como a de igualdade —que tamén é non permanente— se convertan en permanentes. Hai que lembrar que na Comisión de discapacidade, na non permanente, ese plan de traballo non se fixou ata o 18 de maio de 2017; non o fixamos, é un erro colectivo. Non o fixamos como Parlamento ata sete meses despois de constituírse a Cámara. Por iso, remarcamos que o compromiso da Cámara coa diversidade funcional merece outro pulo institucional. Propoñemos, ademais, unha disposición final nesta proposta de reforma que establece que as novas comisións permanentes que propoñemos, que son as de Discapacidade, Igualdade de dereitos das mulleres, así como a de Emprego —pero substancialmente estas dúas—, se creen como permanentes unha vez rematen os traballos as comisións que hai en curso, que se fagan eses ditames e esas recomendacións. En todo caso, poñemos un horizonte temporal, que sexa antes de rematar o primeiro semestre de 2020.

¿Que sucede cos asuntos relativos á discapacidade na actualidade? Veñen tratándose con regularidade na Comisión 5ª, que engloba —xa saben as deputadas que formamos parte dela— unha serie de áreas, dende a sanidade, a política social, o emprego, que tamén inclúe cuestións de igualdade e que celebra por isto mesmo, por ter tanta amplitude, tres sesións ao mes, fronte as dúas do resto de comisións.

Nós consideramos que sería máis eficiente e efectivo reducir as sesións da 5ª a dúas ao mes e deixala como Sanidade e Política Social, e así crear estas sesións específicas de discapacidade, emprego e igualdade. Non cremos que repercutira excesivamente o aumento de traballo na Cámara, na medida en que, ao ser asuntos máis específicos, non terían por que



contar con dúas sesións ao mes. Pero si cremos que cun mínimo de dez sesións anuais, e co compromiso de ser comisións permanentes lexislativas, todos estes eixos, que son transversais e que deben impregnar todas as políticas, terían maior presenza na Cámara, co engadido de que habería esa función de control ao Goberno.

Estaría máis que xustificado no caso da discapacidade, por termos un país cunha alta porcentaxe de poboación con discapacidade, cunha tendencia a seguir aumentando. Segundo o censo de persoas con discapacidade de 2018 —estamos a falar de persoas con discapacidade valorada—, o 11,7 % da poboación, e seguramente esta comisión, nada máis crearse, tería unha serie de retos e necesidades urxentes que habería que abordar, que nos chegan como demandas continuamente. Nestes orzamentos vai ser tónica, imos ter que falar de rematar o KPD de Ourense, que a súa xestión sexa pública, dignificar o servizo de asistente persoal, corrixir a falta de atención en terapias temperás —estamos vendo o problema que hai no HULA—, de ampliar a rede comunitaria de atención temperá, de abordar a necesaria garantía —como dicía— de cumprimento da Lei de accesibilidade en todos os contextos, de mellorar o acceso ás ortopróteses, que é un tema que tratamos na Comisión de discapacidade. En fin, poderíamos empezar xa cunha batería de asuntos nada máis crear esta comisión con carácter permanente. Ademais, poderíamos falar de emprego e discapacidade nun país no que a taxa de actividade das persoas con discapacidade continúa a ser a menor do Estado e de que o 80 % do seu emprego é temporal.

Por outra banda, a nosa proposta de modificación do Regulamento desta Cámara quería aproveitar para facela máis inclusiva —máis inclusiva como norma, non como excepción—, co recoñecemento explícito da oficialidade das linguas de signos galega e castelá neste Parlamento. Na actualidade, como saben, no artigo 1 son linguas oficiais da Cámara o galego e o castelán. Ademais, a Lei do 2007, que recoñece as linguas de signos españolas, establece que será oficial a lingua de signos española e a catalá no seu ámbito lingüístico. Esta lei aínda non recoñece a lingua galega de signos, polo tanto, avanzar nese recoñecemento nesta Cámara non só repararía unha desigualdade con respecto ás persoas que utilizan as linguas de signos, senón que tamén avanzaría na normalización da lingua galega.

Outra modificación que propoñemos, que é sinxela pero ten gran carga simbólica, é o recoñecemento explícito de que as persoas asistentes persoais de deputados ou deputadas con diversidade funcional, ou mesmo de funcionarias ou funcionarios que dispoñan desta figura de apoio, poidan acceder ao Salón de Sesións. Na actualidade está regulado que podemos acceder a este hemiciclo quen temos a condición de deputado ou deputada, os funcionarios e funcionarias e quen estime a Presidencia. Obviamente, non ía ningunha presidencia negar o acceso a unha persoa asistente persoal, pero consideramos que recoñecelo explicitamente dignifica, visualiza esta figura na que, por outra parte, este Parlamento acordou avanzar por dúas veces.

Así, tamén queremos remarcar unha realidade. Hoxe, se unha persoa con diversidade funcional nun grao en que precisara unha cadeira de rodas para moverse accedera a un acta de deputada, en primeiro lugar, atoparíase esa entrada con lastrado que xa debería estar eliminada; unhas portas que non podería abrir sen axuda doutras persoas; non podería ter un despacho como o que temos calquera de nós na planta baixa, non podería acceder á maior



parte dos aseos, non podería utilizar a maioría de aseos deste Parlamento; as salas de comisións terían que adaptarse tremendamente, vímolos na última comisión de discapacidade, que non puido ser nunha sala das habituais.

En fin, aquí neste hemiciclo xa ven como terían que adaptarse para poder acceder. Isto nós consideramos que non é unha anécdota, é sintomático de que, para avanzar na inclusión, as institucións como esta, que é a representación da cidadanía galega, deben entender a inclusión como unha norma, non como unha anécdota; é dicir, non soamente adaptar cando se dá a circunstancia, senón facer de por si inclusivas as institucións.

En fin, nós consideramos que a creación destas tres novas comisións: Igualdade —plena-mente xustificada porque é unha materia transversal que, evidentemente, merece o mesmo rango que calquera outro tipo de comisións que existen no Parlamento—, Emprego —polo carácter precario do emprego neste país, é unha cuestión estrutural—, e discapacidade, porque é un elemento estrutural que merece ter o mesmo rango que calquera das outras comisións, sería plenamente factible, non engadiría grandemente traballo, na medida en que xa hai dúas comisións non permanentes, e ademais, tampouco hai ningunha norma que imponha que as comisións parlamentarias respecten a estrutura do Goberno. De feito, xa non se acomodan estritamente a esta. Nós vémolos totalmente viable, e sería un aviso á sociedade que na súa máxima cámara de representación da cidadanía galega poñamos o foco en que a discapacidade debe ser un eixo transversal para acadar a plena inclusión.

Así pois, a cuestión de adaptar este regulamento para facer explícito recoñecemento da lingua de signos, igual que visibilizar a figura do asistente persoal, parécenos tamén de tremenda carga simbólica, e non só simbólica, no caso das linguas de signos.

Tamén nas propostas queredría sinalar que as leis ou as normas, como neste caso a do Regulamento do Parlamento, van caducando, hai que cambialas. Cando presentamos esta proposta, a Xunta obriga a facer un informe de impacto de xénero, e díxonos que si, que nos adaptamos á linguaxe inclusiva na nosa modificación. ¿Que sucede? Que a norma base non se adapta, os dereitos e deberes seguen sendo dos deputados. Aí temos tamén outro elemento que corrixir. En fin, será obxecto, seguramente, doutra proposta de reformas.

Traendo aquí a todas estas persoas que nos fixeron esta proposta, queredamos remarcar o compromiso ou pedirlle á Cámara, pedirlle aos deputados e deputadas, un firme recoñecemento do dereito de todas as persoas, sexa como sexa o seu corpo. Que a diferenza e o corpo non marquen a desigualdade e que a Cámara galega recalque o compromiso co dereito de toda persoa a ter autonomía plena na súa vida e a poder gozar da cidadanía plena, que inclúe poder ser deputado ou deputada nesta Cámara como todas as demais. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde. Estamos pola tarde xa.



Quero comezar tamén dando a benvinda e saudando as persoas representantes de entidades representativas da discapacidade que nos acompañan neste Parlamento, neste pleno. E quero anunciar, en primeiro lugar, o voto favorable do BNG á admisión a trámite desta proposta, tanto polo que representa a proposta en si, que está centrada na ampliación do número de comisións non permanentes do Parlamento, como tamén nos dereitos das persoas con discapacidade, fundamentalmente centrada no recoñecemento e a oficialidade da lingua de signos. Aproveito para facer aquí un chamamento público á demanda de que se recoñeza oficialmente tamén a lingua de signos galega, que neste momento non está recoñecida oficialmente.

Pero tamén é certo que non fai falta cambiar o Regulamento do Parlamento para que teñamos un Parlamento máis accesible para as persoas con diversos tipos de discapacidade. Fai falta, fundamentalmente, vontade, vontade política e vontade orzamentaria, para adaptar o edificio e para facelo máis accesible. Nese sentido, insistimos e volvemos facer un chamamento a que se sigan dando pasos —algúns xa se deron— para que este Parlamento vaia eliminando progresivamente deste edificio as barreiras físicas, as barreiras sensoriais e as barreiras de comunicación.

Nós tamén entendemos que o debate sobre esta proposta de reforma do Regulamento ten interese e ten utilidade para abrir o debate sobre o Regulamento en si, sobre as carencias que ten este regulamento; un documento do século pasado, que está obsoleto, que está sobrepasado pola realidade e que require unha visión máis propia destes tempos, dun parlamento do século XXI, como fixeron en moitos parlamentos do Estado.

Pensamos que é necesaria unha reforma de máis calado, que ao noso entender ten que partir dos seguintes criterios. En primeiro lugar, ten que atender a un principio xeral de democratización, de fomento do pluralismo, da diversidade social e da diversidade ideolóxica que hai na sociedade, dos dereitos das minorías. Este debate tamén o é sobre o dereito das minorías. En definitiva, facer un parlamento aberto fronte a un parlamento pechado, un parlamento búnker, un parlamento moitas veces visto como unha fortaleza que impide o acceso da xente.

En segundo lugar, parécenos que é fundamental traballar e potenciar o principio de transparencia e de acceso á información, facilitando o control efectivo do Goberno e garantindo o exercicio dos dereitos dos deputados e das deputadas, por exemplo, de acceso á información vía artigo 9. E non hai que recordar aquí a cantidade de peticións e demandas vía este artigo que son sistematicamente vetadas ou que non se responden por parte do Goberno; ou os informes de seguimento dos acordos parlamentarios, que tampouco se están facendo por parte do Goberno, cando hai unha lei, a Lei de transparencia, que obriga ao Goberno a facer anualmente estes informes.

Tamén nos parece necesario abordar, na reforma do regulamento, o principio de garantía de participación real, para acabar con certos TIC autoritarios que estamos acostumados a ver nesta Cámara, por exemplo, nas rixideces que se establecen con respecto ao acceso e á asistencia das persoas a este Parlamento, aos debates e á censura que tamén estamos acostumados a ver. Como dixemos noutras ocasións, parece que hai que asistir a este Parlamento a calar, vir aquí a calar, a non poder falar.



Por iso, nós entendemos que hai que fomentar a participación social na vida parlamentaria. En primeiro lugar, non impedindo, non abafando, as canles que xa hai de participación; porque a verdade é que no regulamento hai canles de participación que se están vetando sistematicamente, como as que teñen que ver co trámite de audiencia nos debates en ponencia das leis. Ademais, hai que abrir novas vías de participación. Hai outros parlamentos que xa deron este paso, por exemplo, creando comisións de participación cidadá, fomentando as comparecencias no Parlamento, nas comisións ou mesmo noutros ámbitos, das persoas que non son representantes cidadás.

Isto pódese facer e estase facendo noutros parlamentos, mediante a participación no procedemento do legislativo ou mesmo a través de preguntas de iniciativa cidadá que se poderían traer ao Parlamento, mesmo aos debates do pleno, como existen noutras cámaras, e iso poderíanos permitir, por exemplo, que os colectivos que están hoxe aquí presentes trouxesen directamente, de viva voz, e non a través de ninguén, as súas demandas, as súas reclamacións, non só nas cuestións simbólicas, senón tamén nas cuestións que teñen que ver coa súa vida diaria, que está chea de atrancos de todo tipo.

Tamén nos parece necesario abrir o debate sobre a axilidade dos procedementos parlamentarios, porque, realmente, estamos ante un procedemento de tramitación que é excesivamente lento e farragoso en todo tipo de iniciativas parlamentarias, e aínda que existe a previsión da tramitación por urxencia, é unha excepción só reservada para o caso das preguntas.

Tamén vemos como aquí se vén reclamar a creación de comisións permanentes en materia de igualdade, en materia de discapacidade ou en materia de emprego, e hai moitas comisións que non son permanentes, senón que son non permanentes, que levan lexislaturas enteiras —ata catro nalgúns casos— sen chegar a ningún tipo de conclusión ou de resultado práctico que nos sirva para marcar políticas de cara ao futuro.

Estamos de acordo na creación destas novas comisións. En todo caso, tal como se fai en regulamentos doutros parlamentos, o regulamento podería prever fórmulas para a creación desas comisións permanentes durante a lexislatura. Por non falar xa da tramitación interminable —cando terminan, que moitas veces nin sequera terminan— das comisións de investigación.

En fin, do que se trata con este debate é, fundamentalmente, de favorecer, de facilitar, de potenciar a accesibilidade, tanto da sociedade, dos colectivos, como das persoas a este Parlamento, e nomeadamente da accesibilidade do acceso e da participación das persoas con discapacidade, con diversidade funcional.

A proposta do Grupo Mixto toca esta cuestión, polo tanto, vai ter o apoio deste grupo. En todo caso, pensamos que pode ser unha boa ocasión para abrir o debate sobre outras cuestións das que falamos aquí, e que se poderían tratar, se se acepta por parte dos demais grupos. Non imos ter ningún obstáculo para que se tramite esta proposta, se se acepta polo grupo maioritario, polo Grupo Popular, a admisión a trámite para entrar no debate polo miúdo de todas estas cuestións.



Polo tanto, permitan que se abra a porta a un debate profundo sobre estes temas, sobre estas necesidades, que son necesidades e preocupacións sociais, que permitiría, ademais, poñer ao día este parlamento e, a fin de contas, democratizalo e abrillo á sociedade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moi boa tarde, señor presidente.

Deputados e deputadas.

En nome do noso grupo queremos dar a benvida aos representantes das asociacións de persoas con diversidade funcional por acompañarnos hoxe aquí. Dende logo, queremos manifestar con claridade que imos apoiar esta iniciativa a trámite. Non podía ser doutro xeito que nós apoiásemos este tipo de iniciativas, porque cada mínimo avance cara á accesibilidade universal merece non só impulsarse, senón tamén ser visibilizado.

En calquera caso, tamén hai que ter unha visión crítica sobre o lonxe que estamos da accesibilidade universal, pero non só neste Parlamento nin no noso labor institucional, senón en todos os eidos, e moito máis cando había un reto que se nos marcaba por diante e cando ademais se está facendo un esforzo dende esta Cámara para poder, polo menos, debater e ter coñecemento non só dende as situacións persoais que cada unha de nós poidamos ter —e despois afondarei, non falo só de min mesma—, senón de cada un dos deputados e deputadas que estamos nesta Cámara. Por suposto, os colectivos e as asociacións tedes a función fundamental de impulsalas e que dende a sociedade veñan aquí, á parte do labor que temos como deputadas e deputados neste hemiciclo.

Precisamente, grazas á loita dos colectivos de persoas con diversidade e discapacidade como as que hoxe nos acompañan aquí, no 2003 no Estado español aprobouse unha lexislación básica, aplicable e exixible en todo o territorio do Estado, que establecía, resumidamente, unhas obrigas de accesibilidade e non discriminación, de modo que todo o novo dende esa data tería que ser necesariamente accesible. Todas as construcións e todo o que se fixera dende esa data tería que ser con accesibilidade universal. E para o preexistente que non reunise eses parámetros, como pode ser esta Cámara e tantas outras administracións públicas, edificios públicos etc., fixébanse uns límites temporais amplos para convertelos en accesibles, sempre que fosen susceptibles de axustes razoables; é dicir, que a súa construción permitise estes axustes. Pero iso non era unha escusa para non facelos, evidentemente, a prioridade era facer as reformas e as adaptacións.

Estes límites temporais chegaban, nun principio, ata o ano 2019. Posteriormente modificouse, por un cambio legal operado en 2011 polo Goberno do Estado español, pola necesidade de darlle un impulso máis veloz a estas adaptacións, e supuxo unha redución de dous anos, ata o 2017.



Esa data expirou xa, pero a realidade é que as promesas non se cumpriron, polo que as persoas con distintas diversidades funcionais —entre as que me atopo— seguimos con moitos problemas para poder desenvolver a nosa vida dun xeito normalizado. Seguimos sen poder gozar de acceso, uso ou goce do conxunto das contornas, bens, produtos e servizos que ofrece a sociedade en todos os seus ámbitos.

Polo tanto, tamén neste Parlamento imos con moito, moito atraso. Xa se explicou algo, pero non me quero deter. Máis adiante falarei dalgún caso e exemplo concreto que creo que se debe mencionar. Pero o que nos toca aquí, que é esta proposición de lei —mellor dito, esta reforma do regulamento— presentada polo Grupo Mixto, dá as chaves para desenvolver nesa comisión non permanente na que xa participamos, e na que eu mesma participo, melloras en políticas en materia de diversidade funcional e discapacidade, e propoñer que sexa permanente para seguir traballando nela deseguido, non de xeito temporal.

Temos manifestado —como dicía Paula Verao— que apoiamos a demanda dos colectivos e das asociacións para que esta comisión fose de carácter permanente, por iso estamos de acordo coa proposta de converter as permanentes lexislativas, as comisións propostas e demais. Temos xa unha boa escusa, grazas a esta iniciativa, para intentar ir por unha primeira misión para cada unha delas.

Nós queremos propor que a Comisión de discapacidade formule unha reforma transversal do Regulamento a este Parlamento para adaptarse ao reto da accesibilidade universal con prazos de cumprimento realistas pero ambiciosos, e queremos propor tamén que na Comisión de igualdade se aborde a cuestión da dupla discriminación das mulleres con diversidades funcionais.

Temos retos transversais —como dicíamos— no que se refire a accesibilidade. Non se trata só de que as persoas con algún tipo de discapacidade teñamos acceso pleno a estes espazos físicos, virtuais, políticos e sociais, xa que todas nós temos barreiras xa polas nosas propias limitacións, sexan físicas, cognitivas ou sociais. Todas somos diversas. A xente que ten lentes, que ten gafas e non pode ler ou non pode ver a unha certa distancia se carece destas gafas, non pode facer unha vida normal e non pode facer a súa actividade de xeito normalizado.

Por iso digo, e dicimos dende o noso grupo, que a atención ás diversidades funcionais de todos os tipos, poñendo énfase nas máis graves, debe ser unha prioridade, sen ningún tipo de escusa.

Temos limitacións polas nosas diversidades e temos limitacións de xénero ou de clase social, e cando se xuntan, as barreiras multiplícanse exponencialmente.

Se as mulleres temos maioritariamente problemas de conciliación, cando lle sumamos unha limitación física, cognitiva ou psíquica atopámonos con que cada barreira ou incremento de tempo que lle temos que dedicar a cada tarefa é unha montaña que nos custa moito poder sortear.

As medidas de conciliación pasan —como ben di esta proposta— por poder planificar a nosa actividade, por exemplo, a actividade parlamentaria. Hoxe, sen ir máis lonxe, este pleno é



pouco compatible coa vida persoal de calquera. Planificar o calendario das comisións, de todas, é un paso tamén para poder votar telematicamente, ou para que en lugar dunha persoa poida facelo o seu asistente persoal, que, obviamente, poderá acompañala en todas as súas funcións asociadas ao cargo. Son accións que antes ou despois teremos que asumir e normalizar, e temos que empezar pola nosa propia casa. Teremos que normalizar, á fin e ao cabo, a presenza de persoas con diversidade funcional como somos, señoras e señores, todas as que estamos aquí, como ben dicía, e temos que facelo en todos os eidos, en todos os ámbitos.

Insistimos, polo tanto, na liña de traballo que se abre con esta iniciativa neste Parlamento. Sinto que non estea presente o señor Santalices, pois sei que dende a Presidencia deste Parlamento se tiveron en conta demandas concretas de accesibilidade feitas, por exemplo, por min mesma, e agradézollo particularmente ao señor Santalices. Pero tamén sei que é consciente de que non é suficiente. E tamén foi consciente de que a proposta que eu lle fixen non debeu partir desta deputada, senón que debería partir deste hemiciclo. Igual que non é suficiente, neste sentido, responder a unha demanda concreta dunha deputada no referente ás prazas reservadas para aparcar as persoas con mobilidade reducida, porque os espazos teñen que estar adaptados de antemán para facilitar o acceso a calquera e que, nun momento dado, poidan facer uso dos seus dereitos se así o precisan. Por exemplo, eu levo tres anos neste Parlamento e habilitáronse dúas prazas de párking —repito— grazas á Presidencia hai escasos meses. Pero incluso nisto hai que mellorar polas distancias das portas de acceso e anchura das prazas, porque estas non serven, por exemplo, a día de hoxe, para persoas con cadeiras de rodas.

E digo isto de xeito construtivo, porque isto non é unha cuestión que eu demande, que demande esta deputada, porque me afecte a min, que tamén, porque eu son das que defendo e vou defender sempre que os dereitos hai que exixilos e hai que exercelos, senón que o importante disto é que hai unha normativa de adaptación dos edificios públicos que hai que cumprir, para que cumprisen os mínimos de accesibilidade nun prazo que rematou en decembro do 2018 e que supuxo un gran esforzo por parte dos responsables políticos e dos xestores dita adaptación, con obras inclusive, como foi o caso, por exemplo, do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, de onde eu veño, que cumpriu isto de forma exemplar tendo un edificio vello e difícil de adaptar.

Por todo isto, insistimos na necesidade de iniciativas en materia de accesibilidade universal e insistimos na necesidade dun compromiso real coa mesma, e ¿que mostra de maior compromiso podemos ter que apoiar esta iniciativa e comezar pola propia casa, por esta casa, que é o Parlamento de Galicia?

Por iso, eu insto as señorías do Partido Popular a que traballemos nesta reforma integral do Regulamento nesta materia, que recollamos as propostas dos colectivos que están aquí presentes e dos que están pelexando desde hai décadas pola mellora dos dereitos das persoas con diversidade funcional. Deámoslle valor ao traballo transversal das comisións como esta de discapacidade ou a de igualdade. Deámoslle capacidade lexislativa e vixencia permanente. Reformulemos os alicerces da institución acordes aos tempos e ás demandas cidadás reais, mostra dunha realidade do século XXI.



Para rematar, só quero dicir que entendo que teremos un acordo, porque igual que se tivo moita vontade para que a Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 9 de setembro do 2019, ao abeiro do disposto no artigo 30.1, segundo o Regulamento da Cámara, e se adoptou o acordo para aprobar os Criterios de uso parlamentario institucional das salas do Parlamento porque lles preocupaba moito o decoro e a orde parlamentaria nesta nosa casa, a casa de todas e todos os galegos e galegas, nós imaxinámonos —téño aquí, que é recente— que con moita máis razón terán esa mesma vontade, como mínimo, de facelo hoxe nestas cuestións, que son tan fundamentais e que son o mínimo que se espera de nós como representantes dos galegos e galegas e dos colectivos máis desfavorecidos, que temos uns dereitos que exiximos e que queremos exercer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Dende o Grupo Socialista tamén queremos saudar e darlles a benvida aos representantes dos distintos colectivos de diversidade funcional que hoxe nos acompañan e agradecerlles tamén o seu traballo, que, entre outras cousas, nos permite que hoxe poidamos estar a tratar asuntos tan importantes nesta Cámara. (*Aplausos.*)

Vaia por diante que este grupo é partidario de erradicar as barreiras coas que as persoas con diversidade funcional se atopan no seu día a día para participar na vida social en igualdade de condicións, barreiras que as que aquí me precederon xa foron detallando.

Imos apoiar a toma en consideración desta proposición de lei para reformar o Regulamento da Cámara que, entre outros puntos, falaba de crear esas tres comisións permanentes: a de emprego, a de igualdade e a de discapacidade; ou ben de que teñamos un calendario cunhas datas coñecidas coa antelación suficiente para poder coñecer cando temos as comisións e plenos; ou ben para recoñecer tamén a lingua de signos neste Parlamento.

No que se refire á Comisión de Igualdade, un dos asuntos que tamén se trata nesta proposición de lei, para o Grupo Socialista non existe maior razón para manter unha comisión como a de Estudos para a igualdade e para os dereitos das mulleres que os datos que nos amosan día a día. A percepción social sobre a desigualdade das mulleres respecto dos homes segue sendo preocupante. Segundo datos do informe anual de seguimento da Lei galega, o 72,5 % da poboación mostra algún grao de acordo con afirmacións como que as mulleres a miúdo poden perder bos empregos debido á discriminación sexual, mentres que o 44,5 % da poboación mostra algún grao de acordo con afirmacións como: «no fondo, as mulleres feministas pretenden que as mulleres teñan máis poder que os homes».



E máis datos. Un 30 % segue a concordar coa afirmación de que é difícil traballar para un xefe que sexa muller. Un 15 % da poboación segue a pensar que, se unha muller é acosada sexualmente no lugar de traballo, tivo que facer algo para provocalo. E un 25 % cre que é normal o acoso no traballo, ou ben que é froito de esaxeracións ou invencións das mulleres que os denuncian. Outra afirmación coa que concorda un 37 % da poboación é que case todos os tipos de acoso sexual no traballo terminarían se simplemente a muller lle di ao home que pare, idea esta moi, moi perigosa polas súas implicacións no relativo á tolerancia cara ao acoso sexual: a responsabilidade é da vítima, non do acosador. É con estas implicacións o que fan na vida real.

Este é un só exemplo do día a día das mulleres, que afrontan nesta sociedade todas estas ideas arraigadas dunha educación machista e carente de valores en igualdade, que as culpabiliza, sanciona e responsabiliza incluso das violencias e discriminacións que sofren. Se perde un traballo, é porque elixiu mal o momento do embarazo; se é acosada, é porque o tolerou ou porque o incitou; se se falta ao respecto, é porque non sabe dirixir. Esta razón e outra aínda máis categórica, como é o que supón as 72 mulleres vítimas mortais ata o pasado ano en Galicia, e as 5 que xa levamos neste ano 2019, alármanos e indícanos que temos que seguir traballando, e, neste senso, hai que facelo con todos os sentidos e adicación. E digo que hai que facelo con todos os sentidos e adicación porque nestes últimos tres anos só 2 das 14 vítimas mortais interpuxeran denuncia respecto do seu agresor. ¡Só 2 das 14! —repito—, unha porcentaxe incluso peor que a media do 80 % dos casos en toda España, demostrando a necesidade imperiosa de seguir traballando na sensibilización e información ás vítimas.

Claro, a nós, a este grupo, preocúpanos a irrupción da ultradereita nas institucións do noso país, unha ultradereita, VOX, que cuestiona os dereitos conseguidos pola loita das mulleres. Pero, se nos preocupa a irrupción destas forzas políticas, máis nos preocupa que entraron nas institucións públicas da man do Partido Popular. (*Aplausos.*) Un Partido Popular que non dubida en pactar con VOX, un partido xenófobo e que discrimina as mulleres, con tal de gobernar determinadas institucións. O Partido Popular prefire gobernar determinados concellos e comunidades autónomas da man de VOX e deixar de lado as políticas de loita contra a violencia machista. O Partido Popular non dubida xa en facerse non só unha foto, senón que o introduce nas distintas administracións públicas.

VOX, un partido que pretende derrogar as leis de violencia de xénero, que pretende aprobar unha Lei de violencia intrafamiliar, confundindo —e non o di o Partido Socialista, senón os expertos— a violencia de xénero coa violencia doméstica. Un partido que pon en dúbida os datos da Fiscalía Xeral do Estado, xa que o propio líder do partido de ultradereita di que as denuncias falsas afectaban a milleiros de españois, e sen embargo o informe da Fiscalía Xeral do Estado sinala que as denuncias falsas por violencia de xénero só representan o 0,01 % do total. Ou máis afirmacións do señor Abascal, nas que mezcla a súa vertente machista coa súa vertente racista: «En España as mulleres son asasinadas maioritariamente a mans de estranxeiros», outra afirmación que tamén falla á verdade.

Pois si, este é o compañeiro de viaxe do Partido Popular, por iso, o Grupo Socialista cre que hai que seguir traballando no campo da igualdade e facelo con todos os sentidos e adicación, e, dende logo, consideramos moi importante manter esta comisión de estudo.



Pero, miren, señorías do Partido Popular, deben posicionarse, ou ben ao lado de VOX, ou ben ao lado das mulleres vítimas de violencia de xénero. No relativo á Comisión non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade, dicir que nesta lexislatura esta comisión se reuniu só once veces, e que dende setembro de 2018 ata o día de hoxe só se reuniu tres veces: 21 de setembro do 2018 e 28 de marzo e 15 de outubro deste ano; case sete meses sen reunirse.

O noso Grupo Parlamentario cre fundamental que exista un ditame desta comisión antes de que remate esta lexislatura. Pero tamén coincidimos co grupo proponente en que, coa cadencia na que se convocan e se teñen estas comisións, vai ser moi difícil que se acade o obxectivo do plan de traballo marcado ao inicio desta décima lexislatura.

Esta pouca importancia que tamén dende o Grupo Parlamentario Popular lle outorgan a esta comisión de seguimento é coherente coas políticas que levan a cabo dende o Goberno da Xunta de Galicia; por exemplo, eses máis de trinta meses para ser avaliados e poder obter o certificado de discapacidade que expide a Xunta de Galicia, situación sobre a que xa avisaba a Valedora do Pobo, que alertaba o ano pasado do crecente número de reclamacións polas esperas que teñen que soportar en Galicia as persoas con discapacidade para ser valoradas; trámite que non olvidemos que é obrigatorio para acceder ao certificado que acredita unha minusvalía e que, polo tanto, lle dá dereito a acceder a determinados servizos e prestacións. Tamén outro abandono por parte do Goberno da Xunta de Galicia é esa denuncia que fixo o Colexio Oficial de Traballadores Sociais de Galicia por varias irregularidades na valoración da discapacidade na nosa comunidade autónoma.

Polo tanto, como xa indiquei, é necesario darlle a importancia que debe ter esa comisión, así como obter ese ditame antes de que finalice a lexislatura.

No tocante á Comisión de Emprego, é fundamental dotala e darlle maior importancia, en vista dos datos da nosa comunidade autónoma: 54.000 empregos menos nos dez anos de Goberno de Núñez Feijóo, onde os contratos temporais son a regra xeral. Nunha comunidade na que a alta taxa de parcialidade impera, é necesario, dende logo, que o emprego teña un maior espazo, e todos sabemos que a Comisión 5ª, na que ademais de emprego tamén se engloba política social e sanidade, ten unha gran carga de traballo.

Consideramos tamén importante, como se reflicte nesta proposición, que o calendario das comisións sexa coñecido coa antelación suficiente que permita unha boa planificación. E, xa para rematar, cremos que sería desexable que as comisións se corresponderan coa estrutura do Goberno, para unha maior relación entre comisións e consellerías co fin de poder realizar un mellor labor de control parlamentario.

E remato como empezaba, que nós imos apoiar a toma en consideración desta proposición de lei.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.



Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas. Saudar tamén os representantes das entidades sociais que hoxe nos acompañan, porque así poderemos explicar exactamente en que consiste esta proposta do Grupo Parlamentario Mixto, pois algún dos grupos parece que confundiron o que é unha reforma do Regulamento cun mitin nunha campaña electoral. Entón, nós consideramos que é algo moi serio e que deberíamos explicar en que consiste. (*Aplausos.*)

Nos últimos dez anos leváronse a cabo dúas reformas do Regulamento do Parlamento de Galicia, dúas reformas: unha reforma no ano 2012, para permitir o voto delegado ou telemático das deputadas e deputados nos casos de embarazo, maternidade ou paternidade; e unha reforma no ano 2015, a través dunha proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista, que se traduciu na modificación de 19 artigos que permitiron mellorar non só o funcionamento da Cámara, senón tamén ampliar os dereitos dos grupos parlamentarios. Por exemplo, a creación dun portal de transparencia no que se publica a información tributaria, percepcións dos deputados, asistencias ás sesións parlamentarias ou a contabilidade dos grupos. Por exemplo, máis comisións de investigación. Antes só se podía crear unha comisión de investigación por proposta da Xunta, da Mesa, de dous grupos parlamentarios ou da quinta parte dos deputados da Cámara, sempre que o Pleno así o acordase. Despois desa reforma pódese crear unha comisión de investigación de xeito automático se o solicita un terzo dos deputados dun mesmo grupo ou os dous quintos dos deputados da Cámara.

Coa ampliación do período de sesións de setembro a decembro, e do 15 de xaneiro ao 15 de xullo; coa audiencia de colectivos nos proxectos de lei, que establece un trámite dos representantes dos colectivos sociais afectados durante a tramitación dun proxecto de lei; coa redución dos tempos para inclusión das iniciativas en Pleno ou en Comisión, as preguntas pasaron de 7 a 4 días, e as interpelacións de 15 a 7 días. En relación coa información da solicitude á Xunta —da que falaba o señor Bará— agora mesmo pódese reconverter nunha pregunta oral en Comisión.

Hoxe o Grupo Mixto presenta unha proposición non de lei para reformar o Regulamento da Cámara que propón modificar cinco artigos. O artigo 1, sobre a lingua de signos castelá e galega; o artigo 45, sobre a creación de tres novas comisións permanentes, non só a de discapacidade, senón tamén unha de igualdade e outra de emprego; os artigos 54 e 70, sobre acceso ás sesións das comisións e dos plenos das persoas que exercen de asistentes persoais das persoas con diversidade funcional —porque parece ser que ata o de agora non puideron acceder ao salón de sesións de plenos—; o artigo 68, sobre un calendario das sesións de pleno e de comisión. Este debate di o BNG que debería ser de máis calado. Na proposta do Grupo Mixto resulta que se mesturan estes temas que nada teñen que ver entre si, pero ao Bloque Nacionalista Galego xa lle parece de pouco calado esta reforma.

Pois ben, en relación co artigo 1 que queren vostedes modificar, sobre os idiomas oficiais do Parlamento de Galicia, vostedes din que o galego e o castelán serán linguas oficiais do Parlamento, así como as súas respectivas linguas de signos. A declaración —como vostedes



saben— de linguas oficiais que recolle o Regulamento do Parlamento deriva do artigo 5 do Estatuto de autonomía de Galicia e do 3.2 da Constitución española. A lingua de signos española foi recoñecida legalmente na Lei 27/2007. En canto á lingua de signos galega —cando falan vostedes de lingua de signos galega—, en febreiro deste ano dúas deputadas de En Marea solicitaron no Congreso dos Deputados medidas para recoñecer e impulsar unha lingua de signos galega —por certo, o Grupo de En Marea ao que antes pertencía a señora Vázquez Verao, que agora está no Grupo Mixto e que presenta esta proposta—. Pois ben, ¿que dixo a Federación da Asociación de Persoas Xordas? Cito literalmente: «*No hai una demanda social para una lengua de signos gallega. Desde la Federación siempre hemos defendido las lenguas de signos que están reconocidas oficialmente en este momento a nivel estatal*».

A lingua de signos no Parlamento de Galicia xa se utiliza nas sesións plenarias, e, recentemente, a web do Parlamento acaba de incluír novos contidos con interpretación en lingua de signos. Ademais, na elaboración do Plan director de obras para a remodelación do edificio, co fin de facelo accesible, está en marcha, algo que parecen descoñecer os señores deputados.

En relación coa modificación do artigo 45, sobre a creación desas tres comisións permanentes lexislativas: discapacidade, igualdade de dereito das mulleres e emprego, na actualidade están en funcionamento dúas comisións non permanentes nesta Cámara, que parece ser que non se fala delas, que é a Comisión especial non permanente para o seguimento das políticas relativas á discapacidade, elaboración de novas propostas e integración das persoas con discapacidade, e a Comisión non permanente para o estudo da igualdade para os dereitos das mulleres. Pois ben, ¿cal é a importancia desta comisión? Para nós é moita, para vostedes parece ser que se queixan neste momento porque son irregulares. A min gustaríame recordar que nesta Comisión non só está o Grupo Popular, nesta comisión estamos representados todos os grupos; é máis, na Mesa, coa presidenta da comisión —que neste momento son eu— está representado o Grupo Parlamentario Socialista e o Grupo Parlamentario Común da Esquerda. Nunca, nunca, endexamais, dende que se creou esta Comisión, ningún deputado desta Cámara ou ningún grupo parlamentario falou coa presidenta da comisión para dicirlle que era necesario ampliar o calendario das comisións de discapacidade. Pola contra, algún deputado queixouse de que eran moitas as comisións, que se mesturaban entre a Comisión 5ª e a Comisión de discapacidade. Polo tanto, se realmente estamos comprometidos coa discapacidade é unha cuestión de vontade política, e vontade política haina que ter tamén á hora de traballar nunha comisión non permanente relativa ás políticas de discapacidade.

Por iso, nós consideramos —como vostedes— que hai que facer unha revisión das comisións permanentes, sobre todo as de ámbito social, porque hai que abrir un debate sobre a composición actual. O exemplo que vostedes puñan, a Comisión 5ª, onde se tratan temas de política social, sanidade, igualdade, emprego... Pero tamén estamos a favor de rematar os traballos da Comisión non permanente de discapacidade, e de facer esas conclusións, porque hai diferenzas...

Miren vostedes, nesta comisión non permanente están comparecendo non só representantes das entidades sociais, senón expertos na materia, están comparecendo colexios oficiais. E na comisión permanente que vostedes pretenden constituír non estarían representadas directamente estas entidades sociais; falarían vostedes polas entidades sociais, facéndolle pre-



guntas ao Goberno da Xunta ou presentando iniciativas, pero as entidades locais e as entidades sociais non estarían representadas directamente nesa comisión.

En relación coa disposición final desta proposición, vostede fala de que hai que rematar os traballos antes de xullo do 2020 e crear esa comisión despois dos traballos. Polo tanto, señorías, estamos a falar da vindeira lexislatura; e na vindeira lexislatura, efectivamente, nós estamos abertos, como vostedes din, a revisar a composición das comisións permanentes porque non concordan coas consellerías e as delegacións da Xunta de Galicia. Efectivamente, a Comisión 5ª está sobrecargada, e sería máis efectivo que seguiran a estrutura do Goberno: das políticas sociais, das políticas de igualdade, das políticas de emprego ou das políticas de xuventude.

En relación cos artigos 57 e 70, que vostedes tamén pretenden modificar, sobre o acceso ao salón de plenos e das comisións das persoas que exerzan de asistentes das persoas con diversidade funcional, eu pregúntome, señor presidente, ¿cando se prohibiu ou cando non se aceptou a entrada neste parlamento dun asistente persoal dunha persoa con diversidade funcional? ¿Cando non se aceptou a entrada neste Pleno e neste parlamento dunha persoa cega que vén co seu can guía? ¿Cando non se facilitou a entrada dunha persoa con discapacidade que utiliza cadeira de rodas para vir a unha comisión? ¿Cando? Se non é así, ¿se se permite sempre!, ¿por que é necesaria unha modificación do Regulamento? Porque entón non deberíamos modificalo só para poñer asistentes persoais, é que teríamos que facer inclusivo ese artigo e falar de persoas cegas con can de asistencia, de persoas con diversidade funcional que veñen con asistencias persoais, (*Aplausos.*) de persoas que veñen con cadeiras de rodas, (*Aplausos.*) de intérpretes de lingua de signos, (*Aplausos.*) etc.

E, finalmente, o broche de ouro desta iniciativa tan importante para modificar o Regulamento é que temos que ter un calendario de plenos e comisións con tempo suficiente de antelación para que os deputados poidamos facer a nosa axenda. Pois, miren, ao inicio de cada período de sesións xa se fai unha remisión do Acordo da reunión de presidentes de comisións e o calendario de comisións á Xunta de Portavoces, das sesións plenarias. E nas comisións desta lexislatura as reunións de presidentes de comisións estanse facendo a mediados de mes, o que permite que xa o 15 de outubro tivéssemos, por exemplo, o calendario de comisións do mes de novembro.

Polo tanto, nós consideramos necesario adaptar as comisións permanentes aos departamentos da Xunta de Galicia; pero, dende logo, non estimamos oportuno un *totum revolutum* para facer unha modificación do Regulamento do Parlamento de Galicia onde mesturan vostedes diversos temas que nada teñen que ver uns cos outros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Arias.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: En primeiro lugar, semella que estamos os grupos de acordo na necesidade de reestruturar esas comisións, polo tanto, deámoslle para adiante a este trámite.



Teñen vostedes maioría de momento, e se non lles parece ben, por exemplo, que isto sexa un *totum revolutum* —que non o é—, poderán formular, por exemplo, exclusivamente a creación desa Comisión de discapacidade unha vez remate os traballos. Sempre o remarcamos, é necesario que rematen os traballos as que están en curso para facer o ditame coas conclusións achegadas por todas esas persoas expertas e colectivos que compareceron nas comisións Agarrémonos a iso, deámoslle para adiante ao trámite e poderemos afondar na reforma, engadindo tamén eses aspectos inclusivos que sinalou tanto o Partido Popular como o Grupo Común da Esquerda. Non entendemos, entón, por que non se fai.

A ver se non esquezo todos os puntos que queríamos tratar.

Xa dixemos, en primeiro lugar, que era un erro colectivo de todos os grupos o feito de atrasar sete meses dende a constitución da Cámara a aprobación do plan de traballo da Comisión de discapacidade, que, por outra parte, viña da anterior lexislatura, que xa debería ter rematado, pero que, obviamente, quen máis responsabilidade ten é o grupo maioritario.

Quería empezar a sinalar o que tiñamos aquí anotado. Agradecer, en primeiro lugar, ao gabinete da Presidencia —que antes o esquecín— as facilidades para que puideran estar aquí as persoas que nos acompañan. Efectivamente, o acceso a este Parlamento debería modificarse no sentido en que o sinalou o señor Bará, e que a presenza de persoas na tribuna non impuxese unha serie de limitacións. Concordamos co Bloque Nacionalista Galego en que a reforma do Regulamento requiriría de moitas máis modificacións de calado pola súa obsolescencia para garantir a inclusión, maior participación cidadá, axilidade no debate, maior control ao Goberno, linguaxe inclusiva —como dixemos—, que non está recollida nesta norma; ou mesmo o feito de que estea prohibido no século XXI o uso de dispositivos electrónicos para sacar fotos e videos, ¡porque estamos no ano 2019!

E tamén concordamos co Grupo Común da Esquerda na importancia de visibilizar. O obxecto dalgunhas propostas da nosa reforma era visibilizar para contribuír á inclusión. Non dicimos que a Presidencia negara nunca o acceso, tanto a persoas con diversidade funcional como aos mecanismos de apoio, ou ás persoas de apoio que elas tiveran, a esta Cámara, pero o que pretendemos é que exista un dereito recoñecido, plasmado na norma, e que non dependa da decisión da Presidencia, aínda que, evidentemente, ningunha Presidencia ía negar o acceso dun asistente persoal ao hemiciclo.

Agradecemos a todos o grupos o seu apoio. Utilizou a voceira socialista «erradicar as barreiras». Concordamos coa radicalidade desa palabra: é necesario erradicar as barreiras. E humildemente queríamos contribuír con esta proposta, que é unha reforma máis —como xa sinalou a voceira Popular— para facer desta Cámara un lugar máis inclusivo.

Citaba vostede a web como exemplo de inclusividade. Intente dicirlle a calquera cidadán ou cidadá que busque un debate deste Parlamento na web. ¡É un galimatías! ¡Non se pode, no ano 2019, ter a páxina web que temos e gabarse de que é un exemplo de accesibilidade!

De verdade, creo que necesitamos un debate fondo sobre o que é a accesibilidade universal neste Parlamento. Consideramos que esta proposta de reforma nos daría un marco para



debater. Non sei se a voceira do PP nos acaba de adiantar que a lexislatura vai rematar antes de tempo. Porque nós o prazo que puxemos para rematar as comisións era xullo de 2020, esta lexislatura. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, no período de sesións, vale. En todo caso, se están abertos a esa reforma, que todos os grupos manifestaron a necesidade de reestruturar as comisións, que si que teñen que ver, porque a Comisión 5ª é un *totum revolutum*. Reduciríamos unha sesión da mesma ao mes, e habería que ubicar non só a discapacidade, tamén o emprego e a igualdade; que, como xa sinalaron todos os voceiros e as voceiras, é algo esencial, e non é entendible que non sexan de carácter permanente.

En fin, nós seguimos mantendo esta proposta. Lamentamos que non teña percorrido e agardemos que se se aproba na vindeira lexislatura sexa cunha composición diferente desta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Imos proceder á votación dos textos lexislativos.

Neste caso, comezamos votando as emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais. Comezamos votando a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 39; abstencións, 4.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 39; abstencións, 4.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: E votamos a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 39; abstencións, 4.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Rexeitadas, polo tanto, estas emendas á totalidade, este proxecto de lei continúa o trámite parlamentario.

Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia. Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, de medidas para a nova xestión dos saltos e aproveitamentos hidroeléctricos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Grupo Común da Esquerda, pola que se modifica a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.



En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Votación da toma en consideración da proposición de lei, do Grupo Parlamentario Mixto, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. Mixto, de reforma do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta toma en consideración.

O señor PRESIDENTE: Esquecinme eu de votar, pero sobre a marcha xa arreglei a cuestión. (*Murmurios.*) Non imos perder o tempo nisto. Arreglei sobre a marcha.

Terminaron as votacións. Poden abrir as portas, por favor.

Punto 4º da orde do día.

Comparecencia da Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, por petición propia, para informar do inicio do curso 2019-2020 no ensino non universitario de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, dona Carmen Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Moitas grazas, presidente.

Moi boas tardes a todas e a todos.

Como é habitual nos últimos anos, unha vez transcorrido un tempo razoable do inicio do curso escolar, neste caso logo de case un mes de actividade lectiva, a Consellería de Educación informa nesta Cámara da situación vivida no inicio de cada curso no ensino non universitario de Galicia.

Os meus antecesores no cargo cumprían con esta obriga de render contas e hoxe tamén o fago eu convencida de que o conxunto da sociedade galega ten que recoñecer o que implica garantir un modelo educativo diferenciado e innovador que ten que adaptarse constantemente e cubrir necesidades e demandas cada vez máis exixentes.

Cada curso escolar implica atender un importante número de persoas e habilitar abondosos recursos humanos e materiais. Trátase dunha responsabilidade e dunha obriga para acadar



o mellor para os nosos rapaces e rapazas. Cada curso escolar hai que facer fronte a situacións ordinarias e que se poden planificar, pero tamén a imprevistos. Aí reside a tarefa de goberno.

Comecemos a trazar unha visión cuantitativa e cualitativa da realidade do ensino galego neste curso 2019-2020.

En Galicia o alumnado, no sistema educativo galego, mantense practicamente invariable, así o número de alumnas e alumnos de educación infantil, especial, primaria, secundaria, bacharelato, ensinanzas artísticas e deportivas ascende a 345.044, un 0,2 % menos ca no curso 2018-2019.

Ademais, aínda con datos non pechados, a formación profesional galega continúa a medrar e as diferentes modalidades destas ensinanzas contan con 52.764 estudantes, un 3,3 % máis ca no curso anterior.

Por tanto, un mes de setembro máis activáronse todos os recursos dispoñibles para desde o primeiro día de clase tratar de atender as necesidades formativas de algo menos de 400.000 alumnos e alumnas de distintos niveis educativos non universitarios en diferentes puntos da xeografía galega.

Un curso máis a Consellería cumpriu coa súa obriga de planificar, regular e administrar o ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades. Un curso máis, organizando a actividade dos centros educativos, tendo en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable de recursos.

¿Cal é o resultado? Podemos dicir que este curso arrancou a actividade con normalidade, agás algunha incidencia puntual que foi atendida cando se produciu. En cada inicio de curso é misión da Administración educativa facilitar instalacións adaptadas e axeitadas para atender as necesidades do conxunto das comunidades educativas. Teño que recoñecer que as obras en execución marcaron este inicio do curso en Galicia e teño que recoñecer que o equipo da Consellería de Educación, no que depende das súas competencias e no cumprimento da legalidade, fixo todo o que estivo ao seu alcance para facer compatible a necesidade de acometer melloras en varias instalacións educativas de Galicia e no desenvolvemento da actividade lectiva no arranque de curso. Houbo inquietude entre algunhas familias, incluso que decidiron non enviar os fillos á clase e houbo moitas críticas da oposición.

Cabe responder á seguinte cuestión: ¿cal foi e cal é a realidade? A realidade é que a rede pública de centros educativos de Galicia está composta por máis de 1.000 instalacións e que as incidencias se limitaron a menos de media ducia de colexios. Isto representa o 0,0055 % do total de centros, xusto nos primeiros días de comezo da actividade lectiva. A realidade é que os centros, tanto os que precisaron de obras como os que non as tiveron, están funcionando de xeito ordinario e a Consellería segue con atención o avance da actividade para atender calquera situación que poida acaecer, que poida xurdir.

Nos primeiros días de curso houbo diferenza de opinión sobre o estado dalgúns centros, principalmente na provincia de Lugo, mais quedaron aclaradas e resoltas aos poucos días.



Só no caso do CEIP plurilingüe Santa María, da Fonsagrada, aínda que a obra é de rehabilitación integral e estaba case rematada no interior do centro, a Xefatura territorial de Lugo tomou a decisión de trasladar as clases ás instalacións do IES plurilingüe Fontem Albei, que se atopa moi preto do colexio e que ademais comparte desde sempre o servizo de comedor en dúas quendas.

A Consellería está a actuar e a velar polo axeitado funcionamento da actividade lectiva, como aconteceu recentemente cando houbo que reaccionar ante os efectos das chuvias e os alumnos e alumnas de primaria do CPI Cova Terreña, de Baiona, foron aloxados no CEIP Fontes-Baiña, decisión da que foron partícipes a xefatura territorial, a dirección do centro, a ANPA e o concello. A Consellería reacciona tanto ao inicio de curso como ao longo do curso todos os anos escolares con e sen obras.

Escotarei, sen dúbida, o que desde a oposición hoxe teñan que dicir, pero nesta parte da comparecencia quero poñer en valor a planificación e o importante esforzo de licitación e contratación realizado por esta consellería para que neste curso 2019-2020 os centros de máis antigüidade realizasen a súa actividade lectiva nas mellores condicións. A Consellería de Educación, no que atinxe ás súas competencias, cumpriu co compromiso de ter listas todas as obras no interior dos centros educativos para que puideran comezarse as clases con normalidade. Nalgúns casos, en moitos deles por causas alleas á Consellería, as obras no exterior tiveron que compatibilizarse —e teñen que compatibilizarse aínda— coa actividade lectiva durante estes meses. En todo caso, están facéndose baixo as máximas condicións de seguridade. Debo recoñecer neste punto a máxima colaboración dalgúns dos concellos onde se sitúan estes centros en obras, sendo estes de distintas cores políticas.

Hai que lembrar que o feito de que o Goberno central non achegara os fondos de superávit retrasou a execución dun total de 22 obras e obrigou á Xunta a facer un anticipo de tesourería para poder dispoñer de fondos cos que licitar e adjudicar os traballos, cuestión que se fixo nun tempo récord. Son precisamente estas obras as que continúan en execución no exterior dos centros.

Cómpre salientar que o 2019 foi o verán cun maior volume de obra en execución en centros educativos. Dentro do conxunto do Plan de dotación de infraestruturas educativas correspondente a este ano, estanse a executar ou executáronse un total de 54 grandes obras por importe de máis de 50 millóns de euros e máis de 200 pequenas obras con cargo ao orzamento RAM —reforma, ampliación e mellora— por importe de máis de 6 millóns de euros.

Non estaría de máis que desde a oposición recoñecesen o traballo feito pola Consellería de Educación, ao igual que o fan a meirande parte das comunidades educativas destes centros. Non estaría de máis que recoñecesen que as obras teñen unha duración, no caso dos proxectos dos que estamos a falar, de tres meses de execución, e que a actividade lectiva nos centros educativos ocupa tamén unha época concreta durante o curso.

A Consellería é responsable da ambición na programación do número de obras a executar e de boa parte da tramitación administrativa, pero non pode garantir outras variables que lle son alleas. E lanzo unha reflexión: ¿cren que tería sido mellor non ter acometido estas obras?



Pero este inicio de curso, ademais de actuar na mellora das instalacións educativas desde a Administración educativa galega, tamén afrontamos a coordinación dun transporte escolar totalmente gratuito para aproximadamente 88.054 alumnos e alumnas de 776 centros públicos neste curso 2019-2020. Ademais, a Consellería asinou convenios con 13 entidades para facilitar o servizo de transporte a 314 alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que contan co apoio de 62 auxiliares.

Temos un comedor escolar baseado no pago por renda familiar. No curso 2019-2020, con datos aínda sen pechar, estímase que o servizo de comedor escolar contará con 76.987 comensais, sumando os 434 comedores xestionados pola Consellería, os 130 das ANPA e os 52 comedores dos concellos. A Administración educativa galega atenderá uns 62.092 usuarios a través dos 300 comedores de xestión indirecta e dos 134 de xestión directa.

E tamén a gratuidade solidaria para os libros de texto, que estimamos que para o curso 2019-2020 implique algo máis de 29.000 axudas á adquisición de libros de texto e 102.158 axudas para adquisición de material escolar. Ademais, o fondo solidario de libros de texto permitirá distribuír manuais entre preto de 119.278 alumnos e alumnas.

Temos en Galicia unha rede de máis de 1.300 centros educativos sostidos con fondos públicos. A maioría dos centros son de titularidade cen por cento pública, en concreto 1.083 centros. É dicir, que arredor de 8 de cada 10 son totalmente públicos; e son centros que ofrecen formación ao 70 % do alumnado matriculado na nosa comunidade.

A raíz dunha normativa estatal impulsada no seu día polo Partido Socialista Obreiro Español, a rede de centros sostidos con fondos públicos inclúe tamén os centros concertados. Neste curso 2019-2020 hai un total de 3.954 unidades concertadas, 25 máis ca no curso anterior, como consecuencia do aumento progresivo dos niveis educativos concertados. Así, o ensino concertado dá resposta a arredor do 28 % da necesidade de prazas de escolarización en Galicia. Por outra banda, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional revisou como todos os anos a matrícula dos centros escolares públicos nos niveis de educación infantil, primaria e educación especial para o curso 2019-2020; un proceso habitual que, como todos os anos, se leva a cabo antes do inicio de cada curso co fin de adecuar o número de unidades ao de alumnos e alumnas matriculados en cada centro educativo.

Conforme os datos definitivos de matrícula, neste curso escolar deixaron de prestar servizo seis escolas unitarias debido ao baixo nivel de alumnado nestes centros; catro pertencían a provincia da Coruña e dúas á de Pontevedra. Cómpre sinalar que a Consellería mantén un ano máis o mesmo criterio para suprimilas; é dicir, que contan con cinco ou menos alumnos ou alumnas.

O Goberno galego está a facer esforzos desde todas as consellerías por manter e incentivar a vida no rural. Isto inclúe o mantemento de escolas con seis alumnos e alumnas, cando noutras épocas se pechaban con dez alumnos ou alumnas. Como cada curso, tamén se afrontou a reorganización de unidades dentro dos propios centros educativos, que, como é habitual, se realizou en función do incremento ou diminución do alumnado.



Así mesmo, habilitáronse unidades —oito en total— para o suposto desdoblamento de aulas cando existe un incremento puntual ou circunstancial do número de alumnas ou alumnos. Neste punto quero salientar que foi habilitada unha unidade en Negueira de Muñiz, provincia de Lugo, ao contar cun número suficiente de alumnas e alumnos. Como saben, trátase dunha situación particular nun municipio no que non existe ningún centro escolar aberto e no que hai moita distancia respecto da escola máis próxima; por iso, a aparición dun grupo de alumnas e alumnos motivou esta decisión.

Tamén quero mencionar o caso da unidade de infantil de Trabada, tamén na provincia de Lugo, onde quedou de manifesto que o Concello alimentou unhas expectativas non realistas. Aínda así, cando na matrícula constataron os seus seis alumnos mínimos, a Consellería de Educación cumpriu co seu compromiso de manter a unidade de infantil do CEIP plurilingüe Celso Currás. Mais ao constatar que a matrícula real só chegaba a catro alumnos, modificou a decisión, porque incumpre o criterio, e manter esta aula aberta suporía un agravio comparativo para o resto do sistema educativo de Galicia.

Ten que quedar claro que a Xunta garante o servizo educativo a eses catro alumnos e alumnas no propio centro a través dos pertinentes agrupamentos educativos. En calquera caso, un curso máis a Consellería organizou a actividade dos centros educativos a través dun uso eficiente pero tamén eficaz dos recursos e sempre atendendo ás necesidades educativas do alumnado.

Como complemento do dito ata agora, quero reiterar neste Parlamento o noso agradecemento e a nosa convicción respecto do papel fundamental dos docentes que traballan no sistema educativo galego, xa que son axentes activos, participativos e innovadores da vida do seu alumnado. Así o comprobo eu mesma nas visitas que fago, semana a semana, a distintos lugares da xeografía galega, que é a mellor forma de coñecer de primeira man o que se fai nas nosas escolas e nos nosos institutos.

Entendemos que as necesidades do sistema educativo volven estar cubertas un curso escolar máis, xa que Galicia dispón de docentes profesionais e comprometidos, aos que lles estamos, ademais, moi agradecidos pola súa entrega e polo seu esforzo. Un curso máis, a Consellería conta cun cadro de persoal docente que non só respecta o catálogo de postos fixado en 2007 polo Bipartito e asinado con todos os sindicatos senón que supera as previsións mínimas fixadas nese acordo. Un curso máis dispomos dun cadro de persoal docente no ensino público que supera os 30.100 profesionais e que en calquera caso é axustado ás demandas reais que aparecen no arranque de curso.

Desde esta Cámara quero asegurar que neste curso a Consellería seguirá comprometida coa estabilidade laboral dos docentes, con ofertas de emprego público continuas e propiciando que Galicia teña a taxa de interinidade máis baixa do Estado, coas melloras retributivas que comezaron en outubro de 2018 e que continuarán de xeito paulatino ata o ano 2021, froito dun acordo salarial asinado o ano pasado cos sindicatos e coa formación permanente do profesorado, porque para a formación inicial seguimos sen noticias do Goberno central en funcións.

Unha vez ofrecidos os datos sobre o alumnado, sobre centros e profesorado, parece oportuno presentar a situación do modelo educativo posto en marcha en Galicia ao longo dos últimos



anos; en concreto, como un curso máis, os programas impulsados pola Consellería están a contar coa participación e a implicación da comunidade educativa. O alumnado galego recibirá un curso máis unha formación moderna e adaptada aos tempos actuais, froito da progresiva ampliación das iniciativas e políticas postas en marcha na última década. O ensino plurilingüe está cada vez en máis niveis e ensinanzas, así, o alumnado galego, ademais da adquisición de competencias en castelán e en galego, afronta unha aprendizaxe integral dunha lingua estranxeira, maioritariamente o inglés.

No curso 2008-2009 só existían as seccións bilingües e había arredor de 12.500 alumnos e alumnas beneficiados. Despois das diferentes iniciativas postas en marcha por este goberno en materia de plurilingüismo, o número de alumnas e alumnos implicados na aprendizaxe de linguas no curso 2019-2020 ronda os 110.000, incluíndo alumnos e alumnas en centros plurilingües, centros con estrela plurinfantil e pluriBach e seccións bilingües. Este dato representa o 31,87 % do alumnado escolarizado nos centros de ensinanza galegos.

A rede de centros plurilingües comezou no curso 2010-2011, cun total de 58 centros —58 colexios— con ensinanzas de primaria e secundaria naqueles nos que na anterior etapa só existían sección bilingües. No curso 2019-2020 conta xa con 377 centros, máis de seis veces eses 58; é dicir, sextuplican os que habían. Son centros con implantación plurilingüe clásica, centros con implantación do inglés en primaria e en secundaria.

Pero a Consellería estendeu nos últimos anos a aprendizaxe de linguas estranxeiras aos niveis de infantil, bacharelato e formación profesional. Así, neste curso 2019-2020 a aplicación da Estratexia EDUlingüe abrangue 423 centros con plurilingüismo en distintos niveis educativos, 4.647 seccións bilingües e 617 auxiliares de conversa, que incrementan a 16 as súas horas e que, ademais, recibirán formación en didáctica de ensino de idiomas.

Galicia está a realizar un esforzo sen precedentes, con diferentes medidas que están a permitir unha evolución que camiña a bo ritmo no ensino das linguas estranxeiras con, entre outras medidas, o desenvolvemento de *English week* e *EduExchanges*, e a partir deste curso tamén un renovado plan de formación para o profesorado que reforzará o traballo na aula da competencia oral e que empregará didácticas específicas.

Este será o segundo curso no que se habilite a posibilidade de acreditar o nivel de coñecemento lingüístico B1 e B2 en inglés, de acordo co marco común europeo de referencia para as linguas, para que os estudantes que finalizaron a etapa de secundaria, bacharelato ou formación profesional cursando na rede de centros plurilingües poidan ter acreditado ese nivel de coñecemento da lingua. O procedemento habilitado pola Consellería consistirá nunhas probas totalmente gratúitas para as familias, e a maiores nesta convocatoria introdúcese tamén o C1 para que o alumando que xa ten o certificado B2 teña a posibilidade de certificar ese nivel C1.

Quero lembrar que, segundo un informe do Ministerio de Educación e tamén do British Council, a educación plurilingüe está a mellorar a competencia comunicativa en inglés dos estudantes galegos. Só hai que pasar por algún dos centros plurilingües ou con seccións bilingües para manter unha conversa en inglés cos rapaces e as rapazas, desde os máis cativos



aos máis mozos. Tanto eles como os seus profesores están satisfeitos coa experiencia enmarcada na Estratexia EDUlingüe. Así que seguiremos avanzando nesta dirección.

Como xa manifestei nesta Cámara, traballamos pola integración real das TIC, das novas tecnoloxías de comunicación, no ensino e pola aprendizaxe de competencias científico-tecnolóxicas polo alumnado galego.

Como saben, avaliamos como positiva a participación voluntaria dos centros galegos na progresiva implantación da Estratexia galega para a educación dixital, Edudixital 2020, con varias liñas de acción. Con E-Dixgal o ensino galego mellorou as ferramentas de soporte e actualización de contidos, propiciando que o libro dixital chegue no actual curso 2019-2020 a 347 centros de ensino e a 27.000 alumnas e alumnos. En seis cursos escolares creceu en 263 centros educativos e creceu en 24.700 alumnos e alumnas máis.

O desenvolvemento desta acción supuxo unha gran aposta para o fomento e o desenvolvemento das competencias TIC tanto no alumnado como no profesorado, así como un gran esforzo a nivel de organización e a nivel de achegas económicas. Os centros adscritos a este proxecto dispoñen da conexión á rede axeitada e cos medios tecnolóxicos necesarios na aula, tanto para o profesorado como para o alumnado, e terán acceso a unha contorna virtual de aprendizaxe cos contidos gratuítos proporcionados pola Xunta.

Permítanme lembrar as palabras que pronunciaba hai pouco Salman Khan, Premio Princesa de Asturias de Cooperación Internacional, cando dicía: se tivese que elixir entre un mestre ou profesor increíble e unha tecnoloxía increíble para os meus fillos e fillas, ou para os de calquera outra persoa, elixiría sempre o mestre ou profesor increíble. Pero, ¿que pasaría se esa tecnoloxía gratuíta se puidese utilizar para empoderar eses grandes ensinantes, eses mestres increíbles? Aproveito para lembrar que E-Dixgal, xunto coas axudas de libros de texto e de material escolar e co fondo solidario, constitúen un modelo innovador co que a Xunta axuda as familias que máis o precisan para adquirir o material de apoio ao estudo que solicitan os centros.

Outra liña de Edudixital é a Estratexia STEM, coa que se están a fomentar entre o alumnado galego as competencias en ciencias, tecnoloxía e matemáticas. No curso 2018-2019 quince centros ofreceron por primeira vez o bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía, coñecido como STEMBach, no nivel de primeiro de bacharelato. Neste curso 2019-2020 impartirán esta modalidade de bacharelato un total de 31 centros; polo tanto, máis do dobre de centros, con 560 alumnos e alumnas participantes.

Os quince centros que comezaron a impartir STEMBach o ano pasado seguen no nivel de segundo de bacharelato e hai dezaseis novos centros educativos que estean STEMBach este ano en primeiro de bacharelato. Asemade, hai continuidade no resto das actividades vinculadas, como os Espazos Maker, os clubs de ciencia e as STEM Week.

Edudixital promove tamén a robótica, así, todos os centros de secundaria —aínda está pendente de resolver a última convocatoria—, estimamos que arredor de 180, contarán no curso 2019-2020 con kits de robótica subministrados pola Consellería, un material que vai tamén ligado a accións de formación do profesorado.



O obxectivo desta iniciativa é que o alumnado galego teña a oportunidade de iniciarse na experiencia da programación básica, da robótica e da construción. Eu mesma comprobei os magníficos resultados que está a dar esta acción en primaria o pasado sábado nunhas xornadas sobre eTwinning e programas Erasmus+ ,vendo como cativos de cuarto de primaria dun colexio próximo a Santiago, en concreto do CEIP de Sigüeiro, programaban varios mBots para que bailasen unha muiñeira con cadansúa saia e cadansúa monteira. Polo tanto, hai resultados palpables en proxectos reais.

Ademais, a Consellería oferta dúas materias de libre configuración autonómica que son específicas deste eido: programación, en secundaria, e robótica en bacharelato.

Xunto co fomento das competencias STEM nos centros educativos, tamén desde a Consellería estamos a impulsar as competencias de comprensión lectora. Por iso, quero lembrar o importante papel das bibliotecas escolares para a formación das competencias clave do alumnado e como lugares de encontro para a creación e para o pensamento crítico.

Houbo unha evolución do Plan de mellora de bibliotecas escolares, que quedou integrado no máis ambicioso Plan LÍA de bibliotecas escolares, para lectura, información e aprendizaxe e para sumar outras accións e cumprir os obxectivos de dotar os centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes coas necesidades do século XXI.

No curso 2009-2010 estaban integrados no Plambe un total de 299 centros, mentres que no actual curso 2019-2020 superamos os 700, e o máis importante é que estes centros están totalmente implicados en desenvolver proxectos de biblioteca escolar que procuran a dinamización deste espazo como un centro de recursos de lectura, de información e de aprendizaxe, ao tempo que inciden en programas para a adquisición de competencias informacionais e mediáticas do alumnado.

No contexto do Plan LÍA, xunto co Plambe, neste curso haberá continuidade do Programa Biblioteca inclusiva, coa implicación de centros de educación especial ou comunidades de educación especial, e tamén os centros están a desenvolver iniciativas como clubs de lectura, Radio na biblio ou o traballo cos Escornabots, a través do Programa Biblioteca creativa, entre outros.

Un curso máis Galicia defende o respecto e a convivencia nas aulas, apostando por un ensino que aborde a atención á diversidade desde a normativa e a planificación de medidas en inclusión, en igualdade e en innovación educativa. Seguimos a desenvolver, divulgar e consolidar as medidas agrupadas na Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020, Educonvives, que significou para o ensino galego dispor de plans de convivencia en cada centro. O documento axuda aos membros da comunidade educativa —en especial ao alumnado— a desenvolver competencias sociais e competencias cívicas.

Temos en vigor a Lei de convivencia e participación da comunidade educativa de 2011, que tivo como consecuencia a publicación do protocolo para a prevención, detección e intervención en acoso e ciberacoso en 2013; o Decreto 8/2015, que desenvolve dita lei de 2011, na que se establecen importantes medidas de organización e de funcionamento para aplicar nos



centros educativos e orientación sobre plans de convivencia a elaborar por cada centro no ano 2017. Neste curso escolar, continuamos desenvolvendo accións de diagnose, organización escolar, formación de alumnado, familias, profesorado e equipos directivos para prevención de conflitos; difusión de experiencias de éxito e boas prácticas; homoxeneización de documentos no establecemento de modelos normalizados para axilizar a xestión de conflitos; potenciación do procedemento conciliador e da mediación como vías de resolución de conflitos, ademais da coordinación das accións con outras entidades e institucións que traballen a prol da mellora da convivencia.

Aínda estamos a analizar os datos da macroenquisa sobre convivencia realizada en 2019. Son moitos os ítems sometidos a consulta entre toda a comunidade educativa galega, mais quero aportar un dato que nos anima a seguir traballando a prol da mellora da convivencia nas aulas.

Os resultados de 2015 apuntaban que o índice de satisfacción das familias cos centros educativos era do 81,1 %. Os resultados de 2019 sinalan que a satisfacción das familias chega ao 84,2 %. Ademais, como novidade nesta ocasión, tamén coñecemos que a satisfacción do alumnado cos centros educativos nos que están escolarizados é do 76 % e que a satisfacción do profesorado co seu centro se sitúa no 89 %. Esta percepción é froito do traballo conxunto da Consellería e da comunidade educativa, e trátase —como dicía— duns datos que animan a seguir avanzando nas políticas educativas postas en marcha.

O mesmo sucede no caso da inclusión educativa, temos que seguir avanzando. A día de hoxe, podemos afirmar que o sistema educativo galego é o máis inclusivo de toda España. Segundo a última estatística do Ministerio, Galicia é a comunidade autónoma que ten a maior porcentaxe de alumnado con necesidades educativas especiais integrado en centros ordinarios. Falamos do 92,7 % do alumnado con necesidades educativas especiais integrado, o que favorece a igualdade de oportunidades. ¿Quere dicir isto que está todo resolto? Non. Sempre pode aparecer algún caso novo dun alumno ou alumna que precisa atención. Se dixésemos que está todo resolto, a verdade é que non tería moito sentido estar hoxe aquí, nin eu nin vostedes.

A realidade é que, cando ese caso está detectado con criterios psicopedagóxicos, a Consellería actúa e presta atención. Unha cousa é resolver os casos individuais no momento en que aparecen e outra é actuar de xeito preventivo. Así, quero poñer en valor os protocolos educativos que están á disposición das comunidades educativas e que son documentos de orientación e de guía na intervención en casos de ámbitos tan diversos como a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, a igualdade e a identidade de xénero, o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro autista, a atención ao alumnado con discapacidade cognitiva e varios máis. Cremos que os protocolos educativos cumpren a súa función de guía, a súa función facilitadora, polo que queremos dotar os docentes e as familias de máis protocolos. Estamos a piques xa de presentar o instrumento de actuación e intervención no ámbito da dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe.

Todo isto foi posible grazas ao Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado galego. Sen dúbida foi unha normativa modélica no seu tempo, porque signi-



ficou implicar a todos no desenvolvemento das potencialidades de cada estudante e na promoción dunha escola inclusiva. Este decreto permitiu contar coa colaboración de entidades que traballan en prol da atención á diversidade precisamente como unha medida de reforzo á mesma. A Consellería propiciará a colaboración con 46 entidades para chegar a 1.031 centros e axudar a 7.729 alumnos e alumnas. Temos un importante camiño percorrido en inclusión, pero a sociedade actual está a demandar novos pasos.

Por outra parte, no contexto educativo actual considérase a orientación como inherente á propia educación, pois trata de contribuír á formación integral do alumnado —con independencia das súas capacidades, con independencia das súas necesidades— coa finalidade de capacitálo para unha aprendizaxe autónoma e unha participación activa, crítica e transformadora da sociedade ao longo de toda a súa vida, e a implicación e o asesoramento dos pais e nais e o resto dos axentes da comunidade educativa.

Os departamentos e os equipos de orientación educativa están chamados a actualizar a súa formación e a unificar o marco de actuación. Ademais, este curso a Consellería está a incorporar un segundo orientador nos vinte centros educativos con maior número de alumnado existentes en Galicia e tamén estamos a definir un plan integral de orientación vocacional e profesional.

A educación é un ámbito de carácter transversal, por iso cando falamos de convivencia, cando falamos de atención á diversidade, temos que falar tamén da integración en igualdade. Neste contexto non podemos esquecer que alumnado, familias, docentes e equipos directivos teñen á súa disposición, como guía e instrumento de actuación e intervención, o protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero e a guía de identidade sexual. Ademais, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional temos un compromiso coa igualdade e coa coeducación que pasa por garantir un modelo educativo baseado no respecto e na liberdade.

Conscientes de que estamos ante un asunto complexo, non simplista, non unifactorial e que precisa dun enfoque integral, a Consellería colabora coa Secretaría Xeral de Igualdade na aplicación progresiva do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020; un documento que prevé diferentes medidas e que ten unha implantación progresiva e gradual no horizonte temporal previsto.

As comunidades educativas contan con diverso material que serve de guía para a prevención e para a actuación cara ao fomento da igualdade, así como para evitar situacións de discriminación por identidade sexual e para previr a violencia de xénero, porque, sen dúbida, este é un traballo conxunto, de todos e todas, é un traballo conxunto dos axentes educativos e sociais, e ningún deles se pode poñer de perfil ou derivar responsabilidades.

O alumnado e o profesorado están xa a ver reforzada a súa formación sobre igualdade de homes e mulleres, a non discriminación por identidade sexual e sobre a necesidade de rexeitar e de combater a violencia de xénero sen discusión. Así, hai formación específica co módulo chamado «Igualdade, convivencia e inclusión», actividades dentro do Plan Proxecta e outras accións como a Maleta da igualdade, os premios pola igualdade etcétera. Froito da



colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Consellería de Educación xurdiu a elaboración dunha guía coeducativa que contribúa a difundir, a estender, os principios da escola igualitaria, co fin de reducir o impacto dos estereotipos de xénero e a violencia machista.

Xunto con estes grandes ámbitos de actuación orientados a dar resposta a algúns dos principais retos da sociedade actual, a Consellería de Educación está implicada no reforzo da innovación educativa para mellorar a excelencia e o rendemento académico e profesional do alumnado, pero tamén para divulgar e fomentar sinerxías educativas. Un curso máis, facilitamos que os centros educativos, con implicación de alumnado e docentes, participen e asuman como propias iniciativas educativas como os contratos programa, cunha nova convocatoria para o curso 2019-2020 que presenta novidades, como que reforzan as liñas dirixidas ao fomento da igualdade, da convivencia nas aulas e da inclusión educativa. Deste xeito, o número de liñas de actuación pasa de sete a nove, coa integración de dúas novas: Convive e Inclúete, e a reformulación da liña de igualdade, que se pasa a chamar Iguálate. Por outra banda, reformúlase a liña 1, de reforzo, orientación e apoio, que pasa a denominarse Refórzate. Ademais, fronte ás convocatorias anteriores, nas que o reforzo podía ser impartido por docentes do centro ou docentes externos de Primaria contratados pola Consellería, no curso 2019-2020 desenvolverase unicamente con docencia externa.

O Plan Proxecta promove actividades, en colaboración con distintos departamentos da Xunta, dirixidas a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que desenvolven as competencias clave, como o eixo do currículo, e os elementos transversais, nos cales se inclúe a educación en valores.

O chamado proxecto SEMGal, que é a evolución dun programa antes chamado Piteas e que agora pasa a ser asumido totalmente pola consellería, polo tanto, con financiamento exclusivamente público. Seguiremos coas experiencias de formación e mentorización para o desenvolvemento do talento nas aulas, baixo a metodoloxía SEM.

Como ven, estamos a abordar con responsabilidade e enfoque técnico as necesidades de convivencia nas aulas, desde a atención en igualdade e cun ensino inclusivo e innovador. Neste curso, para atender un recente mandato anunciado polo presidente da Xunta no debate do estado da Autonomía nesta mesma cámara, estamos a elaborar un plan de choque contra o acoso escolar que terá carácter preventivo. Estamos a promover a creación dun grupo de traballo de expertos para que definan o contido do plan desde unha perspectiva técnica acaída ás necesidades actuais e ás necesidades futuras.

Por outra banda, para garantir o bo funcionamento do sistema educativo galego, cremos importante propiciar que os docentes e os equipos directivos estean ao día para responder ás necesidades, ás demandas e aos retos que ten ante si o alumnado, e pensamos que o Portal de dirección está a ser útil para cumprir esta tarefa. Pero tamén resulta fundamental que as familias reciban información e asesoramento sobre o funcionamento do sistema educativo, para ser máis proactivos na aprendizaxe dos seus fillos e as súas fillas. Para mellorar a comunicación e a conexión das familias co sistema educativo, a partir de mañá mércores, día 23, estará activo o Portal das familias.



Para rematar esta primeira intervención, quero lembrar que, curso tras curso, a oferta de titulacións de formación profesional en Galicia gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de inserción laboral do alumnado. Un curso máis, Galicia foi quen de ofrecer unha formación profesional atractiva, adaptada ao tecido socioproductivo e que fomenta o emprendemento, ao tempo que está a dar pasos significativos para consolidar a formación profesional dual.

A oferta de ciclos para o curso 2019-2020 foi ampla, e, aínda cos datos provisionais, a FP galega continúa a medrar curso tras curso. Neste sentido, está previsto que o alumnado nestas ensinanzas chegue aos 52.764, un 3,3 % máis ca no curso anterior.

Tal e como nos comprometéramos, as principais novidades neste curso pasan por un incremento do 58,7 % da oferta de ciclos de FP dual respecto da do actual curso. Deste xeito, neste curso académico arrincan un total de 73 proxectos nesta modalidade, fronte aos 46 do curso 2018-2019. A posta en marcha do módulo de lingua estranxeira profesional, propio da comunidade, nos novos títulos no curso 2019-2020, sen módulo lingüístico. En concreto, este módulo está no ciclo, por exemplo, de grao superior de Acondicionamento físico e no de grao superior de Mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina.

Por suposto, temos en marcha a Rede galega de dinamización da FP dual ao amparo da execución do Plan de dinamización da FP dual de Galicia, e traballamos coa previsión de licitar neste ano as obras para rehabilitar as instalacións da antiga Escola Fogar de Mariñamansa, co fin de que alberguen o futuro Centro Galego de Innovación da FP en Ourense. Este novo espazo servirá de motor da innovación e do emprendemento na formación profesional, ademais de contribuír a favorecer sinerxías co sector productivo mediante a transferencia de coñecementos dos centros á industria.

Por outra parte, ao longo deste curso presentaremos e debullaremos a Estratexia galega de formación profesional, que recollerá as oportunidades de futuro e as acusacións para dar resposta ás necesidades de cualificación da poboación galega nos próximos anos. A Estratexia galega de formación profesional 2030 contará con medidas en FP dual, internacionalización, maior implicación do tecido empresarial, promoción da I+D+i aplicada ás pemes e base de creación de novas empresas, atención ás necesidades de novos perfís profesionais e formación para os desafíos das próximas décadas.

Remato xa. Penso que teño exposto o traballo realizado pola Consellería para propiciar o desenvolvemento normal da actividade lectiva no conxunto do ensino non universitario de Galicia, así como para garantir un modelo educativo diferenciado e innovador, que ten que adaptarse constantemente para cubrir necesidades e demandas cada vez máis exixentes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.



Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Boa tarde, conselleira.

É obvio que vén avaliar o inicio de curso, como é preceptivo, o inicio de curso non universitario, pero é que estamos ante o último inicio de curso escolar da lexislatura que comezou en 2016, e nós pensamos que é obrigado facer tamén un balance global da Consellería e do estado do ensino non universitario, e xa non só destes catro cursos, tamén de toda a década de Feijóo, e para nós, dende logo, é negativo.

Pero é que, ademais, centrándonos no inicio estritamente deste curso 2019-2020, houbo unha serie de conflitos que para nós veñen evidenciar un fracaso global e unha falta de planificación de fondo, porque o tema das obras que eran necesarias nos centros non foi ben planificado, as necesidades educativas especiais non están plenamente cubertas, e mesmo poderíamos falar do esperpento vivido co ciclo de FP de emerxencias na Estrada; alén de amosar unha vez máis, un curso máis, a falta de aposta polo ensino rural, porque vostede mesma nesta comparecencia non falou nada de ensino rural.

Queríamos sinalar esta cuestión do ciclo de FP na Estrada porque é que nos pareceu unha chapuza. Enterámonos o 6 de setembro en comisión —porque o director xeral nolo trasladou— de que dende decembro a Consellería de Educación sabía que ese aumento de necesidades de formación de policías locais na Academia Galega de Seguridade Pública podía impedir a celebración deste curso, e nós non entendemos que se cancelara ese curso, logo de rematar o ciclo de inscrición, sen que estas persoas que se inscribiron souberan nada. A nós parécenos que podía aproveitar hoxe para manifestar claramente a necesidade de continuidade deste ciclo na Estrada e cales son as súas previsións.

Dixo tamén algo así como que a oposición deberíamos parabenizar a Consellería por como se fixeran as obras de acondicionamento dos centros. Entendín algo así..., bueno, trasladoume o meu compañeiro, que estiveron antes na anterior iniciativa. Pois ben, é que, certamente, houbo numerosos casos, e son aínda os casos de centros que aínda non remataron as obras e que realmente supuxeron un prexuízo para toda a comunidade escolar. A nós parécenos que este verán é un exemplo de falta de previsión na organización desas obras.

Pero é que, ademais, tamén nos pareceu significativo a falta de diálogo da Consellería coas comunidades escolares afectadas, negando o problema en moitas ocasións. Na Fonsagrada, por exemplo, en principio, o alumnado do CEIP ía ir ao IES, logo houbo unha contraorde e finalmente aceptouse, grazas á presión de pais e nais, o inicio do curso do IES. Tamén, por exemplo, no IES Ramón Cabanillas, de Cambados, iníciase o curso entre cascallos. Houbo aí unha falta clara previsión da Consellería. En Cervo, pensamos que a Consellería debería de pedir desculpas aos pais e nais, porque non se daban as condicións de normalidade para iniciar as clases. Vostede mesma nunha interpelación —non lembro que día de setembro era, era ao pouco de iniciar o curso— sinalaba que circulaban fotos e vídeos que non eran do propio día. E a nós, nais dese colexio, estábannos ensinando vídeos e fotos que eran do propio día, que non estaban inventado.



En fin, foron situacións continuadas. Mesmo nos envían a situación que se vive no propio centro do CEIP de Pontecesures —que aínda continúan así—, onde as obras están dificultando a normalidade das clases porque non se pode utilizar o patio... En fin, que non é unha situación puntual, foi estrutural a falta de previsión.

E no que ten que ver co ensino rural, queríámolo sinalar, porque é que curso tras curso vemos unha constante perda de servizos educativos nestas zonas, e xa iniciado o curso en setembro, xa cos recortes previos de xullo, temos sete escolas menos, outras tantas reubicadas nun só centro, profesorado reubicado... Ao final, estamos perdendo un servizo público esencial no medio rural que non só cumpre a función educativa senón que tamén é un elemento dinamizador das localidades rurais. E os únicos criterios que ten a Xunta son por rateos estándar de ata onde hai que eliminar unha aula, cando nun país en regresión demográfica teríamos que ver tamén cal é o criterio social de manter ou non un tipo de servizo educativo no medio rural.

A nós parécenos esencial, por iso —e así llo proporemos, como propoñen unha serie de entidades sociais—, a elaboración dun plan de ensino específico para o medio rural e un gran diálogo do país para abordar a necesidade de manter todos os servizos educativos no medio rural.

En canto á inclusión educativa, non podemos gabarnos de sermos a comunidade e o sistema máis inclusivo, cando inclusión non é só integrar en centros ordinarios e non dispor de todos os medios para que esa inclusión sexa efectiva, para que teña as medidas axeitadas. Non son cuestións puntuais, non. No que ten que ver coa atención ás necesidades educativas especiais, este curso destacou certamente polas numerosas queixas das ANPA pola falta de persoal suficiente. Vimos esa manifestación na Coruña. A nós parécenos que hai unha falta de planificación, e isto vese tamén no informe da Valedoría do Pobo. Hai un releo polo persoal necesario entre os centros e a Consellería: onde hai protestas, vanse ir cubrindo ocos; onde non hai, quedan sen cubrir. Non hai unha planificación, e ben sabemos que é difícil planificar curso a curso todas as necesidades educativas especiais, pero hai determinado nivel que pode planificarse, porque cando un alumno ou unha alumna entra no sistema pode detectarse xa unha necesidade de apoio educativo, como mínimo, durante unha década.

Nós pensamos, ademais, que de fondo hai unha falta total de estabilidade laboral do persoal de atención ás necesidades educativas especiais, hai contratación parcial, hai que compartir centros... Entón, do que se trata é de que hai unha falta estrutural de atención á diversidade no sistema educativo. Parécenos que é necesario abordar isto a través dun plan global, de que haxa criterios claros, de que non dependa dese releo entre centros e Consellería e de que sobre todo se teñan en conta as necesidades de cada comunidade educativa. Non sempre unha persoa coidadora é suficiente para cinco alumnos ou alumnas con necesidades especiais.

Bueno, poderíamos citar un montón de casos nos que pais e nais asumen labores para garantir a inclusión dos seus fillos e fillas nos centros. Este curso, como digo, foi especialmente sangrante neste sentido o inicio de curso con numerosos CEIP e IES que clamaban por un apoio ás necesidades educativas especiais. Por iso nós —e por resumir— pretendemos que haxa ese Plan galego de atención educativa á diversidade como propoñen as ANPA galegas.



Isto inclúe tamén avanzar en reforzo desa rede de atención temperá, de xeito que chegue a todo o país, unha maior coordinación entre servizos sanitarios, sociais, educativos, que permitan planificar e atender moito mellor esas necesidades educativas especiais e, por suposto, ter datos claros de cal é a distribución de persoal adicado á atención á diversidade por centros. A nós parécenos que sería de recibo ese plan global de atención ás necesidades educativas especiais.

¿Que outros problemas se seguen arrastrando neste curso? Vostede dixo que había que comprometerse co persoal, comprometerse e recuperar os dereitos. É hora xa, logo de tanto mantra de que saímos da crise, de recuperar as 18 horas semanais en secundaria e as 21 en infantil e primaria do profesorado, e de recuperar, polo tanto, postos de traballo. Cos seus propios datos da Consellería, vemos que hai menos profesorado no ensino público en 2019 que en 2009. Non así no ensino privado, que hai un pouco máis.

Tamén é necesario que non haxa tanta itinerancia, como sucede, que máis da metade dos docentes con destino provisional en secundaria e FP imparten materias das que non son especialistas. Así nos teñen chegado algunhas reivindicacións a este Parlamento.

Para nós tamén hai un escaso éxito dos programas de innovación educativa, hai tardanza xa habitual nas convocatorias, non se cobren todas as prazas ofertadas e hai fracaso na obriga estatutaria de promoción da lingua. Os resultados da última enquisa son ben evidentes respecto da idade do coñecemento do galego e das competencias en galego dos nenos e nenas que están no ensino obrigatorio. Eu creo que con estes datos a Consellería algunha mención aos datos do uso do galego debería ter feito na súa exposición.

Rateos. Pois segue habendo. Claro, a nivel global as cifras dan, pero hai centros moi saturados, sobre todo no medio urbano, aulas mixtas no rural, e cómpre atender esa necesidade de reducir os rateos e adecuala á realidade do país.

E logo tamén vemos unha falta de diálogo. Nós recibimos esta semana —igual que todos grupos, creo— as ANPA galegas, que lles solicitaron unha reunión, pero dinlles que están moi ocupados no inicio de curso e que non son quen sequera de recibilos. Hai falta de diálogo, do que tamén dan conta esas ANPA, que protestan polo inicio das obras, e ás que nin sequera lles piden perdón cando contradín realidades, como que estaban as obras no seu centro e din que son *fake news*. E tamén falan de falta de diálogo os sindicatos ou as asociacións que defenden o ensino no rural. Nós consideramos que debe ser o momento de afondar no diálogo.

Xa non me queda tempo, seguirei posteriormente, porque realmente os problemas deste inicio de curso non son só deste inicio de curso, arrastran unha situación estrutural de toda a lexislatura. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Boa tarde a todas. Boa tarde á conselleira tamén.

Señora conselleira, tivo un momento de poñer a venda antes que a ferida; a min deume esa sensación ao longo da súa comparecencia, sobre todo na primeira parte.

Falaba vostede das obras, que eu creo que foron, quizais, un dos puntos quentes —por chamarlle dalgunha maneira— deste inicio de curso escolar. Decía vostede que era «algunha incidencia puntual», e a min lembrábame —parecíame vostede, xa que falamos de educación— unha alumna avantaxada do Partido Popular. Lembrarán as súas señorías esa neolingua da que o Partido Popular gusta tanto. Dicían que a recesión era «*un crecimiento en negativo*», dicían que as reformas laborais eran «*la flexibilización del mercado de trabajo*»... Entón, ter a centos de estudantes, pero tamén de profesorado e de familias preocupadas, sobre todo pola falta de información, porque te achegabas á porta dos colexios —logo falaremos de onde— e vías aqueles andamios, e os obreiros, e os cubos, e o po... Era un espazo pouco habitable e pouco preparado para iniciar o curso escolar.

Falaba vostede de que representaban esas obras neses centros de ensino —insisto en que agora falamos deles— o 0,00 e algo do conxunto de centros de ensino que existen no noso país, pero é que ese 0,0000 algo son nomes, son persoas, son persoas menores de idade, son nenas e nenos, son profesores e profesoras. É dicir, que non deberíamos tomar á lixeira que ao arranque e ao inicio dun curso escolar teñamos centros, como aconteceu en Cervo, en Foz, en Compostela, en Lugo, en Ferrol, no Salnés, na Fonsagrada ou en Arzúa, que non estean en disposición pola falta de planificación e pola falta de previsión da Xunta de Galiza nin nas condicións adecuadas para poder iniciar esas aulas.

Insisto, esta situación mantense. No caso do cole da Fonsagrada seguen impartindo aulas no CEIP, ou no caso de Arzúa. No instituto de Arzúa chovía dentro a semana pasada, señora conselleira. O 13 e o 14 houbo inundación dentro do centro e houbo que sacar, entre outros, o alumnado de formación profesional, que agora creo que xa foi reubicado polo menos para poder impartir as aulas.

¿Son problemas puntuais? A nós o que nos parece é que é a consecuencia dunha falta de previsión e dunha falta de planificación por parte da Xunta de Galiza, que eu non sei se pensaba que lle ía dar máis tempo durante o verán, ou agora parece que a culpa é das empresas que levan a licitación da obra.

O que non pode ser é que a Xunta de Galiza non teña ou ben os centros de ensino coas obras acabadas ou ben un plan B para poder reubicar o alumnado. E insisto en que no caso, por exemplo, do cole da Fonsagrada mesmo se adiou o inicio das aulas.

Para nós ese foi un dos puntos que, efectivamente, marcaron o arranque do curso académico. Non podemos dicir en ningún caso, polo tanto, que foi un curso normal «con algunha incidencia puntual», non, e tampouco que «a recesión era un crecemento en negativo», pero son cuestións que, se ben poden ser consideradas conxunturais, veñen engadirse dalgunha maneira a problemas estruturais que arrastra o ensino público no noso país e que abrollan tamén cada inicio de curso ou ao longo deste.



Algunhas cuestións foi tratándoas vostede. Xa digo que na súa intervención, polo menos na primeira parte, parecía que poñía, nalgunhas cuestións, a venda antes que a ferida.

Falaba vostede do agradecemento aos docentes pola súa colaboración, polo que implican para o sistema público de ensino do noso país e para a construción dunha sociedade crítica e dunha sociedade inclusiva e xusta no noso país. A min é algo que me resulta curioso e, se me permiten a licenza, un tanto despótico ás veces, porque escoitamos de maneira reiterada o agradecemento e o abrazo aí ao profesorado e ao todo persoal docente, pero despois néganse a escoitalos, non queren saber cales son as demandas, cales son as inxedanzas, cales son as preocupacións dese profesorado. Estes días todas as persoas que estamos nesta Cámara recibimos o Proxecto de orzamentos para o ano 2020, e a min sorprendíame porque outro ano máis —neste caso nunha área distinta, pero outro ano máis— ese Proxecto de orzamentos para 2020 recolle —igual que o ano pasado acontecía no corpo de mestres— un recorte de persoal docente de secundaria, que se reduce en 45 postos de traballo. Isto sitúa o total de docentes —insisto— de secundaria, formación profesional e as escolas oficiais de idiomas en 29.942, a cifra máis baixa desde o ano 2014.

A nós parécenos que van vostedes —e os datos, ademais, oficiais, transmitidos e publicados pola Consellería de Educación e a Xunta de Galiza— en sentido contrario á demanda unánime expresada por todas as centrais sindicais, por todas e cada unha das centrais sindicais. Reclaman recuperar dereitos, reclaman recuperar tamén profesorado perdido e recortado nos últimos anos, e dereitos sobre todo que van estreitamente ligados á mellora da calidade educativa, como é —falábase antes— esa recuperación dos 18 períodos lectivos nos corpos que imparten docencia na ESO, en bacharelato, en formación profesional e en ensinanzas de réxime especial; e 21 no corpo de mestres para centros de infantil, primaria e educación especial. É a urxencia —insisten todas as centrais sindicais, que ademais lle remitiron unha carta a vostede e que, ao igual que aconteceu coas ANPA, tampouco tivo a ben atendelos— de recuperar o horario lectivo previo á invasión competencial do Estado coa aprobación do Real decreto do ano 2012. Pero tamén outras cuestións, que son unha demanda constante, unha demanda permanente das organizacións sindicais, pero tamén das propias familias, do conxunto da comunidade educativa no que ten a ver coa redución das ratios de alumnado por aula —como se falaba aquí—. E —insisto moito— isto non é unha cuestión de mellora única e exclusivamente das condicións de traballo de quen imparte docencia, senón que está estreitamente ligado coa calidade do ensino que se presta nas aulas. É preciso, efectivamente, reducir esas ratios, especialmente cando hai alumnado con necesidades educativas específicas ou con algún tipo de diversidade. E sobre todo tamén ter en conta sempre que o alumnado que repite necesita unha atención máis personalizada e máis demorada.

É unha necesidade tamén —e así llelo reclaman de maneira constante— que se recupere todo o orzamento —e falaremos disto a semana que vén nas comparecencias, no proceso de tramitación dos propios orzamentos— recortado nos últimos anos e que se teña moi en conta, moi presente sempre, a necesidade —falábase tamén por parte da señora Verao— da atención á diversidade e sobre todo tamén da atención do alumnado con necesidades educativas específicas. Falta persoal especializado. Esta é unha constante tamén cada inicio de curso porque, ademais, a Consellería tarda un tempo en habilitar —digamos— o persoal especializado nos distintos centros de ensino que así o requiren. E este ano eu creo que foron



aínda máis públicas ou máis vivas esas demandas e esas queixas das familias, sobre todo da área metropolitana da Coruña, un dos espazos máis masificados se temos en conta a densidade de poboación do noso país.

Esta foi unha cuestión que o BNG levamos a través da miña compañeira, a señora Presas, á última Comisión de Educación, e que o seu secretario xeral tildaba de «*fake news*». Deben ser *fake news* as necesidades do alumnado, as demandas das familias, as demandas do profesorado, ou incluso o informe do que hoxe deu conta tamén a valedora do pobo correspondente ao ano 2018, onde tamén se di que estas, precisamente, son as queixas que suscitan cada ano maior número de demandas diante da Valedoría do Pobo; queixas en moitos casos colectivas ou que están asinadas por un número bastante importante de nais e de pais.

Nós coincidimos —e repetímosllo sempre desde o BNG en todas as comparecencias—, hai que matricular nos centros de ensino ordinarios a todo o alumnado con necesidades educativas específicas, pero iso ten que ir acompañado do persoal especializado, dos recursos materiais e dos recursos económicos que correspondan porque, se non, non solucionamos nada. A integración do alumnado con diversidade nos centros ordinarios —insisto en que é algo que nós apoiamos— non se pode garantir se non se acompaña dos recursos humanos, económicos e materiais que se necesitan.

E dúas cuestións unicamente para acabar esta primeira intervención. Vostede falou do Plan integral de orientación, pero non sabemos con que ideas, con que orientación, con que previsión, e, sobre todo, con que orzamentos, con que prazos, etc.

Dúas cuestións simplemente: unha, o da guía da coeducación. Nós estamos completamente de acordo. Eu pídolle e instámola desde o BNG así, aquí, agora, en vivo e en directo, a que aos centros de ensino aos que primeiro se lles envíe, cunha carta súa, sexa aos centros que segregan o alumnado por sexo nas aulas, nos espazos concertados que vostedes seguen sostendo; que sexa o primeiro sitio ao que envíen vostedes esa guía de coeducación, porque é absolutamente contraditorio seguir mantendo centros con fondos públicos que segregan o alumnado por sexo nas aulas e dicir que queremos promover a coeducación no ensino público deste país.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: É unha contradición.

E, a última cuestión, á que tamén se facía referencia por parte da señora Verao, é que acabamos de coñecer os resultados da enquisa do IGE. Din que aumenta o número de crianzas que non sabe falar en galego...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...1 de cada 4 menores de 15 anos non sabe falar a lingua propia deste país, e o 30 % non sabe escribila.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¿E a Consellería de Educación non ten que dicir nada? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Común da Esquerda ten a palabra a señora Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Quixera comezar, señora conselleira, a miña intervención agradecendo a súa presenza. Son moitos os membros do Goberno que sistematicamente lanzan a pedra e esconden a man, comezando polo presidente, que nunca opta por comparecer a petición da oposición; néganse sistematicamente a desatender as súas obrigas. Son moitos os conselleiros e as conselleiras que executan recortes terribles para a cidadanía galega e despois non teñen nin a mínima decencia de vir aquí dar a cara. Polo tanto, é de xustiza recoñecelo.

Queremos comezar con este recoñecemento porque unha comparecencia deste tipo non deba ser a excusa de que cadaquén veña aquí soltar os seus argumentos, senón de aproveitar que está aquí para establecer un diálogo con preguntas concretas; un diálogo entre o Goberno en retirada do señor Núñez Feijóo e os grupos que máis cedo que tarde van gobernar este país. Por iso traemos unha serie de preguntas sobre asuntos concretos que estou segura de lle preocupan tanto coma a nós.

Son moitos os temas dos que vostede falou, e a limitación do tempo obríganos a seleccionalos. Así que, por suposto, imos comezar co que comezaba vostede, co das obras nos centros escolares, porque, tal e como dixo, efectivamente, protagonizaron o inicio do curso escolar. Dende o noso grupo sumámonos ás queixas efectuadas dende as ANPA e desde as escolas de que en moitos colexios non se podía comezar o curso con normalidade, e falamos do centro de Cervo, de Foz, de Monelos e de Arzúa, entre outros.

E voume deter nestes dous últimos porque escapan un pouco da tónica xeral: o Instituto de Monelos, na Coruña, e o Instituto de Educación Secundaria de Arzúa. Ambos os dous tiveron que suspender as súas clases a semana pasada —xa pasara máis dun mes do inicio do curso escolar— por mor das inundacións provocadas polas choivas. É verdade, non se poden prever as inundacións, pero supoñer que en Galicia chove, si, e supoñer que necesitamos colexios impermeables, tamén. Polo tanto, que un mes e medio despois houbera que suspender as clases porque se inundan as aulas entendemos que lle afecta á súa responsabilidade. As obras non se remataron a tempo, e non se rematan a tempo porque a previsión na súa consellería está ausente.

Efectivamente, podemos falar de falta de previsión, de falta de planificación, pero o que nos preocupa máis é o evidente modelo que sustenta as políticas educativas do Partido Popular. E por iso temos que falar, por suposto, de igualdade de oportunidades, un asunto capital, central, no noso proxecto educativo. Nós entendemos que o Goberno galego debería asegurar que todos os nenos e nenas de Galicia van recibir unha educación pública igualitaria e de



calidade que lles ofrezca todo o apoio que precisen, xa que agora mesmo non temos unha garantía semellante, señora conselleira. Ao contrario, a Xunta de Galicia está a discriminar de maneira sistemática e continuada o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A vulgar polo trato que reciben, semella que o Goberno galego pensa que as nenas e nenos que afrontan maiores dificultades teñen por iso mesmo menos dereitos que os demais, porque se non se lles garanten as coberturas que precisan de facto están sendo discriminados. Non se asume que falamos de dereitos e imponse unha lóxica asistencialista que entendemos totalmente equivocada.

E, fíxese, precisamente hoxe sae a resolución duns premios que temos que denunciar como francamente equivocados, premios á superación persoal do alumnado para aqueles que teñan máis dificultade e que o cole demostra que a superaron. Isto é unha vergoña, señora conselleira. Os alumnos que teñen problemas non necesitan premios de 750 euros, o que necesitan son recursos e cobertura total de todas as súas necesidades. Reúnase coas ANPA galegas, que están demandando unha cobertura total, e escóiteos. Entendemos que é unha política equivocada; erros que teñen nomes propios detrás, dos que entendemos, señora conselleira, que hai que falar. Vostede podía vir aquí e, cando menos, desculparse coas familias que denunciaron a súa actuación nas últimas semanas, e non o fixo, desaproveitou a ocasión.

Como o caso do que falamos hai un par de anos, de Arturo —lembrarán—, caso no que tivo que acabar actuando o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para condenar a Consellería por maltrato sistemático a un alumno galego. Pero é que este ano tivemos un caso aínda máis recente, o caso de Miguel, un alumno que —como sabe— estaba no CEIP Eusebio da Garda, na Coruña, e tivo que agardar 37 días a que a Consellería actuara —¡37 días!—. Protestas numerosas, queixas e escritos que a Consellería ignorou; 37 días que supuxeron un menoscabo no dereito á educación deste rapaz; 37 días que, na nosa opinión, pesan de fracaso sobre a súa xestión. Como seguro que comprende, señora conselleira, isto é, ademais dunha absoluta vergoña que compromete a imaxe do seu partido, unha irresponsabilidade. Miguel non só é un caso concreto, non se pode dicir que sexa a excepción, é un exemplo de moitos outros nenos e nenas que non ocupan as portadas dos periódicos pero que denuncian que carecen de toda a atención que precisan nos centros educativos. Por moito que repitan esa imaxe falaz —que o farán seguramente a continuación— de equidade e inclusividade, os datos están aí e non se poden negar. Precarizan e privatizan a atención á diversidade como fan absolutamente con todo. A penetración da empresa privada no público lévanos a seguir saqueando o ensino público en beneficio dos seus negocios; é dicir, os actos van en contra das declaracións e das mensaxes. Por moito que se repita o éxito do noso sistema educativo, os casos están aí.

Fracasos como o de Miguel, fracasos como o de Arturo, como o de tantos e tantos outros migueis, arturos, anas, xulios, uxías..., que están dicindo que os medios non chegan. Son froito do fracaso do seu sistema educativo que as familias teñen que paliar indo a asociacións do terceiro sector a que lles axuden a afrontar as súas problemáticas. O que nos preguntamos é: ¿que vai facer a Xunta de Galicia para rematar con esta inxusta discriminación? ¿Como vai atender o alumnado con necesidades específicas? Xa lle digo que para nós os premios non son a medida, que teñen que incrementar o número de mestres de audición e linguaxe, de pedagogía terapéutica e de auxiliares técnicoeducativas. ¿Ou pensa seguir recortándoos,



como dixo o xefe territorial da Coruña? Porque, se vostede non está de acordo, igual o que tiña que facer era apartalo do cargo inmediatamente.

Igualdade de oportunidades tamén no que se refire ao inicio do curso escolar. Falamos disto no pasado pleno. Entendemos que a volta ao cole é un asunto crucial para moitas familias deste país que non son quen de afrontar as numerosas facturas que supón. Ben, a pregunta é clara: ¿considera que 50 euros é unha contía suficiente para afrontar o inicio do curso escolar? A súa compañeira, a súa colega do Partido Popular, dixo que si. Díganos vostede se considera que 50 euros son suficientes para pagar todo o material escolar, para a carteira e para os libros. Xa lle digo que non, que a realidade que está aí fóra é outra. Hai familias que acoden a organizacións, ás ONG, que fan un importante traballo comprando libretas, comprando estuches, comprando lapis..., cousa que tiña que asegurar o Goberno da Xunta de Galicia.

Queremos falar —porque vostede lle deu moita importancia na súa intervención, por suposto— da introdución das novas tecnoloxías nos centros educativos. Xa lle digo que nos asustou un pouco cando dixo que iamos ter que escoller entre mestres e tecnoloxía. ¡Menos mal que de momento non! De momento é unha falsa alarma, ¡menos mal! A nós, neste senso, gustaríanos facerlle unha pregunta moi concreta: ¿cal é, por exemplo, o seu compromiso co software libre? Non é unha cousa menor, porque no seu Plan de acción software libre 2018 Amtega afirma que continuará reforzando a aposta polo software libre; e engade, así mesmo, que o Proxecto Abalar continuará a achegar o software libre ao alumnado dos centros educativos galegos. Porén, sorprendentemente, o curso pasado o Goberno galego asina un convenio con —¡que sorpresa!— Microsoft para implantar o Office 365 nos centros escolares, que inclúe un contrato de nada máis e nada menos que 13,5 millóns de euros —¡13,5 millóns de euros, cando vostedes dixeran que apostaban polo software libre!—. ¿Que sentido ten comprometerse, por unha banda, co software libre, e, por outra, regalarlle 13,5 millóns de euros a Microsoft? Isto é algo que realmente nos escapa.

Moitas preguntas temos tamén, por suposto, para o seu gran proxecto estrela, o Proxecto E-Dixgal. Lembrará que xa o ano pasado falamos desta cuestión e que lle pedimos que nos explicara por que se lles factura ás familias ata 400 euros cando se lles estropea un equipo. Temos que insistir nesa pregunta. Porque aquel día intentou explicar o inexplicable, que, claro, se os aparatos rompen, alguén os ten que pagar. E téñenos que pagar as familias. Párecenos incomprendible. Máis aínda se atendemos a algo que pasa tan cerca como aquí. Fíxese en que calquera deputada ou deputado pode ser un desastre. Eu, por exemplo, sono, e se me rompe o portátil ou o móbil non só non o teño que pagar, é que non o podo pagar, asúmeo o Parlamento. O que nos parece un escándalo é que o que sexa válido para os deputados e deputadas de Galicia non sexa válido para o alumnado de toda Galicia. Por favor, rectifique, comprométase a que non vai haber unha soa familia en Galicia que teña que pagar unha factura pola rotura dos equipos. Porque, francamente, 400 euros polo arranxo dun equipo é unha factura que moitísimas familias galegas non poden afrontar, e o único que fai é ir en contra da igualdade de oportunidades.

Este ano, ademais, o inicio de E-Dixgal —e disto vostede tampouco dixo nada— ao inicio do curso fíxose sen que os equipos estiveran presentes nas aulas. ¿Como pode explicarse



isto, señora conselleira? Houbo denuncias en moitos centros escolares, sábeo, é público. Presentáronse escritos —pódense traer aquí— porque moitos coles non tiñan os equipos cando se iniciaron as aulas. ¿Por que? ¿Como se pode presumir dun programa e que, iniciado o curso, ata un mes despois non cheguen os equipos? E ¿por que se poñen profesores a traballar con equipos que nunca usaron e non coñecen? O profesorado demanda que necesita formación específica antes de lanzarse a proxectos deste tipo, que, dende logo, son positivos, pero necesítanse recursos e formación.

E remato con outro tema fundamental do sistema educativo —que enunciaron tamén as voceiras que me precederon na palabra—: a situación do noso idioma. Vostede veu aquí falar moi orgullosa dos resultados da educación plurilingüe. Obviou, claro, que 1 de cada 4 nenos e nenas en Galicia non coñece o idioma, ignorou os informes da Real Academia Galega ou da Mesa pola Normalización Lingüística...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...que alertan de que a escola é un axente totalmente desgaleguizador.

A pregunta é clara: ¿vai derrogar o infame Decreto do plurilingüismo?

E remato cunha última pregunta, señora conselleira, moi simple.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: ¿Como pode dicir que está a favor da igualdade e da diversidade cando o seu partido votou a semana pasada en contra de retirar a propaganda de Hazte Oír nos centros de ensino?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao. Ten vostede despois outro turno.

A señora CHAO PÉREZ: Pronúciase sobre esta materia, por favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señora conselleira.

En primeiro lugar, quero —coincidindo coa señora Chao— agradecerlle a súa comparecencia, que é algo que debера ser habitual, a rendición de contas dos responsables públicos, pero que non o é. No seu caso, polo tanto, parece dobremente digno de ser agradecido.

Creo que hai un denominador común nas intervencións que me precederon sobre a problemática do inicio de curso. A cuestión é que o inicio de curso plantexou este ano máis pro-



blemas que noutras ocasións. E tamén lle vou dicir unha cousa, máis que nada para que conste —non só no *Diario de Sesións*, que constará— como un fito. Vou facer un recoñecemento explícito do traballo da Consellería na rehabilitación de centros educativos desta comunidade autónoma. Vou facelo porque evidentemente é necesario, e non houbo un só grupo da oposición que cuestionase ningunha das actuacións que se fixeron. É máis, demandáronse outras que non se fixeron, que non se acometeron. Por certo, e a título anecdótico, algún deputado do grupo parlamentario que sustenta o Goberno presentou unha iniciativa na Comisión 4ª para rehabilitar un colexio que non estaba incluído na planificación da propia Consellería. Pero ben, iso tamén forma parte do anecdotario do propio funcionamento dos grupos parlamentarios.

¿Cal foi o problema? O problema foi a negación da existencia de problemas. É dicir, creo que todo o mundo pode entender que se dean incidencias no inicio de curso porque hai obras complexas que levan tempo e que non están rematadas no prazo inicial. Por certo, entre as explicacións que se deron cando foi o inicio de curso resulta que unha foi que agosto era un mes complicado para conseguir materiais, había problemas de escaseza de aluminio. E agora incorporamos un factor máis, porque é culpa tamén deses 700 millóns que parece ser que o Estado lle debe á Comunidade Autónoma, que tamén retrasaron as obras nos centros educativos. ¡Home!, eu creo que evidentemente é necesario sempre buscar algún tipo de explicación e de responsabilidade, pero, como dicía o señor Leiceaga hai moi pouco tempo, imos perseguir a felicidade universal e, se non a conseguimos, a culpa será do goberno de Sánchez. Creo que tamén debemos poñer as cousas no seu sitio.

Dicía que negaron vostedes a realidade, e creo que ese foi o maior problema. Había solucións que un día non se podían levar a cabo, como por exemplo no CEIP Santa María, da Fonsagrada —ao que se fixo xa referencia—, que ao día seguinte era unha solución aceptable e que foi a que se acabou adoptando. Polo tanto, negar a realidade non nos conduce a ningún sitio máis que a agravar o propio problema.

E a normalidade, señora conselleira, é a tónica habitual dende sempre, dende sempre, no inicio dos cursos educativos. Incluso, fíxese vostede se é normal, ata o propio Bipartito iniciaba os cursos con normalidade, que xa é dicir. É dicir, se os peores xestores que puido ter esta comunidade autónoma iniciaban os cursos con normalidade, ¿como non os van organizar vostedes, que son os campións da eficiencia? E iso é así, é así, porque evidentemente hai unha colaboración dos equipos directivos dos centros, tamén dos servizos de inspección educativa e obviamente dos servizos centrais da propia Consellería. E esta normalidade —insisto— xa existía antes do señor Feijóo, igual que existían tamén os pupitres e os encerados nas aulas.

E dixoxostede que parecía necesario facer un balance desta última década da Consellería de Educación. Houbo un momento en que eu, seguindo a súa intervención, dixen: Ben, vai pola páxina 54 de datos e cifras do ensino non universitario; agora vai pola páxina 30, agora vai pola páxina 52... E, efectivamente, eu agradezo esta publicación —creo que como a agradeceremos todos—, que nos permite establecer comparacións importantes.

Mire, na páxina 69 deste informe xa se analiza o abandono educativo, do que vostede está orgullosa —eu tamén—, do abandono educativo temperán na Comunidade Autónoma de



Galicia. ¿Cal é a situación? A situación é que xa no ano 2009 esta comunidade autónoma estaba 5,1 puntos por debaixo da media estatal en abandono temperán. É dicir, estabamos no 25,8 % mentres que a media de España era do 30,9 %. E agora estamos no 14,9 % e a media estatal é do 18,3 %. Baixaron ambas, pero, de manter esa tendencia, a taxa de abandono temperán debiera ser neste momento dun 13,2 %, e iso é tamén unha consecuencia das súas políticas durante a última década.

Podemos falar —non teño tempo— da taxa de idoneidade na educación secundaria obrigatoria, que xa estaba por debaixo da estatal en 12 anos, en 14 anos e en 15 anos no ano 2009 —curso 2009-2010—. E esa é unha realidade tamén que debe ser posta en valor.

E con respecto ao profesorado, ao que vostede fixo referencia como elemento fundamental do sistema educativo, e que o é, resulta que desde o curso 2008-2009 ao 2018-2019, é dicir, nesa década prodixiosa, en Galicia reduciuse o profesorado un 2,11 %, é dicir, 1.274 persoas no ensino público. Mentres que no Estado nese mesmo período o profesorado incrementouse un 3,83 %; é dicir, tendencias contrarias que tamén dan boa mostra do que son as políticas que levou a cabo durante esta década o Goberno do Partido Popular.

E teñen vostedes —vaime permitir que llo diga con claridade pero tamén con respecto— unha certa aversión á participación dos sectores e actores educativos na planificación da vida da Consellería de Educación. Xa non é que dixeran que non a figuras permanentemente demandadas por este grupo parlamentario, senón que outras consolidadas regulamentariamente, como o Consello Escolar de Galicia e o Consello para a Convivencia Escolar, resulta que non teñen nin de lonxe o réxime de funcionamento que deberan ter. O Consello Escolar de Galicia, que se creou no ano 1986, é dicir, que leva trinta e seis anos funcionando, debe reunirse como mínimo tres veces ao ano; e a comisión permanente, unha vez ao mes en sesión ordinaria. Imos obviar, destes meses, aqueles que non son lectivos, pero o certo é que nesta data o Consello Escolar de Galicia non se reúne desde o 20 de xuño e a permanente non o fai dende o 13 de xuño. É dicir, non tiveron vostedes reunións da permanente en setembro e levan todas as trazas de non telas en outubro, salvo que corrixan esta tendencia hoxe mesmo.

E o Consello para a Convivencia Escolar, da Comunidade Autónoma, ao que vostede tamén fixo referencia na súa intervención, foi creado polo Decreto 8 do ano 2015, e ten funcións de máxima transcendencia, como avaliar a situación de convivencia nos centros e establecer estratexias para a recollida de información, análise e difusión de datos, impulsar a investigación nese ámbito da convivencia, do que estamos a falar; analizar e propoñer liñas de actuación na investigación, prevención e inclusión en materia de mellora da convivencia escolar; propoñer iniciativas de cara á mellora do clima escolar, elevar propostas de actuación á Administración educativa e realizar o seguimento e avaliación destas iniciativas. Sería unha perda de tempo para a Cámara facer unha relación de todas as funcións, pero o seguimento e a avaliación permanentemente aparecen. Sabe vostede que resultaría moi doado neste momento facer algunha referencia á situación, incluso do coñecemento público dos problemas de acoso escolar que existen en xeral, non só na comunidade autónoma de Galicia, que deben ser atallados. Temos os instrumentos, temos a planificación, pero tamén é certo que nos negamos a avaliar esa planificación permanentemente.



E chámame a atención tamén que, xusto no curso no que se pon en funcionamento o Servizo de Inclusión e Orientación Educativa, dependente da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, e o de Formación do Profesorado, dependente da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dependente de vostede, xusto neste curso que se pon en funcionamento —porque foi presentado en abril—, se dean os problemas que se deron co persoal necesario para a atención á diversidade, nomeadamente especialistas en pedagogía terapéutica e en audición e linguaxe. Creamos un servizo e xusto ese curso a situación empeora con respecto a cursos anteriores. ¿Non considera vostede que aquí hai algo chamativo, algo contradictorio? Porque, ademais, o peor de todo isto é que vostedes teñen nos orzamentos consignado un número de profesores superior ao que, efectivamente, presta servizo. Polo tanto, tensionan vostedes o sistema de forma innecesaria. E digo que tensionan porque, cando hai unha transcendencia pública deste tipo de problemas, a práctica totalidade dos casos acaban resolvéndose. Polo tanto, se se resolven —e entendemos que se resolven con criterio—, a falta de criterio era previa na aplicación ao negar ese recurso. Porque certo é que temos a porcentaxe de integración case igual, por certo, que Navarra —é unha décima de diferenza—, con respecto á integración do alumnado con necesidades educativas especiais en centros ordinarios. Pero —insisto— esa situación non debera terse dado, e moito menos neste curso.

Señora conselleira, á parte desta rendición de contas, na maior parte dela estatística, que insisto en que é necesaria, a min gustaríame que nos falase do proxecto de futuro da propia Consellería que vostede dirixe, de que resposta eficaz lle van dar á escola rural, que van facer cos horarios do profesorado ou que van facer con respecto á política de libros de texto. Gastaron vostedes 14 millóns de euros nos dous últimos cursos soamente para dar servizo a unha parte —non completa, nin de lonxe— do alumnado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Remato, señor presidente.

E con respecto á política de igualdade, temos protocolos, certo que os temos. ¿Sabe vostede que o grupo que sustenta o Goberno se negou tres veces a avaliar ese programa?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: E esa é a realidade. Cambie vostede esa tendencia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.



Señora conselleira, como pode observar, as súas señorías estaban impacientes por esta comparecencia. Pero xa no mes de setembro o señor Álvarez, en vez de facer unha interpelación, adiantaba a súa comparecencia de hoxe. Hoxe a señora Rodil avanza o debate de orzamentos. Tamén hoxe a señora Verao e o señor Álvarez avanza cara á avaliación da lexislatura. E a señora Chao segue no seu mundo de demagogia e manipulación. En fin, señora conselleira, eu si vou falar sobre o inicio do curso, como se vén facendo cada inicio de curso escolar nos gobernos do Partido Popular. Porque somos previsibles, a xestión do país necesita previsión, non necesita nin bandazos nin ocorrencias para dar seguridade e estabilidade, como co acordo retributivo que acordou a Consellería cos mestres e docentes a través dun diálogo pactado cos sindicatos.

Vou empezar, como tamén todos os meus compañeiros, facendo unha referencia ás obras, ¡como non! E quero empezar, señorías, señora conselleira, por felicitar o equipo da Consellería de Educación —como fixo o señor Álvarez— polo excelente traballo. Non é doado nin sinxelo casar os tempos administrativos cos tempos de paréntese escolar, porque realmente só hai dous meses para que as obras non interfiran coa actividade docente.

Este ano, como vostede refería, foi excepcional grazas á planificación e xestión por parte dos funcionarios e técnicos da Consellería, de tal forma que este verán foi o período de maior concentración de obra pública nos centros educativos dos últimos tempos, con 54 obras que podemos considerar maiores e que supuxeron un investimento de máis de 44 millóns de euros, como recordaba vostede. E ante esa evidencia, os grupos da oposición persisten nas súas críticas, traendo aquí exemplos concretos onde houbo incidencias, poñendo o foco nos casos puntuais co obxectivo de dar unha imaxe caótica da actuación da Consellería, cando todas as situacións están sendo atalladas. E nada máis lonxe da realidade, porque dende o ano 2016 a Consellería está desenvolvendo un plan de infraestruturas con criterios técnicos que alongou o seu prazo de vixencia ata o ano 2021 e incrementou o orzamento nun 73 % para afrontar máis e mellores investimentos na rehabilitación, ampliación ou nova construción de centros educativos. Porque a Consellería viu complementado este orzamento con parte do superávit. Non, señor, non son os 700 millóns, era o superávit, un superávit do que tardou en chegar a afirmación de que se podería gastar nos conceptos que quería gastar a Xunta de Galicia. Respecto dos 700 millóns, aínda estamos esperando por eles, señor Álvarez. *(Aplausos.)*

E, como dicía, ese superávit foi acadado grazas á boa xestión do Goberno autonómico, por presentar un balance saneado das contas públicas, co esforzo dos galegos e galegas e a pesar, como dicía, da resposta tardía do Goberno central, ese que se comprometera a asumir o financiamento da redución do horario docente. ¡Non volvan poñer enriba da mesa a redución dun horario sen un compromiso firme do Goberno central, por favor!

E como terceiro punto, porque Galicia é unha das comunidades autónomas que máis inviste na renovación dos centros de ensino. Afortunadamente, señorías, os escolares galegos non reciben aulas en barracóns, como ocorre en oito comunidades autónomas —20.000 escolares en Cataluña, 12.000 na comunidade valenciana e 11.000 en Andalucía—. ¿Teñen algunha valoración as súas señorías deste feito? Seguro que non. Porque tampouco hai valoración nin crítica cando a execución das obras que dependen dos concellos ou non se realizan ou se



eternizan. E non vou poñer exemplos do Bipartito, señor Álvarez e señora Rodil, vou poñer exemplos de hoxe en día: Santiago de Compostela, pasarela do CEIP de Fontiñas, un ano de retraso; Concello de Vigo, desvío de fondos destinados á ampliación do Colexio Pintor Laxeiro para pagar ascensores; en Ames, unha obra de ampliación de comedor aínda pendente e máis de seis meses de retraso, segundo denunciaba Sermos Galiza, señora Rodil; Concello de Betanzos, retraso nas obras de construción dun patio cuberto.

Coma sempre, exíxenlle á Xunta de Galicia o que non fan nos concellos onde gobernan. Por certo, señor Álvarez, cando vostede leve ao seu secretario xeral —ausente nestes momentos— a facerse a foto nas portas dun cole, certifique realmente que o problema existe —ese problema que tamén nomeaba a señora Chao, no Monelos, onde a propia directora afirmou que non tiñan problemas para dar clases sen ningún tipo de atrancos—.

Señora conselleira, aos grupos da oposición non lles interesa poñer en valor as melloras do ensino galego. Piden avaliar, pero, cando lles dan datos que indiquen que Galicia se atopa entre as comunidades autónomas cos mellores resultados nas diferentes ratios, pois fan oídos xordos.

Vostede foi clara neses datos. O transporte escolar atende 776 centros públicos. En comedores escolares, para o 74 % dos usuarios son de balde e o 7,2 % paga só un euro. Este curso incorpórase o Concello de Sada aos acordos de financiamento que ten establecidos a Consellería con outros 14 concellos. Por certo, nos comedores escolares tamén hai atrancos en concellos socialistas, señor Álvarez, como no concello da Coruña. ¿Que falamos das becas comedor? ¿Que podemos dicir desas becas comedor?

Hai datos tamén de gratuidades solidarias para os libros de texto, das axudas para a adquisición de material escolar. Señora Chao, 50 euros son parte dunha serie de medidas de axuda, non é o todo. A vostede sempre lle gusta quedar cunha parte en vez de falar do todo. Por certo, trátase dunha gratuidade solidaria moito máis eficaz que a do modelo do Bipartito, por moito que vostedes se empeñen en reivindicalo. Porque todos sabemos que nin era grauíto nin universal, que nin tiña sequera, señor Álvarez, unha boa xestión. Amósano os máis de 21.000 libros que se destruíron despois dun só uso. Seguro que vostede lembra perfectamente esta gran xestión do Bipartito.

Hai datos que posibilitan que Galicia sexa a comunidade máis equitativa do Estado, segundo o informe Pisa; e datos tamén do Ministerio de Educación, ou do British Council —que comentaba vostede—, que certifican que os estudantes galegos incrementaron a súa competencia lingüística en inglés, como vostede recordaba. Isto é posible porque o Partido Popular apostou por un ensino plurilingüe en todos os niveis educativos. E, coma sempre, señora conselleira, temos que escoitar que a escola desgaleguiza como argumento para pedir a derogación do Decreto do plurilingüismo, coma se os nenos e nenas entraran nos centros de ensino sendo cen por cento galegos e saíran sendo simplemente un 33 %. Claro, despois pídesse que o Goberno galego —como fixo a señora Verao— pague as actividades extraescolares. E ¿cal é a actividade extraescolar reina por excelencia deste país? Efectivamente, as clases de inglés. Por iso ten sentido, señorías, que os rapaces e rapazas aprendan e dominen polo menos un idioma dentro do sistema educativo, porque iso supón igualdade de oportu-



nidades. E por moito que vostedes o neguen, a política lingüística da Xunta de Galicia ten bos resultados. O ensino está cumprindo coa súa obriga, que é a formación en lingua.

Señora Rodil, vostede sabe perfectamente que entre pouco e nada hai un espazo tan grande como entre un número e outro, e sabe que ese dato ao que vostede se aferra coma a un cravo ardendo é controvertido. Porque non é un dato autopercebido, xa que os nenos e nenas non son os que responden a enquisa. E sabe que precisamente por ser un dato pouco consistente non se inclúe en moitas enquisas, como as que se realizan sobre o catalán, ese referente do Bloque Nacionalista Galego. Señorías, non nos empeñemos en confrontar a sociedade galega pola lingua, porque os galegos e as galegas teñen demostrado que a convivencia lingüística é exemplar na nosa comunidade.

Señora Chao, simplemente lle vou dicir que vostede fomenta a irresponsabilidade, porque non é certo que o arranxo dos ordenadores que —digamos— se estropeen por unha deficiencia do propio sistema os teñan que pagar os pais. É unha forma de corresponsabilizar os nenos no coidado dun material que ten que servir para outros moitos. E, por iso, a responsabilidade é tamén unha forma de educar nas aulas.

É evidente que os grupos da oposición están instalados nas *fake news*, señorías, para desprestixiar o traballo do Goberno popular. Pero a realidade é tozuda e informes independentes desmontan o discurso demagóxico e manipulador da oposición, como o que se refire sempre aos medios para atender a inclusión, que todos vostedes saben que se están a incrementar ano tras ano. Hai unha diferenza de 300 especialistas desde 2005 ao que pasa agora. Vostede fala de que hai datos, señora Chao, pero realmente non achega, coma sempre, ningún. Simplemente é de palabra.

E vostedes alimentan, ademais, as *fake news*, como a que acaba de dicir a señora Chao. Nós lamentamos profundamente que os grupos da oposición prefiran seguir na confrontación e na politización do ensino, como comprobamos recentemente nesta Cámara, señora Chao. O Grupo Popular tendeu a man para quitar o ensino da contenda política, particularmente para que non haxa cuestionamiento da política de igualdade, liberdade e non discriminación, aspectos nos que Galicia leva traballando moito tempo e sendo pioneira tanto en normativa coma en proxectos. Porén, o Grupo Común da Esquerda alenta o adoutramento nas aulas, sempre que ese adoutramento sexa o que coincide coa súa ideoloxía. Porque saír a manifestarse a favor de presos políticos, cortar estradas e sementar o odio cara a outros territorios desde as aulas e patios de colexio é moitísimo máis doado.

Nós queremos afastar a política das aulas e seguir traballando na mellora do ensino sen perder de vista o punto de partida. E o punto de partida é que hoxe o ensino galego é mellor que hai cinco anos, e moitísimo mellor que hai dez anos. (*Aplausos.*)

Señora Chao, recoméndolle que para o debate de orzamentos lea vostede o señor Lago Peñas —non a Manuel, síntoo, senón a Santiago—, para ver se muda así a súa ladaíña do seu discurso.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para o turno de réplica ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Hoxe volvemos presenciar como, unha vez máis, desde a oposición se confunde a necesidade de facer políticas educativas con politizar a educación. Esta confusión —é obvio— non é desinteresada, xa que responde a un afán por desacreditar o traballo da Consellería, case sempre sen fundamento —case sempre—, nin respaldo da maioría dos cidadáns.

Unha vez máis, as voceiras e os voceiros da oposición móstranse moi críticos coas políticas educativas da Xunta pero parecen compracentes coa actuación do Goberno central e coa súa propia. Unha vez máis reprochan á Consellería a falta de planificación, recortes, ausencia de avaliación e efectos negativos demoledores sobre ensino galego. Como todo na vida, isto é cuestión de perspectiva, é cuestión de ángulo de enfoque, é cuestión de facer autocrítica ou, cando menos, de recoñecer que hai cousas que se fan ben. Aclárense, señorías, ¿poño a venda antes que a ferida ou non recoñezo os problemas? Porque son contraditorios eses valores, eses xuízos de valor. Non se trata de poñer a venda antes da ferida, señora Rodil, trátase de facer un balance de inicio de curso. E un balance realista, evidentemente, leva a comentar os puntos que provocaron incidencias e tamén as fortalezas do sistema; polo tanto, non poño a venda antes da ferida.

Na miña primeira intervención recoñecín que as obras en execución marcaron este inicio de curso en Galicia. De feito, co señor Álvarez, na interpelación que nun pleno do mes de setembro tiña como obxectivo preguntar pola avaliación dos programas, falamos das obras. Eu respondínlle e falei das obras. Vostedes critican pero non aclaran cal debeu ser a actuación correcta. ¿Acaso a Consellería debería renunciar a facer as obras? O *Diario de Sesións*, pero tamén as hemerotecas, dan proba do que vou dicir. O pasado 10 de abril, con motivo dunha pregunta parlamentaria neste Pleno, xa advertín do risco de empezar o próximo curso con obras polo incumprimento respecto da autorización a investir o superávit. ¿Onde estaban entón as críticas da oposición respecto dese incumprimento? ¿Cal foi a súa defensa naquel momento do sistema de ensino de Galicia?

Non se trata de pedir perdón, non se trata de pedir perdón por algo moi lóxico, porque o seguimento foi total e foi constante, e o perdón ía nese seguimento. É dicir, foi un acompañamento constante desde o primeiro momento. Non se trataba de ocultar información. Todo o contrario, a información foi real e en tempo real. E digo máis: as AMPA, a meirande parte das AMPA —sobre todo, aquelas que non estaban politizadas—, colaboraron e participaron na toma de decisións, e foron acompañadas en todo momento. E tamén o fixeron varios concellos, algún dos cales —do BNG precisamente— insistía e queixábase tamén de como lle ían as obras municipais.

A pesar do risco, para a Consellería de Educación era necesario facer as obras, e así o manifestamos desde o principio. E, no que dependeu das nosas competencias e do cumprimento



da legalidade, fixemos todo o que estivo ao noso alcance por facer compatible a necesidade das melloras e o desenvolvemento da actividade lectiva.

Respecto das incidencias nas obras polas chuvias, non é a primeira vez que o temporal causa danos en instalacións educativas. E non se trata de que as melloras deixaran filtrar a auga, senón que nas cubertas que eran provisionais —nalgunha delas houbo que facer un desamiantado— o vento provocou movementos e deixou entrar as augas. Polo tanto, non é que as obras —é dicir, as melloras— provocasen esas inundacións.

Equipos técnicos da Consellería trasladáronse inmediatamente ás zonas afectadas e traballaron da man dos equipos dalgúns concellos, dos centros e das empresas para solucionar as incidencias ocasionadas. Houbo un problema, pero houbo acción para resolvelo. Ás veces parece que a oposición exige que a Consellería actúe anticipadamente, coma se non houbose situacións difíciles de prever ou de atallar ata que se producen. Vostedes saben que as tarefas de goberno descansan en resolver conflitos con celeridade, ademais de previr outros. Polo tanto, non houbo falta de previsión nin houbo falta de planificación.

Falan vostedes tamén do ataque constante ao ensino rural. Neste inicio de curso quedou en evidencia que non existe tal ataque ao ensino rural, tal e como se ten defendido desde a Consellería nos últimos anos. Actúase en función da realidade. Insisto en que foi habilitada unha unidade en Negueira de Muñiz ao contar cun número suficiente de alumnas e alumnos. A isto súmanse os novos aularios de educación infantil en Coirós, as actuacións nas hortas dos CRA, as fusións dos CRA para mantelos vivos, as xuntanzas permanentes que eu mesmo manteño coas direccións dos CRA. Mantéñense sempre abertas as escolas con seis alumnos ou alumnas como mínimo, pero non só por un criterio loxístico ou organizativo senón tamén por un criterio sociopedagóxico. Polo tanto, non hai un ataque ao ensino rural.

Falan vostedes tamén de recortes en especialistas en pedagogía terapéutica, en audición e linguaxe. Señora Chao, pregúntome: ¿teremos que eliminar as paraolimpiadas?, ¿é discriminante darlle unha medalla de ouro a unha persoa con discapacidade?, ¿deberían competir cos deportistas de elite sen discapacidade? É máis, invítoa, convídoa, a que veña á entrega deses premios de superación persoal para que vostede lles diga a eses nenos e a esas nenas que non deben ser premiados. Fágao, eu convídoa.

Con frecuencia, ante cada inicio de curso, por parte dalgunhas comunidades educativas hai demandas de máis profesionais de pedagogía terapéutica, máis profesionais de audición e linguaxe, cuestión que en ocasións responde á realidade e outras non. O inicio de curso non responde a unha foto fixa, senón que é preciso adaptarse en función da análise da situación en cada momento. Sempre pode aparecer algún caso novo dun alumno ou dunha alumna que precisa atención. A realidade é que, cando ese caso está detectado con criterios psicopedagóxicos, a Consellería actúa e presta atención. Unha cousa é resolver os casos individuais nos momentos en que aparecen e outra facelo de xeito preventivo.

Cada ano, ao inicio de curso, Inspección Educativa analiza coas direccións dos centros as novas necesidades educativas detectadas tras o período de escolarización e avalía a forma de darlles a mellor resposta posible. Por tanto, a Administración educativa está en permanente contacto cos



centros de ensino para coñecer e darlles resposta ás necesidades puntuais, xa que son estes a canle que as familias deben utilizar para xestionar a súas peticións. A Consellería dotou o sistema educativo de máis PT e AL, que superou as cantidades mínimas recollidas no acordo do catálogo de persoal asinado en 2007 entre o Bipartito e os sindicatos. A modo de exemplo: desde 2018, o número de AL e PT viuse incrementado no catálogo cunha cantidade de 171 —dos que 113 son AL e 58 son PT—. Pero, aínda máis, tomando como referencia a data de finais de setembro do ano 2015, os centros educativos galegos contaban con 1.930 PT e AL, e neste ano 2019 son 2.165 os que están traballando con estas especialidades. ¿Onde están os recortes?

Galicia incrementou o número de profesionais dedicados á atención á diversidade, posto que no curso 2009-2010 sumaban pouco máis de 2.700 e hoxe contamos con máis de 3.500. É dicir, máis de 1 de cada 10 profesionais do ensino, o 1 %, son especialistas para a atención á diversidade. Esta disposición de persoal contribúe a que o sistema educativo galego sexa, como dicíamos, o máis inclusivo de toda España.

Falan tamén vostedes de recortes de profesorado e cambios nas súas xornadas, outra crítica que ten que ver coa diminución no número de docentes. En relación coa diminución do número de docentes sería positivo un pouco de relativismo froito dun repaso polas hemerotecas:

Informacións nos xornais do 18 de setembro de 2008: *La Voz de Galicia*: «Las quejas por el recorte de docentes marcan el arranque de curso en educación secundaria. Los sindicatos sostienen que medio centenar de institutos tendrán menos profesores que el año pasado.»; *Faro de Vigo*: «Los sindicatos denuncian que el curso de secundaria comienza con 250 plazas de profesores menos. Cerca del 25 % de los centros aún no han cerrado la plantilla.»

¿Cal é a realidade á que tivo que facer fronte o actual Goberno galego? Xa o manifestei nesta Cámara. En época de crise tivemos que pedir un esforzo ao profesorado, pero tamén é certo que este Goberno está comprometido —e xa o dixen na miña primeira intervención— cun cadro de persoal docente estable e suficiente, coa estabilidade laboral dos docentes, coas melloras retributivas e coa formación permanente do profesorado.

Respecto da redución de horario lectivo dos docentes, a posición da Xunta tamén é coñecida. Cómpre sinalar que ata os sindicatos lembran á ministra de Educación que a mesma lei que recomenda a redución do horario lectivo tamén apunta a que o Estado facilitará as condicións orzamentarias para que se leve a cabo polas comunidades autónomas. En todo caso, ¿saben vostedes, señorías, que, segundo datos publicados neste mesmo curso polo Ministerio de Educación e referidos no informe de datos e cifras correspondentes ao curso 2017-2018, Galicia é a comunidade autónoma coa ratio máis baixa profesor/alumnos, sendo esta 10,3? ¿Saben que algunha das comunidades autónomas que están pensando en baixar o horario lectivo manteñen as ratios por riba do recomendado? Ao mellor este dato complementario esquecialles. Nun momento de incerteza política e económica como o actual, tomar unha medida de redución de horario lectivo sen ter en conta o financiamento desta medida sería unha verdadeira irresponsabilidade.

Falan tamén vostedes de que a Consellería, e esta mesma conselleira, está nunha especie de atrincheiramento, nun búnker, que non recibe a ninguén e está totalmente illada da reali-



dade. Ocupo desde hai algo máis dun ano a responsabilidade de dirixir a Consellería de Educación e comecei cunha rolda de xuntanzas con diferentes entidades, asociacións e sindicatos. E desde o principio —e sempre que podo— son moitos os centros educativos que visitei para coñecer de primeira man a realidade educativa de Galicia. Cando visito centros, falo con alumnos, con profesores, mesmo nalgún caso coas familias, xa que tamén tiveron a oportunidade de coincidir con pais e con nais de estudantes nalgúns actos. Non é algo illado, é algo que fago desde o convencemento, e case semanalmente. Polo tanto, a Consellería nin está illada nin deixa de falar cos colectivos. Son variados os medios polos que tratamos de estar ao día do sentir da comunidade educativa: a mesa sectorial, o Portal da dirección, a partir de xa o Portal das familias, a macroenquisa de convivencia. Podemos entender que cada individuo, cada entidade, cada membro da comunidade educativa, aspire a non só ser recibido pola conselleira, senón a que as súas demandas sexan atendidas tal e como eles queren e no momento no que eles queren. Apelamos a que se entenda tamén a realidade. A realidade é que tan importante como falar con quen pide unha xuntanza é cumprir coas obrigas de xestionar e dirixir todo o que implica o sistema educativo galego. Pero non serei eu quen me negue a xuntarme ou a reunirme con ninguén.

Son moitas, pero coincidentes, algunhas das réplicas que fixeron á miña primeira intervención. Algunha é máis puntual, como, por exemplo, esa famosa, por desgraza —é mellor non falar dela, creo que a facemos famosa falando dela—, campaña de Hazte Oír. Entra dentro da autonomía de cada centro, de cada equipo directivo, o sentido da responsabilidade á hora de facer chegar información ás familias, e, en todo caso, sempre teñen que cumprir cos principios constitucionais e coa normativa educativa. É de sentido común que hai panfletos que non teñen que distribuírse ás familias; polo tanto, confiamos plenamente, confiamos plenamente na responsabilidade e no sentido común das direccións dos centros educativos á hora de repartir información, que nunca, en ningún caso —nin a de Hazte Oír nin ningunha outra—, pode ir en contra dos principios de igualdade, de respecto e de non discriminación. (Aplausos.)

Seguen falando vostedes do elevado gasto das familias no inicio do curso escolar. A Consellería de Educación leva anos apoiando a volta ao cole das familias. Galicia é unha das comunidades autónomas que destina máis recursos —insisto, máis recursos— nas axudas para libros e material escolar. A Consellería de Educación reparte estas axudas entre as axudas ao material escolar, que se reciben en función da renda —polo tanto, aqueles que máis o necesiten reciben máis cantidade—, e, sumándose a isto, a axuda solidaria de libros de texto, o modelo de gratuidade solidaria de libros de texto, que ten dúas vertentes: esas axudas económicas e tamén ese fondo solidario, que, en función da renda, reparte gratuitamente entre catro e seis libros de texto, o que chega a supoñer para moitas familias todos os libros que se necesitan. As axudas económicas van dos 250 euros para o alumnado de educación especial a entre 170 e 90, en función da renda, para o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % que cursan primeiro e segundo de educación primaria.

Fronte a isto, fan unha constante apelación a recuperar ese sistema de suposta gratuidade total de libros que estaba en vigor co anterior Goberno, co Goberno de anterior color, o Bipartito —ou de anteriores cores—, sen ter en conta a renda e esquecendo que as familias tamén tiñan que pagar por un ou dous libros e pagar tamén polas fotocopias. Asemade, era



un sistema cunha xestión cuestionada polas propias comunidades educativas, ata o punto de que, para axilizar o seu funcionamento, acabaron contratando unha empresa privada, como xa eu dixen nesta Cámara noutra intervención. Cremos que non é acaída esta proposta, cremos que hai que seguir co modelo que, neste caso a defensora del pueblo —del pueblo, porque me refiro á defensora del pueblo estatal, xa que saíu tantas veces aquí a valedora do pobo—, ten posto como exemplo, o modelo galego. Pero vostedes insisten, persisten en reclamar o que non funcionaba.

Tamén falan de que a Consellería non avalía os seus programas —especialmente o señor Álvarez—. De aí aquela interpelación na que acabamos falando de obras. Eu presteime, evidentemente, a falar de obras porque era inevitable e, ademais, urxente. Permítanme que insista en que a Consellería fai seguimento da aplicación das políticas educativas postas en marcha. É prudente e desenvolve sempre proxectos piloto antes de implantar un plan. E adapta as medidas á realidade dos centros en cada curso escolar. Polo tanto, as políticas educativas poden avaliarse de moitas formas, entre elas coas estatísticas educativas, como con ese abandono educativo temperán; que, por certo, sabe que no último trimestre o abandono escolar está en pouco máis do 12 %, xa non é o 14 %, que era a media, senón que agora no último trimestre xa temos unha taxa de abandono escolar inferior. Creo que estamos no 12,2 % ou en doce e pouco por cento.

As políticas educativas —dicía— pódense avaliar a través das estatísticas, dos informes de distintos tipos —como, por exemplo, PISA—, e do bo nivel de execución do orzamento, algo que tamén é importante e que moitas veces vostedes esquecen. A Consellería implanta programas, implanta plans de xeito progresivo e, como é lóxico, fai seguimento da súa evolución e introduce melloras cando é preciso. Calquera avaliación, para ser rigorosa, ten que facerse con criterio, con tempo, con neutralidade. E, evidentemente, niso estamos desde a Consellería de Educación.

Temos un camiño percorrido, pero seguimos comprometidos e afrontamos novos obxectivos e novos retos. Pedían vostedes que concretase algo máis dese plan de orientación e en todo o que ten que ver coa estratexia de educación inclusiva, a prevención do acoso e a igualdade. Somos conscientes de que Galicia, mantendo pero tamén potenciando o que funciona, debe actualizar o seu modelo educativo universitario para os cidadáns do século XXI. Por iso neste curso renovaremos a aposta pola atención á diversidade e a escola inclusiva. ¿Saben vostedes que a ratio por profesional nos centros de educación especial é maior que nos centros ordinarios? Un dato que antes me esqueceu e que tamén é importante.

Dicía que seguimos a aposta pola atención á diversidade e a escola inclusiva. Activaremos esa estratexia de inclusión Eduinclusión 2020-2025 con medidas como a actualización da normativa referida á atención á diversidade, algo que non dixen na miña primeira intervención. Esa normativa de 2011 será actualizada e desenvolvida a través dunha orde que desenvolverá ese actual decreto, e que incluírá achegas —para que non digan que non temos en conta os demais axentes, os demais institucións e os demais organismos— de Inspección Educativa, dos equipos de orientación específicos, dos departamentos de orientación, dos asesores de centros de formación de recursos e, por suposto, de todas aquelas outras institucións e organismos, incluído ese Consello Escolar, pero tamén de asociacións de familias



de alumnado con necesidades de apoio específico e de profesionais dos centros de educación especial.

Ademais desta actualización da normativa, outras medidas serán: favorecer a escolarización do alumno de necesidades específicas de apoio educativo en centros ordinarios ou en escolarización combinada; impulsar a especialización dos centros de educación especial, que tamén existen na súa faceta de centros de atención ás necesidades educativas especiais e como centros de recursos educativos —levamos xa dúas frutíferas xuntanzas con directores e directoras destes centros de educación especial—; elaborar e desenvolver un plan de choque formativo para as persoas especialistas na atención á diversidade, incluíndo os coidadores e coidadoras —é máis, dirixido particular e especialmente a este colectivo, co que se pretende a especialización académica e profesional dos axentes que interveñen na atención á diversidade, a creación de redes de axuda entre os mesmos, compartir coñecemento e boas prácticas e construír entre todas e todos un modelo de atención á diversidade—; a implicación e colaboración entre Consellería, centros, asociacións e familias para reforzar a cultura inclusiva e a mellora da atención á diversidade no ensino galego; e, logo dunha experiencia piloto en 2019, ao amparo da estratexia Eduinclusión convocarase de forma anual —esperemos que á señora Chao non lle pareza mal— o premio ás boas prácticas inclusivas para visibilizar e recoñecer as experiencias máis potentes na creación da cultura da inclusión nos centros educativos —non é un premio para alumnos, é para profesores— e o fomento da participación da comunidade educativa.

Propiciaremos que o alumnado de educación especial se inicie nalgúns deportes e actividades deportivas e que poida participar nas diferentes competicións deportivas, para o que se formará o profesorado responsable da educación física que os asiste. Todo sistema educativo debe poñer no centro os seus alumnos con proxectos innovadores, con proxectos adaptados aos tempos que lles tocan. Ademais, é importante dotar o profesorado dos mecanismos necesarios ao longo da súa carreira para asegurar o éxito no proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Un curso máis, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional renova o seu compromiso cun ensino galego de calidade, cun ensino galego inclusivo. E aspiramos a liderar con propostas concretas o proceso educativo das futuras xeracións de galegas e galegos. Nesta importante tarefa gustaríanos contar co conxunto da comunidade educativa de Galicia e, de ser posible, tamén con todos os grupos representados neste Parlamento.

Remato cunhas fermosas palabras da escritora Siri Hustvedt, á que nunca me canso de ler: *«Aprendín que nin un xénero, nin unha disciplina, nin un nin outra, son superiores a outro ou outra. Debemos recear dos nosos prexuízos. Nin a ciencia é elevada, intelectual e masculina, nin as artes e as humanidades son inferiores, emocionais e femininas. Debemos aprender que a autoridade e a sabedoría veñen en moitos formatos, sexos, cores, formas e tamaños. Debemos aprender uns de outros e recapacitar»*.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.



Rolda especial.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Quería comezar respondéndolle á voceira do PP respecto dos bos resultados da lingua. Creo eu que, vendo a enquisa do IGE, non se pode ter triunfalismo ningún. Pero ademais non sei se vostede vive o que é para unha familia, nun contexto onde a lingua castelá é hexemónica, porque a lingua castelá é hexemónica neste país, ter un fillo ou unha filla que coa escolarización cambia de dicir *eu* a dicir *yo*. Non sei se vostede viviu iso, pero iso é o que está a pasar neste país.

Referíronse ambas, tanto a conselleira como a voceira do PP, a que non se pode politizar. Pero ¿que foi o Decreto do plurilingüismo e a enquisa ás familias máis que politizar nunha campaña electoral infame, na que crebraron o consenso arredor da normalización lingüística neste país por un puñado de votos? ¡Politizar!

Vaiamos ao tema que nos ocupa do inicio de curso, pero tamén a esa perspectiva á que apelaba a conselleira. Perspectiva para analizar o que estamos a tratar. Pois ben, un exemplo de perspectiva podémolo ver nos orzamentos. Están xa as contas de 2020, e, con estas contas, o orzamento destinado á educación estaría aínda —intentando calcular tamén o incremento do PIB previsto— nun 3,8 % do PIB. Se aspiramos a que chegue ao 5 %, ou cando menos ao 4,7 % de media da Unión Europea, aínda nos quedan uns chanzos por subir.

Pero é que, ademais, os orzamentos en educación infantil, primaria e ESO redúcense un 1,7 % respecto de 2009. Igual que se reduce tamén a formación do profesorado. Vostede referiuse en numerosas ocasións a esa necesidade de aumentar, pero iso tradúcese en partidas orzamentarias, e esta partida, concretamente, padece un estancamento crónico.

En canto á inclusión educativa, por non seguir cunha cuestión que creo que foi suficientemente exposta, quedóusenos un elemento particular, e é que eses equipos de orientación específica están infradotados. Nós cremos que se tarda demasiado, ás veces, na diagnose por esa causa, pois son grandes profesionais. Pensamos que se necesitaría, e preguntolle se ten previsto un aumento das dotacións destas equipas.

En canto á igualdade, é evidente que non hai unha diagnose sobre como vai ese plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos. Tivemos o debate da moción respecto do Partido Socialista no pasado Pleno, e é alarmante como nun plan que ten indicadores facilmente medibles non hai a transparencia de analizar cal é o curso da igualdade. Pero como xa lle dixeron tamén outras voceiras, igualdade e coeducación son incompatibles con manter os concertos que segregan por sexos. Hai que cambiar as ordes de concertos que deixaron de ter o precepto de ter atención preferente os centros que desenvolvan un principio de coeducación. Ademais, aproveitando os orzamentos, nesa comparecencia podería detallar especificamente canto orzamento vai a eses colexios que seguen mantendo a infamia de segregar por sexos, o que é totalmente contrario, por outra parte, á filosofía dese Plan de actuacións para a igualdade.



Tamén esquecemos falar na intervención —e non se citou aquí— da cuestión da relixión e da desigualdade que supón para o alumnado que —como tamén unha recente sentenza que acaba de avalar—, para poder optar a robótica no bacharelato, tivo que escoller relixión para completar as horas. Iso para nós é realmente intolerable.

Falando de retos, vostede lanzou aquí a necesidade de que dialoguemos, e con nós pode contar ese diálogo por unha educación máis inclusiva. Nós tamén lle imos engadir algúns dos restos que cremos que debe ter non só este curso escolar, senón a vindeira década, en canto ao ensino.

Para nós é esencial o ensino rural, xa o sinalai. Non se pode negar a evidencia de que hai unha deterioración do ensino en moitas zonas rurais, unha perda de servizos.

Tamén imos avanzar un debate sobre a necesidade de afondar na enfermería escolar, coma un instrumento para avanzar nesa educación afectivo-sexual que é tan necesaria de situar nas nosas aulas para previr os comportamentos machistas, para evitalos, pero tamén esa enfermería escolar —é un debate interesante— podería mellorar a educación nutricional, ese reto do aumento da obesidade infantil.

Tamén, por suposto, a inclusión da educación social nas aulas. Vostede minimizou esa cuestión nunha entrevista na prensa. Nós cremos que é esencial para abordar todos estes retos aos que se enfrontan a mocidade e a infancia. Tamén a inclusión do ensino 0 a 3 como etapa educativa; ou como xa foi exposto, a eliminación da fenda de clase que segue existindo no ensino.

En fin, teranos aí para dialogar nesas premisas pero con perspectiva: orzamentos, orzamentos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Que facemos política, que politizamos e que temos ideoloxía é algo que se oe aquí coma unha ladaíña, ¿non? Eu voules dicir algo: Isto é un parlamento, (*Aplausos.*) aquí faise política, aquí tráese ideoloxía e aquí deféndense proxectos políticos. Sobre todo por algo, por unha cuestión, porque eu creo que no momento no que estamos, en termos xerais, non só en Galiza, creo que é extensible ao Estado español, á situación que se vive na Unión Europea e na nosa contorna próxima ou máis inmediata, lanzamos unha mensaxe moi perigosa á nosa sociedade. Facemos un fraquísimo favor aos sistemas democráticos cando cuestionamos ao contrario porque defende as súas ideas con respecto, con educación, como creo que é o ton xeral, de maneira xeral, nesta Cámara. Sobre todo, intentando facer crer —e creo que moitas veces esa é a idea que se traslada desde o Partido Popular— que aquí se goberna a golpe de criterio técnico.



Entón sobramos. Sobramos os parlamentos, sobramos os representantes e as representantes políticas e poñemos a gobernar aos funcionarios. Eu creo que fraco favor lles facemos —insisto, xa que falamos de educación— aos sistemas democráticos lanzando desde esta Cámara, dende o corazón político deste país, esa mensaxe. Facemos política, politizamos, temos ideoloxía e defendemos proxectos políticos, que é o que nos toca facer aquí. (*Aplausos.*)

E somos críticas, porque para dicirlle o que quere oír, señora conselleira, está o Grupo Parlamentario Popular, non o Bloque. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Non o Bloque! Somos exixentes, dicímolo sempre. Somos críticas, defendemos con firmeza e con contundencia, pero tamén creo que con respecto e con educación, a nosa posición política, e, sobre todo, aquilo que consideramos que hai que mellorar ou que hai que mudar. Para darlle xabón está o grupo que o sostén, que tamén cumpre esa función democrática.

E somos críticas, ademais, diante do que nós cremos. Eu buscaba como cualificala, non a vostede a nivel persoal, senón a intervención, ou a comparecencia, ou a Xunta de Galiza nun sentido amplo. Eu creo que son un goberno negacionista. Todo o mundo mente, todo o mundo está equivocado, menos vostedes, por suposto. Nada é real, todo son *fake news*, todo é un invento.

Pero voules poñer un exemplo. Poderíamos poñer varios, pero imos poñer un porque o tempo é limitado. Falando da atención ás necesidades educativas específicas, e á diversidade, porque moitas veces, cando pensamos na diversidade, pensamos nunha persoa que teña discapacidade. Hoxe pola mañá a señora Santos —agora non está— creo que fixo unha intervención moi acertada cando dicía que todas somos diversas e cadaquén ten unhas capacidades distintas. Unha persoa que leve lentes, ou eu mesma, seguramente, que teña moitas como calquera.

Nos dous centros do Barco de Valdeorras, señora conselleira, este curso contan con 23 estudantes máis que necesitan persoal de audición e linguaxe. Son persoas refuxiadas que forman parte dos programas de acollemento que por sorte se desenvolven neste país. Leva o profesorado, a comunidade educativa, reclamando que se amplíe o persoal para poder atender a 23 crianzas máis que están vindo, ademais, doutros países, que necesitan apoio e unha atención personalizada, non xa por unha cuestión de formación ou de adquisición de coñecementos, senón de inclusión na sociedade galega, e a Xunta, erre que erre, négase. Négase a recoñecer esa necesidade e a atendela ampliando os recursos que necesitan.

O mesmo aconteceu na área metropolitana da Coruña, segundo se falaba. Nós mesmas, desde o BNG, tamén o trasladabamos á Xunta de Galiza na Comisión de Educación. Houbo unha mobilización permanente, e as nais, os pais e o profesorado non inventan as cousas, non se queixan de vicio, porque sexa unha cuestión subxectiva. Se ti tes unha persoa de apoio, unha PT ou unha AL, dúas horas á semana, ¡hala! ¡xa está a necesidade cuberta! Ademais, unha persoa itinerante, que hoxe está contigo e pasadomañá no centro do lado, do lado do mesmo concello ou do concello do lado literalmente. Non podemos crer que todo está resolto, que as necesidades educativas específicas están correctamente atendidas. Moitas delas, ademais, hai dez anos nin sequera se consideraban unha prioridade. A sociedade avanza. Menos mal, tamén, para nós no noso conxunto.



Nós insistimos, necesítase un plan. E tamén lle tendemos a man ao diálogo a ese plan integral de orientación. Necesitamos un plan de atención á diversidade, pero o máis importante, necesitamos recursos, e iso custa cartos, ¡custa cartos! Aquí é onde se teñen que fixar as prioridades.

Remato con isto. Eu falaba do recorte de profesorado. Eu falo dos orzamentos porque son datos que teñen o carimbo da Xunta de Galiza, que saen da Xunta de Galiza, da Consellería de Educación. Entendo eu que non cuestionarán os que vostedes mesmos realizan. E vólvolle dicir —e con isto si que de verdade remato—: Non é que eu me agarre aos datos da enquisa do IGE coma se fose un ferro ardendo. ¡A min xa me gustaría non ter que poñer enriba da mesa eses resultados! A realidade e a tendencia que vivimos de desgaleguización eu creo que ninguén a pode negar neste país.

O único que pido é unha reflexión de quen ten as competencias ou a obriga e a responsabilidade política de ter que garantir iguais competencias en galego e en castelán. Se hai un de cada catro menores de quince anos que di que non sabe escribir na lingua propia do seu país, ¡algo terá que dicir a conselleira de Educación!

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Dicíao antes, hai moitos temas e temos pouco tempo. Por iso decidíramos seleccionar poucas preguntas, para tratar de centrar o debate, pero fallamos, porque poucas preguntas, pero menos respostas.

Comezo, entón, pola última pregunta, porque non a debeu de entender ben. O que lle preguntabamos é a súa postura respecto dunha decisión do Grupo Popular. ¿Como se pode responder a unha decisión do Grupo Popular de votar en contra da retirada da propaganda de Hazte Oír dos centros de ensino, contestando co que fan as direccións dos centros de ensino?

Non sei, a señora Antón falou de demagogia. Non sei que cualificativo merece isto, non sei que cualificativo merece dicir que é inaceptable que haxa esta propaganda nos centros de ensino e votar a favor de que a propaganda siga nos centros de ensino e en contra da súa retirada. Non sei como lle chaman.

Señora conselleira, sería fácil, mande unha mensaxe directa e clara aos centros de ensino exixindo a retirada desta propaganda. Non se trata de confianza, trátase de que vostede faga o seu labor, nada máis. ¿Como se pode seguir falando de compromiso coa igualdade na educación cando manteñen —temos que insistir— os concertos cos centros machistas que segregan o alumnado? A nosa proposta é clara: fin deste tipo de concertos. Estudo de vías para a integración dos centros privados na rede pública.



Por suposto, señora conselleira, lamentamos dicirlle que esta é unha cuestión netamente política, obviamente. Nós estamos cos servizos públicos, vostedes está claro que non.

Temos outros temas importantes sobre a mesa, sobre os que non nos deu tempo de falar antes, como son, por exemplo, o dos comedores escolares, un tema que nos preocupa, porque o tema da alimentación dos menores debера ser un asunto fundamental. Conxuga, ademais, outros dereitos fundamentais: o dereito á igualdade de oportunidades, á alimentación e á saúde, é, polo tanto, un tema sensible.

Nós pensamos que os centros educativos teñen que fomentar hábitos de vida saudables a todos os niveis; tamén, por suposto, no que ten que ver coa comida. Por iso, parécenos inaceptable que os servizos privatizados dos comedores continúen ofrecendo produtos precoñados de dubidoso valor nutricional; máis aínda en casos que se fixeron famosos grazas á televisión, como foi o ano pasado o caso do Centro de Educación Especial María Mariño.

Gustaríanos que o Partido Popular se comprometera directamente a tomar en serio a alimentación que reciben os menores nos centros de ensino, a que van fomentar hábitos de vida saudables e a que non van permitir que empresas privadas negocien coa saúde dos nenos e nenas a través dos comedores. Non é un tema no que facer negocio, é un tema no que a Consellería debe decidir de que lado está.

Lamentablemente, demasiadas veces a Consellería bascula cara a intereses privados, porque é nos comedores pero é tamén en todos os eidos do ensino. Vostedes levan unha década recortando os recursos dispoñibles para o ensino público ao tempo que aumentaban e blindaban os concertos, ao tempo que blindaban que os negocios seguiran aí; e non había posibilidade de suprimilos se cambiaba o Goberno. Os negocios sempre a salvo para os seus amigos.

A cuestión é se o Goberno ten vontade de comprometerse co ensino público ou prefire seguir favorecendo os centros privados, moito máis afíns, dende logo, á súa liña ideolóxica. Ambas as cousas non poden ser ao mesmo tempo. Igualdade ou discriminación, hai que escoller. E vostedes escollen cando deciden reducir en 6 puntos o peso do PIB en ensino. Están escollendo e mandando unha mensaxe clara, dicindo que o público ten que seguir pesando menos, que os servizos públicos teñen que seguir pesando menos. Nese senso, a proposta de orzamentos que temos enriba da mesa é totalmente continuísta, agrava o problema: tiñamos en 2009 o 4,23 % do PIB destinado ao ensino, hoxe esa cifra —cos últimos datos— é do 3,63 %. Non é demagogia, señora Antón, chámanse datos, e son os seus. Ou sexa, non inventamos nada, son os que publica a Consellería. Son 6 puntos porcentuais menos da riqueza deste país para atender as necesidades, obviamente crecentes, dos nenos e nenas de Galicia, porque, obviamente, a sociedade avanza e ten novas necesidades.

Con esas cifras, señora conselleira, hai unha cousa que está clara: nin se van recuperar as prazas docentes que se eliminaron dende a crise, nin os horarios e os dereitos do profesorado se van recuperar, nin se van ter os especialistas de atención á diversidade suficientes, nin se van evitar as aulas ateigadas, nin reducir as ratios. E aproveito, de feito, para facerlle unha pregunta moi simple sobre isto: ¿como pode explicar que o alumnado repetidor non



conte nas ratios? Esta é unha pregunta moi simple que lle fixemos ao seu predecesor no cargo e que non foi quen de responder. Non nos estraña, porque é ben difícil de explicar que cando contan o número de alumnos que hai nunha aula os repetidores sexan invisibles. ¡Oxalá na súa quenda nolo poida explicar!

A nosa proposta é clara: recuperación do orzamento, compromiso coa igualdade de oportunidades, especial atención ás diversidades —é que, claro, os dereitos custan diñeiro—, loita incansable desde as aulas contra as violencias machistas, redución das ratios, recuperación dos dereitos laborais do profesorado e contabilización real das ratios, tanto do alumnado repetidor como non facer trampa da estatística —isto de que hai dous polos, comemos un cada un, pero en realidade, ao mellor, unha soa persoa comeu os dous—.

O ensino, señora conselleira, non son unhas olimpíadas, non o son e non poden selo. En todo caso, sería un xogo de cooperación en equipo; non pode ser unha olimpíada na que só chegan os máis aptos. Nós o que queremos é que a Administración educativa poña as bases para que ninguén quede atrás. Coido que neste caso o subconsciente, con esta metáfora, lle xogou unha mala pasada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Permítame, señora conselleira, como vén sendo habitual, un clásico popular —como dicía o outro día o señor Villares—, que as miñas primeiras palabras nesta última quenda sexan para a señora Antón, que é a líder da oposición á oposición dentro do ámbito educativo.

En primeiro lugar, efectivamente, cometín un erro, polo que pido desculpas. A señora conselleira dixo que fora un problema da autorización para investir o superávit e non dos 700 millóns. Aí creo que cometín un erro, posiblemente poderase explicar, non sei se por percepción nesgada da realidade ou por comportamento condicionado. O certo é que no último pleno, cada vez que saía algún de vostedes aquí, dicía 700 millóns, viñera ou non viñera a conto, entón, eu entrei en automático, é certo, (*Aplausos.*) cunha resposta condicionada, e dixen son os 700 millóns porque están falando de cartos. (*Aplausos.*) Repito, pido desculpas polo erro.

En todo caso, con respecto só a tres afirmacións que fixo vostede, a redución do horario dos docentes está vinculada, segundo vostede —e así o pon, é certo, a modificación do real decreto-lei famoso do ano 2012—, a unha transferencia de fondos. Pregúntome, ¿como é que outras comunidades autónomas xa procederon á redución dos horarios dos docentes? ¿Déronlles os cartos pola porta de atrás? ¿Ou é que se pode facer coa marxe legal e orzamentaria que temos?

Falou vostede de fotos, ¿quere que lle presente eu un *book* do señor Balseiro, delegado da Xunta de Galicia en Lugo, facendo alarde da normalidade no inicio de curso con respecto ás



obras dos centros educativos? Podo presentarlle... Creo que se di *book*, non sei se é o termo adecuado, en todo caso, un feixe de fotos, (*Murmurios*.) ao mellor así resulta máis gráfica a descrición. Dixo vostede que se destruíran 21.000 libros. ¡Isto parece 1984 (*Risos*.) e a queima de libros! Non sei de onde sacou vostede ese dato de 21.000. Ao mellor foi certo, pero ao mellor algún dos que se destruíu —ou deixou de empregarse, que non é o mesmo— tamén tiña que ver cun cambio de currículo e incluso de distribución de materias entre cursos, ¡ao mellor...!

Señora conselleira, mire, eu non lle dixen que pedise perdón polos problemas das obras, non o dixen. O que si lle dixen é que, se recoñecesen os problemas que houbo ao inicio de curso, tampouco pasaba nada. Creo que engrandecería a acción do Goberno dicir a tempo que había problemas no inicio de curso, en vez de que saíse algún fotoxénico delegado dicindo que non había ningún. (*Risos*.)

Eu non dixen que vostedes estivesen facendo un ataque premeditado á escola rural, tampouco o dixen. Pero falei de dar unha resposta eficaz á realidade que temos, e ao mellor, aínda que, efectivamente, están vostedes a manter a ratio que estaba establecida no ano 2009, esa ratio, dez anos despois, ten que revisarse. É dicir, ao mellor ese número de 5 ou de 6 para pechar unha escola unitaria non vale, porque tampouco vale noutras comunidades autónomas, entón, podémolo revisar. Pero vostedes néganse sistematicamente tan sequera a que se participe nunha toma de decisión coma esa.

Falou vostede —tamén é certo, con razón— da ratio alumno/profesor desta comunidade autónoma, que nos sitúa na que ten menor ratio, 10,3, e é certo. Pero tamén é certo que Estremadura ten 10,4, que Asturias ten 10,7, que Cantabria ten 10,9, que Castela-León ten 10,9 tamén; é dicir, hai un montón de comunidades autónomas que coinciden, desgraciadamente, con esa España baleirada ou, en todo caso, cunha crise demográfica importante. Sabe vostede perfectamente, desde o punto de vista estatístico, que iso ten moito que ver con que a ratio estea onde está; non tanto porque teñamos un número de docentes desmesurado, senón porque temos un número de alumnos cada vez máis minguado, e, polo tanto, a aritmética produce ese resultado.

Eu non dixen que vostede estivese illada. Sei que vostede ten unha ampla axenda de visitas a centros escolares, e paréceme moi ben que fale vostede con docentes, con alumnos e coas familias, ¡paréceme perfecto! O que dixen é que ten aversión á participación, porque lle puxen de manifesto determinados datos con respecto ás reunións do Consello Escolar de Galicia, e á permanente en concreto, e tamén ao Observatorio da Convivencia, que é moitísimo peor. Eu podo entender que por problemas de axenda duns e doutros non se celebre a reunión da permanente en setembro, mesmo en outubro —pódoo entender—, pero está na normativa que se deben reunir. Pero é que no caso do Observatorio da Convivencia, ¡home!, que desde o ano 2015 houbese dous plenos e unha permanente... ¡francamente, dá que pensar!

Con respecto á responsabilidade —non é por engrandecer, senón que quixera francamente olvidar ese episodio— en relación cos panfletos —porque os cualifico de panfletos— de Hazte Oír, o certo é que chegaron a algún centro. E se chegaron a algún centro e asumes que a responsabilidade dos equipos directivos e o sentido común impide que iso chegue, acabas



concluindo que neses casos non había nin esa responsabilidade nin ese sentido común, necesariamente. Se unha cousa é si ou si, a realidade é esa.

Di vostede que vai desenvolver o Decreto do 2011 de atención e diversidade. Eu alégrome. Non foi sen tempo, porque estamos a falar dunha normativa de hai oito anos, e celebro a chegada dese Plan integral de orientación. En todo caso —para rematar como empecei—, agradézolle sinceramente a súa comparecencia neste pleno.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario Popular, señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Señorías. Señora conselleira.

O señor Álvarez entrou en automático cos 700 millóns e a señora Chao está nun permanente automático, porque non se apea dos mesmos temas cos mesmos falsos argumentos. (*Aplausos.*)

Señora conselleira, a palabra máis utilizada polos voceiros dos grupos da oposición sempre é recortes. Efectivamente, como vostede recoñeceu, houbo que axustar o orzamento da Xunta de Galicia no ano 2009 e seguintes, e parece que ninguén se lembra de por que. E o sistema educativo tamén tivo que axustar o seu orzamento, pero non dun xeito significativo, como nos queren facer crer. Galicia é a segunda comunidade autónoma que máis inviste por alumno, a terceira en gasto público en educación por habitante menor de 25 anos. E a pesar de todos eses recortes famosos, os mellores resultados estanse a dar nestes últimos catro anos: a taxa de abandono temperán, a máis baixa da historia; a taxa de interinidade dos corpos docentes, a máis baixa do Estado; a ratio —que agora comentaba— profesor/alumno, a máis baixa do Estado, con 10,2 alumnos por profesor. Señor Álvarez, se efectivamente temos a menor ratio de alumnos por profesor é porque estamos atendendo a todos os alumnos cun número de profesorado suficiente. E tamén o índice de inclusión do 92,7 % de alumnos con necesidades especiais integrados en centros ordinarios, do que tanto se falou hoxe aquí á tarde.

Permítame determe aquí ante o anuncio que vostede acaba de facer, xustamente cando falaba da actualización da normativa referida á atención á diversidade para vincular a toda a comunidade educativa do centro escolar con responsables de diferentes departamentos da Administración educativa que teñan relación con este tema.

Vostede comentaba nunha das súas primeiras comparecencias que consideraba que os centros de ensino deben ser verdadeiros centros de aprendizaxe e innovación, pero tamén de convivencia e de respecto. Así, non podemos esquecer que desde a Administración autonómica se traballa para que o ensino galego sexa un ensino en igualdade, respectando a liberdade de pensamento, a liberdade e a tolerancia ante a orientación sexual e a identidade de xénero, rexeitando o acoso escolar e dando pautas contra a violencia de xénero. E por iso



aplaudimos as novas liñas dos contratos programa que vostede nomeaba na súa primeira intervención, como Iguálate, Convive e Inclúete.

Repito, señora Chao, vostede perdeu unha oportunidade de ouro ao rexeitar o pasado venres a emenda do Partido Popular para evitar o adoutramento escolar nos centros. Repito, a vostede interésalle só o seu adoutramento ideolóxico.

Señora Vázquez Verao e señora Rodil, ¡claro que hai que facer política! Pero hai unha diferenza entre facer política educativa e politizar a educación. Nós apostamos pola liberdade educativa desde o respecto á diversidade e a non discriminación, seguindo o artigo 14 da Constitución española. (*Aplausos.*) Vostede, señora Rodil, fala da educación desde o electoralismo, o partidismo e o sectarismo. E non somos negacionistas. (*Murmurios.*) O BNG ben podería significar Galicia en branco e negro, que é a súa visión do país. (*Murmurios.*)

Remato.

A estabilidade que proporciona o actual Goberno galego permite que este curso 2019-2020 que acaba de iniciarse vaia desenvolverse nun marco de normalidade que permita seguir planificando e traballando nos principais piares sobre os que se asenta o noso sistema educativo: un modelo equitativo, igualitario e inclusivo; á vez que innovador, plurilingüe e multidisciplinar. Vostedes decidirán se queren facer política educativa ou seguir politizando a educación.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Antón Vilasánchez.

Peche desta comparecencia, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Respectamos as lexítimas discrepancias, señorías, pero teño que sinalar que o ensino galego non merece unha constante visión negativa, nin as frecuentes actitudes tendentes a confundir —como dicía a miña antecesora no uso da palabra— facer políticas educativas con politizar a educación.

Eu non falei de mentiras en ningún momento. Efectivamente, estamos aquí para facer política, señora Rodil, pero este é un Parlamento. Eu falei de politizar o ensino e os centros de ensino, e falei de utilizar esa politización na solución de determinados conflitos.

Señora Verao, está vostede adiantando o debate do vindeiro luns, pero saiba que o señor presidente en funcións lle propuxo no seu programa de goberno a Podemos que o 5 % do PIB para gasto educativo chegara ao ano 2025.



A xustiza, co tema da robótica, xa nos deu a razón. Actuamos correctamente, pero existen outras opcións. Aínda así, eses 311 alumnos que teñen escollidas esas dúas optativas preocupánnos, e estamos —como así o manifestei nos medios de comunicación— intentando atopar unha solución a ese problema.

Señora Chao, ¿comeu vostede algunha vez nun comedor escolar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu si. Comín en comedores escolares de xestión directa e en comedores escolares de xestión centralizada. E cómese ben. E non avisei, foi improvisado.

Por certo, no María Mariño o servizo de cociña é directo. Era un problema da trituración da comida, non era un problema de cáterin, porque hai cociñeira e o servizo é directo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por certo, non comparei o ensino cunha olimpiada. Creo que a que interpretou mal as miñas palabras foi vostede. Non me xogaron ningunha mala pasada nin os nervios nin a situación, simplemente comparei o recibimento dun premio co recibimento dunha medalla olímpica.

¿Realmente pensa que o ensino concertado en Galicia representa unha ameaza para o ensino público? ¿Realmente o pensa? ¿Sabe vostede que no País Vasco o ensino concertado representa o 48 % e o público o 50 %? ¿Sabe que estamos entre Asturias e Andalucía na porcentaxe de ensino concertado, tendo a primeira das dúas comunidades, Asturias —que citou o señor Álvarez por mor doutra cuestión—, un 71,7 % de ensino público fronte ao 22,9 % de concertado, mentres que en Galicia a proporción é de 72,2 % a 22,2 %? Por tanto, insistimos, descanse tranquila, non hai preocupación ao respecto. Non hai privatización ningunha. *(Aplausos.)* Tampouco hai privatización ningunha na atención á diversidade, salvo que vostede me diga que colaborar coa Asociación Down, coas asociacións de nais de alumnos con TEA ou con Arela é privatizar a atención á diversidade. Se é así, non se preocupe que xa lles diremos a esas asociacións que cando colaboramos estamos a privatizar.

Os centros educativos fan divulgación dos hábitos de vida saudable. Os concellos onde vostedes gobernaron adxudicaban comedores a empresas privadas. Ademais... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...insisto en que a oferta do 5 % do PIB a fixo o señor Sánchez ao seu grupo.

Vaia por diante, señora Rodil, que vostede é respectuosa, pero ademais pode dicir cun sorriso que a Xunta é negacionista, que, como sabe, ten unha connotación un tanto pexorativa ou un bastante. Pero nós non negamos sen fundamento, como fan outros, nós aportamos datos que rebaten outros datos. E claro que a sociedade avanza, como espero que recoñeza que tamén avanza o sistema educativo.

Señor Álvarez, o secretario xeral técnico compareceu en comisión o pasado 7 de setembro e xa adiantou os problemas que existían e que existirían no principio de curso, non se ocultou nada.

Aversión á participación. Ben, levo de aquí o compromiso de convocar con máis asiduidade todos eses órganos, despois mo recordará vostede polos corredores. Xa sei que no ano 2011



vostede non estaba aquí, pero saiba que o grupo que votou en contra da Lei de convivencia e participación foi precisamente o seu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Levo algo máis dun ano á fronte da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e reafirmo como o primeiro día o compromiso que supón poñer en marcha e xestionar cada curso as políticas educativas que contribúan a formar aos galegos e ás galegas do século XXI.

O sistema educativo está vivo, está en constante cambio, e cada curso supón un novo reto a afrontar. Poderán estar de acordo ou non, pero as políticas educativas da Xunta de Galicia son coñecidas e recoñecidas no conxunto do Estado, en todas as comunidades ou na maior parte delas, ao tempo que ofrecen estabilidade ao ensino galego. E hai datos que as avalan con resultados. O sistema educativo galego é hoxe máis atractivo ao contar cunha estratexia propia de plurilingüismo, así como cunha estratexia en relación coas TIC, Edudixital, que marca as accións de fomento das competencias STEM máis ambiciosas de todo o Estado; e con medidas planificadas en materia de bibliotecas escolares que están a contribuír á mellora das competencias clave do alumnado.

Pero non podemos permanecer estancados, hai que seguir, hai que seguir avanzando, por iso temos novos retos e temos novas propostas. Un curso máis, a Consellería renova a súa aposta por políticas educativas que contribúan ao respecto e á convivencia nas aulas, actualizando ese enfoque de traballo na atención á diversidade desde a normativa e a planificación de medidas de inclusión, de igualdade e de innovación educativa. Por iso, neste curso renovaremos esa aposta pola atención á diversidade e a escola inclusiva, como dicía nas miñas anteriores intervencións.

Activaremos a estratexia de inclusión, Eduinclusión 2025. Agardo que entendan que os casos individuais —insisto— se atenden cando son detectados. Por certo, en relación cos colexios aos que facían referencia da cidade da Coruña, eu mesma convoquei unha xuntanza entre a xefatura territorial e a xefatura de inspección, e desde a xefatura territorial e a xefatura de inspección convocáronse por separado os equipos directivos de todos e cada un deses centros para analizar polo miúdo as necesidades concretas. Dos sete centros que aparecía na prensa que tiñan necesidades, realmente había necesidade en dous, ou así o comunicaron os equipos directivos. Supoño que os equipos directivos non están facendo, nese caso, ningún tipo de xestión para favorecer a Administración ou a Consellería de Educación, senón que velarán polo benestar do seu alumnado e do seu profesorado.

Polo tanto, Estratexia de inclusión 2020–2025 para concienciar, para formar e para traballar polo conxunto do alumnado, para minimizar eses casos particulares. Aínda que hai datos que apuntan a que Galicia ten un bo clima de convivencia nas aulas, como dixeran, cremos que non hai que baixar a garda. Por iso, para incidir dende a prevención, elaboraremos un plan de choque contra o acoso escolar. Como expliquei, estamos a promover a creación de grupos de traballo para que definan e perfilen o contido dese plan desde unha perspectiva técnica acaída ás necesidades actuais e futuras; desenvolvendo as seguintes accións concretas que contribuirán á construción dunha convivencia positiva nos centros educativos.



Formación específica do profesorado en educación emocional, que se desenvolverá por medio da creación dunha rede de persoas mentoras. Oferta aos centros educativos dun bloque de programas específicos orientados á prevención da violencia e á mellora da convivencia escolar, no que participarán todos os membros da comunidade educativa. Incorporación na convocatoria vixente de dúas novas medidas dos contratos programa Convive e Inclúete, e reformulación doutra xa existente, chamada Iguálate a partir de agora, que desenvolverá accións que interveñan no fomento da coeducación, promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, prevención e tratamento da violencia de xénero, prevención e tratamento da LGTBI fobia e outras medidas semellantes.

Convive. Centros que poderán deseñar e canalizar actuacións preventivas de conductas violentas ou discriminatorias e, promover a conciliación e a mediación escolar.

Inclúete. Medidas que fomenten e melloren a inclusión real nos centros.

Ademais, formación específica en convivencia que se organiza e desenvolve na rede de formación de profesorado da Consellería.

Por último, un curso máis traballamos para que Galicia conte cunha formación profesional atractiva, adaptada ao tecido socioproductivo e que fomente o emprendemento, ao tempo que está a dar pasos significativos para consolidar a FP dual. Pero tamén queremos avanzar e queremos adaptarnos ás novas realidades que están xurdindo, por iso, ao longo deste curso presentaremos a Estratexia galega de FP 2030, que recollerá as oportunidades de futuro e as actuacións para dar resposta ás necesidades de cualificación da poboación galega nos próximos anos.

Galicia ten un modelo educativo definido. Galicia ten un modelo educativo diferenciado, que avanza e que conta con proxectos para contribuír ao desenvolvemento do talento e do liderado na excelencia da aprendizaxe dos cidadáns da Galicia do século XXI.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos ao punto quinto da orde do día, que é o de mocións.

Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Julia Torregrosa Sañudo e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de emprego

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María del Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción. (doc. núm. 57470)



Emenda de substitución.

Débase substituír o punto 1 da parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

«1. Instar a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España que saia das vindeiras eleccións que acometa a reforma da lexislación laboral que permita loitar contra a precariedade».)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción. (doc. núm. 57470)

Emenda de substitución.

Substituír o punto 1 polo seguinte texto:

«Dirixirse ao Goberno español, demandando que de maneira inmediata proceda á derogación das reformas laborais, e en especial: Real Decreto Lei 10/2010, de 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma del mercado laboral, a Lei 35/2010, de 17 de setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo, Real Decreto-Lei 20/2012 do 19 de xullo, Real Decreto-lei 3/2012 de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o Real Decreto-lei 5/2013 de 15 de marzo de “medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo, o Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas, presidente.

Boas tardes a todos e todas.

Seguro que xa coñecen a última enquisa de Sondaxe, de *La Voz de Galicia*, na que se fai constatar de novo que a principal preocupación da cidadanía é o desemprego. Á pregunta de cales son os principais problemas de Galicia neste momento, un 60,2 % di que é o paro, seguido da precariedade laboral nun 25,6 %. Cando a pregunta se centra nos problemas particulares que sofre o enquisado, resulta que o paro, a calidade do emprego, a economía e a falta de tecido industrial superan o 50 % dos votos. É dicir, que a situación económica e o paro son os principais quebradeiros de cabeza dos galegos e as galegas, que por primeira vez poñen a crise industrial entre os problemas relevantes da comunidade. Finalmente, isto demostra que conseguiron que xa sexa palpable para a cidadanía o fracaso continuado das súas políticas. Como xa dixemos, unha década perdida de emprego. Conseguiron que hoxe en Galicia haxa menos persoas traballando que había hai dez anos, cando Feijóo ocupou a Xunta de Galicia.

A enquisa da que xa falamos, de poboación activa, reflicte que no segundo trimestre de 2019 traballan 1.100.000 persoas, fronte a 1.154.000 que o facían no mesmo trimestre de 2009 en que Feijóo comezou a súa década negra, podemos chamala así, o balance máis ne-



gativo da historia recente do noso país, na que se perderon 54.000 empregos. Nunca pasara isto antes. Co goberno de Laxe, en dous anos aumentaron 11.000 empregos; con Fraga, 70.000 en dezaseis anos; con Touriño, 37.000 ocupados máis en catro anos. O Goberno Feijóo vai pasar á memoria colectiva por ser o goberno que deixou menos empregos que cando comezou, o goberno da década perdida.

Unha regresión que non está producida por unha conxuntura económica, senón pola súa mala xestión. Evidentemente, a comparativa e o diferencial na evolución do emprego respecto a outras comunidades autónomas é o que fai evidente o fracaso. Así podemos ver como, mentres que neses dez anos o emprego aumentou en 651.000 persoas no conxunto do Estado, aquí perdemos 54.000 empregos, o peor balance de todas as comunidades autónomas. Tan só 5 das 17 comunidades autónomas que compoñen o noso Estado destruíron emprego nestes dez últimos anos, e vostedes e as súas erradas xestións encabezan a clasificación.

Outro problema grave é o do envellecemento. Non soamente se perdeu emprego, senón que o mercado de traballo no noso país está cada vez máis envellecido. O número de persoas menores de 35 anos con emprego en Galicia caeu en 118.000 persoas durante os seus dez anos á fronte da Xunta, de 2009 a 2019, o que supón unha caída do 40 %; 4 de cada 10 persoas menores de 35 anos desde cando Feijóo empezou a gobernar.

A taxa de desemprego xuvenil está moi por enriba do resto; 3 de cada 10 xoves son parados de longa duración. Os autónomos tampouco saíron mellor parados. Fronte ao falso discurso de emprendemento, a realidade é que en Galicia hai 40.000 autónomos menos que en 2009. Non poden botarlles a culpa a outros, lamentablemente, cando tiveron dez anos e unha dobre maioría absoluta, en España e en Galicia, je nin con esas!. En 2010 perdéronse 50.000 empregos, e no bienio negro 2012-2013 outros 85.000.

Falamos todo o tempo do mesmo. A reforma laboral, que mingou os dereitos laborais, demostrou ter unhas gravísimas consecuencias sobre o emprego; as súas políticas de recortes orzamentarios e austeridade dan un balance demoledor.

Na fase recesiva da economía, a galega foi a comunidade autónoma que máis emprego destruíu, e na fase expansiva iniciada en 2014 estamos entre as que menos emprego crean. Galicia é o territorio con peor evolución do emprego entre 2009 e 2019. ¿Como poden xustificalo? Temos 54.000 empregos netos menos que en 2009 e 26.000 parados menos. ¡Que paradoxo tamén!, ¿non? Saben perfectamente a que se debe isto. Débese a que a poboación activa caeu nestes últimos dez anos en 80.000 persoas no noso país. O paro non baixa neste país porque a xente atope emprego, baixa porque desiste de buscalo aquí e vaise. Este drama que padecemos é un drama económico, demográfico, social e de futuro que nos vai lastrar, porque Galicia, que só supón o 6 % do total da poboación activa española, supuxo entre 2009 e 2019 o 50 % da caída de activos en España, un de cada dous, grazas ás súas despolíticas de emprego.

O cal nos produce aínda máis desconfianza ante o futuro, xa que, pola súa nefasta xestión, nestes últimos cinco anos de crecemento económico non recuperou o nivel de emprego perdido, e ameázannos con outra desaceleración económica.



En fin, na industria podemos dicir o mesmo, temos 22.500 ocupados e ocupadas menos que cando comezou a gobernar o señor Feijóo. Perdeuse un de cada dez postos na industria. Un de cada tres postos de traballo perdidos no Estado son baixo o seu goberno. O 33 % do emprego industrial perdido nestes dez anos no total do Estado é de Galicia, cando Galicia só supón o 6 % do total do emprego industrial no Estado. ¡Fagan contas! Fagan contas e atopen solucións, que é o que lles pedimos, é ben sinxelo.

Obrigado e imprescindible que teñan estratexias ante a recesión que vai chegar. Insten, por favor, o Goberno do Estado á derogación das últimas reformas laborais para rematar coa precarización crecente do mercado de traballo, que demostrou ser un fracaso. É imprescindible que potencien e executen un cambio de modelo produtivo galego que permita un crecemento sectorialmente equilibrado e máis respectuoso co medio, o desenvolvemento de actividades máis intensivas e de maior valor engadido, e xeración de empregos de calidade e mellor retribuídos.

Prometeron tamén transmitir ao Parlamento de Galicia unha lei de emprego de Galicia que contribúa a ordenar o sistema de emprego e que garanta o dereito subxectivo á empregabilidade das persoas. ¡Fágano! Procedan á reforma integral do servizo público de emprego de Galicia para configuralo como un organismo autónomo de carácter administrativo, con personalidade xurídica propia e autonomía económica, de xeito que poida contribuír, efectivamente, ao pleno desenvolvemento do dereito ao emprego estable e de calidade. ¿Saben vostedes cantos dos empregos que se atopan en Galicia pasan verdadeiramente polo Servizo Público de Emprego de Galicia?

Pedimos tamén que elaboren un plan de choque para mellorar o emprego das mulleres, da mocidade, dos parados de longa duración e das persoas maiores de 52 anos.

Pedimos que reformen a formación profesional para o emprego, para facilitar a inserción laboral da mocidade, poñendo en valor a rede de centros públicos de titularidade autonómica.

Pedimos tamén que reforcen a colaboración coa Inspección de Traballo para facer aflorar o emprego ilegal, así como o exceso de horas extras traballadas e non aboadas aos traballadores.

O que lles pedimos é que fagan o que faría un goberno preocupado pola dramática situación do seu país, xa que non é de estrañar que o emprego sexa a primeira preocupación dos galegos e das galegas, o envellecemento da poboación e a crise democrática, e ás cifras nos remitimos.

A situación dunha Galicia onde a mala xestión no gasto público e as nulas estratexias políticas, unidas á falta absoluta de autocritica, lévanos a este triste balance. Esta situación é responsabilidade do goberno do señor Feijóo, do seu goberno. Ese diferencial pon en evidencia o fracaso do seu goberno na cuestión máis importante para un país e para a súa xente, que é o dereito ao traballo.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Torregrosa.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde.

A pesar do discurso imperante da teórica recuperación, a realidade é que as políticas neoliberais antiobreiras levadas a cabo dan como resultado unha radiografía da clase traballadora galega ao límite.

Segundo un estudo do Instituto Galego de Estatística sobre a remuneración do factor de traballo na economía galega en comparación co Estado e coa Unión Europea —a Unión Europea dos 28, xa non falamos da Unión Europea dos de primeira división—, demostra que, sen paliativos, é a clase obreira galega a que máis sufriu o roubo e o saqueo por parte do capital.

Se no ano 2009, antes da crise, o peso dos salarios en Galiza era do 48 % do PIB, no ano 2018 pasou a ser do 42,4 %, é dicir, en nove anos roubáronselles ás rendas do traballo dos galegos e das galegas 5,6 puntos porcentuais, o cal é unha cantidade realmente astronómica. Mentres, no Estado esa baixada soamente foi de 3,8 puntos e na Unión Europea de 0,8. É dicir, non é unha situación global, non é que lles pase a todos. Dígoo porque ás veces temos a sensación de que parece que é aquilo de mal de moitos consolo de tontos. Estamos falando de que, comparativamente, a situación da clase obreira galega é moitísimo peor.

En Galiza os resultados son dunha magnitude realmente moi pero que moi preocupante. E se imos á remuneración das horas efectivas dos salarios, no ano 2018 en Galiza foi de 17 euros, na Unión Europea dos 28 é de 23,7 euros, o que supón que en Galiza a remuneración é o 72 % da media da Unión Europea, e estamos falando de datos reais, dos cartos que levan os traballadores e traballadoras para a súa casa.

Tamén podemos falar do tema das horas extras, no que segundo o Instituto Galego de Estatística —estou falando de datos oficiais, non de datos quitados da manga, como acostuma a traer o Partido Popular—, na súa enquisa sobre a estrutura dos fogares, recoñece que 237.405 traballadores e traballadoras galegas realizan unha xornada laboral superior ás 40 horas, o que supón o 24 % dos ocupados. Non hai que dicir que unha parte importantísima desas horas extras non son cobradas.

Polo tanto, as decisións políticas adoptadas desde o inicio da crise téñense demostrado un auténtico roubo e saqueo á clase traballadora, e non teñen aportado absolutamente ningunha solución porque non buscaban aportar ningunha solución, moi ao contrario, o que buscaban é ter un auténtico exército de reserva, un exército de persoas dispostas a aceptar calquera traballo por calquera salario en calquera condición. Por iso, a situación en Galiza descrita pola proponente da iniciativa é que baixa o paro non por aumento do emprego, senón por perda de actividade, por destrución de poboación activa.

Hai outro dato realmente preocupante, e é que os únicos salarios que aumentan son os maiores de 4.000 euros; é dicir, todos aqueles que teñen unhas rendas altas, eses aumentaron



por encima do 5 %, mentres que os salarios máis baixos, nos que está a maioría da poboación, perderon un 10 % de poder adquisitivo.

Dende logo, creo que estes datos demostran que a pobreza laboral, a precariedade, é a realidade, é o espello, é a fotografía do mercado laboral en Galiza; unha fotografía que di que en relación con ese aumento do PIB que se estaba realizando ata agora, é evidente que estamos xa nun período de recesión, de desaceleración, que veremos como vai influír na clase traballadora, mais que ese aumento do PIB soamente se acumulou nas mans dos de arriba.

Presentamos unha emenda a esta iniciativa porque cremos que non hai só que instar o Goberno a derrogar as últimas reformas laborais. No BNG cremos que hai que derrogar todas as reformas laborais, absolutamente todas, xa que son as causantes de darlle cobertura legal a toda esta situación de precariedade da clase traballadora.

Igual que demandamos a supresión no que se refire á FP dual. Cremos que non hai que poñerlle un parche, senón que hai que suprimir esta modalidade de FP dual porque o único que permite é unha man de obra barata, cando non gratuíta, e permite que sexan as empresas as que decidan cal é o sistema educativo en que se forma, e como se forma, unha parte importante da nosa mocidade. Dende logo, no BNG non estamos de acordo.

Igual que tamén presentamos unha emenda demandando a derogación do decreto que aproba e regula as empresas de traballo temporal. Vemos que son un auténtico cancro para a clase traballadora, que son un mecanismo, un instrumento, de explotación da clase traballadora...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e concordamos que hai que mellorar o sistema público de emprego, pero para iso, con esa mellora do Sistema público de emprego, hai que proceder á eliminación das empresas de traballo temporal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Moitas grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidenta.

Señorías, boas tardes a todos e a todas.

En relación coa moción que nos ocupa, sobre políticas de emprego, esta comprende bastantes puntos, tanto de políticas de emprego como do Servizo Público de Emprego de Galicia, como da Lei de emprego de Galicia, pasando pola colaboración da Inspección de traballo en materias que nos ocupan.



Certo é que é necesario, máis ben imprescindible, mudar as políticas de emprego feitas polo Partido Popular para crear emprego estable e de calidade, porque en Galicia aumenta o paro de maneira máis acusada que no resto de España, representando o paro galego un 22,85 % do total de España, e todos os indicadores apuntan a que o mercado laboral non consegue estabilizarse e segue moi marcado por condicións estacionais.

Dende o mes de setembro do ano 2019, o mes pasado, a afiliación á Seguridade Social diminúe respecto ao mes anterior ata situarse en 1.029.548 persoas; é dicir, 7.352 persoas menos, evolución contraria ao Estado.

As cifras de desemprego sitúanse en 156.964 persoas paradas. En termos de variación interanual, en Galicia hai unha contracción do 5,6 %, isto é, 9.376 persoas desempregadas menos, pero foi un 3,8 % máis que no resto do Estado.

Hai que resaltar, pola súa importancia, que o 59 % das persoas desempregadas en Galicia son mulleres; en total, 64.594 homes fronte a 92.390 mulleres. É un dato que non ten que explicar máis sobre esta situación.

Outro colectivo a destacar son os mozos e as mozas menores de 25 anos. En setembro aumentaron nada máis e nada menos que un 7,51 %; segundo os sectores de actividade, hai un aumento no sector servizos do 2,7 %.

Estes son os datos que indican a necesidade de mudar as políticas do Goberno de Galicia, as políticas de emprego do Partido Popular.

En relación co que comentaban as miñas compañeiras que me antecederon no uso da palabra sobre inspección de traballo, quero resaltar que dende que se leva feito control na conversión de contratos en indefinidos, na loita contra a fraude, conseguíuse a conversión de 5.000 postos de traballo que estaban en fraude laboral e foron detectados pola Inspección de Traballo, co cal temos que seguir traballando nese senso.

Aquí mesmo, neste Parlamento de Galicia, no ano 2011 o presidente, o señor Feijóo, chegou a dicir de maneira textual: «A pesar das poucas competencias en materia de emprego, por non dicir practicamente ningunha», cando todos sabemos que a Xunta de Galicia ten todas as competencias en materia de emprego para a súa formación, formación para o emprego, e para o seu fomento.

As competencias de Galicia no eido laboral son as mesmas que tiña o Bipartito e as mesmas de que dispoñen o resto das comunidades autónomas. É o Goberno galego quen pode e quen ten que planificar a totalidade das políticas activas de emprego en función das necesidades das galegas e dos galegos, e decidir que se executen baixo esta mira e non en función de intereses clientelares. Para iso ten recibido fondos finalistas do Goberno do Estado.

Inmediatamente despois de dicir que era incompetente, o señor Feijóo asumiu estas competencias, pero, como sabedes, como xa se debateu neste Parlamento, puxo unha clave de suspensión de orientación para dicirlle despois ao servizo público estatal que era suspensión



por formación e así non contaran na estatística. Isto pensamos que nunca ía suceder, pero aconteceu.

Tamén temos que falar dos parados de longa duración. O paro, segundo a EPA, está caracterizado polo forte peso das persoas paradas de longa duración. Se no 2008 supuxo unha de cada catro persoas paradas, no 2018 só unha de cada dúas.

O que Feijóo ía solucionar en corenta e cinco días, resulta que agora deixa 52.316 persoas en paro. ¿Que fai a Xunta para solucionar o problema de paro ou polo menos minoralo? Dende logo, non executa o presuposto, que iso é o primeiro que tería que facer. No ano 2008 contaron con 287 millóns de euros para políticas de emprego, 88 millóns para persoas desempregadas e 61 para formación de ocupadas. Por cada persoa parada, gastaron naquel momento 2.029 euros en políticas de emprego e 580 en formación. Sen embargo, no ano 2008 o crédito que houbo para políticas de emprego baixou a 170 millóns...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...115 para formación de persoas paradas e 10 millóns para formación de ocupadas. E, sen embargo, finalmente destinábase un 30% máis para formación de persoas paradas que no 2008, 27 millóns máis.

O grao de execución foi moi inferior ao de 2008, quedou sen gastar o 35 % dos fondos para políticas de emprego, 60 millóns; o 51 % dos fondos de formación de desempregadas, 59 millóns de euros, e o 84 % de ocupados, 9 millóns de euros. Este brutal recorte fai que no 2018 en cada persoa parada gaste 665 euros en políticas de emprego, un 67 % menos que no 2008. Este nefasto nivel de execución orzamentaria que se produce...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Perdón, eu sei que vostede é hoxe a primeira vez que intervén. O reloxo..., iso é o que se pasou. *(Risos.)*

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Xa, xa, perfecto.

O señor PRESIDENTE: Iso pasounos a todos, jeh! ¡Coidado!

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Xa sei que está en roxo, xa sei.

O señor PRESIDENTE: Entón, vaia rematando cando poida, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Simplemente, con todos estes datos e a merma de horas traballadas, cremos que ten que incentivar cambios en sistemas produtivos, reforzar a colaboración coa Inspección de traballo, e moitas máis medidas que agora xa non poden explicarse. Noutra ocasión.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.



Polo Grupo Parlamentario Mixto, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Boas tardes, señorías.

No anterior debate sobre o estado da nación, para En Marea había en Galicia tres emerxencias claras: unha emerxencia feminista, unha emerxencia climática e unha emerxencia social. Entendemos que esta moción abrangue parte das medidas necesarias para atender estas emerxencias, polo tanto, imos votar a favor.

Vivimos unha emerxencia feminista polas desigualdades de xénero que están ocasionadas por moitos factores de carácter estrutural, pero, desde logo, seguramente o máis importante de todos eles é o factor económico, o factor da desigualdade de oportunidades en materia de emprego, en materia económica, que fan ás mulleres moito máis dependentes que se tivesen igualdade de oportunidades con relación aos homes en materia económica. Creo recordar que son o 95 % das mulleres galegas as que fan uso da medida da conciliación, e que, polo tanto, deixan de traballar por esta razón, para atender as crianzas. Son elas as que nun 80 % sofren o traballo temporal que existe no noso país. Son elas as que nun 70 % sofren o contrato a tempo parcial non desexado; desexarían traballar a tempo completo e non o fan. E son as mulleres as que sofren unha fenda salarial do 29 % con relación aos homes pola realización de traballos análogos. Polo tanto, emerxencia feminista que é necesario combater tamén con orzamentos e con estratexias de emprego que xere igualdade de oportunidades de xénero.

En segundo lugar, e diso estamos falando nos últimos plenos con especial insistencia, unha emerxencia climática, que se traduce tamén nunha idea de crise industrial polo modelo de produción, e, polo tanto, con relación a esta situación, ten un carácter digamos irreversible. Temos que avanzar, e avanzamos —esa é a posición política, polo menos, dalgunhas forzas como En Marea—, cara á necesaria descarbonización da economía, cara á idea dunha transición ecolóxica que pode ser xusta ou pode ser inxusta. Nós queremos que sexa xusta, fronte a esa inxustiza institucional na que estamos instalados e na que está instalada aínda unha regulación enerxética que non acaba de convencerse de que non é o futuro, senón que é o presente. Por iso mesmo tamén nos formulamos neste Pleno a idea do mapa da transición sostible de Galicia, algo que require un cambio no modelo produtivo, ao que se refire precisamente un dos puntos desta moción, polo que tamén a imos apoiar.

Pero vivimos tamén —e esa é unha idea para nós esencial— a idea dunha emerxencia social: é necesario combater as desigualdades. Xa as había antes da última gran recesión, pero se agudizaron despois dela. Saímos desa recesión recuperando os niveis de riqueza previos ao ano 2009, pero dunha forma moi inxusta, porque a riqueza está moito máis desigualmente repartida que antes da crise. Para isto é necesario actuar con políticas públicas que xeren oportunidades sociais, pero sobre todo oportunidades laborais, oportunidades en clave de emprego como as que aquí se presentan.

Cómpren recursos económicos para esas políticas de igualdade de oportunidades e para esas políticas de emprego, e nós levamos denunciado desde En Marea nos últimos dous meses, con datos oficiais, os propios datos de execución orzamentaria desde o ano 2011 a 2018, como



nas funcións de políticas activas de emprego se levan perdidos máis de 945 millóns de euros orzados e finalmente non executados.

Recursos económicos aos que habería que sumar aqueles que deixaremos de ingresar nas arcas públicas o ano que vén, de aprobarse os orzamentos tal como foron presentados pola Xunta de Galicia, que supoñen novos regalos aos máis millónarios, aos máis multimillonarios do noso país, aos que se lles fan regalos fiscais mentres non existe diñeiro suficiente para atender as necesidades sociais, climáticas e feministas que vive o noso país.

E todo isto no contexto de ser, nos últimos dez anos de Goberno Feijóo, a comunidade autónoma con peor evolución do emprego, onde o balance é negativo no número de ocupados, menos xente traballando; menos crecemento económico, menos masa salarial xerada pola xente que traballa, e iso si, unha vez que empece a enfriarse e que se desacelere a economía, ás portas do que pode ser seguramente, segundo os expertos, unha nova recesión, xa somos de novo os campión na destrución de emprego. A única fábrica que funciona ben na Galicia de Feijóo é a fábrica do paro.

Por esta razón, parécenos interesante a proposta de derogación das reformas laborais para acabar coa ditadura da precariedade; para estar mellor preparadas e mellor preparados agora nas masas salariais, nas cotizacións, para cando volva esa recesión; para acabar cos falsos autónomos, que finxen forzosamente ser algo que non son, obrigados por unha reforma, obrigados por un sistema económico, que non ten unha inspección de traballo que se ocupe deles. En moitos casos teñen que reclamar nos tribunais, como o caso dos Raiders, que teñen recoñecemento pero por sentenza xudicial, despois dunha loita ben prolongada, e non por que haxa unha inspección de traballo eficaz que loite nesta clave.

Pensamos que tamén —e xa remato, presidente— a proposta de Lei de emprego de Galicia, e a creación como tal do Servizo Público de Emprego de Galicia, serían moi positivos para suplir a falta de ideas do Executivo galego, que non foi capaz de executar durante estes sete anos os 945 millóns de euros para políticas activas de emprego. A ver se mediante a creación deses organismos e mediante a promoción, por lei, do emprego se consegue un resultado diferente, porque á vista está que o que hai non é suficiente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

A verdade é que a oposición se empeña en demostrar aquilo que di que unha mentira mil veces repetida segue sendo unha mentira. Polo tanto, a aquela xente que non siga este debate tan directamente coma nós eu teño que dicirle que esta iniciativa ten un tinte claramente electoralista, que a verdade é que ten máis que ver coas eleccións xerais do dez de novembro que con calquera outra realidade.



Non vai con nós esta iniciativa. A verdade é que as Mareas de Podemos presentan esta iniciativa para meterlle o dedo no ollo ao Partido Socialista. No día de hoxe, as Mareas de Podemos, Izquierda Unida, as confluencias, ou como queira que se chamen, desenvolven unha campaña nas redes sociais baixo o *hashtag* «*El despido gratis*», coa que pretenden meterlle o dedo ao Partido Socialista por aquilo de que chegaron á Moncloa dicindo que ían derrogar a reforma laboral e logo non o fixeron. Polo tanto, esta iniciativa, señora Torregrosa, por se vostede non o sabe, inscríbese dentro desa campaña na que se pelexan co Partido Socialista para ver quen son os que máis representan os traballadores.

E ¿sabe que lle digo?, non os representan nin eles nin vostedes. Aos traballadores represéntanos os que defendemos os postos de traballo, e somos nós, somos nós. Porque vostedes veñen aquí de forma reiterada pedindo o peche de empresas, e non se pode pedir o peche de empresas pola mañá e pola tarde dicir que están preocupados polos parados.

Pero ¿como non van estar preocupados? É mala conciencia. Están no paro porque os botan vostedes das empresas que queren pechar e que veñen aquí pedir o peche todos os días. *(Aplausos.)*

Centrais térmicas. Mire, ¿quere que lle explique eu cal é a postura do seu partido? Pechalas, pechalas e mandar ao paro a máis de 750 traballadores.

¿Quere que lle diga que é o que ocorre cos traballadores das industrias electrointensivas? Que os señores cos que vostedes pretenden cogobernar van provocar o peche da industria electrointensiva do noso país, en España, pero a nós preocúpanos de forma especial o que ten que ver con Galicia. E ¿que fan vostedes? ¿Condicionar o seu apoio ao Partido Socialista a que haxa un Estatuto de industria electrointensiva? ¡Non!, láméntanse pero queren gobernar con eles. Esa é a realidade da dobre moral, do debate que hoxe temos enriba da mesa. Polo tanto, eu lamento sinceramente que esta sexa a postura.

O señor Pedro Sánchez, cando estaba na oposición, dicía que había que derrogar a reforma laboral e que ía ser o primeiro que ía facer cando chegase ao Goberno de España, que ía ser o primeiro que faría ao chegar á Moncloa. ¿Sabe que fixeron? Todo o contrario. ¿Sabe o que dixo recentemente a ministra de Economía, Nadia Calviño? «*Calviño no ve productivo revertir la reforma laboral, y aboga por un nuevo Estatuto de los Trabajadores*». Do que dicían cando estaban na oposición, fixeron o contrario cando chegaron á Moncloa. Esa é a realidade.

O certo é que é verdade que hai outros socialistas que son máis realistas e recoñecen a verdade. Mire, Octavio Granado, secretario de Estado da Seguridade Social do Partido Socialista, di: «*Los socialistas lo hicimos fatal en 2008, dejamos que se destruyeran tres millones de empleos*». Mire, aquí ten un socialista que por fin di a verdade, outro que se pode sumar a Pilar Cancela.

Esa é a realidade da broma de mal gusto coa que vostedes veñen aquí. Veñen pedindo máis emprego e o que piden é o peche das térmicas. Piden máis emprego e piden o peche de Ence. Piden máis emprego e, ao mesmo tempo, reclaman o peche de Reganosa. Piden máis emprego e opóñense a todo canto proxecto eólico chega a Galicia. Ou o proxecto mineiro, do que tamén están vostedes en contra. Piden máis emprego, pero opóñense no Parlamento, e



alí onde poden, ao polo aeroespacial de Rozas, ou á ampliación da planta de PSA-Citroën en Vigo. Pero ¿cal é o seu modelo produtivo? ¡Pechalo todo!, esa é a realidade.

E veñen vostedes con datos que, ou simplemente son mentira, ou Manolo Lago llos pasa de forma equivocada e con mala fe, estou seguro. (*Protestas.*)

Paro rexistrado. A realidade do paro rexistrado é que en 2009, cando gobernaba o Partido Socialista co Bloque Nacionalista Galego e compañeiros do seu partido formaban parte do Goberno galego, aquí o paro rexistrado subía un 32 % entre marzo de 2008 e marzo de 2009, houbo 59.000 parados máis no último ano do seu Goberno. ¿Sabe que ocorre hoxe? Que o paro baixa, 10.000 parados menos no último ano aquí en Galicia.

Evolución das afiliacións á Seguridade Social. ¿Sabe que pasaba cando gobernaba a esquerda? As afiliacións baixaban un 5 %, 50.000 afiliados menos á Seguridade Social. ¿Sabe o que ocorre a día de hoxe? As afiliacións á Seguridade social medran, 16.000 afiliados máis que hai un ano.

Evolución dos salarios. Galicia é a terceira comunidade autónoma na que máis creceron os salarios dende 2009. Asalariados indefinidos. Tres de cada catro asalariados en Galicia teñen un contrato indefinido, e o 70 % teñen un contrato a xornada completa. Polo tanto, ¡claro que hai problemas! Non me faga vostede a trampa da poboación ocupada.

A poboación ocupada sabe vostede que ten unha clara compoñente demográfica, polo tanto, cando utilizan ese argumento, están facendo trampas. (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Hai aquí unha axenda de emprego, a Axenda 2020 que ten en marcha este Goberno. ¿Sabe en que consiste? Crear nesta lexislatura entre 80.000 e 100.000 postos de traballo. Xa levamos creados un bo número de postos de traballo, o que está claro é que hai unha ameaza para o emprego enriba da mesa que se chama Partido Socialista, e está claro que vostedes o que queren é ser cómplices...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...dese Partido Socialista e formar parte dese goberno de progreso que, dende logo para Galicia, sería francamente negativo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Leccións de emprego por parte das Mareas de Podemos, das confluencias e do Partido Socialista de Pedro Sánchez, en ningún caso.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.



Grupo autor da moción, señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas.

Señor Tellado —para comezar—, supoño que non lle importa para nada que un 60,2 % de galegos e galegas pensen que neste momento o problema é o paro, seguido da precariedade laboral. Iso para vostedes non ten ningunha importancia.

Entón, creo que deberían ser un pouco máis honestos cos resultados das súas políticas, porque se non queren aceptar que o que dicimos nós é a situación real, tiren da hemeroteca e vexan o que dixeron vostedes, como campaña publicitaria das anteriores eleccións, en boca do señor Feijóo. O señor Feijóo vén dicir o que nós propoñemos nesta moción; de feito, creo que dicimos moito máis que o que se comprometían vostedes a facer no 2015, que é —máis ou menos—: *Aprobar una nueva ley de empleo con el objetivo de reducir la tasa de paro por debajo de los dos dígitos en Galicia* —di o señor Feijóo— *y crear entre ochenta mil y cien mil puestos de trabajo a lo largo de los próximos cuatro años* —un fracaso total—; *los colectivos prioritarios serán los más afectados por el paro, como las mujeres, los jóvenes y los empleados de larga duración* —cousa evidente que non se fixo—. Entón, ¡non sei de que fala vostede, señor Tellado!

Penso que deberían mudar un pouco o seu argumentario porque non vai a ningunha parte. Deberían recoñecer que non son capaces de afrontar esta situación, que temos diante de nós unha problemática e unha nova crise que vostedes non son capaces de solucionar. ¿Por que? Na nosa humilde opinión, sería porque o seu fracaso está provocado, en primeiro lugar, porque non teñen ideas respecto ao modelo produtivo que hai que seguir; hai un esgotamento do modelo produtivo do noso país e non saben que facer. Están alí enganados ás antigas fábricas como no século XIX e non saben saír de alí. Non saben. (*Murmurios.*) E, en segundo lugar, pola política da austeridade, que xa se demostrou que foi perniciosa e que perderon e perderon e perderon empregos.

Entón, se non queren mudar as súas políticas, se son incapaces de chegar a acordos sociais e de intentar o diálogo social cos empresarios e cos sindicatos para impulsar políticas de emprego; se non queren ver que o seu fracaso de cincuenta e catro mil empregos perdidos en dez anos é un fracaso en cifras, síntoo moito, señor Tellado, pero creo que non están capacitados para continuar gobernando este país. Porque xa vemos onde imos e nós aínda non chegamos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Por favor, sobre as emendas. ¿Acepta as emendas?

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Aceptamos as emendas do Bloque Nacionalista Galego e non aceptamos a emenda do PSdeG porque consideramos que substitúe unha parte que xa nos parece correcta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Moción do G. P. Grupo Común da Esquerda, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar as actuais condicións laborais no sector do telemárketing, así como para evitar a deslocalización e a perda de postos de traballo

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Mixto e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.)

Emenda de adición:

Débese engadir o seguinte punto:

<<5. Establecer mecanismos por parte da Xunta, incluíndo cláusulas nos pregos de contratación de servizos, para garantir condicións de traballo dignas e axeitado recoñecemento das categorías profesionais na atención telefónica dos servizos que dependen da Administración.>>

Emenda de adición:

Débese engadir o seguinte punto:

<<6. Establecer normativamente o dereito das persoas consumidoras e usuarias a seren atendidas en galego polas empresas que prestan servizos ou subministran bens en Galiza, con independencia da situación da súa sede social, establecendo, para os servizos de atención telefónica, que o tempo máximo de chamada en espera da clientela na opción de galego nunca sexa superior ao disposto para o castelán.>>

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores e a través da súa portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.)

Emenda de adición.

Débese engadir no punto 3, despois de <<realizar>>, o seguinte fragmento: <<no actual período de sesións.>>

Emenda de adición.

Débense engadir despois da parte resolutiva desta moción os seguintes puntos:

<<5.- Demandarlle a R que garanta a atención a tod@s @s clientes en galego.

6.- Garantir o dereito d@s galeg@s a seren atendidas en galego polas empresas que prestan servizos de atención telefónica e con elo contribuír ao mantemento do emprego en Galiza no sector dos centros de chamadas.



7.- *Que en todos os convenios e subvencións que a Xunta realice con empresas de telecomunicación, sexan condicionados á produción local e á creación de emprego en Galiza integrado este en todo o proceso produtivo.*

8.- *Realizar todas as actuacións precisas para impedir a deslocalización das empresas de telecomunicacións incluídos os servizos de soporte técnico, provisión (xestión de altas) e reclamacións.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Boa tarde. Grazas, presidente.

O primeiro que queremos é mandarles dende aquí todo o noso apoio aos traballadores e traballadoras das contratas de R, que hoxe mesmo —agora mesmo, de feito— están mobilizándose na Coruña na defensa dos seus postos de traballo, porque estamos falando de que preto de mil empregos están en risco, a pesar de que a Xunta de Galicia continúa sen facer absolutamente ningún caso de todas estas mobilizacións. As traballadoras das contratas de R levan meses saíndo á rúa, moitos meses exixindo que a Xunta de Galicia tome algunha medida neste proceso de desmantelamento progresivo que vivimos da nosa industria, neste caso concreto, do sector do telemárketing.

Escoitamos moitas veces nesta cámara sobre esta cuestión, moitas promesas baleiras, pero realmente pasan os meses, pasan incluso os anos dende a primeira vez que debatemos sobre esta cuestión nesta cámara, e non hai ningún tipo de vontade política. Se imos ver os feitos, vemos que non están facendo absolutamente nada para defender o emprego e mellorar as condicións do emprego neste sector, a pesar de que é unha cuestión grave. É unha cuestión que leva moito tempo evidenciándose, é un proceso de deslocalización progresiva do emprego no sector moi evidente, estase desprazando progresivamente máis traballo fóra de Galicia e este tema non é novo; como dixen antes, debatemos neste parlamento de maneira recorrente sobre esta cuestión.

Hoxe centrámonos especialmente nos traballadores e traballadoras das subcontratas de R Cable pero, neste mesmo parlamento, tamén debatemos sobre a situación que atravesaron os traballadores de Bosch, de Unitono ou de Extel. Foron moitas veces as que debatemos neste parlamento e puxemos enriba da mesa os abusos destas empresas, a permisividade absoluta con que se permite que estas empresas —moitas que recibiron moito diñeiro público— fagan o que lles veña en gana, os salarios de miseria e as xornadas parciais que atravesan e que teñen que vivir estes traballadores e traballadoras e o abuso de control, totalmente desproporcionado, que imponen estas empresas aos traballadores.

Tamén falamos moitas veces dos despedidos, que sempre din que non son reais, pero son reais. Xa houbo despedidos nos últimos anos neste sector —¡moitos!—, e agora hai unha nova ameaza que obviamente é moi alarmante porque falamos de máis de mil empregos. O Goberno galego en todo este tempo non fixo absolutamente nada máis que —como dicía— prometer e dicir aquí, verbalmente, unha serie de cuestións sen despois tomar ningún tipo de medida.



É especialmente grave o que acontece con R porque —como xa falamos tamén— é unha empresa que recibiu moitos millóns de diñeiro público, unha empresa que foi levantada co diñeiro de todas as galegas. De feito, o 30 % desta empresa era propiedade dunha caixa de aforros pública, a antiga caixa de aforros Caixanova. E no ano 2015, cando R se vendeu a Euskaltel, a Xunta de Galicia fixo como que non tiña absolutamente nada que dicir, non lle deu ningún tipo de importancia. Naquel momento houbo un compromiso verbal de que se ía manter o emprego en Galicia, que se ían manter as condicións laborais dos traballadores e traballadoras e que a carga de traballo ía manterse, que non ía diminuír. Evidenciouse que isto non é unha realidade. Como dicía, xa houbo recortes dende que R se vendeu a Euskaltel. Agora hai novas ameazas de servizos concretos que se están trasladando a Asturias e a Euskadi. Hai ofertas de traballo xa publicadas noutro sitio e a Xunta está mirando totalmente para outro lado sen facer absolutamente nada.

Falamos dun sector onde os beneficios van incrementándose progresivamente: cada ano o sector gaña máis beneficios á conta de precarizar os traballadores e traballadoras. Só no último ano Euskaltel gañou vinte e tres millóns de beneficios netos e a maior parte teñen que ver e proceden de R. A pesar disto, tamén están lanzando globos sonda coa posibilidade da venda das súas infraestruturas. Non hai perdas que veñan xustificar esta reorganización do traballo, de ningunha maneira. Son empresas que cada ano gañan máis millóns de cartos públicos, xa sumados a todos os millóns que recibiron das contas públicas.

Aquí, agora mesmo, acabamos de escoitar do señor Tellado a defensa absoluta que fai o Partido Popular do emprego, pero eu pediríalles que en vez de defendelo tanto fixeran algo para defendelo, non defendelo verbalmente; porque os datos non menten, a perda de emprego é a que é: menos emprego, máis paradas e máis parados e, sobre todo, moitísima máis precariedade laboral. O que non se podería dicir aquí é que o Partido Popular é o único partido que defende o emprego cando os datos evidencian a situación que están vivindo as traballadoras e os traballadores galegas. Vostedes, sistematicamente, póñense de costas a elas e nin sequera as reciben, porque aquí xa o dixemos: as traballadoras de R Cable nin sequera puideron falar co conselleiro de Emprego e Industria. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

Perdoe un momento. Silencio. Tranquilidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, señor Sánchez e señor Tellado, un pouco de tranquilidade; se non, chámooos á orde aos dous.

Só nos queda hora e media, imos ir cun pouco de calma e tranquilidade. Por favor, non se interrompan e que o debate vaia con normalidade. Eu non teño prása. *(Murmurios.)*

Por favor, miren quen está no uso da palabra: ¡menudo respecto lle teñen vostedes! Silencio.

Señora Quinteiro, cando queira.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Non queren mandar ninguén ao paro, pero cada ano engordan as filas do paro; non queren condenar ninguén á precariedade pero aproban reformas laborais



que condenan á precariedade a todos os traballadores e traballadoras, que abaratan o despido e que permiten que as empresas abusen con salarios de miseria, con xornadas parciais, etc. Ese é o modelo do Partido Popular: crear menos emprego, destruír emprego —como digo, están deixando Galicia como un deserto industrial— e o emprego que crean cada vez é de moita peor calidade.

Neste caso concreto, xa que queren defender tanto o emprego, eu invítoos a que falen con R e que revisen todas as adxudicacións de contratos e de licenzas que fan como administración pública, como cliente preferente, para exixir que sexan empresas que teñan vinculación directa con Galicia, para exixir que sexan as empresas que utilizan a lingua galega. Esa é unha medida concreta que poden facer, máis alá de dicir verbalmente que defenden o emprego e que defenden os postos de traballo das traballadoras das subcontratas de R Cable. ¿Por que non fan iso? ¿Por que non toman unha medida concreta? ¿Por que non se sentan a negociar, a mediar? Pasaron meses, xa no verán —hai máis de dous meses— a directora xeral se comprometeu a facer ese espazo de negociación, esa mesa de diálogo entre a empresa e a representación dos traballadores e das traballadoras. Absolutamente nada, quedou nun anuncio para facer unha nota de prensa. Na realidade non os escoitan, veñen aquí, menten —hoxe non están aquí porque están mobilizándose—, pero se estivesen aquí mentirían tamén sen ningún tipo de impunidade, pero eles están deixándoo moi claro; están chamando á porta, de maneira repetida, da Xunta de Galicia para que tomen medidas, para que se poñan xa a facer algo e non continuar de perfil e, de momento, non fan absolutamente nada.

Este proceso non só afecta —como dicía— os traballadores e traballadoras, afecta o conxunto de usuarias porque a atención en galego pode verse afectada, obviamente, e hai que actuar para que esta supresión da atención en galego non se leve adiante. Estes días, coincidindo coas mobilización dos traballadores, liamos unha entrevista a un conselleiro delegado de Euskaltel na que non tivo ningún pudor en mentir. A pesar de que era unha entrevista feita para vender o seu relato de que non pasa nada, de que todo vai ben, a verdade é que explicita cousas moi alarmantes porque non garante, en absoluto, que non se vaian despedir máis persoas. Di que se rematou o proceso de reorganización pero queda no aire.

As traballadoras e os traballadores están vendo como, progresivamente, cada vez máis servizos de mantemento e doutras cuestións están sendo desprazados. Por moito que veñan dicir publicamente que non hai tal proceso de deslocalización cando se ve diariamente nos seus postos de traballo, cando xa se despediu compañeiras e compañeiros, cando cada vez hai menos xente con traballo estable e máis con traballo temporal, pois, obviamente, estes argumentos son totalmente falsos.

E —como digo— é importante ter claro que falamos dunha empresa que medrou cos cartos públicos, que é moito máis importante que se falásemos doutra empresa do sector do telemárketing. A Xunta ten que velar que o diñeiro que se empregou, que o diñeiro que era de todas e de todos para levantar esta empresa agora sirva para continuar xerando postos de traballo no noso país.

Tamén queríamos sinalar que realmente non temos esperanza aínda que saíra aprobada esta moción porque, como di a propia moción, xa se aprobou nesta comisión, na Comisión de



Industria deste parlamento, unha proposición non de lei do BNG para que a Xunta exercera as súas responsabilidades e non serviu de nada polo momento; a Xunta continuou mirando para outro lado. Entón, esperamos que agora si, desta volta, se tomen en serio, que non nos escoiten a nós senón que escoiten a todas as traballadoras e traballadores que están saíndo agora pero que levan meses saíndo á rúa para que, dunha vez por todas, se defendan os postos de traballo.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Vaia por diante o noso apoio ás traballadoras e traballadores de R Cable, que se mobilizan hoxe na Coruña. Estamos a falar, como tamén propón esta moción e que adianto que imos apoiar, dun sector que pode definirse pola precariedade permanente, pola inestabilidade laboral, polas xornadas parciais, pola presión da patronal —como foi aquí exposto— e polos salarios de miseria. É un sector eminentemente feminizado e que agrupa unhas dez mil traballadoras e traballadores no noso país —está plenamente xustificada esa consideración de sector estratéxico da economía galega— e un 75 % das mesmas son mulleres e a metade ten menos de 35 anos.

O convenio colectivo do telemárketing é estatal e está vixente ata o 31 de decembro deste ano, e hai posibilidade de prórroga. Por unha xornada laboral de 39 horas, isto supón 13.916,97 euros anuais, apenas 1.160 euros/mes, tendo en conta as pagas extras. Pero é que o que sucede é que en numerosas ocasións non se chega a esas 39 horas de convenio, senón que as xornadas máis habituais son de 32 a 35 horas, con menores salarios. E ao final estamos a falar dun réxime de vida que impide conciliar e pensar en ter unha vida autónoma a moitas persoas, fundamentalmente mulleres mozas —como dicíamos—, e que ademais engade esa presión patronal e eses riscos psicosociais.

Ao longo dos últimos anos vivimos numerosos conflitos laborais e xa numerosos despedimentos —como sinalou a propoñente—: Atento Coruña, Extel Coruña, Unitono, ERE de Bosch Vigo. E hoxe estamos a falar da situación de vive R Cable, que, como foi denunciado aquí dende hai meses sen que a Xunta se movera, e tendo en conta o que representa este sector só na comarca da Coruña, só na Coruña, uns mil empregos están ameazados. Estamos a falar de deslocalización.

E, si, nós apoiamos esa resolución da Comisión 6ª na que, entre algunhas das cuestións que se sinalaban, se pedía asegurar o dereito das persoas consumidoras a ser atendidas en idioma galego. E por iso nese sentido vai unha das nosas emendas, porque estamos a constatar continuamente a importancia que ten para o emprego a garantía dos dereitos lingüísticos das e dos galegofalantes no eido socioeconómico. Por iso nunha das emendas reitérase a necesidade que xa foi expresada neste Parlamento cando trouxo aquí a Mesa pola Normalización Lingüística aquela ILP para garantir os dereitos lingüísticos no eido socioeconómico.



Logo, por outra parte, outra das nosas emendas vai no sentido de que non podemos esquecer que a propia Xunta exerce moitas veces de axente precarizador do emprego no telemárketing. E vímolos cando a Xunta impulsa pregos de condicións para a licitación dos servizos telefónicos, que son servizos básicos da Administración, e permite subcontratacións e salarios por debaixo da categoría profesional. E vímolos nun prego de condicións do servizo do teléfono 012, totalmente delirante, que permitía unha total liberdade, por outra parte, que lle permite a reforma laboral —que tamén concordamos na necesidade de derrogar—, que precariza as traballadoras.

Así pois estamos nun contexto de precariedade no emprego, do que o sector do telemárketing é un exemplo, como exemplo é R Cable, dese espolio do capital galego, desa descapitalización da industria do noso país. E concordamos en abrir esa mesa de negociación. Esa mesa é necesaria. Porque lembremos que R Cable —como sinalou o noso compañeiro na Comisión de Industria— é unha empresa de capital galego, que era unha empresa bastante punteira e que, en lugar de ser a Xunta un axente que apuntalase ese sector das TIC en Galiza a través de Retegal, o que fai é deixar pasar, deixar ir; e aí vaíse o capital galego; primeiro véndese a ese fondo de Luxemburgo e logo compra Euskaltel.

A Xunta, ademais —non queremos deixar de sinalalo—, é un cliente preferente de R, podería facer máis presión e, en definitiva, podería exercer de Goberno galego e non —como se dixo esta mañá— de —digamos— xestor dunha comunidade de veciños. Estamos a falar dun tema moi serio, de moito emprego que está en xogo, e dun sector que podería ser punteiro, que podería ter unhas boas condicións, que podería formar parte desa necesaria transición industrial, e que, en cambio, pois cada vez se precariza máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Eu tamén quero empezar trasladando un saúdo aos traballadores e traballadoras que se están manifestando a esta hora na Coruña, porque este é un tema que nos preocupa e que nos ocupa no BNG. Xa o temos traído á Comisión 6ª, no anterior pleno abordámolo preguntándolle ao conselleiro, e aínda onte estivo reunida a nosa portavoz nacional con eles. Porque, a pesar do dito aquí en sede parlamentaria por parte do conselleiro de Industria, de que había moitos avances en dar solucións, dende logo todo indica que non é así; se fora doutro xeito, evidentemente, non terían que seguir demandando solución ao seu problema.

Un problema, dende logo, que se enmarca na decisión dos gobernos españois de liberalizar o sector das telecomunicacións para facilitar o negocio ao capital. E esa liberalización ten modificado profundamente este sector, e no caso de Galiza practicamente o ten liquidado. O abandono, a deterioración do servizo naqueles territorios que eles consideran que non son economicamente rendibles, o conseguinte incremento da fenda dixital, a baixa calidade do servizo, a destrución do emprego, a precariedade das condicións do traballo...

E o que é unha evidencia clamorosa é a constatación de que o deseño, a dirección, a organización, a planificación da actividade das telecomunicacións se realiza fóra de Galiza; prac-



ticamente non queda ningunha desas decisións que se faga no noso país. Iso non é casualidade, iso é froito dun deseño que ten como consecuencia deixar Galiza fóra dun sector estratéxico en canto a esa toma de decisións e ao desenvolvemento económico e de emprego.

Un sistema de xestión cos centros de decisión noutros territorios conduce a un descoñecemento da realidade económica e do emprego en Galiza e a que esas decisións se tomen non pensando no noso país. A consecuencia pois é o espolio dunha infraestrutura produtiva fundamental para o noso país, que é o das telecomunicacións, e a perda e deterioración dos postos de traballo.

A estas alturas supoño que xa ninguén se atreverá a negar que as grandes operadoras están embarcadas, levan anos no proceso de concentración do emprego cualificado noutros centros —Madrid, Barcelona, Bilbao—, e estamos agora no caso das empresas que surtían de servizos, fornecedoras de servizos, noutro momento R empresa galega, noutro momento R empresa punteira, noutro momento R empresa levantada cos esforzos dos galegos e galegas a través dos investimentos e dos recursos financeiros depositados nas caixas de aforros, e hoxe xa en mans de Euskaltel, despois de pasar por mans doutra empresa foránea.

Do que estamos a falar responde a este deseño que describín hai un momento. Estamos a falar dun exemplo de perda de capacidade propia en Galiza, de desleixo total e absoluto por parte da Xunta de Galiza, que mirou para outro lado mentres se producía esta descapitalización dunha empresa galega, e do desinvestimento empresarial nun sector clave como é o das telecomunicacións, que tiña que ser estratéxico en Galiza se tiveramos un goberno que apostara polo desenvolvemento económico do noso país, por algo máis que non fora a competitividade por baixos salarios. E os exemplos están aí de cal é a situación da perda de empregos no ámbito industrial ou en sectores estratéxicos como do que estamos a falar.

Estamos neste momento falando da posible perda de mil postos de traballo nunha soa comarca, é dicir, unha auténtica desfeita; mais non son empregos que se destrúen. Isto é como a materia, que nin se crea nin se destrúe, transfórmase; e neste caso transfórmase en perda para Galiza, porque son empregos que deixan de estar en Galiza e pasan a estar en Asturias ou no País Vasco. ¿Por que pasa? Pola falta de poder político dunha Xunta que non se implica, (*Aplausos.*) ¡unha Xunta que non se implica! É a constatación permanente de ter un goberno que só actúa como un exército de ocupación para favorecer os intereses de empresas alleas e non para favorecer os intereses dos galegos e das galegas.

Apoiamos esta iniciativa. Efectivamente, o primeiro punto é que se cumpra un acordo na Comisión 6ª, levado alí por unha iniciativa do BNG. Mais presentamos unha emenda que cremos que simplemente mellora o tema, e é insistir en demandar a garantía de atención aos clientes en galego, garantir o dereito dos galegos e galegas a ser atendidos en galego; é dicir, incidir nun elemento competitivo que temos, que é que temos un idioma propio e que temos que exixir ser atendidos nese idioma. E para iso tiñamos que ter un goberno que se preocupara e ocupara de algo tan básico como é exixirlles ás empresas que actúen no noso idioma.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora PRADO CORES: E iso significaría postos de traballo. Mais ¿cal é a situación? Ben, pois un goberno ao que non o preocupa. Aquí dixo o conselleiro que estaba ocupado no tema, mais ¿cales son os resultados? Non os hai. Neste momento non hai ningunha solución encima da mesa. Co cal, evidentemente, temos moita propaganda mais moi poucos feitos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Os socialistas tamén queremos manifestar o noso apoio aos traballadores e traballadoras que se están a manifestar hoxe na Coruña. (*Aplausos.*)

Ben, R Cable foi fundada no ano 1998 e comezou a súa actividade no ano 1999, despois de gañar un concurso público para instalar en Galicia os servizos de cable. Comezou como unha aposta común de varias empresas galegas —como o Banco Pastor, Caixanova ou Unión Fenosa— e a finais do ano 2000 xa tiña aproximadamente uns mil clientes.

A presentación de R Cable era a dun operador global de telecomunicacións por cable de Galicia e que tiña a súa sede na Coruña. Ata este momento R Cable aparece como un dos mellores provedores de servizos de telecomunicación en todos os ránkings, debido á calidade do servizo que se está a prestar, compensando perdas que se xeran noutras empresas do grupo. Tamén cabe destacar que esta empresa recibiu numerosas subvencións para o despregamento de fibra óptica na nosa comunidade.

Ben, despois de vinte e cinco cambios no accionariado da empresa, no ano 2015 produciuse a compra definitiva de R Cable por parte de Euskaltel, por 1.190 millóns de euros, é dicir, o 100 % da compañía, consagrándose como a principal empresa de telecomunicacións do norte de España. Euskaltel, no momento da compra, anunciou que daría continuidade á marca galega, ás súas estruturas locais e aos seus equipos profesionais. Pero a realidade é que dende ese momento se iniciou unha progresiva deslocalización dos empregos da antiga R Cable cara a Asturias e ao País Vasco, fundamentalmente dos servizos de mantemento. Estes servizos de mantemento están na actualidade subcontratados con empresas que operan en Galicia —como Comfica, Colabora, Plexus ou Indra—, que ata agora viñan subrogando o persoal que se ocupa deste labor, que nalgúns casos o vén subrogando dende hai vinte anos, é dicir, dende o nacemento da empresa.

Recentemente, Euskaltel acordou entregar á empresa chinesa ZTE os servizos de mantemento da rede, que serán realizados dende o centro de traballo que a empresa chinesa acaba de abrir en Asturias, sen subrogación dos traballadores. Polo tanto, póñense en risco varios centos de empregos en Galicia, principalmente na Coruña e nas súas proximidades, como o pon de manifesto o despedimento que xa houbo de vinte traballadores e traballadoras en Comfica, e que o resto das empresas —como Indra, Plexus ou Colabora— poderían seguir



os mesmos pasos. Na actualidade traballan máis de mil duascentas persoas para R Cable na Coruña, entre empregos directos e indirectos, e na empresa matriz véñse producindo un goteo de despedimentos e externalizacións cara á empresa chinesa ZTE, polo que as persoas que traballan nestas compañías iniciaron unha serie de mobilizacións e —como hoxe mesmo se vén demostrando— van seguir e incluso vanas intensificar.

As recentes declaracións do conselleiro delegado de Euskaltel, José Miguel García, nas que aseguraba que a compañía continuará no actual camiño da reestruturación non dá moita esperanza a que esta situación mude. E, segundo denuncia o comité de empresa, UXT e Comisiones Obreiras, o impacto destas medidas de reestruturación podería afectar unhas quiñentas persoas, uns quiñentos postos de traballo, e que poden chegar a máis, posto que o servizo de atención ao cliente, o *contact centre*, e os labores administrativos van ser licitados, e na actualidade conta cunhas quiñentas persoas traballando para estes servizos.

A unificación dos servizos para as tres empresas do grupo Euskaltel (R, Telecable —en Asturias— e a propia Euskaltel) pon en risco postos de traballo que antes eran unha oportunidade de crecemento. As declaracións deste domingo do conselleiro delegado do grupo Euskaltel non aclaran en absoluto a situación de futuro para os traballadores e traballadoras en Galicia, posto que a resposta ofrecida, cando se lle pregunta pola deslocalización do servizo, é: o saldo neto destes despedimentos e creación de postos é neutral, nalgúns casos é negativo e noutros é positivo. Polo tanto, engade moitas máis dúbidas de cal vai ser a situación dos postos de traballo en Galicia, posto que, efectivamente, pode haber despedimentos nun sitio que pode ser en Galicia e pode haber contratacións novas noutro, que pode ser Asturias e o País Vasco.

A verdade é que o pasado 17 de setembro na Comisión 6ª o Grupo Parlamentario Socialista formulamos unha pregunta ao Goberno para saber a valoración que facía o Goberno ante esta situación. E da resposta dada pola secretaria xeral de Emprego —unha falta de concreción e unha serie de xeneralidades ofrecidas, baixo o noso entender— non parece que para o Goberno galego isto sexa algo preocupante, posto que a resposta dada pola secretaria xeral de Emprego foron vaguidades, como que o compromiso por parte da Xunta de Galicia para manter o emprego en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...é máximo en todos os casos: escoitar, velar polo cumprimento, ofrecer os medios e convidar as unidades.

Queremos saber cales son eses medios que poñen ao alcance dos traballadores e das traballadoras para buscar unha solución a esta situación que nos pode levar a perder aínda máis postos de traballo na xa maltreita situación laboral da nosa comunidade autónoma.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Pérez.



O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Desde o Grupo Parlamentario Popular solidarizámonos tamén cos traballadores, pero tamén con todos os traballadores de Galicia, con todos; non hai traballadores de primeira e traballadores de segunda. Hai moitísimos traballadores en Galicia, de Ence e de Alcoa, de R-Euskaltel, que poderían perder o seu posto de traballo por políticas socialistas apoiadas por todos vostedes. Solidariedade para todos. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señora Quinteiro, este tema xa non é novo e xa o levamos debatido. Presentan esta moción despois da interpelación feita ao conselleiro. Recomendolle o principio de prudencia. Prudencia, porque prudencia é humildade, que sempre é recomendable. Non se pode vir aquí e facer algún tipo de manifestacións como as que vostede fai sen ruborizarse, aquí, de xeito gratuito. Non son aceptables as súas insinuacións sobre a falta de preocupación e acción por parte da Xunta de Galicia. Este problema foi tratado en reiteradas ocasións —e vostede sábeo—: en comisión, en pleno, e temos acordos, acordos por unanimidade. (*Murmurios.*)

Veñen cun discurso gravado, cerrado e opaco e buscando de botarlle a culpa sempre ao mesmo. A vostedes dálles igual o que se lles diga; para vostedes, a culpa sempre é da Xunta e do PP —*fin de la cita*—. Pois claro que non, señorías, claro que non.

Din que a Xunta non os reciben. Incorrecto. O conselleiro relatou na interpelación día e hora de todas as reunións mantidas neste ano 2019. Vostedes, erre que erre, non queren ver a realidade, teñen unha venda nos ollos. Vostedes recórdanme aqueles que andan cun letreiro anunciando que a fin do mundo vai chegar e algún día chegará, pero, de momento, non.

Señora Quinteiro, vostede e o seu grupo queren adiantarnos e converterse nos grandes valedores sen ningún tipo de responsabilidade. Señora Quinteiro, a Xunta de Galicia e este grupo parlamentario imos por diante. Vostedes sempre están vendo para o pasado; nós, cara ao futuro e mellorando.

Para falar con vostedes hai que falar con propiedade, é importante saber no marco con quen falamos e onde estamos. Nós témolo claro: a lei, a Constitución, o Estatuto de autonomía. Cando vostedes falan de que a Xunta é un cliente preferente, ¿a que se refiren? Gustaríame que se explicara, porque falamos dunha empresa privada. Iso de nacionalizar empresas é doutros países nos que vostedes se atopan máis cómodos. Aquí en España temos leis, convenios, normas, marco xurídico español. Piden algo ilegal. Acláreo.

A Xunta está a desenvolver as actuacións para darlles cumprimento aos acordos deste Parlamento: diálogo permanente coas partes implicadas, en contacto coa asociación, de ámbito nacional. Estase realizando o estudo comprometido co sector do telemárketing. Xa o dixo o conselleiro: máis de dez xuntanzas co sector do telemárketing. Contactos con todas as partes implicadas, no caso de Euskaltel, empresas subcontratistas e as auxiliares. Mañá —voulle facer un anuncio—, día 26, pola mañá a secretaria xeral de Emprego volverá reunirse cos



sindicatos. Papel activo de mediación. Non podemos garantir algo que vostedes piden, mesa de negociación, porque vostedes saberán que é potestade das partes.

Señora Quinteiro, cando vostede fala, hai que estar moi atento, porque non sei se o fan a propósito ou é que realmente pensan así. No Grupo Parlamentario Popular témolo ben claro: o concepto de nación, o concepto de autonomía e o que son os convenios nacionais. Vostede e os seus grupos, en xeral os de esquerdas, cando lles interesa, mesturan todo, fan un cóctel bastante explosivo. Existe un convenio estatal asinado polos sindicatos maioritarios.

Desde Inspección de Traballo realízanse todas as actuacións necesarias para velar polo seu cumprimento, así como polos dereitos das persoas e traballadoras en xeral. Algo importantísimo que temos reclamado: maior protección dos datos da cidadanía, evitando que se poñan trasladar a países externos á Unión Europea. E, sobre todo, reforzar a inspección laboral. Sabemos que detrás de cada traballador e cada traballadora hai unha familia.

O que teñen que facer os grupos da oposición é sumarse, sumarse co Partido Popular. Nós —repito— estamos co sector do telemárketing, defendendo os traballadores e as traballadoras, defendendo os comités de empresa, sendo exixentes coas empresas, tanto co sector do telemárketing como coa propia R e as súas subcontratas.

Votaremos «si» á súa moción, pero co texto orixinal, pois todo o que piden a Xunta de Galicia, señorías, xa o está facendo. Chegan tarde, moi tarde. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Grupo autor da moción, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas.

Parécenme acaídas as emendas que propoñen os outros grupos parlamentarios; entón, creo que podemos chegar a un acordo transaccionando varias; e agradecemos o apoio.

E —a verdade— temos que falar do discurso que veu aquí agora facernos o Partido Popular, que non é un discurso novo, tamén porque —a verdade— puido aforrar case a súa intervención, porque dixo exactamente o mesmo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —e está aí o *Diario de Sesións*—, practicamente o mesmo que o conselleiro, ou sexa, practicamente nada. Porque fala de todo. Di que toda a solidariedade cos traballadores e coas traballadoras das contratas de R, pero comeza falando a maior parte da súa intervención de cousas que non teñen nada que ver. Iso para min é un insulto aos traballadores e traballadoras, porque cada vez que lle preguntamos por un tema concreto dun conflito concreto utilízano aquí para dar un mitin político, para tratar de quedar por arriba da súa defensa do emprego (*Murmurios.*), e iso é unha falta de respecto directa para as persoas que hoxe mesmo están mobilizándose e que o queren é escoitar que o conselleiro, e neste caso que o voceiro do Partido Popular, lles diga que é o que está facendo o Partido Popular para defender o emprego, non que repitan que defenden o emprego.



¿Que medidas concretas? Di: imos apoiar a moción. Xa apoiaron a proposición non de lei, tiveron unha xuntanza en agosto (a finais de xullo-agosto), pasaron case dous meses, ¿que fixeron de todos os compromisos que saíron daquela reunión? Porque a verdade é que nas súas intervencións din o mesmo e o contrario; na mesma intervención utilizan esta tribuna para dicir que están facendo absolutamente todo o posible polo sector do telemárketing, que están exercendo o seu papel activo de mediación entre a empresa e os traballadores, e trinta segundos despois utilizan a mesma intervención para dicir que nisto hai un convenio nacional e a Xunta de Galicia non pode facer nada.

Ben, pois aclárense: ¿que fan, que non están facendo?, e, sobre todo, aclárense co que din que van facer e co que logo non fan. Porque, se se comprometen hai dous meses a convocar unha xuntanza e pasan máis de dous meses e non se sabe absolutamente de tal xuntanza, é unha falta de respecto directa aos traballadores e traballadoras.

E din que defenden o sector do telemárketing, o que defenden é a precariedade laboral, porque é un sector que progresivamente foi perdendo condicións laborais, os traballadores e traballadoras ven como os salarios van baixando, a deslocalización é unha evidencia. Sempre nos chaman —hoxe non dixo a palabra— catastrofistas, que debuxamos un mundo que non existe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Catastrofistas non dixo, pero dixo unha cuestión moi exaxerada.

A ver, dígalles aos traballadores e traballadoras, que están alarmados pola posible perda do seu posto de traballo, que non pasa nada, que a Xunta xa está facendo todo o posible, que se trata dunha empresa privada e que xa máis non se pode facer. Cando dicimos que son un cliente preferente, a Administración ten contratos e licitacións públicas con empresas do telemárketing e pode tamén pór no prego de condicións algunhas condicións, como, por exemplo, que se atenda en galego. Esa é unha cuestión que se pode facer, unha cuestión concreta.

Poden convocar unha mesa de diálogo, porque a iso se comprometeron. Agora din que non poden, pero vostedes comprometéronse nunha xuntanza coa representación sindical dos traballadores e traballadoras a convocar unha mesa de negociación coa empresa e coa representación dos traballadores. Se se comprometeron a iso hai dous meses, agora resulta que non poden. Ben, pois é un pouco contradictorio entón.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Se mañá teñen unha xuntanza, eu alégrome. ¡Tamén dicir que dez xuntanzas no que levan de goberno cando só aquí se mencionaron catro conflitos laborais dos máis importantes!, porque houbo moitos máis: Bosch, Unitono, Extel. ¡Home!, é que só faltaba que non se reuniran cos traballadores. O que pasa é que teñen unha xuntanza para sacar un titular de prensa. Tamén se reuniron unha vez coas traballadoras das contratas de R e non volven collerlles o teléfono nin abrírlles a porta ata sabe Deus cando, ata que lles interese sacar outro titular. Ese é o problema:...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...que se reúnen unha vez, e a obriga do Goberno é que se reúnan constantemente cada vez que llo pidan os traballadores, porque é a súa obriga, non están facéndolles ningún favor aos traballadores e traballadoras. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas, grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir unha atención sanitaria de calidade á poboación adscrita a Povisa

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista, Mixto e Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (10/MOC-000160, doc. núm. 57484).

Emenda de modificación:

Débase substituír os puntos 1 e 2 da parte resolutiva da moción polo seguinte contido:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- 1) Esixir da nova firma propietaria do centro Povisa a máxima garantía da calidade asistencial e o volume e condicións laborais da plantilla de persoal.*
- 2) Estudar todas as posibilidades existentes para garantir que o Sergas poida reverter ao sistema público a atención sanitaria hoxe prestada en Povisa no menor tempo posible.”)*

(O G. P. Mixto, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción, doc. nº 57484 (10/MOC-000160).

Emenda nº 1, de substitución no punto 4, parágrafo 3:

Débase substituír “horarios” por “xornadas”:

- Persoal destinado a prestar a asistencia sanitaria pública e privada, xornadas, e servizos.

Emenda nº 2, de substitución no punto 4, parágrafo 4:

Débase substituír polo seguinte texto:

«-Ratio profesionais/doentes, profesionais por servizos e unidades asistenciais, permanencia nos mesmos, situación laboral -persoal con contrato indefinido, temporal, a xornada completa e a tempo parcial por categoría profesional- mobilidade horaria e entre servizos.»



Emenda nº 3, de engádega no punto 5:

Débense engadir dous parágrafos máis, co seguinte texto:

«-Facilitar, sen demora, a información relativa ao custe do concerto con Povisa para a atención das especialidades das que é centro de referencia: Maxilofacial, Cirurxía da man e Queimados.

-Acordo asinado pola Xunta e POVISA o 30 de setembro de 2019 sobre a derivación de pacientes.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Aurelio Núñez Centeno, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 57484 (10/MOC-000160).

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a esixir e vixiar o cumprimento do concerto co Hospital POVISA, diante da posibilidade do cambio da titularidade do mesmo, garantindo a calidade asistencial na área sanitaria de Vigo, e o mantemento dos postos de traballo dese Hospital».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde de novo.

Quero empezar por saudar os representantes dos traballadores e traballadoras que nos acompañan na tribuna, por estar estoicamente aí a pesar destas horas intempestivas, traballadores e traballadoras que se están mobilizando, e este vindeiro xoves hai unha mobilización en Vigo, ante a que xa lles traslado o apoio do BNG, en contra de que o Hospital Povisa caia en mans dunha multinacional ianqui.

E o pasado pleno... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, ianqui, señora deputada, unha multinacional ianqui. Iso é o que é, iso é o que é, e as cousas teñen un nome, é así.

No pasado pleno o BNG —faiille moita graza ao Partido Popular, si, é moi graciosa a privatización da sanidade no noso país— interpelaba o conselleiro de Sanidade diante da alarma e a preocupación existente diante da noticia da adquisición de Povisa por parte dunha multinacional ianqui; preocupación polas gravísimas consecuencias que pode ter para a sanidade pública en xeral e, fundamentalmente, para a área sanitaria de Vigo, porque non é unha transacción entre particulares —xa llo dicíamos ao conselleiro—, non é unha venda dunha empresa calquera, é a venda do maior hospital privado, que vive da sanidade pública —non en van o 80 % do seu orzamento, dos seus 108 millóns de orzamento, 80 proveñen dos impostos dos galegos e das galegas—, e trátase dun hospital no que reciben asistencia sanitaria pública 135.000 veciños e veciñas da área sanitaria de Vigo e no que traballan 1.400 traballadores e traballadoras que dan asistencia a esa po-boación de referencia.



Da interpelación a verdade é que saímos con moi poucas ou practicamente ningunha aclaración, mais si aumentaron os nosos temores e as nosas alarmas. Alarma porque do que si quedou constatación era de que o Partido Popular, o conselleiro e o Goberno da Xunta sabía desde hai meses desta venda e, lonxe de actuar e de ver cal era a situación en que ía quedar a atención á sanidade de toda esta poboación, o que fixo foi estar en conivencia cos actuais donos de Povisa, estivo capitalizando a empresa, modificando o concerto existente para meterlle máis recursos a Povisa.

Tamén sabemos que a empresa que o merca é Ribera Salud, esa empresa que naceu á sombra e impulsada polo Partido Popular, o Partido Popular de Zaplana, de Núñez Feixóo, de Romay Beccaría, e sabemos que detrás de Ribera Salud tamén está a multinacional Centene, unha multinacional que ten un orzamento case máis grande que o orzamento do Estado español, co cal ten unha capacidade importantísima de influír, de influír na opinión pública, nos medios, na Administración, de facer *lobby* detrás desta multinacional con moitísimos cartos, moita presión, moitos recursos destinados a crear opinión, para acadar os seus obxectivos de negocio.

Tamén sabemos que hai máis que fundados coñecementos de que Centene vai entrar no accionariado do Álvaro Cunqueiro e tamén hai sospeitas de que vai ser parte relevante na construción do novo hospital da Coruña, co cal quizais estas cousas vaian dando contestación á pregunta que se fai todo o mundo: ¿como é posible que unha empresa que hai pouco estaba en concurso de acredores, na que foi inxectado capital vía renegociación do concerto por parte do Partido Popular, sexa de interese pois dunha multinacional?

E parece que a contestación vén por aí, porque realmente non está mercando só un hospital privado, está mercando unha capacidade de presión brutal. Se antes a Área Sanitaria de Vigo estaba en mans de Povisa, estaba en mans de Silveira, resulta que agora vai estar en mans dunha multinacional cunha capacidade de incidencia multiplicada, co cal pasarán de ser reféns de Silveira a ser reféns de Centene. E parece que as cousas se van clarificando, si, parece que as cousas se van clarificando. Din no meu pobo que a verdade é filla do tempo, e aquí ás veces cóllese antes un mentireiro que un coxo. Parece que a Xunta se enterou a última hora (*Aplausos.*), parecía que a Xunta e o Partido Popular se acaban de enterar e imos vendo como non, como a cousa viña de lonxe, víñase cocendo de lonxe, mais quedamos todos tranquilos porque dixo aquí no pasado pleno o conselleiro que esta empresa era magnífica e sabía ocuparse da sanidade dun xeito espectacular. Evidentemente, vén precedida de toda a corrupción en Valencia, do uso fraudulento de fondos públicos e outro tipo de lindezas, que son as que lle gustan ao Partido Popular.

Ben, pois tamén sabemos que na Área Sanitaria de Vigo a sanidade privada non é complementaria de sanidade pública, senón que é substitutiva totalmente, e, cos pasos que está dando o Partido Popular, máis substitutiva pretenden que sexa.

Por iso presentamos hoxe aquí esta moción, unha moción na que, en primeiro lugar, o que demandamos é que este Parlamento mostre con rotundidade a súa defensa da sanidade pública galega, unha sanidade pública gratuíta, universal e de calidade. Supoño que ninguén dos deputados e deputadas de aquí terán ningún problema en votar a favor de dicir que estamos a favor dunha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade.



E a segunda parte, que, polo tanto, mostre a posición contraria a que unha multinacional ianqui, con sede en Missouri, poida xestionar a saúde pública de 135.000 veciños e veciñas da área sanitaria de Vigo e con 1.400 traballadores e traballadoras.

E tamén ¿que pedimos? Pois que se merque Povisa, que se merque Povisa, que se fagan as actuacións precisas para mercar este hospital e para pasar a facer unha xestión pública directamente deste hospital, para que os doentes e o persoal deixen de ser reféns de Silveira e pasen a ser reféns de Centene e recibir unha atención sanitaria cen por cento pública, universal, gratuíta e de calidade.

Hai oportunidade, e é que está en venda, co cal hai oportunidade, e hai a necesidade. Oportunidade porque está en venda e a un prezo pois máis que asumible. Estamos falando de 22-24 millóns de euros, segundo as fontes que miremos. E non se vende un edificio baleiro, véndese a capacidade de prestar asistencia sanitaria pública a todos os veciños ou veciñas da área sanitaria, co cal 22-24 millóns de euros é asumible pola Xunta de Galiza.

E hai necesidade, porque é preciso reverter a situación á que o Partido Popular levou a Área Sanitaria de Vigo, que se converteu en dependente totalmente de Povisa. E é necesario para reverter esa situación totalmente anómala.

¿Que pedimos a continuación? Que debe realizarse esta compra de inmediato e que se inicie o proceso de declaración do Hospital Povisa de interese público. Non podemos correr o risco de que unha multinacional dun día para outro decida que non lle compensa e deixe sen asistencia pública, sen asistencia sanitaria, 135.000 persoas e deixe tiradas 1.400 persoas. Non o podemos permitir e dende o BNG non queremos chegar a esa situación. *(Aplausos.)*

E, ademais, é que esta empresa xa o fixo, esta empresa xa deixou tiradas 140.000 persoas en Kentucky ás que lle prestaba asistencia sanitaria. Dun día para outro deixou de prestarllela e deixounas tiradas e xa ten experiencia en facelo. Ou sexa, non queremos que isto pase.

¿Que pedimos? Que en tanto Povisa non se integre na sanidade, na rede pública, actuar como garante da calidade da atención sanitaria da poboación adscrita a Povisa. E non se está facendo neste momento. Povisa en xaneiro deste ano 2019 puxo por escrito que había que reducir as actuacións na sanidade pública, nas actuacións que estaban recibindo os doentes públicos, para destinar ese recurso, ese tempo, á sanidade privada, co cal hai que garantir o que nos está garantindo neste momento.

¿Que máis demandamos? Que se vele polo mantemento dos postos de traballo, polas súas condicións laborais, porque o Sergas e o Partido Popular non o estivo facendo. A pesar de ir renovando concertos, cada ano con máis cartos, permitiron que despediran máis de cen traballadores e traballadoras, permiten que unha inmensa maioría estean con contratos parciais simplemente para engrosar a conta de resultados de Povisa, permiten que haxa tramos horarios onde practicamente case non quedan traballadores nas quendas. Esa é a situación en Povisa que está permitindo o Partido Popular.

¿Que pedimos? Que se cree unha comisión para seguimento deste concerto, que nesa comisión estean os traballadores e traballadoras, porque teñen moito que dicir e saben moito do



que pasa en Povisa, que estean os traballadores e traballadoras nesa comisión de control. ¿Que pedimos? Que se realice unha auditoría ás contas e á xestión realizada por Povisa neste concerto, que, dende logo, deixan moito que desexar. Dío o Consello de Contas, que é opaca a xestión, que non hai un coñecemento claro de que cartos se destinan para a atención pública e a atención privada, se o persoal —pagado con cartos públicos— soamente fai atención pública ou atención privada, cales son as ratios, cales son as partidas coas que se fixeron as novas infraestruturas ou se merca tecnoloxía.

Todo iso hai que sabelo, e o Partido Popular négase sistematicamente a que se faga unha auditoría, porque ten moito que ocultar, porque é cómplice e consentidor do que leva feito Silveira con Povisa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...desde hai moitos anos. *(Aplausos.)*

E tamén solicitamos que se cumpra a lei, e a lei di que estes deputados e deputadas temos dereito a solicitar información. Témosto pedido polo artigo 9, temos pedido que se nos facilite o concerto, que se nos facilite a modificación do concerto, que queremos saber o contido, a letra pequena. ¿Por que o Partido Popular oculta o contido do concerto e da modificación? ¿Por que non queren facer pública a totalidade do concerto?

Todo isto nos parece razoable e cremos que calquera que estea defendendo a sanidade pública...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Terminou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...do noso país estará de acordo en votar a favor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: En primeiro lugar, saudar as persoas convidadas do comité de empresa de Povisa, que hoxe creo que estiveses encerradas defendendo esa necesidade de adquirir Povisa polo Sergas, algo no que concordamos.

Hai, como dicía a propoñente, oportunidade e necesidade, e hai fondos, porque falamos duns 23 millóns de euros. A realidade é que neste momento a sanidade pública non sería quen de asumir as persoas adscritas a Povisa e é irreal o que nos dicía o conselleiro de que, ¡bah!, se non lles gusta Ribera Salud, que se cambien de centro.

É irreal e é inasumible para esas máis de 135.000 persoas adscritas a Povisa, porque a realidade é que este hospital é substitutorio das prestacións públicas para unha gran parte importante da cidadanía.



E a realidade é que a Xunta nunca fiscalizou efectivamente, con transparencia, nin a súa contabilidade nin as condicións laborais, permitindo condicións laborais precarias e salarios conxelados durante unha década, nin velou pola calidade asistencial. Teremos ocasión de preguntarlle por isto último dende o noso grupo na vindeira Comisión 5ª este xoves.

Así, nós consideramos que Povisa é a historia dunha chantaxe sobre o Goberno e a sanidade pública galega, permitida, evidentemente, polo Goberno, porque Povisa mantén concertos coa sanidade pública desde os anos setenta e sempre fixo unha presión sobre a sanidade pública. De feito, tanto o Hospital Meixoeiro como o Álvaro Cunqueiro foron construídos coas dimensións e dotacións que garantiran a continuidade de Povisa, porque estamos a falar de que é un lucrativo negocio, porque érao cando se pagaba por estancia, séguese sendo pagando por proceso, pero sempre, continuamente, Povisa sempre alegou que os acordos co Sergas eran os responsables das súas perdas.

Xa nos anos 1991 e 1994 Povisa pertencía a un grupo que se chamaba Los Nardos e Povisa alegaba perdas millonarias por atrasos nos ingresos do Sergas, pero as traballadoras e traballadores do hospital denunciaban que se estaban a manter outras empresas do grupo. E así seguiu continuamente denunciando perdas ata que nese 2014 se renova o concerto e xa incluso en 2011, mentres estaba a negociar o concerto, Povisa anunciaba que non aboaría as nóminas de febreiro ás súas traballadoras, e, unha vez máis, a consellería, sen fiscalizar, paga e segue rodando esa roda da chantaxe.

Con ese novo concerto, a nova dirección de Povisa dicía que isto contribuiría a estabilizar o futuro do emprego. Pero isto non é así. Houbo despedimentos, houbo ademais esa redución da xornada masiva, que ao final foi por mor de coaccións, se fai insoportable, como nos trasladabades algunhas traballadores, o traballo en determinadas quendas. E a última presión foi este setembro de 2018, cando entra en trámite de concurso de acredores e ameaza o Sergas con esa suspensión de pagos.

Vale, resólvese novamente con esa nova transferencia xustificada pola medicación de alto impacto. E todo apunta, todo nos leva a pensar que a mellora do concerto asinado a inicios do 2019 era en realidade unha operación de saneamento de contas para apuntalar esta venda a Ribera Salud. Nós non cremos que a Xunta non tivera coñecemento da mesma máis que pola prensa, como tivo coñecemento o comité de empresa ou como tivemos coñecemento os grupos parlamentarios; non o cremos.

A realidade é que agora Povisa deixa de ser un hospital de capital galego e pasará a depender dese capital norteamericano, que, como xa foi exposto aquí, se xa había unha presión desta empresa sobre a sanidade pública e unha chantaxe inaceptable, de Centene, pois máis chantaxe vai facer. Porque ¿como van garantir —como dicía o conselleiro— o mantemento dos postos de traballo?, ¿como? Ata agora pois non foi efectiva esa garantía. ¿Vai intervir agora e obrigar a Povisa a manter a calidade asistencial e a manter unha estabilidade laboral e unhas condicións laborais? ¿Como? ¿Como cunha maior presión dunha multinacional? ¿Como? ¿Preguntoulle á poboación adscrita a Povisa se quere depender de Ribera Salud? Non. ¿E ten alternativa? Non, a sanidade pública non a ten.



Parécenos que é unha anomalía da área de Vigo que máis de 135.000 persoas dependan disto. Ademais, é a segunda empresa de Vigo e consideramos que está plenamente xustificado deter esta chantaxe e facer que a sanidade sexa cen por cento pública; é unha prestación esencial. E por iso apoiaremos as traballadoras na súa manifestación este xoves e apoiamos por suposto esta moción.

Simplemente as emendas que lle fixemos son precisar algunhas cuestións e solicitar máis información, porque é patente esa falta de información, esa falta de transparencia nas contas, certificada polo Consello de Contas, e que a estas deputadas e deputados nin sequera se nos traslada integramente o concerto. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa noite aos traballadores/traballadoras de Povisa.

Este debate, non por repetido, deixa de ter ningún ápice de importancia, e ten que ver basicamente, desde o noso punto de vista, con dúas cuestións. Primeiro, ¿cal é a posición política e, polo tanto, os obxectivos que queremos ou que definimos cada grupo político con respecto a situación de Povisa?, e, en segundo lugar, ¿que métodos utilizamos ou cremos que ten que desenvolver para conquistar esa posición?

A posición do Grupo Socialista é que debemos ter unha atención pública nun centro público con persoal público. Polo tanto, nós estamos a favor de que todo o sistema se atenda nun centro público con persoal público baixo unha atención pública.

A pregunta nesa situación, polo tanto, é cal é a posición do Partido Popular. E este é o eixo da situación, porque ao final dámoslles voltas ás mesmas cousas e cabe preguntarse cal é a posición do Partido Popular.

Citouse aquí —se non me equivoco, pola señora Vázquez Verao— a palabra «anomalía». Povisa é unha anomalía. Creo que é unha gran definición. É unha excepcionalidade. E, polo tanto, debера ser circunstancial, non estrutural, que é a situación que vive Povisa xa dende hai moito tempo. E, por tanto, quen ten unha propiedade privada dunha situación estrutural dentro dun sistema público ten unha man de negociación que non é xusta e que non se está utilizando de maneira xusta.

A pregunta é: ¿cal é a posición do Partido Popular? Porque cabe lembrar e hai que lembrar algunhas cousas que veñen sucedendo ultimamente. Tanto o comprador como o vendedor deste proceso de Povisa afirmaron que se iniciaron as negociacións xusto despois da renegociación do convenio, da última renegociación do convenio, xusto despois; hai a sensación de que existiu unha renegociación a modo de aval. Non contentos con iso, houbo, a un par de días de que se fixera público o acordo, un millón de euros inseridos en Povisa para axustar



algunhas contas. Un millón redondo; non debe ser que fora nada establecido, senón un millón como quen pecha algunha cuestión... Se é concreta, ten un dato concreto; un millón parece que é un axuste feito máis a ollo que de maneira precisa.

E, por tanto, non dá a sensación de que o modelo do PP pretenda revertir a atención sanitaria que hoxe se dá en Povisa ao sistema público. Parece que esa non é a posición do Partido Popular e é a que vimos manifestando o resto de grupos da oposición neste parlamento. E, por tanto, esta é a cuestión. O Partido Socialista defende unha atención pública nun centro público, con persoal público. Por certo —permítanme—, isto debe equivaler ao que o seu alcalde de Sanxenxo esta mañá chamou —permítame a expresión, señor presidente— «populismo de merda». Díxoo o alcalde de Sanxenxo esta mañá. Están tardando en dicirlle algo. «Populismo de merda»: defender sanidade pública, atención pública, centro público, persoal público. E isto é bastante importante porque, se quen defendemos isto somos —e vou repetir— «populistas de merda», ante o alcalde de Sanxenxo eu prefiro ser un «populista de merda» que Telmo Martín. *(Aplausos.)*

Canto aos métodos para achegarse á solución definitiva para que a atención que hoxe se presta en Povisa sexa unha atención pública, existen varias opcións. Non sei se o señor Pazos tamén cre que somos populistas de merda, pero se me permite continuar... Moitas grazas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Tranquilidade.

O señor TORRADO QUINTELA: Non dubido de que vostede é capaz de chamarnos iso, non se preocupe.

O señor PRESIDENTE: Non, non dialoguen porque... *(Murmurios.)*

Paramos un momento, non hai problema. Paramos o tempo. Está parado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Moi mal, pero, claro, eu quero que... Estamos rematando. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vamos terminar con certa tranquilidade todos.

Prosiga, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

No que se refire aos métodos para acadar o obxectivo que dende o noso grupo e os grupos da oposición vimos definindo, hai diversos métodos que permiten chegar a esta posición. Evidentemente, comprar o centro é un; e ao Grupo Socialista, se é posible, parécenos ben. É unha solución boa. Hai máis posibilidades, porque é posible que non se poida comprar no momento, como así recoñece o propio BNG na iniciativa. Hai unha resolución —un modelo de texto que vimos aprobando e votando a favor desde os grupos da oposición— na que se estudan as fórmulas posibles para revertir esa situación, que é o obxectivo final.

Se a posibilidade fose comprar agora —é evidente, aquí se dixo, témolo dito en varias ocasións—, o prezo de mercado parece bastante asumible. Por tanto, sería unha boa opción.



É evidente que hai que analizar moitas cousas para non deixar ninguén tirado polo camiño, porque hai problemas legais, hai problemas laborais, hai experiencias sobre procesos de privatizacións —e despois reversión ao sistema público— que necesitan tempo. E, por tanto, é importante, do noso punto de vista, non comprometer situacións que logo deixen ninguén polo camiño. E esa é a nosa reticencia: hai que estudar todas as posibilidades para facelo ben porque, se non, sempre vai haber grupos políticos que defendan facelo mal. Por tanto, ese é o sentido da nosa emenda e ningún outro.

Conclusión: o noso modelo é claro, Povisa é unha anomalía —adaptamos esa palabra que nos gustou como definición—; debería ser resolta; e o noso obxectivo é o da atención pública nun centro público con persoal público.

A pregunta é: ¿que modelo quere o Partido Popular? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Saudar as persoas que nos acompañan, os traballadores de Povisa que nos acompañan entre o público.

Señora Prado, se o tema non fose tan serio, vostede hoxe fixo de guionista dunha película. ¡Menuda película montou na intervención! Dende logo, película probablemente de vaqueiros, porque, entre ianquis e Kentucky, creo que a película foi de vaqueiros. Creo que o tema é o suficientemente serio para non desbarrar así desa maneira.

Novamente debatemos o tema do cambio de titularidade da propiedade do hospital Povisa en Vigo, que presta asistencia a unha parte importante da poboación desa área, a cal se adscribe a ese hospital de xeito voluntario. E insiste vostede, señora Prado, na nacionalización ou na expropiación do mesmo por parte da Xunta de Galicia, apelando a unha suposta declaración de interese público que non acertamos a entender.

Mire, señora Prado, vostede pertencía a un goberno que asinou coas centrais sindicais, coa Confederación de Empresarios, coa Universidade e co propio hospital Povisa o acordo básico pola saúde na área sanitaria de Vigo —ano 2006—; un exemplo evidente da defensa da colaboración público-privada naqueles tempos nos que o Consello do Goberno prometía un novo hospital público para Vigo, que, como era habitual en vostedes, quedou en maqueta. E falaba ese acordo —escoite— e dicía: «...do desenvolvemento ordenado e planificado dos recursos asistenciais públicos e privados que presten asistencia concertada na área de Vigo, ou do compromiso polo mantemento do emprego no sector sanitario da comarca de Vigo, tanto no ámbito público como no privado que presta asistencia concertada (*Murmurios.*), singularmente do que pode resultar afectado polas modificacións operadas como consecuencia do proceso de construción do novo hospital de Vigo». Menos mal que —como di vostede— a asistencia privada de Vigo non é complementaria, ¡menos mal! A min sorprén-



deme moito que, despois de vostede e o seu goberno asinaren este tipo de convenios, vostede non dimitira.

Queda suficientemente claro e é evidente que a postura era daquela cando eran goberno. Agora son oposición. A postura é distinta: agora, claro, hai que dedicarse a reiterar falacias de forma que se deoste claramente a sanidade pública galega.

Preguntaba, señor Torrado, cal é a posición do PP e eu pregunto cal é agora a posición do Partido Socialista e cal era cando gobernaba o Partido Socialista. Creo que é amplamente diferente. (*Murmurios.*)

¿Por que vostedes non tomaron daquela a decisión que agora din que é factible? ¿Por que? ¿Cal foi o motivo? Desde logo, semella difícil de explicar ou entender. Non sei se a señora Prado lle vai botar a culpa ao Partido Socialista, que daquela ostentaba a responsabilidade da Consellería de Sanidade. Como había dous gobernos... Xa sabe, ¿non? Pero é que ademais, reiteradamente, o Partido Socialista e o seu alcalde solicitaron a nivel local o incremento do financiamento do concerto con Povisa. Mesmo acusaron o Goberno galego, en outubro do pasado ano, de asfixiar Povisa, pedindo que se refixese o concerto e fose dotado das cantidades que o hospital privado vigués necesita para levar adiante a atención dos cento corenta mil usuarios da sanidade pública que ten asignados. Nesa mesma intervención, o alcalde Caballero reprochou ao Bloque Nacionalista Galego e a En Marea que falaran de cuestións que non están enriba da mesa —como o rescate da concesión do hospital Povisa—, instando eses grupos a apoiar a petición de que a Xunta mellore o seu concerto. ¿Cal é a posición do Partido Socialista neste tema? ¿Pódemo dicir? Non sabemos.

Estas verbas, desde logo, poden xustificar a emenda do propio Partido Socialista. Acúsase de privatizadores os sucesivos gobernos do Partido Popular; porén, despois de repasar este acordo, parece difícil asumir esa acusación. Pero é que, ademais, estase a gastar menos en concertos do que se gastaba no ano 2008 e no ano 2009: menos que co goberno bipartito.

Señorías, esta venda é unha operación mercantil entre empresas: Ribera Salud é unha empresa especializada en atención sanitaria en España e faise cargo do hospital, do cadro de persoal e do concerto actual, que —como todos saben— remata no ano 2022. Enmárcase esta operación na situación actual de concentración de centros sanitarios en grandes grupos pola necesidade de compartir recursos, agrupar compras e profesionalizar a asistencia e a xestión destes.

Eu pídolles, señorías, que non enganen os traballadores e traballadoras de Povisa. Non os enganen; non é tan sinxelo. Comparouse Povisa co hospital de Alzira: Povisa é un hospital privado, o hospital de Alzira e o Álvaro Cunqueiro son hospitais de titularidade pública. O hospital de La Ribera —por certo—, desde que ten xestión pública dun goberno que fai o que fai, ten peores datos de actividade, máis lista de espera, incremento do gasto, envío de probas —seis mil TAC ou resonancias a centros concertados—, peor valoración por parte da cidadanía, reclamacións constantes de traballadores e traballadoras... Inclusive, os letrados da Comunidade Valenciana avisan, en dous informes que lle remitiron á consellería, de que a plantilla de La Ribera carece de dereitos laborais. (*Murmurios.*) Non o di o PP...



O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...dío a Asesoría Xurídica da propia Generalitat Valenciana. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio!

O señor NÚÑEZ CENTENO: Di o informe: as persoas de La Ribera están nun limbo legal, ao ter condición de persoal a extinguir, non podendo beneficiarse de ningunha mellora acadada polas persoas traballadoras do sistema público: xubilación parcial anticipada, promoción interna, mobilidade interna, ampliación a xornada completa de contratos indefinidos a tempo parcial ou cláusulas de estabilidade no emprego.

Señorías, o grupo maioritario presenta unha emenda para defender a calidade da asistencia sanitaria na área de Vigo e o mantemento dos postos de traballo. Parécenos os dous temas transcendentales na situación da venda do hospital.

Instamos a conselleira —remato, presidente—, mediante mandato parlamentario, a manter o compromiso que xa ten feito público en distintas e numerosas ocasións, exixindo e vixiando o cumprimento do concerto co hospital Povisa diante da posibilidade de que cambie de titularidade. É, aproximadamente, o primeiro punto da emenda socialista.

Con respecto á información, señora Prado, está colgada no Portal de Transparencia, na extranet do Sergas. Pode consultala vostede.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Grupo Común da Esquerda, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós imos apoiar esta iniciativa; temos algunha diferenza ou algún matiz, pero xa levamos algunha moi parecida e parécenos —claro que si— unha boa proposta que este hospital se declare de interese público, porque non estamos falando de calquera tipo de empresas, senón dunha que se fai cargo da atención sanitaria de cento corenta mil persoas na área sanitaria de Vigo.

A verdade é que eu, atendendo ao debate, acabo de quedarme perplexa, porque o voceiro do Partido Popular acaba de xustificar a acumulación e, ademais, falou positivamente da agrupación de recursos en relación coas empresas privadas que están comprando a maioría dos hospitais privados en Galicia; é dicir, empresas grandes que están absorbendo outras máis pequenas. E aquí xustifícase que eses hóldings empresariais recalen na nosa terra e que, ademais, se fagan cunha parte importante do pastel da sanidade, toda vez que se privatizaron recursos, vía Lei de garantía de prestación sanitaria ou modificación da Lei de saúde de Galicia. ¡A verdade é que alucinamos! ¡É o que nos faltaba por oír!



Aínda que, en realidade, é normal que vostedes xustifiquen a entrada desas empresas privadas no noso país. A vostede facíalle graza como a voceira do BNG trasladaba a iniciativa. Pero é que a realidade é esa: vostedes xa privatizaron o Laboratorio Central do Servizo Galego de Saúde, en favor, precisamente, desta mesma empresa, a través doutra —porque esta empresa participa doutras empresas sanitarias—. E nós criticámolo naquel momento e houbo críticas e represión aos traballadores de análises clínicas que naquela altura se mobilizaban —ano 2014—. E eu recordo ir ás mobilizacións cos traballadores. E vostedes banalizan unha situación na que empresas de fóra, grandes empresas, estanse facendo cargo dunha parte substancial da sanidade pública. Neste caso (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non son capaces de aguantar nin cinco minutos—, ademais, cun saneamento previo. Advertímolos e dixémoslo aquí o ano pasado cando solicitamos estas contas que vostedes non facilitaron e que nós tivemos que mercar ante o rexistro mercantil; contas que, por certo —e volvo insistir—, trasladaban que, no mesmo ano que a empresa entraba presuntamente en precurso de acredores, os traballadores e traballadoras levaban xa dende aquela oito anos —porque foi o ano pasado— co convenio conxelado, mentres, os dirixentes da empresa levaban quentiños unha boa remuneración para a súa casa. Eu, no último debate que tivemos na comisión, volvíno lembrar: seiscentos mil euros de beneficios para os dirixentes, nada para os traballadores e traballadoras e saneamento das contas á custa dos cartos públicos. O informe do Consello de Contas estimou que as modificacións que vostedes fixeron o ano pasado para sanear a empresa, previa venda, supuñan que Povisa ingresara ao ano entre 3,5 e 4,5 millóns de euros máis. É dicir, reduciron unha parte substancial da débeda anual que tiña a empresa pola súa mala xestión. Dun hóliding empresarial que o ano pasado, o ano do precurso, no exercicio 2018, gañou neto —neto, non facturación, senón ganancia— 19,4 millóns de euros, ¡19,4 millóns de euros! E que, ademais, participa de paraísos *offshore*, porque ten unha parte importante das súas empresas en lugares onde paga menos impostos, entre eles As Bahamas, Malta ou Madeira.

Ese é o grupo empresarial ao que vostedes lle están dando os cartos. E ese é o grupo empresarial que mantén unha plantilla —que están aquí os representantes— dende o ano 2010 nunhas condicións de traballo absolutamente leoninas, señoras e señores do Partido Popular. O que se está solicitando aquí é que estas persoas teñen dereito a comer e a non estar ameazadas continuamente con redución horaria, con despedimentos ou co mantemento dun convenio conxelado dende case hai unha década. ¡Esta é a situación!

Evidentemente, o pasado ano nós solicitamos que ou ben vostedes expropiaran porque a empresa estaba en precurso e había un risco supostamente de peche segundo a empresa, e, loxicamente, hai un interese superior —que é a atención sanitaria—, ou ben que se fixeran coa empresa. Tiña un valor patrimonial o ano pasado de trinta millóns de euros, cuantificado así, vistas as contas. Este ano parece que baixou o prezo. E a Xunta de Galicia non ten ningún tipo de interese en facerse cunha empresa cuxo custo de concerto anual é maior do que o valor patrimonial da propia empresa.

Eu díxenllelo xa na comisión —e remato xa—: se vostedes consideran o caso de Alzira —que, por suposto, é un caso moi distinto, porque era unha empresa que era unha PSI, grazas, tamén, á xestión neste caso da dereita, por certo, coas mesmas empresas, que se fixo mal—, vostedes terán capacidade de facelo mellor e de buscar a fórmula administrativa que encadre a situación



dos traballadores e que non prexudique nin os traballadores de Povisa nin os traballadores do Servizo Galego de Saúde. Porque a realidade é que, na división, gañan unicamente vostedes. E estamos falando de traballadores e traballadoras que unicamente queren levar o seu pan á súa casa, e dunha poboación sanitaria de cento corenta mil persoas (*Murmurios.*) —non resople, que isto é así— ás que vostedes non permiten ir a unha atención sanitaria coas mesmas condicións. Non-é-posible, iso é mentira e vostedes sábeno.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo autor da moción, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Pois como, efectivamente, o tema é serio —tan serio como que estamos falando da asistencia sanitaria de, neste momento, cento trinta e cinco mil persoas, pero que poden ser cento corenta mil, e de mil catrocentos postos de traballo—, é polo que o estamos traendo aquí (*Aplausos.*) e porque non permitimos que vostedes o estean intentando pasar de tapadillo a ver se non se enteraba practicamente ninguén, sinxelamente porque o tema é serio.

E xa está ben de terxiversar a realidade; actúan como auténticos trileiros. (*Murmurios.*) O BNG, efectivamente, asinou un acordo básico pola saúde da sanidade pública da área sanitaria de Vigo, onde se ía construír un hospital con mil cincocentas camas que ía dar resposta ás necesidades de toda a poboación da área sanitaria (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) e que vostedes se ocuparon de recortar para que iso non fora así.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio!

A señora PRADO CORES: ¡Digan toda a verdade! ¡Non lean cachiños soltos!

Claro que si: mil cincocentas camas, e non recortarlle cincocentas, que foi o que vostedes fixeron.

E o BNG trae aquí propostas factibles. Xa dixen que hai oportunidade, está en venda: ¡cómprese! ¿Por que non é factible? ¿Por que llo poden regalar a unha multinacional e non o poden comprar para a sanidade pública? ¿Que alguén me explique por que o pode mercar unha multinacional e non o pode mercar a Xunta de Galiza!

Ten unha explicación moi sinxela: porque vostedes, en vez de exercer de Goberno de Galiza, o que son é comerciais das multinacionais, (*Aplausos.*) actúan como comerciais das multinacionais. (*Murmurios.*) Están vendendo Galiza por lotes, e nin sequera a empresas galegas: a empresas de fóra de Galiza.

Neste momento, o 70 % da sanidade privada do noso país está en mans de empresas de fóra. Nin sequera llelo privatizan a empresas galegas, senón a multinacionais. Están expatriando a nosa riqueza. Vostedes, o Partido Popular, son unha máquina de xerar beneficios ás empresas privadas.



Señor Torrado, o BNG non di que non sexa posible mercalo neste momento; dicimos que se merque. E se non o mercan, porque non teñen vontade política e non queren facelo, digo que non terxiversen. Dicimos que se merque. E é posible facelo. Hai oportunidade, hai necesidade e hai un prezo asumible, co cal é máis que xustificable. De non ser así, que se declare de interese público. ¡Claro que si! ¿Por que se poden declarar de interese público espazos e terreos dos particulares para beneficio das eléctricas e non se pode declarar un hospital que dá asistencia sanitaria a cento trinta e cinco mil persoas? ¿Como podemos permitir non facer esta declaración de interese público e que mañá chegue e decida pechalo e deixar tiradas cento trinta e cinco mil persoas e mil catrocentos traballadores?

¡Claro que non podemos permitilo! No BNG dicimos que non o permitamos, que se dean os pasos para facer a declaración de interese público, para protexer ese interese. É posible facelo. ¿Por que non o queren facer? Porque vostedes non exercen de goberno deste país, non. (*Murmurios.*) Vostedes están aquí para facilitar que entre o capital transnacional.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, por favor, sobre as emendas.

A señora PRADO CORES: Ese é exclusivamente o seu obxectivo.

E sobre as emendas, aceptamos de engádega ao punto cinco da do Grupo Mixto e non podemos admitir substituír «horarios» —en todo caso, se queren, engadir «xornadas»—, porque queremos saber os horarios, queremos saber por que entran ás nove da mañá e saen ás dúas da tarde. ¿Por que, se teñen contrato a tempo total? É iso o que queremos saber.

O señor PRESIDENTE: Punto cinco como engádega do Grupo Mixto. ¿Que máis?

A señora PRADO CORES: A emenda do Partido Socialista e do Partido Popular non as podemos admitir (*Murmurios.*) porque non é o tempo de estudar. É que non é o tempo de estudar nin de analizar; é o tempo de tomar medidas, e a medida é comprar Povisa. Iso é o que hai que facer neste momento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Un momentinho, un momentinho.

Terminou aquí polo día de hoxe, pero quérolles comentar dúas cousas. É un minuto só, por favor.

Unha é que xa se poden vacinar. É importante; é a miña obriga dicilo. Xa se poden vacinar. E segundo: quero comunicar outra cousa que tamén é moi importante. Saben que existe unha norma —dígoo a todos os deputados— en que se di que non se poden utilizar audiovisuais, vídeos; non se pode gravar nin se pode facer fotografías. Esta é a norma que hai.



E eu o que pido é moi fácil: enganar o presidente ou enganar a quen estea presidindo non creo que sexa a función máis imporante dun deputado. Eu creo que teñen vostedes mecanismos suficientes. Se teñen que gravar un vídeo, teñen persoal acreditado que o pode facer. Poden utilizar a mediateca do Parlamento. Se vostedes isto non o van cumprir, véxome eu na obriga de ter que utilizar o Regulamento. E se eu non os vexo, e polo tanto non lles podo chamar a atención por iso, ¡alá vostedes! Volverase na contra de todos, porque iso volverase nun cruzamento entre deputados, algo que eu non desexo.

Polo tanto, pídolles que observen o cumprimento do Regulamento. Diríxome a todos e non me dirixo a ninguén. Por favor, diríxome a todos. (*Murmurios.*) Polo tanto, isto é o que lles pido: que cumbran iso. Nada máis.

Ata mañá. Moi boa noite.


Suspéndese a sesión ás nove e nove minutos da noite.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Porrit Lueiro, María Teresa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado del Río, Paula	(P)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Puy Fraga, Pedro	(P)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
9. Caballero Míguez, Gonzalo	(S)	47. Quintero Araújo, Paula	(GCE)
10. Cal Ogando, Marcos	(GCE)	48. Rey Varela, José Manuel	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
12. Casal Vidal, Francisco	(M)	50. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
13. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	51. Rodríguez Arias, Marta	(P)
14. Chao Pérez, Luca	(GCE)	52. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
15. Conde López, Francisco José	(P)	53. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
16. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(GCE)	54. Rodríguez Estévez, David	(M)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Macías, Jackeline Elisabeth	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Prado, Martín	(P)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. García Míguez, María Ángeles	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. Gómez Salgado, Carlos	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. González Vázquez, José	(P)	61. Sánchez García, Antón	(GCE)
24. Jove González, Xan Xosé	(GCE)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(GCE)	63. Santos Queiruga, Carmen	(GCE)
26. Mato Otero, Beatriz	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(GCE)
27. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Mouriño Villar, Antonio	(P)	66. Torrado Quintela, Julio	(S)
29. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	67. Torregrosa Sañudo	(GCE)
30. Novo Fariña, María Isabel	(P)	68. Trenor López, Gonzalo	(P)
31. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	69. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
32. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
33. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	71. Vázquez Verao, Paula	(M)
34. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	72. Vega Pérez, Daniel	(P)
35. Oubiña Solla, Rosa	(P)	73. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
36. Pazos Couñago, José Alberto	(P)	74. Vilar Chento, Óscar	(S)
37. Pérez Seco, José Manuel	(S)	75. Villares Naveira, Luis	(M)
38. Pierres López, María Luisa	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

